



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

IX lexislatura
Número 161

Sesión Plenaria
12 de xullo de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



Punto 1. Elección de seis membros do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 51828) (art. 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño).

Punto 2. Debate do informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2015 (doc. núm. 51737, 09/IVAL-000005).

Publicación do Informe anual, BOPG nº 665, do 27.06.2016

Punto 3. Textos lexislativos

3.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo (50595, PL-000038)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 671, do 06.07.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 671, do 06.07.2016

3.2 Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (doc. núm. 51779, 09/PL-000041) e, se é o caso, debate e votación do devandito proxecto

Publicación do acordo de tramitación, BOPG nº 671, do 06.07.2016

3.3 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 52594, 09/PL-000037)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 671, do 06.07.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 671, do 06.07.2016

3.4 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, no Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2017-2021 (doc. núm. 50959 (09/PL-000039)

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 669, do 04.07.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 669, do 04.07.2016

3.5 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia (doc. núm. 50759 (09/PPL-000044).

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 670, do 05.07.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 670, do 05.07.2016

3.6 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero (doc. núm. 46949 (09/PPL-000041).

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 672, do 07.07.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 672, do 07.07.2016

Punto 4. Mocións

4.1 51854 (09/MOC-000191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa diminución do persoal docente e investigador no Sistema universitario de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 51309, publicada no BOPG nº 569, do 15.06.2016, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

4.2 51860 (09/MOC-000192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad

Sobre a execución polo Goberno galego de todas as actuacións necesarias para promover, facilitar e incentivar a recuperación demográfica de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 44913, publicada no BOPG nº 573, do 16.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

4.3 51869 (09/MOC-000193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereix

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co dispositivo de loita contra os incendios forestais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 51050, publicada no BOPG nº 656, do 08.06.2016, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

5.1 45530 (09/PNP-003290)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan industrial, e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

5.2 45653 (09/PNP-003301)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Tratado transatlántico de comercio e investimento (ou TTIP), que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

5.3 50312 (09/PNP-003690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia ao remate da súa concesión, así como a información referida ás condicións establecidas para o seu outorgamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

5.4 50730 (09/PNP-003728)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Dorado Soto, Javier, e tres deputados/as máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo da súa adhesión ao Programa de Vivendas baleiras da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.5 50829 (09/PNP-003746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e dezasete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 324 da Lei de axuízamento criminal. (Procedemento de urxencia).

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.6 50993 (09/PNP-003765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de medidas para garantir a participación dos traballadores galegos embarcados en augas fóra do Estado nos vindeiros procesos electorais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

5.7 51082 (09/PNP-003776)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e sete deputados/as máis

Sobre a posta á disposición do conxunto da cidadanía galega, por parte da Xunta de Galicia, da Plataforma É-Saúde, desenvolvida polo Sergas para mellorar a comunicación cos pacientes e coa cidadanía, así como para incrementar a alfabetización sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

5.8 51322 (09/PNP-003794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa produción e compravenda de uva nas diferentes denominacións de orixe, a protección do modelo de viticultura de Galicia e a concesión de axudas públicas ás adegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 6. Interpelacións

6.1 50842 (09/INT-001965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, e tres deputados/as máis

Sobre a aplicación en Galicia da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

6.2 50914 (09/INT-001972)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre o pechamento de camas nos hospitais do Sergas durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

6.3 51679 (09/INT-002000)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre a política do Goberno galego en materia de estradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 666, do 29.06.2016

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 51883 (09/POPX-000198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre o balance da política sanitaria do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

7.2 51892 (09/POPX-000199)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as medidas implantadas polo Goberno galego ao longo da novena lexislatura para reducir o número de suicidios en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

7.3 51902 (09/POPX-000200)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as oportunidades existentes para vivir dignamente en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 51898 (09/PUP-000284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis
Sobre a finalidade das subvencións convocadas no *Diario Oficial de Galicia* nº 120, do 27 de xuño, para concellos de menos de dez mil habitantes e asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

8.2 48879 (09/POP-004730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e catro deputados/as máis

Sobre a situación das negociacións co Ministerio de Facenda para dotar dun local de titularidade pública o Ateneo de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

8.3 51547 (09/POP-005059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da adopción dalgunha medida para resolver a situación da autoestrada AG-55, no treito A Coruña-Arteixo, e eliminar a peaxe nel para todas as persoas usuarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

8.4 51164 (09/POP-005025)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos danos ocasionados ao patrimonio arqueolóxico da comarca da Mariña con motivo da explotación forestal do eucalipto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

8.5 46493 (09/POP-004378)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e seis deputados/as máis

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da situación da doazón e do transplante de órganos e tecidos en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

8.6 51900 (09/PUP-000286)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis

Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en materia de sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

8.7 48018 (09/POP-004613)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre as principais conclusións do estudo realizado pola Consellería do Mar en relación coa evolución da clasificación microbiolóxica das zonas de produción marisqueira en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

8.8 51037 (09/POP-005009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre os resultados das medidas impulsadas polo Goberno central en relación coa situación do sector lácteo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Proposta de alteración da orde do día

Antes de entrar no debate dos distintos puntos da orde do día, o señor Jorquera Caselas (BNG) solicita a palabra para pedir unha alteración da orde do día apelando ao artigo 73 do Regulamento, que establece como pode ser alterada esta. Manifesta que o seu grupo parlamentario, así como tamén o Mixto e o da AGE, propoñen no documento núm. 17487 unha alteración da orde do día consistente en incluír nela un novo punto relativo ao debate e votación da creación dunha comisión de investigación sobre o accidente ferroviario de Angrois. (Páx. 17.)

O señor Sánchez García (AGE) (Páx. 18.) e a señora Martínez García (M) (Páx. 19.), asinantes do citado documento, interveñen para anunciar a súa posición favorable á petición do señor Jorquera Caselas (BNG).

A seguir, o señor Puy Fraga (P) pide a palabra para propoñerlle ao resto dos grupos parlamentarios a elaboración dunha declaración institucional na que a Cámara se pronuncie sobre a necesidade de redactar un informe técnico que dea resposta ás demandas das familias, dos achegados e do conxunto da sociedade. (Páx. 19.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén a continuación para manifestar o voto favorable do seu grupo parlamentario respecto da proposta de alteración da orde do día e de que se cree a dita comisión de investigación. (Páx. 20.)

O señor presidente comunica que, dado que existe unha proposta do señor Puy Fraga (P), os grupos parlamentarios deberían pronunciarse sobre ela. (Páx. 20.)

O señor Jorquera Caselas (BNG) volve intervir para anunciar o seu posicionamento en contra da proposta do señor Puy Fraga. (Páx. 20.) Do mesmo xeito opinan o señor Sánchez García (AGE) e a señora Martínez García (M). (Páx. 21.)

A señora Vilán Lorenzo (S) solicita a palabra para expresar que o que se debe votar é a proposta de alteración da orde do día e tamén a necesidade de coñecer o texto da declaración institucional para poder estudalo. (Páx. 22.)

Finalmente, intervén o señor Puy Fraga (P) para manifestar que as dúas propostas son distintas, que el mesmo lle trasladará ao presidente a proposta de declaración institucional e a opinión do Grupo Parlamentario Popular en defensa do coñecemento da verdade respecto do que aconteceu no accidente de Angrois. (Páx. 22.)

Votación da proposta de alteración da orde do día: rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 22.)

Elección de seis membros do Consello Social da Universidade da Coruña. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que, conforme o disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, a Mesa do Parlamento tivo coñecemento das vacantes de membros do Consello Social da Universidade da Coruña por expiración do seu mandato e, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, acordou iniciar o procedemento para a elección, a súa inclusión na orde do día do pleno e a apertura de prazo para a formalización de propostas de candidaturas. Seguidamente, explica o procedemento da votación. (Páx. 23.)

O señor secretario, Balseiro Orol, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa. (Páx. 24.)

Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: D. Eduardo Álvarez González, 63 votos a favor; D. Luis Ramiro Díaz López, 55 votos a favor; D. Jaime Fernández-Obanza Carro, 55 votos a favor; D. Alfonso Manuel López Pena, 62 votos a favor; D. Luis Felipe Llamas Gómez, 55 votos a favor; D. Ángel Manuel Teijeiro González, 62 a favor; e 6 votos en branco. (Páx. 24.)

O señor presidente anuncia que, acadadas as maiorías simples, quedan designados membros do Consello Social da Universidade da Coruña os señores D. Eduardo Álvarez González, D. Luis Ramiro Díaz López, D. Jaime Fernández-Obanza Carro, D. Alfonso Manuel López Pena, D. Luis Felipe Llamas Gómez e D. Ángel Manuel Teijeiro González. (Páx. 24.)

Debate do informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2015. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente explica o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991. (Páx. 24.)

Exposición da señora valedora do pobo: Sra. Otero Parga. (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 33.), Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 36.), Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 39.), Sr. Vázquez Blanco (S) (Páx. 42.) e Sr. Baamonde Díaz (P). (Páx. 46.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 49.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Baamonde Díaz). (Páx. 49.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Martínez García (M) (Páx. 50.), Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 52.), Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 56.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 59.) e Sr. Dorado Soto (P). (Páx. 63.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Martínez García (M) (Páx. 68.), Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 69.), Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 70.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 71.) e Sr. Dorado Soto (P). (Páx. 73.)

O señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela) intervén para pechar o debate. (Páx. 76.)

Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia e, se é o caso, debate e votación do devandito proxecto de lei. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que, antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, vai abrir unha rolda dos grupos parlamentarios para que fixen a súa posición. (Páx. 78.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Martínez García (M) (Páx. 78.), Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 79.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 80.), Sra. Acuña do Campo (S) (Páx. 81.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 81.)

Votación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia: aprobada por 40 votos a favor, 29 en contra e ningunha abstención. (Páx. 82.)

Debate e votación do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 82.)

Rolda de defensa das emendas presentadas polos grupos parlamentarios ou de posicionamento: Sra. Martínez García (M) (Páx. 85.), Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 87.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 88.), Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 91.), Sra. Acuña do Campo (S) (Páx. 93.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 95.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Martínez García (M) (Páx. 98.) e Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 99.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que non se manteñen as emendas presentadas a este ditame. (Páx. 100.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Baamonde Díaz). (Páx. 100.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame: Sra. Martínez García (M) (Páx. 101.), Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 101.), Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 102.), Sra. Soaneira Tajés (S) (Páx. 103.) e Sra. Cancelo Márquez (P). (Páx. 104.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 107.)

Presentación do ditame: Sra. vicepresidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (García Pacín) (Páx. 108.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Martínez García (M) (Páx. 108.), Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 111.), Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 113.), Sr. González Santín (S) (Páx. 116.) e Sr. Arias Veira (P). (Páx.118 .)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 121.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Nóvoa López). (Páx. 121.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Fernández Rodríguez (M) (Páx. 122.), Sr. Fajardo Recouso (AGE) (Páx. 126.), Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 131.), Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 133.) e Sr. Goldar Güimil (P). (Páx. 137.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx.141.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 142.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 144.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 145.) e *Sr. Goldar Güimil (P)*. (Páx. 147.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas e votos particulares presentados a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 149.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Rodríguez-Vispo Rodríguez).* (Páx. 149.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas ou votos particulares: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 150.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 152.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 155.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 159.) e *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 163.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 167.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 168.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 169.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 171.) e *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 174.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda número 12 do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporada ao ditame da comisión: *rexeitada por 6 votos a favor, 53 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 177.)

Votación das emendas 8, 11 e 16 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 21 votos a favor, 38 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 178.)

Votación das emendas 1 e 4 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 15 votos a favor, 53 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 178.)

Votación das emendas 2, 6, 7, 10 e 13 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non

incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 179.)

Votación dos texto transaccionado da emenda número 9 e a emenda número 5 do G.P. Popular de Galicia ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión: *aprobados por 68 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 179.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 29 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 179.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión, agás a número 12: *rexeitadas por 29 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 180.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo: *aprobado por 68 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 180.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G.P. Mixto ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia: *rexeitada por 3 votos a favor, 54 en contra e 11 abstencións.* (Páx. 181.)

Votación do texto transaccionado do punto 5 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia: *aprobado por 67 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 181.)

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia: *rexeitada por 27 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 182.)

Votación do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia: *aprobado por 65 votos a favor, 2 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 182.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas e asistentes na Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobado por 65 votos a favor, ningún en contra e 2 abstencións.* (Páx. 182.)

Votación das emendas do G.P. Mixto ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2007-2021 non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 183.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2007-2021 non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 183.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2007-2021 non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 183.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2017-2021 non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 183.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2017-2021: *aprobado por 38 votos a favor, 1 en contra e 29 abstencións.* (Páx. 184.)

Votación das emendas 4, 8 e 11 do G.P. Mixto á Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 15 votos a favor, 53 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 184.)

Votación das restantes emendas do G.P. Mixto á Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 184.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda á Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 184.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 185.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, ningún en contra e 29 abstencións.* (Páx. 185.)

Votación do voto particular do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda á Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero non incorporado ao ditame da comisión: *rexeitado por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 185.)

Votación do voto particular do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero non incorporado ao ditame da comisión: *rexeitado por 21 votos a favor, 47 en contra e ningunha abstención.* (Páx.185.)

Votación das emendas 1, 2, 30 e 32 do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 21 votos a favor, 47 en contra e ningunha abstención.* (Páx.186 .)

Votación das emendas 3 e 31 do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 21 votos a favor, 38 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 186.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero: *aprobado por 52 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 187.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dimisión do persoal docente e investigador no Sistema Universitario de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Burgo López (S).* (Páx. 187.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 189.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 191.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 193.) e *Sr. Fariñas Sobrino (P).* (Páx. 194.)

Nova intervención da señora Burgo López (S). (Páx. 196.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Soledad Soneira Tajés, sobre a execución polo Goberno galego de todas as actuacións necesarias para promover, facilitar e incentivar a recuperación demográfica de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 197.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 200.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 201.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 203.) e *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 204.)

Nova intervención da señora Soneira Tajés (S). (Páx. 206.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co dispositivo de loita contra os incendios forestais. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx.207 .)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 207.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Martínez García (M). (Páx. 209.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 211.), Sr. García García (S) (Páx. 213.) e Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 215.)

Nova intervención da señora Paz Franco (BNG). (Páx. 216.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa diminución do persoal docente e investigador no Sistema Universitario de Galicia: rexeitada por 27 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 218.)

Votación da Moción do G.P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre a execución polo Goberno galego de todas as actuacións necesarias para promover, facilitar e incentivar a recuperación demográfica de Galicia: rexeitada por 27 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 218.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co dispositivo de loita contra os incendios forestais: rexeitado por 27 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 219.)

Suspéndese a sesión ás nove e vinte minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Abrimos as portas xa.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a deputada dona Elena González Sánchez.

Entramos na orde do día. (*Murmurios.*)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Si, señor Jorquera, ¿para que quere a palabra? (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor presidente, entendo que calquera alteración na orde do día hai que debatela no inicio da sesión, antes de que se empecen a substanciar os distintos puntos da orde do día.

Nese sentido, queremos apelar ao artigo 73, que establece, literalmente, que a orde do día do pleno pode ser alterada por acordo deste, por proposta do presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Cámara. o Grupo Tanto Mixto, como o Grupo Parlamentario de AGE, como o Grupo Parlamentario do BNG propoñemos a alteración da orde do día desta sesión plenaria para incluír, na orde do día, o debate e votación da creación da comisión de investigación do accidente ferroviario de Angrois. Ten documento de rexistro 17487.

Á parte dos argumentos expresados en anteriores sesións nas que se debateu esta cuestión, entendemos que hai novos datos que avalan, aínda con máis forza, a necesidade de constituír unha comisión de investigación sobre o accidente de Angrois, e, en particular, o informe da Axencia de Seguridade Ferroviaria da Unión Europea, que avala os argumentos que sempre expresamos para demandar a creación desta comisión de investigación.

Di que non houbo unha investigación independente, que se intentaron establecer as causas nun único factor, o erro humano, obviando outras, mesmo que houbo falta de colaboración por parte de Renfe, de Adif e do Ministerio de Fomento ao negárense a contestar ás preguntas relacionadas coa investigación, iso sen mencionar as presións do Goberno español para evitar que se fixese público este informe.

E como temos dito en moitas ocasións, alén das responsabilidades penais hai que analizar e depurar, se has houber, tamén as responsabilidades políticas, porque hai múltiples evidencias de que se adoptaron decisións no ámbito político que mermaron a seguridade nesta liña ferroviaria.

E quero lembrar, por último, que o Regulamento establece que o Parlamento galego pode acordar a creación de calquera comisión de investigación sobre calquera asunto de interese público, non establece ningunha outra limitación. E cremos que é evidente que investigar a fondo e esclarecer a verdade sobre as causas do que foi o maior accidente ferroviario da nosa historia é de interese público.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor JORQUERA CASELAS: Por tanto, propoñemos a inclusión deste punto na orde do día. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera. *(O señor Sánchez García pide a palabra.)*

Vostede xa lle deu o respaldo... Non, non, vostede, segundo manifestou..., eu pregunteille, ¿vostede dá o respaldo ao que dixo? *(Murmurios.)* Non, pero o respaldo xa o deu por... Xa dou por feito que llo dixo o señor Jorquera. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non... Home, vostede xa me dixo que si, que lle daba o respaldo á petición de alteración da orde do día... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, pois maniféstenme o seu respaldo e procederíamos á votación.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Nós, como asinantes dese documento de petición dunha comisión de investigación para o accidente de Angrois, 17487, vimos reclamando, reiteradamente, a constitución dunha comisión de investigación no Parlamento galego para esclarecer o acontecido aquel 24 de xullo, co obxectivo de botar luz sobre o que aconteceu dentro do Ministerio de Fomento e de Adif e sobre as decisións que se tomaron, e tamén para que no futuro non volva acontecer.

O informe da Axencia Ferroviaria Europea debería de facer reflexionar os grupos que se opuxeron a facer esta comisión de investigación, porque queda claro, e é evidente, que o Ministerio de Fomento e o Goberno do Estado se dedicaron a poñer paus nas rodas no obxectivo de esclarecer o que alí aconteceu, e dedicáronse a ocultar o que alí aconteceu, e nós cremos que para un sistema democrático é fundamental saber como funcionaron as administracións públicas e, de haber algún erro, algunha responsabilidade política, tomar as medidas para que non volva acontecer; un accidente desta magnitude non debiera de quedar na escuridade, non debiera de quedar na escuridade o que aconteceu.

Polo tanto, solicitamos esa reflexión...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e esa rectificación dos grupos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que vetaron esta comisión de investigación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(A señora Martínez García pide a palabra.)

¿Si, señora Martínez?

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Para sumarnos á solicitude por todo o que xa se dixo tanto polo BNG como polo voceiro de AGE, pero, ademais, porque cremos que é de xustiza para as vítimas que se investigue que ocorreu, e porque é unha obriga do Goberno galego, independentemente das competencias, investigar por que se deu ese accidente en Galiza, con esas consecuencias, e exixir que o Goberno do Estado actúe en consecuencia.

Polo tanto, o noso apoio para que o Partido Popular demostre, realmente, que esa solidariedade coas vítimas non só queda en declaracións, senón que, ademais, está disposto a abrir unha investigación, como é a súa obriga como goberno.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Procedemos, polo tanto, a votar esta alteración.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

Si, señor Puy, ¿para que quere a palabra?

O señor PUY FRAGA: Polo mesmo dito polo portavoz do BNG.

Nós, como é público e notorio, xa nos temos oposto e explicado por que cremos que esta Cámara non ten competencias para investigar o accidente. Si reconecemos que hai un cambio significativo na información a disposición do conxunto da Cámara e da sociedade unha vez que se fixo público o informe da Axencia Europea de Seguridade Ferroviaria, e quero, como alteración da orde do día, propoñer formalmente ao resto dos grupos a elaboración dunha declaración institucional na que esta Cámara, formalmente, se pronuncie sobre a necesidade dun informe técnico incontrovertido que dea explicación e resposta ás familias, aos seus achegados e tamén ao conxunto da sociedade.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Evidentemente, aquí hai que oír o posicionamento dos grupos.

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

Si, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Invocando os mesmos artigos invocados polo BNG, e coa adhesión dos outros grupos, este grupo parlamentario vai votar a favor da alteración da orde do día e o noso posicionamento respecto da petición da comisión de investigación sobre o tema de Angrois é claro e manifesto, sempre tivemos o mesmo e será manifestado no momento en que se discuta, en todo caso, a decisión sobre esa comisión de investigación.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Hai unha proposta do señor Puy que habería que pronunciarse sobre ela. Sería bo que opinen os grupos sobre iso.

(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)

¿Si, señor Jorquera? *(Murmurios.)*

El acaba de pedir unha reunión con todos os grupos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, perdón. Perdón, eu ata o momento sei entender. O señor Puy acaba de facer unha proposta de ter unha reunión con todos os grupos, e aquí hai que dicir se queren ter a reunión ou non. A cousa é así de sencilla para chegar a un acordo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Isto é o que hai.

Señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor presidente, regulamentariamente está contemplada a posibilidade de solicitar, e que o Parlamento se pronuncie, unha alteración da orde do día. O que é total e absolutamente inaudito é que se suscite un debate sobre unha proposta de declaración feita *in voce* por un portavoz. Iso si que non se contempla no Regulamento. *(Murmurios.)*

Mire, para que exista un informe técnico e incontrovertido, primeiro ten que haber unha comisión técnica independente e incontrovertida. A CIAF, segundo a Axencia de Seguridade Ferroviaria da Unión Europea, non o é.

E, en calquera caso, o mellor xeito de esclarecer a verdade é que se investigue ata o final, e que os responsables de tomar decisións no ámbito político que afectaron á merma de seguridade nesa liña ferroviaria comparezan ante o Parlamento e se sometan ás preguntas e ao

control. Polo tanto, en absoluto esa proposta pode substituír a creación dunha comisión de investigación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

(O señor Sánchez García pide a palabra.)

Si, señor Sánchez, e aquí rematamos xa.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, a solicitude do señor Puy reflicte como o Partido Popular vai a rastras dos acontecementos e non ten un convencemento claro para querer depurar responsabilidades políticas, que é do que se trata coa petición da comisión de investigación; non dunha declaración institucional que non vale para absolutamente nada, en tal caso para tapar as vergoñas do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(A señora Martínez García pide a palabra.)

Si, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: No mesmo sentido que os voceiros do BNG e de AGE, pero ademais eu creo que esta petición do Partido Popular vén recoñecer que toda a investigación foi unha fraude e que se necesita realmente unha investigación obxectiva. Polo tanto, entendemos que non cabe a petición do Partido Popular e o único que cabe é proceder á votación da comisión de investigación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Procedemos, polo tanto, á votación da alteración da orde do día... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, pecho o debate.

Votamos a alteración da orde do día. *(Murmurios.)*

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

Votamos, non, non, por favor... Pero, ¿para que? *(Murmurios.)* Vostede xa falou. Pero, por favor, vostede xa falou. *(Murmurios.)* Este debate está... Non, non, xa se pronunciaron... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, pero pediron a palabra... Bueno, pero eu creo que está bastante claro. Si, queren falar, pero... Eu estiven atento. Vostede o que non se pronunciou, efectivamente, é sobre o que dixo o señor Puy, iso é o único, o único, agora en todo o demais si que xa entendín que vostede aceptaba a solicitude do Bloque Nacionalista Galego

de alteración da orde do día. Se me pide agora a palabra para pronunciarse sobre o do señor Puy, entendo que teño que darlla, se é para pronunciarse sobre o do señor Puy. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois entón, un minuto, por exemplo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Con todos os respectos, nós entendemos que o que temos que facer agora é votar sobre a alteración da orde do día, que é o que se acaba de propoñer por parte do BNG, do Grupo Mixto e de AGE, e logo, para poder falar os voceiros dos grupos parlamentarios en relación cunha declaración institucional, necesitamos coñecer o texto da declaración institucional para poder estudalo.

O señor PRESIDENTE: É o que dixen eu dende o principio, pero bueno. *(Murmurios.)* É o que dixen eu dende o principio. Pero bueno, é igual, en todo caso, señor Puy, a súa proposta, a ver. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PUY FRAGA: É que eu entendo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Si, si, é un tema importante, jeh!

O señor PUY FRAGA: Eu entendo, señor presidente, que son dúas propostas distintas e, polo tanto, eu, evidentemente, vou trasladarlle esa proposta de declaración institucional. Non é unha alternativa, son dúas accións posibles distintas; en todo caso, entregareille unha ao presidente, para que conste, despois deste debate, cal é a postura en relación co informe da Axencia Europea de Seguridade Ferroviaria do grupo maioritario. E tamén para que quede claro que, desde o primeiro momento, e actualmente, nós seguimos defendendo que se debe de coñecer a verdade do que pasou nese accidente de Angrois. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos, polo tanto, a solicitude de alteración da orde do día. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, señor Fajardo, se non empezamos mal o día, e tampouco é cuestión de empezar mal o día. É o último pleno, ¡por favor!, un pouco de..., imos levalo normal.

Votamos a alteración da orde do día.

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

Silencio, señor Fajardo. Silencio, por favor.

¡Silencio, por favor!

Votación da proposta de alteración da orde do día.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Volvemos votar?

Votamos.

Votación da proposta de alteración da orde do día.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Pasamos ao seguinte punto.

Elección de seis membros do Consello Social da Universidade da Coruña

O señor PRESIDENTE: Segundo o artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, a Mesa do Parlamento, na súa reunión de 5 de xullo de 2016, tivo coñecemento das vacantes de membros do Consello Social da Universidade da Coruña por expiración do seu mandato, e logo da audiencia da Xunta de Portavoces acordou iniciar o procedemento para a elección, e a súa inclusión na orde do día do pleno, e a apertura de prazo para a formalización de propostas de candidaturas ata o 11 de xullo ás catorce horas.

En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, procede a elección dos membros deste consello.

Rematado o prazo, a Mesa, na reunión do 11 de xullo, logo de cualificadas as propostas presentadas, acordou elaborar unha lista única pechada, na que figuran, por orde alfabética, os nomes das candidatas e dos candidatos propostos e os grupos parlamentarios proponentes, así como o seu traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1 e 2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeletas e chamamento por orde alfabética de apelidos. A expresión do voto efectuarase introducindo na urna a papeleta previamente entregada polos servizos da Cámara, na que constan os nomes das candidatas e dos candidatos propostos, e marcaranse cunha aspa os recadros correspondentes, ata un máximo de

seis. Considérase voto en branco de non marcar ningún recadro, e considérase voto nulo cando se escribisen os nomes doutras persoas ou outros sinais. Efectuado o escrutinio, proclamaranse elixidos ou elixidas se obteñen a maioría simple.

Supoño que todos vostedes teñen xa as papeletas para a votación.

Rógolles a vicepresidenta primeira e á vicesecretaria que se sitúen onda a urna, e ao señor secretario que proceda ao chamamento por orde alfabética.

(O señor secretario, Balseiro Orol, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Queda algún deputado sen votar? *(Pausa.)*

Procedemos ao reconto.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Xa temos o resultado.

Votos a favor de don Eduardo Álvarez González, 63; votos a favor de don Luis Ramiro Díaz López, 55; votos a favor de don Jaime Fernández-Obanza Carro, 55; votos a favor de don Alfonso Manuel López Pena, 62; votos a favor de don Luis Felipe Llamas Gómez, 55; votos a favor de don Ángel Manuel Teijeiro González, 62; e votos en branco, 6.

Polo tanto, acadadas as maiorías simples, quedan designados os seis membros do Consello Social da Universidade da Coruña.

Pasamos ao punto segundo da orde do día.

Debate do informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2015

O señor PRESIDENTE: En aplicación das normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991, procede o debate en pleno do informe anual.

Axustarase ao seguinte procedemento: a valedora exporá un resumo do informe debatido na Comisión de Peticións o 4 de xullo de 2016, e posteriormente cada grupo terá un turno de 10 minutos para fixar a súa posición respecto do informe.

Prégolle á vicepresidenta primeira que acompañe a valedora do pobo ata a tribuna de oradores para que efectúe a súa intervención ante o Pleno.

A señora VALEDORA DO POBO (Otero Parga): Señor presidente do Parlamento de Galicia, señoras e señores membros da Mesa do Parlamento, portavoces dos grupos parlamentarios, señoras e señores deputados, señorías, comparezo hoxe por primeira vez ante vostedes para render informe ordinario da actividade do Valedor do Pobo durante o ano 2015. Son consciente da responsabilidade que tal acto implica, e considéroo non só unha obriga, senón unha honra.

Non me gustaría cansalos con moitos datos, sei que dispoñen deles. Si quixera interpretar tendencias a fin de detectar onde xorden os problemas da cidadanía galega. O meu interese é tender unha ponte, que permitirá a quen corresponda tomar as medidas necesarias para mellorar os escollos que dificultan ou mesmo impiden a plena realización da xustiza a través do eficaz exercicio dos dereitos.

A nosa función, a nosa responsabilidade e a nosa honra están empeñados en protexer a quen se queixa, sen compracencia ante ningún poder, pois o dereito e a xustiza así o exixen, pero tamén o están en explicar aos galegos cando sexa necesario por que non podemos amparalos se as circunstancias do seu caso así o recomendan. O meu traballo –non é preciso repetilo– é absolutamente imparcial e exento de prexuízos. Debo atender por igual a todos os que solicitan a miña intervención, e para facelo necesito a colaboración de todos, a do cidadán que debe falar con verdade e sen medo, na certeza de que será atendido; e a da Administración, que debe actuar na convicción de que non deben ser eles os que se queixen da queixa, pois, se esta existe por motivo razoable, a situación debe ser corrixida porque é de xustiza facelo.

Desde esta perspectiva comparezo hoxe ante as súas señorías para expoñer o resultado do encargo recibido do Parlamento de Galicia. Permítaseme expoñer antes algúns mínimos datos que poidan servir de base para a miña reflexión.

O número de actuacións de atención ao cidadán practicadas en 2015 foi de 46.843. Este número supón un incremento do 52 %. Un dato curioso é que o 63 % do total de queixas do ano 2015 se produciu no último trimestre do ano, coincidindo co cambio de titularidade nesta institución. Teño moito interese en non defraudar a confianza mostrada polo pobo galego, e por iso todo o equipo da institución do Valedor se esforzou por axilizar a tramitación dos expedientes de maneira que, ao finalizar o ano, o 94,5 % das queixas admitidas a trámite constaban como finalizadas.

Este beneficio supón a mellora de 3 puntos en relación cos rexistros do ano anterior. Pola contra, o número de queixas inadmitidas foi moi reducido, concrétase no 9 %, pois somos unha institución para o cidadán. A porcentaxe das recomendacións aceptadas elévase ao 83 %, 15 puntos máis que no exercicio anterior.

Analizando estas cifras por temática concreta, estou en condicións de afirmar que os asuntos que máis preocupan os galegos son os relacionados con servizos sociais, emprego público, sanidade e políticas municipais. A oficina do Valedor realizou tamén actuacións de oficio, menos que as dos últimos anos, quizá porque o número de queixas a instancia de parte foi moito maior.

A lectura destes datos arroxa unha primeira interpretación: a institución do Valedor do Pobo cumpre unha función importante xa que cada vez confían nela un maior número de galegos. Os galegos quéixanse cada vez máis ao Valedor do Pobo porque a súa madurez democrática vai en aumento, porque son máis coñecedores dos seus dereitos e tamén porque se senten ben atendidos por unha institución que é gratuíta, máis próxima ao cidadán, máis rápida, máis clara e máis eficaz que outras.

O maior número de queixas concéntrase na área de servizos sociais. En 2015, recibíronse 300 queixas, menos que en 2014, pero firmadas por máis asinantes, pois varias delas foron colectivas. Por exemplo, recordo unha de 11.000 asinantes que estivo interesada polo problema das persoas maiores ingresadas en residencias. A queixa referíase á obrigaón de cambio de residencia das persoas maiores cando solicitan a dependencia por precisar maiores atencións. Non obstante a regra xeral, algunhas pequenas residencias poden cumprir con estes requisitos, polo que a Consellería, tal e como solicitaron os nosos maiores, comprometeuse a autorizar a atención a persoas con dependencia en pequenas residencias cando iso fose posible.

As queixas relacionadas con axudas por exclusión social ou risco de caer nela son máis numerosas e requiren inmediata solución. Aprécianse, ademais, retrasos tanto nos concellos como nas consellerías; con todo, as respostas que se ofrecen á problemática adoitan ser positivas.

No que se refire ás queixas polas rendas de inclusión social, debo dicir que xa non son tan abundantes, e as respostas que se dan, especialmente nos últimos meses do ano, son máis positivas. Agora, a maior parte das queixas por Risga non se refiren a demoras, senón a pago dos atrasos ou a recoñecemento de novos tramos. Polo que entendemos que a situación mellorou.

Ademais, os problemas actuais afectan máis o desenvolvemento da lei que a súa implementación, pero parecen estar en vías de solución, xa que o conselleiro de Política Social se comprometeu a realizar o máis axiña posible o desenvolvemento regulamentario. Estaremos pendentes de asegurar que así sexa. Tamén diminuíron as queixas en materia de dependencia, e as que hai agora refírense máis a copagos ou a redución de servizos.

Apreciamos o notable cambio que supón unha melloría na actividade da Consellería de Política Social. Os numerosos e prolongados atrasos nas solicitudes de prestacións económicas por coidados na contorna familiar desbloqueáronse, empezando a notarse respostas positivas a estas queixas.

De todos os xeitos aínda resultan insuficientes as prazas de servizo para dependencia, e son demasiado longas as listas de espera. A carencia de prazas residenciais é acusada nas contornas urbanas. A Consellería, coñecedora desta situación, comprometeuse a tentar equilibrala a fin de que os maiores non teñan que desarraigarse.

As persoas con discapacidade intelectual véñense especialmente prexudicadas pola carencia de prazas de transición da etapa escolar e da dependencia. Este problema está tamén en vías de solución. Debe ser mellorado, pois xa foi en gran medida corrixido, igualmente que o problema do transporte adaptado, especialmente no medio rural.

O segundo gran bloque de queixas dos galegos concéntrase na área de sanidade. É certo que existen múltiples factores de incremento do gasto sanitario, pero este feito non pode condicionar máis aló do estritamente necesario o dereito dos cidadáns para ser atendidos medicamente nas condicións que requiran para o restablecemento da súa saúde. Por iso é necesario recomendar a mellora nos seguintes ítems: xestión de listas de espera, utilización racional dos medicamentos, atención ás persoas que esgotan a súa prestación por desemprego e non teñen dereito a subsidio ningún e implantación de iniciativas que axuden a sensibilizar algúns dos profesionais do ámbito sanitario para que melloren o trato que dan aos usuarios.

Tamén conviría analizar os efectos das reestruturacións de espazos e a mobilidade do persoal sanitario a fin de garantir un equilibrio adecuado entre as necesidades materiais e o deber de garantir a efectiva atención aos usuarios.

Igualmente considero necesaria a reunificación de carteiras de servizos nas diferentes comunidades autónomas, así como a recuperación do concepto de asegurado, que permita vincular os dereitos dos cidadáns á seguridade social.

Outra área moi significativa dentro do traballo do Valedor é a que se refire ao emprego público e interior. A crise económica suscitou numerosos problemas de emprego público debido ao crecente desemprego e á precariedade laboral. Consecuentemente, producíronse moitas reclamacións relativas aos procesos selectivos e, sobre todo, a listas de contratación temporal e bolsas de emprego, así como a nomeamentos de persoal interino.

A colaboración coas administracións e a exixencia de transparencia fixo mellorar, sen dúbida, a situación, pero aínda quedan aspectos que deben ser vixiados, entre eles, o control no acceso mediante oposición libre a un posto de traballo na Administración pública e a supervisión e comprobación estrita dos mecanismos de contratación temporal a través das listas existentes.

Tamén consideramos importante a significativa redución de queixas sobre o abuso do silencio administrativo, que xera no cidadán unha auténtica inseguridade xurídica e indefensión material, obrigándoo en moitos casos a acudir á vía xurisdiccional. Esa práctica xera unha situación que entendemos que debe ser corrixida, xa que os organismos públicos non deben ampararse na figura do silencio administrativo para non dar resposta expresa ás peticións dos cidadáns.

Outro ámbito de actuación que foi especialmente encargado á oficina do Valedor desde hai poucos meses foi a transparencia. A consideración hoxe xeneralizada de que a democracia é o mellor sistema de goberno, fai que sexa preciso prestar consideración especial á necesidade de asegurar o control cidadán sobre a actividade gobernamental.

Sobre a base da Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, amplíase considerablemente o número de indicadores de transparencia con que deben comprometerse as administracións autonómicas. Dentro destes indicadores, observamos unha especial vinculación coa Administración local, que se concreta no dereito de acceso á información dos

membros das corporacións e da cidadanía, así como no desenvolvemento de novas tecnoloxías da información no ámbito da Administración local.

A nova lei galega outorga un protagonismo especial á Valedora do Pobo, situándoa á fronte da Comisión de transparencia. En cumprimento deste encargo, a Valedora actúa nunha dobre vertente. Por unha banda, convértese en suxeito pasivo das obrigacións legais de transparencia, que debe cumprir a nivel de excelencia, e, por outro, adquire un papel activo, actuando como supervisora do cumprimento das obrigacións de transparencia que teñen o resto das administracións públicas.

Noutro orde cousas, debo dicir que un dos grupos vulnerables que suscita maior preocupación a esta valedora é o dos menores. O número de queixas que lles afectan incrementouse, do mesmo xeito que o fixo o número de reclamantes. Preocúpannos moito os problemas derivados dos acollementos familiares. Consideramos que é preciso introducir profundos cambios nos programas de acollemento, entendendo o carácter preferente das solucións familiares sobre as residenciais. Do mesmo xeito, debe apoiarse economicamente á familia extensa, pois non facelo contribúe moitas veces a ter que separar drasticamente o menor do seu núcleo familiar.

Hai que intensificar as políticas públicas de apoio ás familias, establecendo incluso un marco fiscal favorable a estas. É fundamental adoptar medidas que favorezan a natalidade e contribúan a reequilibrar as cargas familiares, propiciando a conciliación familiar.

Igualmente, afectan a menores moitos dos problemas coa Administración educativa. Refírense fundamentalmente á admisión do alumnado, comedores escolares e denegación de paradas de autobuses. Preocúpanos a presenza de amianto nas instalacións de uso educativo e tamén –aínda que estas queixas se remitiron por competencia a la Defensora del Pueblo– a denegación dalgunhas bolsas ou axudas ao estudo.

Capítulo especial merece o problema do acoso escolar, especialmente homofóbico, o cyberbullying e o sexting. Estamos a traballar moito neste asunto, tentando concienciar os mozos dos riscos que corren e dos dereitos e deberes que lles asisten.

No ámbito universitario, os problemas son diferentes. Os máis significativos referíronse ás restricións impostas á contratación de profesorado en casos de necesidades docentes urgentes e inaprazables, unido á negativa de facilitar aos profesores acreditados o lexítimo dereito á promoción no seu traballo.

Polo que se refire a menores infractores, os dous problemas que desde a Oficina do Valedor consideramos máis importantes son os seguintes. Primeiro, o persistente desaxuste entre as medidas xudiciais de internamento impostas aos menores e os recursos dispoñibles para a súa execución. E, segundo, o dereito dos menores para ser oídos nos procedementos administrativos e xudiciais que lles afecten.

É urxente o incremento de prazas, sobre todo as que se refiren ao réxime de reforma, non tanto no réxime de protección, así como conseguir unha maior dotación de equipos psico-

sociais e de máis medios persoais e procedementais que axilicen e fagan máis eficaces os medios dos que dispón actualmente a Administración de xustiza.

Mención especial merecen as persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Os problemas que padecen estas persoas non terminaron, por iso esta institución non concluíu o seu labor. Non poderá facelo ata o día en que as persoas non sexan xulgadas nin pola súa identidade nin polo seu sexo nin pola súa orientación sexual, sexa cal for, senón que a sociedade as valore e os poderes públicos lles recoñezan os seus dereitos só en consideración ás súas diferentes capacidades e necesidades.

Por agora, isto non é así. Do informe extraordinario iniciado de oficio ante este Parlamento, deducimos que segue sendo necesario promover o dereito constitucional de todas as persoas a non seren discriminadas por razón de identidade ou orientación sexual. Elas pídeno e teñen dereito a facelo.

As persoas LGTBI queren ser seres humanos iguais na súa dignidade ontolóxica, que é idéntica para todos, e diferentes á vez na súa dignidade ética, que é diversa para cada un en función dos seus méritos, pero nunca por un motivo de identidade ou orientación sexual. De novo, teñen dereito a exixilo.

Reclaman, en terceiro lugar, que se establezan todos os protocolos e medidas necesarias tendentes a conseguir unha maior e mellor información na sociedade, a fin de destruír estereotipos negativos que os prexudican. E teñen dereito a pedilo.

Tamén necesitan, en cuarto lugar, que os poderes públicos e as institucións lles garantamos o efectivo cumprimento da normativa establecida para a súa protección, xunto co recoñecemento dos seus dereitos e obrigacións no ámbito laboral, educacional e asistencial, en igualdade co resto dos cidadáns. E é razoable que o pidan.

E requiren, en suma, que entre todos lles devolvamos a dignidade perdida que lles foi inxustamente arrebatada. E creo que teñen dereito a pedilo.

Analicemos agora a área de Administración económica e transportes.

Na primeira delas, hai que destacar o problema da tributación das pensións recibidas de Alemaña por pensionistas retornados, ás que se lle viña aplicando a dobre imposición. O problema afecta á Administración do Estado, pero, aínda así, entendendo a xustiza das pretensións dos galegos, diriximos unha suxestión á Consellería de Facenda e, con posterioridade, á Defensora del Pueblo.

Hai dez días, a defensora dirixiu unha recomendación á Secretaría de Estado de Hacienda para que interprete, na mesma liña que defendemos desde a Valedoría, o convenio entre España e Alemaña, de xeito que se evite esa dobre imposición. No caso de prosperar a recomendación, como agardamos, consideraríanse exentas en España as pensións pagadas en Alemaña. Entendemos que é de xustiza que así sexa.

Outro problema importante é o das relacións dos cidadáns coas entidades bancarias e aseguradoras. Este problema tivo unha dimensión social moi ampla, bifurcada en distintos camiños. Un deles conflúe nas chamadas cláusulas chan. Dóenos comprobar que foron moitas as persoas afectadas, ben por descoñecemento, ben por falta de medios. Conviría apelar, e así o fixemos, á responsabilidade das entidades financeiras e aos principios de equidade e xustiza que deben guiar as súas actuacións.

A posición desta institución respecto da información sobre os produtos bancarios e financeiros entende que esta debe ser clara e efectiva. As entidades financeiras teñen que utilizar unha linguaxe clara e adecuada para todas as persoas ás que se dirixen, de modo que se aseguren que a información que trasladan é debidamente comprendida polo destinatario.

Tamén houbo un aumento do número de queixas en relación coa tramitación dos expedientes administrativos. É interese primordial desta institución instar a que se establezan procedementos que non atrasen nin dilaten os expedientes. É necesario conseguir unha boa Administración, clara, áxil, sinxela, transparente e efectiva, pois só así se garantirá debidamente o dereito do cidadáns a unha tutela efectiva dos seus dereitos.

Mención aparte merecen os problemas relativos a área de vivenda e desafiuzamentos. Preocúpanme moito os lanzamentos por falta de pago. Continúase observando que a posta a disposición de vivendas de protección pública non consegue atender a totalidade das solicitudes presentadas no Rexistro único de demandantes de vivenda, e que as listas se moven con lentitude. Por iso entendemos que hai marxe aínda para incrementar esforzos por parte de todas as administracións.

A nosa preocupación nese sentido levounos a asinar un acordo de colaboración en 2015 coa Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que imos reforzar e prorrogar, ampliando o seu obxecto tamén aos desafiuzamentos por falta de pagamento de alugueiro.

Tamén nos preocupamos por axudar á divulgación dos diferentes programas e das numerosas actuacións implementadas pola Xunta para evitar e paliar os desafiuzamentos hipotecarios ou os producidos por falta de pagamento de alugueiro, contribuíndo en gran medida a mitigar esta problemática.

Hei de dicir, non obstante, que aínda non se perciben os bos efectos que debe ter o censo de vivendas baleiras, de modo que a planificación da súa utilización sexa efectiva e proporcionada.

Os problemas xurdidos cos bancos en relación cos desafiuzamentos tamén foron obxecto da nosa preocupación. Neste ámbito, a nosa capacidade de actuación é limitada, pero non nos conformamos; así que tentamos servir, polo menos, como interlocutores no problema.

Debo resaltar que se puido establecer, tanto cos responsables territoriais como coas persoas encargadas da dirección das oficinas dos bancos e cos xulgados, unha interlocución razoablemente boa, que ofreceu resultados óptimos para as familias afectadas en moitas das quei-

xas. Deste xeito, non só se logrou un adiamento ou suspensión do lanzamento, evitando a desposesión do inmovible, senón que tamén se propiciaron alugueiros sociais, adhesión aos códigos de boas prácticas, refinanciamentos, moratorias, etc. Neste aspecto, tivemos boa acollida e franca colaboración da Consellería de Vivenda, que atendeu as nosas priorizacións de casos extremadamente graves.

Outro ámbito moi sensible da actividade da institución do Valedor é o medio ambiente. A maior parte das queixas neste ámbito débense á contaminación acústica, isto é, á produción de ruídos, que afortunadamente adoitan diminuír, se non desaparecer, coa nosa intervención, previas recomendacións a moitos concellos. Neste ámbito, gustaríame pedir especial colaboración ás entidades locais, pois algúns concellos prefiren non atender a intervencións que xeren gastos, chegando a propoñer taxas ou privatizacións para a medición de ruídos, a pesar de que estas deberían facerse por axentes da autoridade.

Estamos ante un dereito fundamental de primeira orde, que xera múltiples problemas. Insto, por tanto, as administracións públicas a que procuren a implementación de campañas educativas que poñan de manifesto que o dereito ao lecer e á diversión, ademais do dos donos de bares e locais de ocio a obter unha lexítima ganancia polo seu traballo, non debe entrar en conflito co dereito dos cidadáns ao descanso e a uns límites soportables de ruídos. Neste mesmo ámbito, encarecemos respostas máis rápidas ás solicitudes de información ambiental, pois moitas presentan atrasos.

Mención aparte merecen os problemas de pesca e de medio rural. Refírome, concretamente, ao problema da pesca do cerco e ao do sector lácteo. En relación con ambos, esta institución exerceu función mediadora. Como froito das reunións mantidas cos representantes do cerco a nivel autonómico e estatal, pois ambos teñen competencia compartida, formalizáronse as seguintes propostas.

Primeira. Condonación da sanción por sobrepesca realizada polos buques de Acerga en 2015. Establecemento de cota base de xurelo para os buques con menores posibilidades de pesca e reserva de cota da anchoa para Galicia na zona 9A.

Polo que se refire ao sector lácteo, conseguíuse aplicar nos contratos coas industrias lácteas prezos e volumes de compra, fomentar o movemento cooperativo no sector e promover a identificación da orixe do leite e produtos lácteos para mellorar a información ao consumidor sobre o país de orixe dos produtos e así poder publicitar o produto galego.

Con todo, ningún destes dous sectores quedou plenamente satisfeito cos resultados acadados, polo que deberemos seguir axudando a conseguir unha resposta máis axeitada.

Analizados algúns dos asuntos significativos que tiveron entrada na institución do Valedor do Pobo durante o ano 2015, convén agora facer un pequeno balance. A miña responsabilidade é a defensa dos dereitos dos administrados, que se queixan do que eles consideran deficiente atención dos seus dereitos por parte da Administración. Desde esta perspectiva, o traballo non está feito, nin nunca poderá estalo, porque a medida que se solucionen algúns problemas irán xurdindo outros que demanden o noso interese. Sen dúbida hai moitos pro-

blemas que deberían ser resoltos e eu non poderei sentirme satisfeita co labor da institución ata que estes non estean solucionados.

Cada vez que unha queixa fundada se dirixe á institución e queda sen resolver, entendo que eu, persoalmente, teño fracasado. Con todo, sería inxusto ocultar que existen melloras, na súa maior parte localízanse na área de servizos sociais e transparencia. Tamén se fixo un importante esforzo en tentar mellorar os procesos administrativos dotándoos de transparencia e tratando de evitar un funcionamento opaco da Administración pública, que debe estar –como o seu nome indica– ao servizo de todos os cidadáns.

Igualmente, considero importante a colaboración que aprecio, en xeral, por parte das administracións, algunhas delas –como Sanidade e Vivenda– especialmente sensibles ás miñas peticións e ás priorizacións imprescindibles nas demandas.

Resta, con todo, moito que mellorar, para facelo non lles pido un cheque en branco, e por iso dedicarei as últimas palabras da miña intervención a expoñer o meu proxecto de futuro.

Quero conseguir unha institución máis sensible, máis aberta, máis próxima aos problemas dos cidadáns e máis eficaz na miña interlocución cos poderes públicos. Ansío lograr uns procedementos máis rápidos e sinxelos, unha forma de comunicación cos cidadáns máis transparente. Quero que estes sintan que a valedora está para amparalos, e que aínda que non sempre o poida facer, sempre estará á súa disposición para atender os seus casos e tentar soluciónalos.

Confío na mediación e na interlocución, confío tamén na educación en dereitos, entendendo que todo dereito implica un deber, e se se prescinde deste último, o primeiro, o dereito, báleirase de contido, podendo chegar a ser abusivo. Creo, igualmente, na cultura da paz e na necesidade de empatizar coas persoas e cos seus problemas. Estou segura de que falando enténdese quen quere entenderse, aprendín iso da miña xente, da miña terra e dos meus maiores. Pero tamén sei que hai persoas que non queren entenderse, e nese caso os problemas non se resolverán falando, senón reclamando. E tamén estou disposta a facelo cando sexa preciso.

Mentres tanto, pido a colaboración de todos, a dos cidadáns, para que usen a institución do Valedor para a reclamación do que necesiten. Pero insisto en que o fagan con sentido da xustiza, ese sentido que non é preciso estudar nas facultades de leis, pois está na natureza de cada ser humano. E aos poderes públicos pídolles que me axuden sendo máis sensibles coas necesidades das persoas e máis rápidos á hora de responder ás múltiples peticións que se lles envían. A cambio, ofrezco, unha vez máis, o compromiso do meu traballo e dedicación permanentes, así como o meu mellor esforzo por coñecer os problemas reais e as necesidades de quen solicita o meu amparo.

Sen dúbida, o pobo galego ten problemas no exercicio dos seus dereitos, como calquera outro pobo, pero dispón dun capital humano capaz de enfrontalos. Eu confío neles.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, valedora.

A vicepresidenta primeira acompañaraa.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a posición. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día.

Bo día, presidente.

Antes de nada, agradecer á valedora o seu informe e tamén o seu traballo. A valedora representa unha institución á que acoden as persoas e colectivos cuxos dereitos son vulnerados. Entre as funcións que lle competen a esta institución figura, en primeiro lugar, na súa páxina web, a de garantir o cumprimento dos dereitos humanos. Na súa comparecencia na Comisión de Peticións destacou a valedora o ambicioso programa de medidas da Xunta de Galiza fronte aos desafiuzamentos. Non me estraña que o portavoz do Partido Popular se manifestase satisfeito co informe no seu turno de palabra. Mais con todos os respectos que a alta comisiónada e este Parlamento me merecen, non comparto esa valoración, nin a valoración da valedora nin a valoración do portavoz do Partido Popular na devandita comisión.

Anne Case e Angus Deaton –este último Premio Nobel de Economía no ano 2015 e ambos profesores de Princeton– nun recente estudo feito nos Estados Unidos, onde se reflicte que a taxa de mortalidade de homes e mulleres brancos de idade media se disparou nos últimos quince anos por abuso de alcohol, drogas, calmantes e suicidios, tiveron que acuñar un novo termo para expresar esta tendencia, chamárono morte por desesperación. E ten unha forte vinculación directa cos problemas económicos causados polas políticas públicas e a falta de solucións perante a perda de empregos producidos pola economía da globalización e o neoliberalismo. Volvo repetilo, morte por desesperación.

Uns profesionais de recoñecido prestixio viron a necesidade de acuñar un termo para definir unha nova tendencia que fai que as persoas morran cada ano sen que aínda lles toque morrer, vítimas da precariedade laboral, da desigualdade, da pobreza, da falta de expectativas, da desesperanza, do abandono institucional e político.

Pois ben, se trasladamos estes datos a Galiza, o número de suicidios no ano 2015 foi de 321, segundo o Movemento Galego pola Saúde Mental case 1 ao día, o que nos fai líderes a nivel de Estado. E ata o de agora as administracións e o Goberno eluden as súas responsabilidades neste problema, un problema dos máis importantes da saúde pública. E, señorías, as mortes por suicidio teñen moito que ver coa ruína das familias, co paro, o emprego en precario, os recortes en servizos sociais e os desafiuzamentos. Coa pobreza tamén teñen que ver: coa pobreza laboral, coa pobreza enerxética, coa pobreza infantil e coa pobreza dos xubilados e xubiladas; todos temas amplamente tratados neste hemiciclo. É dicir, moito que ver coas políticas austericidas aplicadas polo Goberno de ideoloxía neoliberal, causantes do empobrecemento da clase traballadora e do desmantelamento do sector primario deste país.

No tocante ás taxas de desigualdade, ¿que dicirilles que non saiban xa? Índice de Gini, en aumento dende o 2007; taxas de risco de pobreza, segundo datos do IGE, pasa do 14,63 no 2007 ao 16,41 no 2014, cando acaba a serie; subindo, constantemente, para todos os grupos de idade, con especial incidencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas.

Non creo que sexa para felicitar nin felicitarse, todo o contrario, este alto número de suicidios, e os datos anteriores deberían ser obxecto de estudo extraordinario para a súa prevención e, no posible, para a desaparición deste dato estatístico que fai líder en suicidios a nosa comunidade, Galiza. Un obxectivo para a institución que a valedora representa, porque estamos a falar de dous dereitos humanos fundamentais: o dereito á vida e o dereito a un teito baixo o que acubillarse.

Agradezo o traballo da valedora, tamén as súas valoracións e os seus requirimentos. Requiritos que, por certo, non son atendidos pola Administración e o Goberno, en moitos aspectos. É imposible pararse nunha reflexión pormenorizada e exhaustiva, dada a extensión do informe e o escaso tempo do que dispomos neste trámite, pero parareime nalgúns que considero relevantes.

Por exemplo, entre as múltiples recomendacións que aparecen neste último informe, e que a valedora volveu citar hoxe, está a de “urxe acometer un plan para eliminar os materiais que conteñan amianto nos edificios de uso educativo”. Pois ben, esta deputada que fala aquí presentou na última Comisión de Educación e Cultura unha proposición non de lei que recollía esta demanda da valedora, pero que foi rexeitada pola maioría do Partido Popular, nunha comisión, ademais, celebrada con posterioridade á publicación do informe.

Por non falar da Consellería de Sanidade, advertida en once ocasións da súa obriga de responder aos requirimentos baixo apercibimento de declarala hostil, extremo ao que non se chegaba nesta institución dende o 2007. A xestión das listas de espera, o peche de camas, os recortes en persoal e recursos fan concluír á valedora –e cito textualmente: “a interpretación da Lei de garantía sanitaria, en vigor dende o 2014, non deixa lugar a dúbidas en canto aos tempos máximos de espera que deben exixirse”. Pero a aplicación práctica da mesma non acadou a súa plena eficacia, o número de pacientes e os recursos existentes dificultan o pleno alcance deste dereito.

Se o partido do Goberno toma nota, como na Comisión de Peticións zanzou o voceiro do Partido Popular na súa intervención, debe escribir o xeito dun deus coas ringreiras tortas. Porque na miña curta experiencia como parlamentaria nesta institución, que é o Parlamento de Galiza, o partido do Goberno rexeitou todas e cada unha das iniciativas dos grupos da oposición para amortiguar os recortes no ensino público, na asistencia sanitaria pública e nos servizos sociais.

Non hai máis que consultar a páxina do Parlamento, os datos, datos son, pero poden ser obxecto de diferentes lecturas; en política todo é da cor do cristal con que se mire, como ocorre en moitas ocasións cos resultados electorais. Así, a valedora interpreta o aumento de 24.000 a 46.000 –aproximadamente– as reclamacións recibidas pola oficina da institución como un síntoma dun mellor coñecemento da institución, unha maior madurez democrática da

ciudadanía, cando para moitas significa un deficiente funcionamento das administracións, un incremento na vulneración dos dereitos e un síntoma de que as condicións de vida da cidadanía foron a peor durante o ano 2015.

De todos os xeitos –insisto– felicito a valedora, entre outras cousas, polos 45 –paréceme– desafiuzamentos paralizados no 2015, entre outras cousas. Comparto o seu criterio de priorizar o aspecto cualitativo no seu labor, moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas, poden mudar o mundo –di Galeano–. E así pasa coas vítimas do Angrois, xente pequena, xente pequena tamén que tenta parar a liña de alta tensión que estraga a fraga de Catasós ou a deterioración da cova de Eirós, que obtiveron axuda da valedora e que conseguiu que foron aceptadas as súas recomendacións, mentres no Parlamento tiñamos que lamentar o rexeitamento de iniciativas ao respecto. Por iso, como xente pequena que son, lle dou as grazas polo seu labor, señora valedora.

Como deputada repredo –permítanme– este Parlamento, que debe entoar o mea culpa, por resultar incapaz de dar cumprimento á Iniciativa Lexislativa Popular –que vostede menciona no seu informe– de Medidas para Garantir a Enerxía como Servizo Público e contra a Pobreza Enerxética.

Atascada nun trámite que non entendo, solicitando comparecencias sen que as mesmas se producisen, o único consolo é que sei que as iniciativas lexislativas populares non decaen coa fin da lexislatura e que seguirán o seu trámite, que espero que sexa con boa fortuna. E tamén fago miña a súa preocupación polo acoso escolar e a vulneración dos dereitos dos colectivos LGTBI.

A comisionada é da opinión –e así o trasladou– de que unha educación adecuada e igualitaria sería a ferramenta mellor para desterrar da nosa sociedade estes comportamentos fóbicos e violentos dirixidos contra os diferentes e contra os máis débiles. Comportamentos propios das estruturas de poder do sistema heteropatriarcal.

Por iso aproveito –é unha das miñas derradeiras intervencións– para insistir en que non hai que ter medo a considerar a progresiva implantación dun ensino coeducativo na Galiza como unha ferramenta educativa, máis aló de educación mixta, e cuxas bases se asenten no recoñecemento das potencialidades e individualidades das nenas e nenos, independentemente do seu sexo.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Coeducar significa –xa remato, perdón– desde a igualdade de valores, desde a igualdade das persoas.

Ben, remato cunha pregunta, se mo permiten. Grazas.

Pois ben, remato xa. ¿Non cren que é o noso cometido, como representantes das institucións que teñen por obxecto velar polos intereses das cidadás e o seu benestar, extremar as existencia para garantir o mellor sistema de protección social? ¿Que o mesmo sexa un dereito

e non mero existencialismo? Exixir a excelencia do estado de benestar, garantir a máxima dilixencia, equidade, solidariedade e redistribución da riqueza, que ninguén teña que acuñar termos novos para referirse a situacións que nos fan tan fráxiles e nos avergoñan como sociedade democrática, traballar entre todas e todos para que nin unha soa persoa máis morra de desesperación.

Moitas grazas pola súa atención. Máis nada.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Grazas á señora Parga, tamén, pola súa exposición, e outra vez máis despois da Comisión de Peticións. Xa trasladamos na mesma as preocupacións que este grupo mantiña sobre o que consideramos un exceso de confianza no cumprimento por parte da Administración autonómica, que se lles dá en ocasións validez aos bos propósitos cando a realidade é que non temos antecedentes excesivamente bos do cumprimento, das recomendacións, non só puntuais –que seguramente son máis efectivas nos casos puntuais–, senón xerais, porque a situación social e económica é reiterada durante os últimos anos, e non se están a tomar medidas reais para revertela.

Preocúpanos, tamén, que esta institución –que consideramos que ten que ser imparcial e obxectiva– faga algunhas valoracións que xa trasladamos e que veñen reflectidas no propio informe, comentando que a propia crise dificultou os orzamentos, que a pesar das dificultades se incrementaron as partidas para necesidades sociais, que se implantaron medidas correctoras para paliar a crise declarada en España.

Son xuízos de valor que constitúen un perigo de revisionismo histórico cando estamos falando de que a crise actual, obviamente –tal e como entende este grupo–, se podería ter evitado, ou, polo menos, evitar gran parte das súas consecuencias, tendo en conta que gran parte da situación actual é froito da corrupción, do endebedamento ilexítimo e da especulación cos fondos de todas e todos.

Hai que lembrar que a corrupción supón en España 7.500 millóns de euros, que a amnistía fiscal do Partido Popular supuxo 2.800 millóns de euros de perdas e que a fraude fiscal supón 90.000 millóns de euros. Son, polo tanto, cantidades nada desbotables para ter en conta que poderían substituír todos os recortes sociais que, en moitas ocasións, son tamén froito das queixas que se trasladan á propia institución.

Hai que lembrar, tamén, que en ningún caso se fixo ningún tipo de esforzo orzamentario. O orzamento autonómico perdeu 2.622 millóns de euros dende 2009, e as áreas sociais foron recortadas en 1.000 millóns de euros. Polo tanto, cero esforzo e, dende logo, deberíamos ter –e debería ter tamén a institución– cero compracencia.

Entendo que tampouco ten que pasar vostede a criticar estes aspectos relativos ao Goberno, pero pediríamos, tamén, que non se fixese o caso contrario; é dicir, as valoracións positivas do suposto esforzo económico consideramos que son alleas a unha institución, como é a súa, que é de carácter, obviamente, obxectivo e imparcial.

Entrando en materia, xa trasladamos algunhas preocupacións durante a comisión relativas á área de educación. Parécenos que hai unha aseveración que vai nesta mesma liña, que di que algunhas organizacións do ámbito educativo mostraron, tamén, o seu rexeitamento á LOMCE. Vostede non respondeu na comisión –eu díxeno naquel momento–, non foron algunhas, senón todas as organizacións do ámbito educativo as que se opuxeron á implantación da LOMCE, sindicatos, Confapa, colectivos en defensa da educación pública e todos os partidos da oposición, tanto aquí como no Goberno central.

Pero dada esta consideración, imos aos problemas máis complexos desta área. Parécenos, a verdade, que o problema relativo aos comedores é un problema moi preocupante, e que non é un problema menor, porque afectou –como me indicaba o meu compañeiro Ramón Vázquez– o 20 % dos colexios de Galicia. Durante o informe, e na propia comisión, xustificouse a concesión a outra empresa pola urxencia de volver adxudicar os servizos, toda vez que se estaba dando comida en mal estado aos nenos e nenas de todos estes colexios.

Pero eu preguntaba, e non se nos trasladou, se non habería que facer unha valoración sobre a indicación de retornar a unha xestión directa con produtos de proximidade, que é o que ten defendido este grupo parlamentario, e cun aspecto educativo do que é a alimentación, porque o que estamos vendo é que ningún destes modelos de xestión indirecta está a dar ningún tipo de froito positivo.

AGE concorda –e lévao denunciando dende o inicio– coas carencias de atención á diversidade do alumnado con necesidades educativas especiais. Preocúpanos que o propio informe coincide en que as medidas tomadas pola Xunta son insuficientes, e nós entendemos que, alén do propio incremento de profesorado, que sufriu bastantes recortes nos últimos anos, hai outros profesionais que deberan implantarse na pedagogía, na audición e linguaxe, e entendemos que é bastante grave que estas carencias sigan sen cubrirse tantos anos despois do inicio dos recortes.

En canto aos servizos sociais, lembramos que se sufriron importantísimos recortes nos últimos anos, e hai varias cuestións relevantes. Reflicte a valedora no informe a situación no Souto de Leixa, porque había moitas queixas relativas á utilización do vaso terapéutico; o outro día debatémolo na Comisión 5ª e os pais e as nais seguen denunciando o abandono dun centro, e tamén que aínda non se fixo de todo efectiva esa utilización. Non sei se a respecto disto entendemos que vai haber informes futuros, porque parece que volveron trasladar queixas á súa institución polo persoal escaso e pola deterioración do centro dende o ano 2010, e a realidade é que están moi preocupados polas circunstancias nas que están a ser tratados e tratadas os seus fillos e fillas.

Plantexaba vostede a recomendación da tarxeta de discapacidade relativa ao grao, que parece que a Xunta non tomou aínda medidas respecto a esa recomendación. E non sei que opinión

ten ou que relación pode ter coa malograda tarxeta de servizos sociais, porque aquí se nos anunciou en diversas ocasións que ía haber unha semellante á que temos para o Servizo Galego de Saúde, relativa aos servizos sociais, pero esta tarxeta non se puxo en marcha, non sei se ten algunha relación, ¿sería complementaria ou cal sería a recomendación da institución nese caso?

Acollemos, tamén, con preocupación a perpetuidade das queixas relativas á dependencia, pero preocupánnos algunhas conclusións, xa que se entende que se tomaron algunhas medidas. Vostede fixo referencia aquí á carencia de prazas nas propias residencias de maiores e de persoas dependentes, e trasladamos neste Parlamento múltiples queixas e a dificultade da situación nas que están a vivir as residencias públicas, e a dificultade de competencia cos centros privados por ausencia de medios humanos e materiais, e tamén esa persistencia do incremento dos copagos.

Non podemos ser compracentes nestes termos, porque temos que lembrar que, a pesar de que vostede di que hai menos queixas relativas á dependencia, o pasado ano faleceron en Galicia 1.000 persoas sen recibir a prestación que xa tiñan recoñecida.

Entendemos recollidas, tamén, as nosas queixas, e sentímolas reflectidas, no informe a respecto dos problemas que derivan da eliminación do Servizo do 065 por parte da Xunta de Galicia, ese servizo de transporte para as persoas con diversidade funcional e cognitiva, porque agora mesmo –tal e como denunciabamos no seu momento– implica problemas directos á hora de trasladarse para servizos ou actividades que non sendo –digamos– centrais, non son trasladados a centros de día, por poñer un exemplo, son imprescindibles para as persoas no seu desenvolvemento dunha vida normal.

Referente á sanidade pública, alegrámonos de que vostede recoñeza que debemos volver á universalidade dentro da sanidade pública. Este grupo defende a derogación do Decreto 16/2012, aínda que non compartimos iso –xa llo trasladei na comisión– de que as achegas que se fan polo pago de medicamentos sexan proporcionais. Entendemos que unha aportación igual para as rendas entre 18.000 e 100.000 euros, obviamente, non é proporcional. Como non o é que en Galicia, onde as pensións son das máis baixas do Estado, teñan que pagar agora as persoas pensionistas entre unha horquilla dun 10 a un 40, cando antes non aportaban polos seus medicamentos.

Acollemos con preocupación as denuncias por incumprimentos da Lei de prestacións sanitarias. Nós compartímolas, obviamente non se cumpría a anterior lei relativa aos tempos de espera, e temos un problema porque a Consellería de Sanidade nega continuamente que estea a haber problemas coa espera e, obviamente, xustifica o peche de camas nos meses de verán, tamén con esta ausencia de preocupación pola espera.

Relativo aos desafuzamentos, xa lle trasladei tamén na comisión que houbo só 45 realoxos por parte da Xunta de Galicia para 18.000 desafuzamentos, e que entendemos que non é para compracerse, e que as axudas de alugamento promovidas pola Administración autonómica só chegan ao 1 % das persoas en situación de pobreza.

Relativo á situación das persoas LGTBI, bueno, obviamente non queren ser seres humanos como os demais...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: E –remato xa– trasladarlle que é moi preocupante que, a pesar das súas recomendacións, non se estea a cumprir a Lei 12/2014, que non se tomen, nin sequera, as medidas das campañas de concienciación nin de formación dos profesionais públicos.

Remato xa trasladando que, con todo, nos parece preocupante a ausencia relativa ás queixas pola desigualdade entre mulleres e homes, que igual denota unha escasa preocupación ou unha ausencia do coñecemento da utilización da institución, cando temos datos terribles sobre as violacións e, incluso, os incumprimentos dos dereitos humanos para as mulleres no noso país.

Máis nada a moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados.

Señora valedora do pobo e as persoas do seu equipo que a acompañan no pleno deste Parlamento, bos días e moitas grazas pola exposición que hoxe, novamente, nos fixo aquí e as valoracións do seu informe.

Non teño ningunha intención de repetir o debate que xa producimos na Comisión de Peticións, hai apenas unha semana, cando vostede compareceu para darnos conta do seu informe, senón, se me permiten, que tendo en conta a amplitude do seu informe, a amplitude das análises que se fan no seu informe, simplemente con base neses datos que vostede nos achega, con base nos datos achegados por informes anteriores da institución do Valedor do Pobo, permítanme que faga algunhas valoracións e, tamén para finalizar, algunhas propostas desde o meu grupo parlamentario neste pleno que pon fin a esta lexislatura e que, polo tanto, creo que é o momento acaído para facer un balance.

Se mo permiten, eu dividiría en tres ámbitos fundamentais –por sintetizar por falta de tempo– as queixas que recibe a institución do Valedor do Pobo: por un lado, as queixas que se refiren ás deficiencias que os cidadáns e as cidadás, que o pobo galego, perciben nas prestacións que deberíamos darlles a través dos servizos públicos.

Hai tres ámbitos fundamentais que se repiten ao longo dos distintos informes, con porcentaxes de queixas en termos relativos moi similares ao longo de todo este período, dos últimos

catro anos, que son os referidos a sanidade, educación e servizos sociais, nos que se constata que hai unha certa conexión ou unha certa correlación nos distintos anos de como a cidadanía percibe que os recortes orzamentarios que se produciron nos servizos públicos lle afectan á calidade de prestación deses servizos públicos, que en moitos casos afectan tamén a dereitos legalmente recoñecidos á cidadanía. Mesmo por parte da Valedoría do Pobo en moitas ocasións se puxo de manifesto como se vulneraba a lei educativa cando algúns centros escolares carecían dos profesores e profesoras especialistas que a lei prescribía nas distintas etapas educativas.

Neste informe vostede pon de manifesto unha cuestión que tamén é especialmente grave, tanto desde o punto de vista legal como desde o punto de vista dos dereitos das persoas, e é como, finalmente, hai un recoñecemento por parte dunha institución de algo que vimos denunciando durante moito tempo, e é que se quebrou o dereito á universalidade nas prestacións sanitarias, e iso ponse de manifesto a través do seu informe.

Polo tanto, catro anos despois, ao finalizar esta lexislatura, creo que podemos concluír dunha forma obxectiva, simplemente baseándonos nos datos históricos dos sucesivos informes da valedora e do anterior valedor do pobo, que os servizos públicos padecen cando hai recortes orzamentarios; que ese mantra de que é posible facer máis con menos non é certo. Menos recursos, menos persoal, menos camas hospitalarias, nunca, nunca, reverten en mellor atención á cidadanía, en mellor atención aos usuarios dos servizos públicos, e, desde logo, redundan en recorte de dereitos.

Hai outro ámbito de preocupación que se traslada ao longo do tempo a través das queixas que se formulan ao Valedor do Pobo, que é o que poderíamos definir como as queixas referidas á atención ás persoas máis desfavorecidas da sociedade ou máis vulnerables por distintas circunstancias. Nese ámbito, poderíamos incluír as queixas que se refiren á desprotección que sofren en moitas ocasións os menores, ao que xa fixo referencia a valedora do pobo na súa intervención, e, desde logo, nese ámbito si que se aprecia unha sensibilidade crecente ao longo dos últimos anos. Vemos como cada vez se incrementa máis a preocupación non só pola desatención das persoas, dos nenos e das nenas, non só por mellorar o acollemento familiar fronte á institucionalización, senón que mesmo se incrementa a preocupación por novos perigos que pairan sobre os nosos menores, vinculados co acoso infantil, co *mobbing* de todo tipo, e mesmo co acoso e co *mobbing* relacionado coas novas tecnoloxías. Nese sentido, nós queremos, unha vez máis, aplaudir o informe que se fixo por parte da Valedoría do Pobo en relación coas novas tecnoloxías e o acoso a menores.

Tamén neste ámbito da atención ás persoas máis débiles quixera poñer especial énfase na atención ás persoas con discapacidade, que hai un capítulo completo deste informe do Valedor do Pobo centrada nesa cuestión. Xa tiña ocorrido en anos anteriores, pero é especialmente chamativo que se recollen no seu informe queixas relacionadas con cuestións que foron obxecto de gran debate neste Parlamento, como é o tema de San Francisco en Vigo e do centro ocupacional de Aspanas en Ourense, e, por desgraza, creo que desde o ámbito político non se deu a resposta adecuada a esas problemáticas, por iso tiveron que recorrer á súa institución para intentar amparar os seus dereitos.

Finalmente, para rematar co que poderíamos considerar este capítulo de atención ás persoas máis vulnerables ou máis débiles, permítanme que fale da dependencia.

En anos anteriores, concretamente hai dous anos, foi obxecto de debate neste Parlamento en moitas ocasións, e desde logo o informe do Valedor do Pobo daquel ano foi un elemento que utilizamos moito, e en positivo, para avanzar nese ámbito, a problemática relacionada coa Risga, cos atrasos que se estaban producindo á hora da tramitación da Risga. Afortunadamente, esa situación a día de hoxe – polo menos a día de hoxe – parece que está solventada, pero o que evidencia o informe da Valedora do Pobo deste ano é que temos unha gran asignatura pendente, o Goberno ten unha gran asignatura pendente, e é o relacionado coa atención ás persoas con dependencia nos distintos ámbitos, tanto no que se refire á carencia de prazas asistenciais, aos distintos copagos, ás axudas para as persoas cuidadoras. Nese sentido, señoras e señores deputados, simplemente quero deixar un dato; un dato que debería facernos non só reflexionar, senón a todos e a todas centrar o noso traballo nos próximos tempos en resolver esta situación.

En Galiza, no ano 2015, hai 65.495 persoas dependentes que teñen recoñecido o dereito a unha prestación. Son 65.500 segundo o Informe da Valedora do Pobo. No mesmo día, hai só 41.823 persoas, desas que teñen recoñecido dereito a unha prestación, que, efectivamente, están percibindo esa prestación. Polo tanto, hai máis de 24.000 persoas dependentes, cunha prestación recoñecida, que non a están percibindo.

Finalmente –vou moi mal de tempo– hai outro ámbito ao que se refiren as queixas que se dirixen historicamente á Valedoría do Pobo, que son as que teñen que ver coa transparencia, que este ano se fundamentan especialmente no emprego público e no que poderíamos chamar o exercicio de dereitos fundamentais, como o exercicio de acceso a unha vivenda digna, a subministros enerxéticos e aos dereitos das persoas fronte aos abusos bancarios ou ás veces incluso os abusos gubernamentais, como neste caso foi o das pensións dos emigrantes retornados. Xa lle fixen unha petición na comisión que por falta de tempo non podo reiterar aquí, pero pídlle encarecidamente que sigan avanzando nese camiño.

E quixera rematar, señoras e señores deputados, facendo unha reflexión.

Comezou esta lexislatura no Parlamento galego pairando sobre a Valedoría do Pobo e sobre outras institucións galegas o Informe CORA. O informe do Goberno do Estado que pretendía...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...a través desa chamada racionalización, entre outras cousas, que eliminásemos a institución do Valedor do Pobo. Remata esta lexislatura con que este Parlamento reforzou a figura do Valedor do Pobo –da valedora neste caso, o que pasa é que a lei séguelle chamando valedor, terán que modificala na próxima lexislatura para adaptala á realidade–, atribuíndolle máis competencias nos dereitos dos pacientes, dos sanitarios, velar polos dereitos das persoas...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...LGTBI –remato, señora presidenta–, e, finalmente, na Lei de transparencia.

Eu pídlle, señora valedora do pobo, que, se todas esas competencias que en nome do pobo galego lle atribuíu este Parlamento, cos medios dos que vostede dispón non son capaces de cumprilas adecuadamente, non dubide en alzar a súa voz para exixirlle a este Parlamento e a todas as institucións que os doten a vostedes dos medios suficientes...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...para que estas competencias non queden en papel mollado.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra o señor Vázquez Blanco.

O señor VÁZQUEZ BLANCO: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Bos días valedora, vicevaledor e todo o seu equipo.

En primeiro lugar, dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos agradecer unha vez máis á valedora a súa comparecencia neste Parlamento e agradecer a toda a institución o traballo que desenvolve cada día na atención das demandas dos cidadáns. Deste traballo non se poden extraer conclusións de tipo cuantitativo, pero contén unha información cun alto valor cualitativo no que son moitos dos problemas do día a día dos cidadáns.

Queremos dende esta tribuna felicitar tamén ao novo equipo á fronte do Valedor, igual que o fixemos o outro día na comisión, por esa ambición de facer do Valedor unha institución máis aberta e próxima ao cidadán, porque é a primeira vez que o Valedor sae a percorrer o territorio co obxectivo de dar a coñecer unha ferramenta que serve como canle mediadora de moitos dos seus problemas. Seguramente non é casualidade o incremento nun 52 % de actuacións de atención con respecto ao ano anterior, e tampouco que esta se concentre no segundo semestre do ano, algo terá que ver ese labor. Tamén cómpre destacar, e felicitamos por iso a este novo equipo, a mellora da eficiencia na resolución dos expedientes.

Pero, igual que dixen o outro día na Comisión de Peticións, tamén aquí quero poñer de manifesto que nos parece o informe máis compracente dos últimos anos coa Administración autonómica. Dígollo co maior dos respectos. Non digo que o informe en si sexa compracente, senón que ás veces nas conclusións botamos en falla o espírito crítico en moitos temas que, lendo con calma o informe completo, si apreciamos en moitos dos seus apartados.

A pesar do grao de aceptación e o compromiso do Goberno coas recomendación da institución, cremos que é importante avaliar posteriormente o resultado deses compromisos.

É unha tarefa imposible resumir aquí toda a información das máis de 1.000 páxinas que contén o informe, así que intentarei ser sintético nas cousas que nos parecen máis relevantes.

En canto á vivenda, parécenos importante o recoñecemento que se fai ao artigo 47 da Constitución, reclamando que a vivenda constitúe non só un dereito senón unha necesidade básica, e un dereito cuxa satisfacción debe ser garantida polos poderes públicos. A este respecto, no informe os problemas plantexados seguen a reflectir os graves problemas actuais, como son as deficiencias e atrasos en vivendas de protección oficial; a axuda para a adquisición e rehabilitación de vivendas; desafiuzamentos de vivenda habitual, algo que segue a ser unha das maiores lacras da nosa sociedade. E fronte ao discurso habitual do Goberno da Xunta, que actúa moitas veces como se estivésemos no país das marabillas de Alicia, vemos no informe como segue a ser un dos principais problemas, pois, desgraciadamente, durante o 2015 houbo aínda un 35 % máis de queixas que no 2014.

E resulta moi satisfactoria a reflexión que a este respecto se fai no informe, xa que afirma que non é admisible un comportamento pasivo por parte de ningún poder público ante a vulneración deste dereito social. Ningunha situación de crise xustificaría a ausencia de políticas públicas centradas en favorecer o acceso a unha vivenda a aquelas persoas que máis o necesitan. Máis ben ao contrario, é en épocas de crise cando máis que nunca esas políticas debeñen absolutamente necesarias.

É tamén esclarecedora a reflexión que se fai cando se di que a consecución dos obxectivos sociais consome recursos. Polo tanto, detraelos doutras asignacións que tal vez poidan estar máis relacionadas coa eficiencia constitúe, sen ningunha dúbida, unha elección de carácter político, algo que sempre mantivemos dende este grupo, cando afirmamos que, a pesar da escaseza de recursos, son as prioridades as que marcan as políticas dun goberno, e xa sabemos cales son as do Partido Popular.

En canto á educación, volvemos ver este ano problemas parecidos aos do ano pasado e anteriores. No caso da admisión dos alumnos, unha vez máis vemos como segue a haber problemas na delimitación das zonas de influencia, e como un número importante de menores non obteñen praza no centro elixido como primeira opción. Segundo o informe, 838 nenos non obtiveron praza no ano 2015.

Tamén este ano volve haber problemas derivados da planificación e posta en funcionamento de novos centros educativos, así como o problema do estado no que se atopan moitos edificios escolares.

E claro, tamén chegou ao Valedor o problema das deficiencias reiteradas no servizo de comedores escolares. Dende o noso grupo temos insistido neste problema gravísimo, e a Consellería volveu facer gala do seu argumento habitual de catastrofismo da oposición, pero vémolos perfectamente explicados neste informe.

En canto á industria, un apartado importante neste informe é o referido á pobreza enerxética, definida aquí como a dificultade ou a incapacidade de manter a vivenda nunhas condicións adecuadas de temperatura, así como de dispoñer doutros servizos enerxéticos esenciais a un prezo razoable. Polo tanto, agradecemos que o Valedor se refira a medidas que eviten a exclusión social, como pode ser a definición do consumidor enerxético vulnerable ou a formalización de convenios coas comercializadoras para evitar cortes na subministración.

En canto á agricultura, gandería e pesca, neste senso o informe do Valedor reflicte o traballo de mediación feito dende o Valedor no tema do cerco e do sector lácteo, o cal agradecemos, aínda que non podemos obviar que a actuación da Xunta de Galicia non estivo do lado do sector. Por iso temos que incidir na falla de crítica do Valedor co Goberno da Xunta. Botamos en falla a voz dos sectores, como xa lle dicía o outro día. De feito, o que dixó hoxe aquí sobre o sector lácteo é a versión da Consellería, e este grupo, sinceramente, considera que é falso.

En canto a servizos sociais, non é casualidade –como ben dixó antes– que as queixas relacionadas con axudas por exclusión social ou risco de caer nela sexan as máis numerosas, e, tal e como afirma o Valedor, requiren unha inmediata solución, posto que, se a intervención se demora, perden o seu sentido; e aquí póñense de manifesto os atrasos á hora de resolver.

En canto á Risga, dise no informe que a situación mellorou, pero dende este grupo seguimos constatando unha enorme carencia á hora de resolver as solicitudes de axuda social, como atrasos nas concesións, na restauración despois dun traballo, desacordos nas revisións, etc. E dise que os problemas responden, fundamentalmente, á falta de desenvolvemento da lei, e niso tamén estamos de acordo, xa o dixemos, tamén, o ano pasado. Galicia está á cabeza nas listas de espera –como se recoñece no informe–, á cola na ratio de prestacións por persoa, ademais dos problemas cos copagos e as insuficientes prazas de servizos para a dependencia.

En canto ao traballo, a pesar de que é unha área de menor incidencia no labor do que é o día a día do Valedor, é destacable, debido ao alto nivel de desemprego, que o informe pon de relevo que as queixas relativas ás demoras se producen no pago das bolsas e axudas a persoas desempregadas, xa que o Valedor considera que non é razoable nin xustificable que estas persoas teñan que esperar ao mes de abril para cobrar unhas axudas aprobadas o ano anterior, e finalizando as accións formativas moitos meses antes.

En canto á sanidade, factores como o envellecemento paulatino da poboación e o aumento de enfermidades con tratamentos custosos fan que sexa necesario o incremento do gasto sanitario. Máis aínda, os axustes económicos propiciados pola crise económica e polos recortes feitos polo Goberno do Estado e a Xunta fan que crezan os conflitos para manter as prestacións básicas. A isto –tal e como se indica no informe– hai que sumarlle as recentes reformas lexislativas que provocaron reclamacións de usuarios, que viron minorado o elenco de prestacións das que ata entón viñan gozando.

E tal e como temos dito durante os últimos anos, e como se constata tamén na actividade do propio Valedor, xeraron un importante incremento das reclamacións. E aquí temos tamén

que saudar as guías de actuación que se fan dende o Valedor, como é a xestión das listas de espera con criterios complexos e transparentes. Tamén no referido ao copago farmacéutico, no sentido en que se pon de manifesto o desamparo ao que se ven sometidos os colectivos máis desfavorecidos; así como na xestión de centros e servizos sanitarios, a mellora dos espazos físicos e a dotación de recursos materiais.

E tamén aquí, dende o Grupo Socialista, queremos engadir a importancia do mantemento dos servizos públicos sanitarios, que –ao noso criterio– están a pagar as consecuencias da introdución de novos modelos de xestión, como vimos, por exemplo, no hospital de Vigo.

En canto á xustiza, só queremos engadir, dende o Grupo Socialista, algo no que xa insistimos o ano pasado, que é na importancia de poñer de manifesto a carencia de datos oficiais que sexan fiables de sentenzas ditadas en galego e do case inexistente uso do galego no ámbito da xustiza. Non hai ningún informe, nin ningún dato, dende o 2009, e naquel entón era que un 3 % das sentenzas eran ditadas en galego e un 96,5 en castelán.

En canto ao tema de menores, coincidimos, tamén, coa preocupación do Valedor a este respecto. Destacamos, tamén, a recomendación que fai vostede da importancia de introducir cambios nos programas de acollemento, entendendo a prioridade das solucións familiares sobre as residenciais e, por tanto, incidindo no apoio económico ás familias para evitar separar os nenos dos seus núcleos familiares.

En canto á cultura e política lingüística, esta área no Informe do Valedor parécenos –se mo permiten, como dixen o outro día tamén– un pouco autocompracente de máis. Ou sexa, compartimos a importancia de salvagardar os bens culturais, pero temos que poñer de manifesto o desleixo da Xunta cando máis do 30 % dos bens de interese cultural están en estado de nefasta conservación.

E mesmo se amosa o Valedor optimista pola nova Lei do patrimonio cultural, cando, como saben, rachou co consenso existente nesta materia e mesmo –tal e como denunciámos todos os grupos da oposición– supón un retroceso no que á protección se refire, polo que non podemos compartir este optimismo, só lembrar que en cultura o orzamento deste Goberno se reduciu nun 56 %.

En canto á lingua, tamén botamos en falta no Informe do Valedor unha actitude máis crítica nun ámbito de vital importancia, que se viu atacado por primeira vez na historia recente co chamado Decreto do plurilingüismo e coa constante mingua dos recursos dedicados á promoción da lingua, o 70 % menos, cuxos efectos son que, a día de hoxe, o galego sexa a única lingua do Estado español na que minguan os seus falantes.

Parécenos tamén importante, neste senso da sociedade da información, a preocupación mostrada polo Valedor en canto ao labor que hai que desenvolver en canto á concienciación dos mozos e mozas na utilización das novas tecnoloxías e o seu papel como instrumento para exercer a violencia de xénero, así como na discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, pois, tal e como dixo a valedora no seu discurso, este tema supuxo un informe extraordinario por parte da institución.

E é importante seguir traballando na garantía destes dereitos inviolables e na non discriminación, pero gustaríanos, tamén, engadir a este respecto a importancia que teñen a loita contra a violencia de xénero e as políticas de igualdade, que rematen co máis alto paro feminino, a fenda salarial e a non igualdade entre os permisos de maternidade e paternidade.

E remato xa, volvendo agradecer o traballo da institución e a súa comparecencia aquí.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Saúdos a todas as señorías.

Saúdos tamén á señora valedora do pobo e a todo o seu equipo pola elaboración do informe e pola presentación do mesmo diante do plenario desta Cámara.

Corresponde agora facer a valoración deste informe, e nese senso eu teño que subliñar que os grupos da oposición parlamentaria acaban de realizar esa valoración acudindo a un remedio moi propio nestes casos, que é a utilización desa figura retórica da sinécdoque, ese tropo que consiste en tomar a parte polo todo, e que ten unha gran forza retórica, porque permite incrementar notoriamente a forza da mensaxe, pero que dificilmente se pode extrapolar ao debate político.

Non se pode extrapolar porque a súa forza persuasiva deriva da súa simplicidade, reduce a complexidade do conxunto eliminando aquilo que estorba ou o que interesa, e dá, polo tanto, unha visión da verdade deturpada, deformada ou interesada. Iso é o que acaban de facer, maiormente, os grupos da oposición parlamentaria, e nosoutros entendemos que o que hai que facer é unha valoración obxectiva e imparcial do informe.

O primeiro que agroma deste informe é, precisamente, un aspecto positivo: o feito de que a institución do Valedor se ten que mover nun equilibrio moi difícil, onde un exceso de comprecencia cos poderes públicos a pode converter nunha institución irrelevante e un exceso de protagonismo a pode converter nunha institución perturbadora.

Sendo unha institución que carece de *imperium*, en cambio, si que está a gozar dun maior arraigo na cidadanía, dunha maior *auctoritas*, así o demostra o feito do número de persoas que acoden a reclamar á institución. Se a cidadanía acode á institución, loxicamente, faino –á marxe doutras valoracións que se queiran facer– porque ten confianza na institución e tamén no seu traballo.

Arraigo que confirma, por outra parte, o feito de –como se reflicte no informe– que existe un notorio incremento no respecto institucional ás decisións do Valedor do Pobo, que per-

mitiron resolver moitos dos problemas que foron sometidos á súa xurisdición mediante esta intervención coas administracións públicas. E tamén, como mostra dese arraigo, a aceptación da función mediadora do propio Valedor do Pobo en moitos dos temas, que permitiron tamén resolucións acaídas e importantes.

No ámbito material, é certo que resulta imposible facer unha valoración global, pero, por outra parte, non é necesario. As distintas materias que compoñen o informe xa foron sometidas a debate na Comisión de Peticións. E, por outra parte, as queixas concretas e determinadas da cidadanía constan no propio informe para exame de quen as queira observar. O que corresponde agora é facer a valoración, e nosoutros entendemos que non se pode facer a valoración parcial que realizan os grupos parlamentarios.

Permítanme, señorías, unha referencia xocosa, os lexionarios de Julio César soían referirse, en ton chocandeirol, ao seu xefe dicindo que era o marido de todas as mulleres e a muller de todos os maridos. Tamén no caso do Valedor do Pobo hai que examinar os dous lados fundamentais que presenta: por un lado, o exame das eivas no funcionamento da Administración, que, evidentemente, reflicte o informe, pero, por outro, tamén o exame dunha cuestión de excepcional importancia, que é a reacción dos poderes públicos fronte a esas advertencias que fai o Informe do Valedor do Pobo; porque, en definitiva, son os que expresan a voz da cidadanía fronte á actuación deses poderes públicos.

A relación das eivas xa as fixo a oposición, polo tanto, permítanme a min que faga referencia ao outro aspecto da cuestión, que é a reacción da Xunta ante esa cuestión. E a reacción da Xunta é unha reacción rápida, unha reacción en moitos casos eficaz e unha reacción contundente. É certo que reflicte o informe que o maior número de queixas fan referencia ás áreas de servizos sociais, sanidade, emprego público e cuestións de política municipal.

Na área de servizos sociais, é certo que é a que presenta maior número de queixas, pero tamén hai que matizar que como consecuencia de moitas reclamacións colectivas nalgúns dos asuntos. Pero tamén reflicte o Informe do Valedor a reacción da Xunta en relación con esta materia, manifestada, fundamentalmente, na actuación rápida e dilixente da Consellería de Servizos Sociais, que fai que esta sexa unha das áreas que presenta maior marxe de melloría, probablemente como consecuencia dos incrementos orzamentarios nesta materia.

Na área de sanidade, é verdade que tamén se constatan deficiencias, pero tamén o informe pon de manifesto a circunstancia de poucas queixas en cuestións que ata o de agora viñan constituíndo un mantra da oposición, como son a cuestión do copago farmacéutico ou a vacina da meninxite. E tamén pon de manifesto como, efectivamente, mellorou notoriamente nos últimos tempos a actuación da consellería nesta área de sanidade.

No emprego público, é certo –así o reflicte o informe– que a situación de crise fai aumentar a preocupación polo acceso a un posto na Administración pública como medio para acadar un emprego estable. Pero tamén é verdade –púxoo de manifesto na súa intervención aquí hoxe a propia valedora– que esta é unha das cuestións que require unha atención moi especial en materia de transparencia. E precisamente neste senso hai que matizar como a reforma lexislativa operada recentemente nesta Cámara fai que o Valedor do Pobo teña maiores

atribucións nesta materia, colocándoa á fronte da Comisión de Transparencia, o cal representa unha confianza importante na súa función nesta cuestión.

Igualmente, reflicte o informe outras actuacións positivas da Xunta de Galicia.

En materia de vivenda, por exemplo, constátase como as medidas lexislativas tomadas polo Goberno galego en relación coas persoas en risco de perder a vivenda son, significativamente, máis ambiciosas que as tomadas noutras comunidades autónomas.

Igualmente se constata a mellora dos protocolos en asunto de discriminación de menores, LGBTI ou campañas de igualdade.

É dicir, existe unha actuación decidida da Xunta. E se hai proba contundente a este respecto, basta con observar a reacción dalgúns dos grupos parlamentarios falando de condescendencia do informe ou falando de condescendencia do voceiro do Partido Popular en relación coa Comisión de Peticións. Miren, señorías, non hai ningún tipo de condescendencia nin de compracencia, somos perfectamente conscientes de que o Valedor do Pobo expresa as queixas da cidadanía, pero somos tamén perfectamente conscientes de que o informe non se fai a favor de naide, nin se fai, tampouco, en contra de ninguén.

O informe o que fai é reflectir a voz da cidadanía, e a voz da cidadanía, se a comparamos – como facía a señora voceira do Bloque, a señora Paz Franco– cos informes de anos anteriores en relación co presente, permite constatar unha cuestión transcendental na reacción da Administración pública fronte ás advertencias do informe, cando en etapas anteriores se facía caso omiso ás advertencias do informe, e mesmamente se trataba de matar o mensaxeiro intentando descualificar a institución e a persoa que a exercía; certo que no pecado foi a penitencia.

Por exemplo, no Informe de 2008 o Valedor do Pobo advertía dunha situación de alarma social grave en relación coa prestación dos servizos públicos. A Xunta do Bipartito daquel entón fixo caso omiso desa advertencia, no ano 2009 perdeu as eleccións.

En cambio, o informe constata, claramente, como a Xunta do Goberno de Alberto Núñez Feijóo reacciona con prontitude fronte ás advertencias do Informe do Valedor do Pobo, tomando medidas para reducir a conflitividade social e que se poñen de relevo en informes de anos anteriores, por exemplo, con cuestións como o control do gasto farmacéutico, a introdución da arbitrase nas preferentes ou a atención a un maior número de persoas dependentes.

Conseguíuse pacificar cuestións que antes eran extraordinariamente conflitivas, como, por exemplo, as materias de xustiza, as materias de medio ambiente ou as materias da lingua. E conseguiu, polo tanto, a Xunta, nunha situación de crise, sortear a situación de alarma social e que esa situación de alarma non se reflecta en ningún caso no Informe do Valedor do Pobo, que reflicte máis ben o contrario, que é o respecto da Xunta á institución, o prestixio da mesma e o desexo de converter a institución no contrapunto do poder da Administración, imprescindible para a interlocución cidadá.

SNosoutros rematamos facendo a referencia á nosa valoración e froito de tomar o Informe do Valedor do Pobo non como toma o borracho a farola, é dicir, para apoiarse nel e para non ver a luz. Queremos ver a luz para facer unha institución mellor a través da toma de consideración das súas advertencias.

E rematamos felicitando á valedora, non con plan de compracencia, senón de constatación da realidade pola súa sensibilidade e mediación en temas importantes pola aportación no tema de menores, pola interpretación interesante que facía na Comisión de Peticións da lei en función das circunstancias concretas das persoas e, moi especialmente, polos novos aires que parece traer a esta institución.

Se somos capaces de facer, como ela se marca como obxectivo, unha institución que sexa elemento de cooperación entre as administracións públicas e a cidadanía, se somos capaces de conseguir unha institución capaz de empatizar coas persoas e se somos capaces de facer que o informe reflicta máis as tendencias que os números, indubidablemente teremos feito unha institución mellor, que é o que todos pretendemos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Baamonde.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que se corresponde con textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para o pleno as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, don Agustín Baamonde.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Baamonde Díaz): Ben, moitas grazas.

O proxecto ao que fai referencia a Presidencia, polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o día 13 de maio de 2016. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 18 de maio do mesmo ano de 2016, admitiu a trámite esta iniciativa e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e a apertura do prazo de presentación de emendas.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

As emendas ao articulado presentadas foron un total de trinta: tres do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, oito do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dezaseis do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e tres do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 1ª designou os seguintes ponentes e titulares: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a don Javier Dorado Soto; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a don Abel Losada Álvarez; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a dona María do Carme Adán Villamarín; polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, a don Xavier Ron Fernández; e polo Grupo Mixto, a dona María Consuelo Martínez García.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 13 de xuño de 2016 e, logo de sucesivas xuntanzas, a comisión elaborou o correspondente informe, que foi sometido a debate e votación na sesión realizada o día 1 de xullo do presente ano, quedando aprobado o ditame con todas as recomendacións feitas pola ponencia, ditame cuxa aprobación corresponde hoxe ao plenario desta Cámara, se así o estima oportuno.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Baamonde.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

O Grupo Mixto non presentou emendas a esta modificación da Lei da Área Metropolitana de Vigo porque, probablemente, eu que son viguesa –non teño aldea–, son viguesa de moitas xeracións, das poucas persoas en Galicia que non teñen unha aldea de referencia, si que mirei o que lle custou a Vigo, á cidade de Vigo, avanzar, o que lle custou progresar e a falta de apoio institucional que tivo sempre. Por iso valoro moitísimo que os concellos da Área Metropolitana chegaran a un acordo que permita avanzar na consolidación da área mellorando os servizos públicos e a calidade de vida das súas veciñas e veciños.

As catorce cidades máis poboadas do Estado son: Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Zaragoza, Málaga, Murcia, Palma de Mallorca, As Palmas, Bilbao, Alacante, Córdoba, Valladolid e –a número 14– Vigo.

As trece primeiras cidades, ademais de ser capitais de provincia, unha é capital do Estado e varias son capitais das súas respectivas autonomías. E Bilbao, que é a única que non o é, si é a cabeceira administrativa do País Vasco e exerce un liderado absoluto. Polo tanto, a única que non tivo nunca unha consideración especial, por non ser capital de provincia, foi a cidade de Vigo.

O caso de Vigo resulta singular e especial dentro do Estado, só hai tres territorios onde a capital ten maior poboación que outra cidade da provincia, pero en ningún caso se produce a enorme diferenza de Vigo. Unha é Toledo, onde a maior poboación reside en Talavera da Reina; outra Cádiz, coa maior cidade Jérez de la Frontera, e outra en Asturias, Oviedo, que é a capital, mentres Xixón ten maior poboación e é o motor económico da comunidade autónoma.

Quizais por iso a poboación de Vigo sempre tivo unha sensación de abandono por parte das administracións, tanto do Estado como autonómica; o tren de alta velocidade e o hospital privado son exemplos dos últimos agravios da Administración coa cidade. Vigo é a cidade galega máis poboada, e nos últimos cen anos ten experimentado un gran crecemento demográfico, sendo motor económico e social dunha gran área metropolitana que alberga unhas 465.000 persoas. A maior parte da súa poboación, ademais, está en idade laboral.

A Área Metropolitana de Vigo é a zona máis industrial de Galiza, é o motor económico da eurrorrexión Galiza-Norte de Portugal. Os últimos datos do IGE, correspondentes ao ano 2012, sinalan que na Coruña se xeraron máis de 6.181 millóns de euros de PIB, o que supón 25.480 euros por habitante. En Vigo, con máis PIB xerado, 7.000 millóns –case 1.000 millóns máis–, a riqueza xerada per cápita é menor, non chega aos 24.300 euros por habitante.

Esta situación especial, tanto social como economicamente, require unha aposta decidida polo desenvolvemento da área metropolitana que aproveita as potencialidades de desenvolvemento económico, innovación e cultural que posúe, e que a converteron no motor económico de Galiza.

Votarei, polo tanto, a favor deste proxecto de lei, enriquecido coas emendas aceptadas e transaccionadas.

En canto ás emendas rexeitadas, considero que a constitución do Consello Cidadán Metropolitano, como un órgano consultivo de participación cidadá, que propón e desenvolven as emendas 1 e 2 do BNG, debería tomarse en consideración. A participación da sociedade é fundamental no desenvolvemento da Área Metropolitana, xa que o obxecto de creación desta é mellorar as condicións socioeconómicas e a cohesión territorial e social da súa poboación.

Non se comprende o rexeitamento da emenda 5 de AGE, que inclúe dentro das competencias da Área Metropolitana a cohesión social e territorial, cando son aceptadas as emendas 14 e 15 do mesmo grupo que engaden e desenvolven unha nova sección co título de “Cohesión social e territorial”.

Votaremos a favor da emenda 5 do BNG, pois considero que a Área Metropolitana de Vigo ten a entidade necesaria para poder exercer as competencias que hoxe exerce a deputación e que o dito cambio de competencias melloraría a prestación dos servizos á cidadanía.

Tamén chamamos á toma en consideración da emenda 6 de AGE, pois, en resumo, propón realizar un plan para coidar o medio ambiente, preservar a saúde pública e promover o interese pola riqueza cultural da Área Metropolitana. As unidades didácticas supoñen o pri-

meiro paso para conseguir que as futuras xeracións camiñen cara á cohesión social da Área Metropolitana.

Non comprendemos por que non se acepta a emenda 25 de AGE, moito menos despois do acontecido en Fandicosta; por responsabilidade e seguridade cidadá é importante que se actualice periodicamente o Plan de extinción de incendios da Área Metropolitana de Vigo.

Votaremos a favor das emendas 6 e 7 do BNG e da 2 do PSOE en relación co artigo 33.

Propomos ao Partido Popular que considere a emenda número 3 do Partido Socialista, que é moito máis aberta á hora de aceptar novas incorporacións á Área Metropolitana, sen que o PP explique o porqué dese rexeitamento, e enténdese que a Área Metropolitana, en función da súa capacidade de medrar, tamén mellorará a cohesión territorial e tamén beneficiará outros concellos, e non entendemos por que o Partido Popular ten interese en poñer paus no camiño daqueles concellos que queiran unirse á Área Metropolitana.

Votaremos, por último, a favor da emenda 8 do BNG, que engade unha disposición transitoria que estableza a necesidade dun calendario para o traspaso de alegacións de competencias entre as distintas administracións afectadas e a Área Metropolitana. Sabemos que se con calendario, moitas veces, as cousas se dilatan no tempo, sen calendario podemos eternizar-nos á hora de levar adiante as modificacións que hoxe aprobaremos a través desta lei.

Polo tanto, votaremos a favor de todas as emendas presentadas que foron rexeitadas, agás as emendas 8, 11, 12 e 16 de AGE, das que pediremos a votación por separado para abstermos nas mesmas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, quixera comezar cun pequeno preámbulo, porque con respecto a este texto tiven ocasión de escoitar un pouco de todo.

Estamos aquí, obviamente, para facer política, e non só para establecer pautas de xestión. Esa política aliméntase necesariamente da ideoloxía, porque non é o mesmo facer política desde a dereita que desde a esquerda, por moito que o discurso fluído do posmodernismo nos queira enganar. E cando facemos política desde o Parlamento de Galicia, hai que pensar máis aló do localismo e vehicular un pensamento nacional, que faga de igualdade entre todos os galegos e galegas, un principio fundamental.

Non negaremos aquí a existencia dun consenso desde o local no tocante á modificación da Lei 4/2012, do 11 de abril, da Área Metropolitana de Vigo. Non obstante, tamén somos coñe-

cedores das prácticas negociadoras do Executivo galego, porque isto é un aspecto relevante. Falamos dun texto que vén do Executivo ao Lexislativo masticado para que nós, os grupos parlamentarios, digamos si, unicamente. E nós dicimos que non abonda con iso, que temos a obriga de ollar máis aló das liñas dun texto que se nos ofrece como pechado e consensuado.

No fondo –permítaseme a comparación– é como cando un inspector de educación chega a un centro educativo e presenta á dirección a mala nova de que teñen que suprimir catro docentes, unha proposta de máximos, e despois dun diálogo prefigurado, a dirección acepta recortar dous docentes, que era, no fondo, en realidade, a proposta real que tiña en mente o inspector.

Iso preséntase como consenso, mais o certo é que estamos ante o que nós denominamos marcos de negociación imposta. Sen afirmar de forma plena que a modificación que se nos presenta aos grupos responde a ese proceso, o certo é que na definición do texto que se nos presentou había elementos que convertían un texto de consenso, sendo importante, en insuficiente, por xirar todo el ao redor de dous principios: o da gobernanza e o do transporte metropolitano, únicas modificacións reais que se ofrecían.

Aínda así, sobre o texto que se nos ofreceu, con respecto a eses dous aspectos, AGE reparara en ausencias importantes, e que procuramos cubrir a través do traballo político de realizar emendas en dúas direccións fundamentais, que logo describiremos con máis detalle.

Emendas que insisten en defender o carácter público da Área Metropolitana de Vigo, a través das atribucións que deben rexer a xunta de goberno, así como as funcións do Comité de Coordinación do Transporte, e outro paquete de emendas que afectan o texto da propia lei que está na base de discusión da modificación que se nos ofrece, no sentido de que AGE considera que, amais do transporte público, había eidos que merecían e merecen unha consideración no proceso final de deliberación que remata hoxe. Por exemplo, temas de patrimonio e ecoloxía social, temas de extinción de incendios, temas de política de vivenda pública e de solo. E por iso AGE formulou un total de 16 emendas, 13 rexeitadas no traballo de ponencia e en comisión, e 3 delas aceptadas.

Referireime brevemente ás rexeitadas, porque nalgunhas delas eu agardo que neste traballo de deliberación que segue aquí poida haber luz e que poidan ser aceptadas por parte do grupo maioritario.

A primeira emenda falaba dos principios e valores que deben rexer a Área Metropolitana de Vigo, que deben rexer toda a lei. Falaba precisamente de principios como o de autonomía local, a participación dos municipios no goberno e na xestión da Área Metropolitana de Vigo, proximidade e participación da veciñanza no goberno e na xestión, igualdade da veciñanza no acceso aos servizos públicos, solidariedade e equilibrio territorial, equidade e redistribución na acción pública e na prestación de servizos, equilibrio e cohesión social, desenvolvemento sustentable, suficiencia e corresponsabilidade financeira, e cooperación e lealdade institucional. E dicimos iso porque esta primeira emenda, que era de adición, loxicamente, provocou o restante traballo político –repito– que realizou Alternativa Galega de Esquerda a

través das súas emendas. E así, por exemplo, no aspecto das funcións da xunta de goberno, na nosa emenda número 2, onde pediamos incrementar o control da democracia e da gobernanza das funcións da xunta de goberno, esa emenda número 2 foi rexeitada; ou a nosa emenda número 4, onde pediamos que a Área Metropolitana de Vigo puidera exercer a iniciativa pública sobre a actividade económica. Para nós é importante este aspecto. Todo o que ten que ver coa xestión do público e o carácter público, coa iniciativa pública, nós procurámolo introducir. E así, por exemplo, temos unha serie de emendas, que son a 9, a 10, a 11 e a 12, que falan precisamente de funcións que debe ter o Comité de Coordinación de Transporte Metropolitano. Nelas falabamos do control permanente dos servizos públicos concesionados ou dos de xestión directa e do cumprimento dos pregos de condicións. Falabamos da elaboración dun modelo integral de xestión do transporte metropolitano a través, por exemplo, do consorcio único, insistindo preferentemente na xestión pública. Falabamos tamén, na emenda número 11, da realización dun estudo xurídico e económico que apelara a como se pode proceder ao rescate das concesións privadas do transporte colectivo de viaxeiros para ser integrado, no futuro, no sistema de xestión pública. Ou tamén presentamos unha emenda para evitar o problema que se estaba dando coa emenda número 1 do Partido Popular e a emenda número 1 do PSOE con respecto á capitalidade, onde propoñiamos unha proposta de regulamento, unha especie de regulamento, de estatuto de capitalidade, para que Vigo tivese as mesmas competencias que as capitais de provincia. Ese grupo de emendas que falan do Comité de Coordinación do Transporte Metropolitano foron rexeitadas até o momento.

Outras emendas que foron rexeitadas son as que falan deses aspectos que nós consideramos importantes da lei do 2012 que non foron considerados no texto que se nos ofrece. A emenda número 5, que fala de introducir o aspecto da cohesión social e territorial, o que vai unido curiosamente a dúas emendas que nos aceptaron, que son a 14 e a 15 –que logo comentarei–, esa emenda foi rexeitada.

A emenda número 6 falaba de introducir un novo apartado que vou ler, porque nós consideramos que é importante ese apartado, e que non obriga. Di o seguinte: “Introducir no apartado 2 do artigo 20 un novo subapartado: ‘Estudar, planificar e crear itinerarios culturais a través de vías verdes peonís e ciclistas que permitan coñecer e gozar, ao mesmo tempo que protexer e preservar, o patrimonio histórico, cultural e natural dos concellos da Área Metropolitana de Vigo, con especial énfase na cooperación administrativa coa Xunta de Galicia para a realización de unidades didácticas específicas destinadas aos centros de ensino público desa área’”. É unha forma tamén de cohesión, de coñecer o patrimonio, de producir sensibilidade cara a el. E por iso, para poder preservalo e protexelo, son necesarias, a través do sistema educativo, unidades didácticas; mais tamén a través desa planificación estudada, ordenada e coordinada de vías verdes, peonís e ciclistas, de ecoloxía social para uso e disfrute dunha veciñanza que poida transitar por vías que non son loxicamente as do asfalto unicamente. Esa emenda, a número 6, como digo, foi rexeitada.

E o mesmo podemos dicir de emendas que consideramos importantes, como unha delas, que nos foi achegada polos propios axentes sociais dedicados á extinción de incendios, a emenda número 7, que di: “Engadir no artigo 25 da lei un cuarto parágrafo co seguinte texto: ‘A Área Metropolitana de Vigo ten a responsabilidade de convocar periodicamente unha comisión de traballo para xerar e actualizar o plan de actuación de extinción de incendios. A

Área Metropolitana de Vigo actuará en favor da inclusión deste plan na estrutura de protección civil metropolitana””. Entendemos que é posible e é necesario, tendo en conta o que aconteceu non hai moito en Fandicosta. Polo tanto, entendemos que é unha emenda que non obriga máis que a traballar para que non suceda o que sucedeu.

Outra emenda que foi rexeitada, a número 13, ten que ver cun plan territorial: “O Plan interterritorial integrado metropolitano incorporará a definición de políticas metropolitanas públicas de solo e vivenda para garantir a solidariedade intermunicipal na execución de políticas de vivenda a prezo social e de protección pública, e a suficiencia e viabilidade das ditas políticas para garantir algo tan fundamental como o dereito constitucional á vivenda e unha vida digna e plena”.

Son emendas de calado social, son emendas de calado, ademais, de políticas públicas, que é o que nós procuramos facer a través do traballo –repito– político, non só de pautas de xestión senón de traballo político, das nosas emendas.

E, finalmente, si que temos que saudar que se aceptaran 3 emendas no traballo –repito– levado ata o de agora.

Unha é a emenda número 3, que fala de atribuír á xunta de goberno a realización do control permanente dos servizos públicos concesionados ou de xestión directa, así como do cumprimento dos pregos. Aquí está, na xunta de goberno aceptouse, e non así na outra parte.

A emenda número 14, que fala de introducir unha nova sección co título “Cohesión social e territorial”. Aquí aceptouse, ao mesmo tempo que a nosa emenda número 15, que fala de introducir un artigo 32 bis con este texto: “Planificar e avaliar programas que permitan, desde políticas sociais públicas e coa participación dos axentes sociais, reducir a desigualdade interterritorial e que contribúan a mellorar as garantías de protección e atención social dos veciños e veciñas da Área Metropolitana de Vigo”. Algo que se aceptou e que vén demostrar no fondo o que dicía AGE, que era posible mellorar o texto de consenso. Era posible porque, ademais, isto non se introduce estritamente no texto consensuado, que xira arredor do transporte metropolitano e da gobernanza, senón que se introduce naqueles aspectos da lei que non foron introducidos nese texto de saída. Polo tanto, nós non atacamos aquí ningún tipo de consenso, estamos ampliando o marco de consenso, non o estamos reducindo. Polo tanto, entendemos que, se o Partido Popular tivo a ben aceptar estas tres emendas, é posible que hoxe dea un paso adiante máis e acepte outras emendas que son susceptibles de..., e ademais están moi emparentadas coas que se aceptaron. Refírome á emenda número 3 e curiosamente á 14 e 15, que teñen o seu correlato noutras emendas anteriores.

Polo tanto, logo teremos –creo– un segundo turno para falar das emendas restantes, e aí anunciarei o posicionamento definitivo da Alternativa Galega de Esquerda con respecto a este proxecto de lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Moi bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Tamén quero saudar, no nome do meu grupo parlamentario, as persoas que nos acompañan na tribuna, as autoridades e tamén os e as representantes da cidadanía de Vigo e da súa área metropolitana. É un pracer, dende logo, que estean neste Parlamento para escoitar este debate.

Tamén permítanme, señoras deputadas e señores deputados, comezar dicindo que talvez hoxe non poida facer unha defensa como quero desta lei, porque teño que ser sincera / dicir que a dor neste momento me sacode o pensamento. Hai escasos momentos que acabo de coñecer –seguramente vostedes xa o saben– unha dolorosa noticia, para min moi dolorosa. Porque hai xente que di que Vigo está feito de sal, de mar e de aceiro, pero non, Vigo está feito fundamentalmente de palabras, das palabras dende a fundación de *Faro de Vigo*, ou *La Oliva*, onde xustamente Rosalía de Castro escribiu e defendeu esa visión dende Vigo para Galiza; esas palabras que hoxe quero ler de Álvaro Cunqueiro que tantas veces o mestre, o amigo, Agustín Fernández Paz repetía (*Aplausos*): “O propio dun escritor é contar algo, seguido e ben; contar a totalidade humana, que el pola súa parte ten a obriga de alimentar con novas miradas. E se hai algo que estea claro nesa dieta é que o home precisa en primeiro lugar, como quen bebe auga, beber soños”. Querido Agustín, tantas veces me chamaches despois dunha intervención dende esta tribuna, comentamos cousas do Parlamento, comentamos cousas de Galiza, da súa lingua, da necesidade de deixarlhas ás xeracións futuras. Hoxe, Agustín, amigo, mestre moi xeneroso, sabemos todas e todos os que estamos aquí que as estrelas brillarán máis, que a túa forza ten que seguirnos, e, xa que ademais están aquí persoas que representan a Vigo, Agustín foi así, nacido no interior, estudou fóra e volveu a Galiza. E foi mestre de tantos nenos e nenas, de tantos mozos e mozas, que nos ensinou a tantos a amar a lingua, a tantas e tantos que somos neofalantes, que non a falamos na infancia pero que queremos defendela co corazón e con afouteza, que por iso eu soamente quero dicir unha frase dunha das súas obras, claramente, Agustín: “O único que queda é o amor, e iso é o importante”. (*Aplausos*.)

E entro xa na lei, propiamente dita, da área metropolitana, que, efectivamente, levamos case dúas décadas debatendo, dúas décadas pensando e dúas décadas en disensos. Porque hoxe é verdade que chegamos por primeira vez a un consenso, logo de que moitos concellos se puxeran de acordo e conseguiran chegar a acordos a respecto de cal é a necesidade desta área funcional que xa ninguén discute.

Mais quero facer dúas reflexións previas. Eu defendo esta lei e recoñezo que foi para min un orgullo participar como ponente neste debate e nesta lei por dúas cuestións: primeiro, porque son unha muller nacionalista e creo na importancia de que Galiza, como unha nación, teña unha ordenación clara do territorio. E, de feito –aínda que estamos nese debate político onde moitas veces se intentan poñer medallas os diferentes grupos políticos–, eu creo que, pasando deste tema, pero si recoñecendo o aportado por diferentes persoas e por diferentes organiza-

cións políticas, xa dende o ano 1999 e a propia Declaración de Soutomaior, existe ese compromiso, esa vontade, dende o nacionalismo de entender a Galiza como unha nación policéntrica e absolutamente articulada. E a necesidade de articular a área metropolitana está clara.

Cómo, con qué obxectivos, xa é parte do debate que levou a que no 2004 quedara –lémbrano– no caixón porque se adiantan as eleccións, e que despois os debates que tivemos na anterior lexislatura non foron todo o frutuoso que era necesario ou non chegamos a conseguir realmente ese diálogo e eses consensos necesarios. Chega unha lei ao Parlamento despois dunha clara unanimidade por parte dos e das representantes dos cidadáns da área metropolitana, a través dos seus plenos ou xuntas de goberno. E nós recolleemos, efectivamente, ese sentir desa unanimidade dende o Bloque Nacionalista Galego, e facemos as aportacións a través de emendas co obxectivo de melloralas mantendo, efectivamente, estes acordos que xa se deron nos diferentes plenos dos concellos.

Presentamos oito emendas. Unha, a número 2, foi aceptada, o que nos parece importante, pola cuestión de non soamente estar incluído na área metropolitana para poder ter acceso a prestacións, senón que se poden artellar doutra forma e que siga sendo parte desa área funcional. E a terceira foi transaccionada tamén para que todos os grupos políticos teñan esa representación.

Quédannos, polo tanto, aquí seis emendas que eu quero hoxe defender. A primeira é unha incorporación sobre un consello cidadán metropolitano. A Área Metropolitana nace con vontade de dar forma ao que xa é unha área funcional. Non imos repetir aquí, por exemplo, que en Vigo entran e saen cada día un volume de 40.000 vehículos; é dicir, hai realmente unha afluencia de persoas á cidade, e hai unha vida dentro desa área metropolitana, porque son as configuracións, seguramente, das sociedades e do territorio do futuro, e é bo que así o recoñezamos. Pero queremos fomentar a participación e que ese tecido social se sinta parte desa área metropolitana. Por iso incluíamos este consello cidadán metropolitano e dabámoslle forma na emenda número 4, onde se recollerían asociacións veciñais, os sindicatos, asociacións culturais... o que podemos entender por ese tecido social, para que participe, que se sinta partícipe, da propia Área Metropolitana.

Nós tamén plantexamos no trámite de ponencia que estamos abertas e abertos a darlle a forma que se considerase adecuada a ese consello; e incluso a deixar un mínimo esqueleto e que despois, unha vez posto en marcha, se lle fora dando forma.

A nós resúltanos unha mágoa, sinceramente, que non se acepte, porque cremos que simplemente é unha cuestión de calidade democrática, de fomentar a participación, incluso de facer que todas as persoas que residen na Área Metropolitana, que viven o día a día desa área metropolitana, non soamente a entendan como unha cuestión de transporte –que ao final é case como o estamos vendo todos os días– senón, efectivamente, de ir xerando dinámicas de vida conxunta, de proxectos culturais, de proxectos sociais conxuntos. Seguimos mantendo estas emendas, e eu por iso quería defendelas.

A respecto da emenda número 5, a emenda número 5 creo que plantexa unha cuestión de calado que seguramente non se resolverá agora, non sei se nunha próxima lexislatura, pero,

claramente, no futuro século que nos toca vivir é necesario. Está claro que hai que racionalizar e simplificar as estruturas administrativas. En Vigo, neste momento, hai unha cidade: os concellos que forman a Área Metropolitana, a Área Metropolitana, a provincia e o Goberno galego. Temos estruturas administrativas bastantes, e iso ten que darnos, cando menos, catro superpostas. Temos que pensar, ou terán que pensar, como se van organizar esas estruturas administrativas. Eu soamente vou poñer un exemplo, que é o mesmo que puxen no trámite de ponencia, a respecto das competencias de turismo; as competencias de turismo en cada concello, na Deputación e no Goberno galego. Eu creo que hai... non sei se triplicidade, pero está claro que non hai unha simplificación para a promoción turística tendo repetidas esas entidades.

De todos e todas é coñecida a postura do Bloque Nacionalista Galego a respecto das deputacións, da súa supresión e da reorganización territorial de Galiza. Mais, en todo caso, ten que ser un punto de debate e de pensamento. ¿É necesario que a deputación transfira as competencias á Área Metropolitana? Nós consideramos que si, que sería un bo punto de partida a transferencia das competencias. En todo caso, porque vai haber moitas competencias aí que será necesario racionalizar e simplificar. Seguramente os estudosos do territorio e da Administración se atoparán con eses problemas e irán dándolles solución. Collín ese exemplo, pero poderíamos coller outros exemplos a respecto de competencias compartidas coa deputación.

Esta emenda, que é a emenda número 5, nós seguimos manténdoa polo menos para que xere ese debate, para que se teña presente a necesidade de repensar cal debe ser a función das deputacións cara ao século XXI e como organizaremos o territorio.

As emendas 6 e 7 refírense á Facenda pública, onde os grupos parlamentarios presentamos estas emendas e ademais foi tema de debate, e de moito debate, cando a Lei da Área Metropolitana chegou a este Parlamento no 2010. Revisando os propios diarios de sesións, unha das cuestións que suscitamos reiteradamente dende o noso grupo parlamentar era a seguinte. Unha área metropolitana vai necesitar un financiamento que non pode ir en detrimento do financiamento que teñen os propios concellos. Sobre todo dos concellos máis pequenos, pero tamén neste caso do concello máis grande, que é o que lle dá o propio nome á Área Metropolitana. Isto significaría un gasto engadido, e nós consideramos que é importante que se introduzan estas emendas de cara a manter e garantir que non vai haber unha minoración de ingresos por formar parte desa área metropolitana, ou de gastos; e que tampouco vai supoñer para os propios cidadáns, para a cidadanía, un aumento de impostos.

Por último, a emenda número 8, na que eu sigo mantendo a esperanza, ata este debate, de que poidamos chegar a unha transacción. Está claro que as leis necesitan unha posta en funcionamento. Hoxe concluímos un debate e concluímos uns meses de traballo de moitas persoas, pero o verdadeiro traballo comezará o día despois de que esta lei estea promulgada, porque ese día hai que facer efectivos todos os acordos aos que se está chegando, e non pode quedar *sine die*, ten que ter unha data, ten que ter unha expresión de vontade.

É certo que nós recollemos na emenda un prazo máximo de 3 meses, e entendo que iso sería dificilmente asumible, ou case imposible. Pero si que asumimos unha redacción moito máis

sinxela, máis fácil de administrar por parte de todos e cada un dos concellos, ne que se poña unha data tendente á realización, á posta en marcha, á posta en funcionamento do que hoxe aprobamos, de imos dicir 12 meses; parece que un ano pode ser o tempo. Parece que 6 debería ser o razoable, pero como queremos, efectivamente, que quede claro, que quede no propio texto da lei, que existe vontade política de todas as partes de chegar á posta en funcionamento do que hoxe aprobamos, 12 meses é a nosa proposta que deixamos aquí para intentar buscar unha transacción co resto dos grupos para que apareza recollida nunha disposición transitoria a necesidade dun prazo para a súa posta en funcionamento. Aínda que exista vontade, eu creo que o normal, se existe e se é así, se é de boa fe, e se agora xa están pechadas as aristas co tema fundamental que nos move, que é o tema do transporte metropolitano, un tema fundamental para que, efectivamente, miles de persoas que necesitan ese transporte, e a un prezo axeitado, poidan dispor do mesmo. De aí que, se existe esta vontade, nós seguimos mantendo a emenda número 8.

Respecto das emendas dos diferentes grupos políticos, efectivamente, no seguinte turno de palabra irei debullando cal vai ser a nosa postura respecto de todas. Aínda así, eu quero rematar dicindo –como xa dixen ao principio– que o Bloque Nacionalista Galego votará favorablemente esta lei, como tamén así o fixo nos diferentes concellos da Área Metropolitana. Tamén dicindo que podíamos ter chegado a algún acordo maior no tema da participación, da facenda, das deputacións, e agora propoñemos o dos tempos, pero entendendo que a cidadanía votou, a través dos seus representantes nos concellos, e a nosa obriga, dende logo, é mellorar a lei, velar no seu momento para que se poña en funcionamento, e agardar que o que é unha realidade diaria, que é a vida na Área Metropolitana de Vigo, se vaia concertando e que sexamos capaces, ademais, de velo –xustamente o dicía ao principio– dende a óptica de facer país, de facer nación, entendendo que a cooperación entre as cidades, entre as comarcas, entre a Área Metropolitana e o resto da nación, é un obxectivo non para separar, senón todo o contrario, para sumar unha Galiza forte e unha Galiza de futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Quero comezar saudando o alcalde de Vigo, e na súa persoa como presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, ao resto de alcaldes e alcaldesas que se atopan neste Parlamento, así como ás autoridades. Señor vicepresidente, moitas grazas.

Escribiu hai pouco tempo Bernard-Henri Lévy que a política é a arte de reparar, e iso é exactamente o que hoxe estamos facendo nesta sede parlamentaria. Esta é a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo. Eu non lles vou ler a vostedes as declaracións que se fixeron sobre esta lei e sobre o papel político xogado polo Partido Socialista, pola alcaldía de

Vigo e polo alcalde de Vigo en relación coa mesma. Podería facelo. Seguro que todos vostedes coñecen algunhas, especialmente pouco afortunadas, do propio Partido Popular de Vigo, do presidente da Xunta de Galicia e de determinados deputados autonómicos do Partido Popular.

É certo que no pleno do Concello de Vigo no que o Partido Socialista se negou a designar representantes para unha lei que nacía avariada, tivemos que soportar críticas absolutamente inxustas, en termos de gobernanza e en termos de calidade democrática, que arrastraba unha lei aprobada pola maioría absoluta do Partido Popular neste Parlamento.

Esta lei formaba parte dunha estratexia e dunha táctica; tiña un compoñente militar, sen ningunha dúbida. A estratexia era de longo prazo, e era exactamente o proceso ideolóxico de progresiva recentralización que o Partido Popular de Galicia e o Partido Popular a nivel de España, con Mariano Rajoy, viñeron desenvolvendo, en Galicia nos últimos oito anos e en España durante catro anos. E a dimensión táctica, a dimensión curtopracista era, se cabe, aínda menos defendible dende a perspectiva de Vigo. Era gobernar Vigo dende fóra; era interferir no que é a decisión política dos cidadáns e das cidadás de Vigo en relación coa súa maneira de gobernar o ámbito local. E, loxicamente, os socialistas non iamos estar de acordo con esta estratexia, porque entendemos que a democracia é a representación –acadada despois de moitas loitas de moitos, non de todos– de unha persoa un voto.

Producíronse eleccións municipais, e falaba aquí antes un voceiro do marco de negociación imposta. Eu creo que o marco de negociación foi imposto basicamente polos cidadáns, e vou dar dous datos nada máis. O Partido Popular pasou de 13 concelleiros no Concello de Vigo a 7, e o Partido Socialista pasou de 9 concelleiros no Concello de Vigo a 17. (*Murmurios.*) Si, si, eu entendo que lles moleste, pero é exactamente así, chámase aritmética. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Eu, como mestre que son, valoro moito os procesos de aprendizaxe, e sei que os procesos de aprendizaxe teñen... (*Interrupcións.*)

Señor presidente, eu estiven... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vou repetir –teño razón, creo–... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou repetir os datos porque parece que non quedaron claros: o Partido Popular pasou de 13 a 7 concelleiros, e o Partido Socialista pasou de 9 a 17 concelleiros. (*Murmurios.*) E mentres non me deixen falar, vou continuar dicindo estes datos os once minutos e nove segundos que quedan... (*Murmurios.*)

Digo que os procesos de aprendizaxe e a pedagogía son un valor en si mesmos –eu, como mestre, desde logo o considero así–, e aqueles que acertan cando rectifican teñen o meu beneplácito e a miña felicitación. Porque neste enfoque proustiano de busca de catro anos perdidos, literalmente perdidos en termos de gobernanza territorial na Área de Vigo, nun momento económico e socialmente moi complicado, esa perda de catro anos está exactamente no debe do Partido Popular, gústelles ás súas señorías ou non lles guste. Eu podo entender que non lles guste, pero é exactamente así.

A partir das últimas eleccións municipais do ano 2015 houbo un cambio de situación –como ben dicía– política, aritmética. Volvo repetir, 17-7. Non é o resultado de ningún partido de rugby, é o resultado da votación democrática dos cidadáns do concello de Vigo. Efectivamente, a partir dese momento prodúcese dende a Alcaldía de Vigo un proceso, unha demanda, da necesaria recuperación do valor democrático da Lei da Área Metropolitana de Vigo. Porque esa lei, señores e señoras deputados do Partido Popular, que vostedes votaron neste Parlamento, tiña déficits democráticos moi severos. Vostedes sabíano perfectamente, e sabían que era unha ferramenta política para gobernar Vigo dende fóra. O que non eran capaces de gañar nas urnas, intentaron gañalo neste Parlamento cunha maioría absoluta. Pero a cidade de Vigo díxolles que non; exactamente lles dixo: 17-7. Insisto na variable aritmética da cuestión, porque parece que algunha deputada ten algún déficit comprensivo en relación con isto: 17-7.

Efectivamente, a partir dese momento, faise posible o que non era posible ata o ano 2015. Faise posible no ámbito municipal e faise posible no ámbito provincial. Eu quero recordar as declaracións do señor Louzán no ano 2010, cando se empezou a tramitar o proxecto de lei, dicindo que nun momento de crise non parecía o momento axeitado –no diario *El País*, teño por aí a data, por se teñen algún tipo de inquietude intelectual polo tema– para desenvolver a área metropolitana. E, fronte a iso, agora, a Deputación de Pontevedra gobernaa unha presidenta socialista que dende o principio manifestou toda a súa disposición a cooperar co establecemento e co bo funcionamento da área metropolitana. Polo tanto, ¡benvidos, señoras e señores deputados do Partido Popular a esta nova realidade política! A realidade económica, social, xeográfica e territorial da Área metropolitana de Vigo é exactamente a mesma. Cambiou o 17-7.

Dicíao a voceira do Bloque Nacionalista Galego, levamos debatido aquí moito sobre a necesidade da área metropolitana e falado dos 480.000 habitantes, dos 700 habitantes por quilómetro cadrado, do dinamismo da actividade económica, e sobre todo dun tecido produtivo industrial, co que significa de maior nivel salarial, de maior facilidade para a innovación, de servizos avanzados para as empresas e as industrias. A propia dimensión xeográfica do tema e a proximidade ao norte de Portugal é un factor fundamental de vantaxe en termos de posición xeográfica da Área Metropolitana de Vigo, que, por certo, o Partido Popular sempre ignorou. Todos recordamos cando pensaba que o crecemento –digamos transfronteirizo– de Galicia tiña que ser con Castela-León e Asturias. Seguro que recordan aquela época. Era a mesma época na que o señor Feijóo falaba de Galicia cidade única, que tamén, afortunadamente, se lle olvidou porque, indubidablemente, non significaba nada máis que retórica.

Efectivamente, a Lei do ano 2012 foi –na nosa opinión– unha oportunidade perdida, e foi unha oportunidade perdida –dicíao antes– nun momento de crise, nun momento en que a eficacia das políticas, a coordinación das políticas, e, polo tanto, o aforro nos fondos públicos para o desenvolvemento desas políticas, tiñan que ser un elemento central. E, lamentablemente, non era así; lamentablemente, nesa lei os recursos económicos procedían basicamente dos concellos, a Xunta de Galicia, absolutamente *au-dessus de la mêlée*, e a deputación provincial, exactamente o mesmo.

Era, indubidablemente, a crónica dun fracaso –en termos funcionais– anunciado, porque rachaba cun consenso; un consenso que non era construído dende os socialistas, un consenso

que viña dende a época do señor Fraga Iribarne nunha iniciativa lexislativa popular asinada polo propio Partido Popular e que se debateu neste Parlamento e nun proxecto de lei aprobado no Consello da Xunta, que despois, este grupo parlamentario racha cunha emenda. A día de hoxe este humilde voceiro aínda non foi quen de escoitar unha explicación razoable de por que se produciu iso. Porque a explicación, señoras e señores deputados, é exactamente que era a estratexia para gobernar Vigo dende fóra. Como iso non o podían dicir aquí, pois, indubidablemente, calaban, e votaron e pararon Vigo durante catro anos en termos de desenvolvemento da área metropolitana, e o resultado foi 17-7.

Esta foi unha oportunidade histórica, sen ningunha dúbida, perdida e, desde logo, sen o consenso das forzas políticas. Eu alégrome de que hoxe esta lei saia por unanimidade. É impensable... É dicir, quen orgullosamente asinou isto no DOG, lexitimamente –en termos democráticos tiveron 41 votos de 75–, quen pretende un cambio na articulación territorial, económica e política do país de tanto calado, sen a busca previa do consenso, sabe que está condenado ao fracaso. Pero preferiron a publicidade e a propaganda que os resultados prácticos obxectivos.

Efectivamente, agora a situación mudou. Esperamos que esta transferencia real de competencias e de financiamento da Xunta de Galicia se materialice como debe materializarse para facilitar o funcionamento da área metropolitana, e, desde logo, entendemos que a Xunta de Galicia ten, sen ningunha dúbida, que estar á altura das circunstancias, da mesma maneira que o estiveron e o están todos os consellos da área; todos, independentemente da súa cor política. Non estou falando aquí de cores políticas, estou falando máis ben de administracións, estou falando dunha estratexia –insisto– fallida da Administración autonómica para desenvolver a área metropolitana.

Eu quero recordar, señores deputados, algo do que, bueno, aquí ata o de agora apenas se falou, pero que é a Xunta de Goberno Metropolitana. Eu tiven que escoitar na Comisión 1ª como o director xeral de Administración Local deste goberno dixo que a Xunta de Goberno non gobernaba. Entendo que os plantexamentos metafísicos poden formar parte do discurso dos seres humanos, pero en termos prácticos era unha absoluta..., en fin, podemos cualificalo como queiramos. A Xunta de Goberno goberna, sempre, por iso se chama Xunta de Goberno; é dicir, lamento o escaso nivel pedagóxico aquí, pero eu creo que non fai falta moito máis. É intolerable que quen representa o 62 % dos cidadáns teña un peso executivo do 7 % –7,1 %–, que é o que tiñan os 14 alcaldes dos 14 concellos da área metropolitana inicial nesta Xunta de Goberno. Insisto, o 62 % dos habitantes da Área Metropolitana de Vigo de 14 concellos, e o 7,1 % do poder executivo e da pasta; o 62 % de habitantes e de fondos, pero o poder executivo, o 7,1 %. E isto non era un ataque ao alcalde de Vigo ou ao Partido Socialista –ou polo menos non era só iso–, era un ataque á cidade, ao Concello de Vigo, e insisto: 17-7. Eu creo que convén reflexionar sobre algunhas decisións e sobre algunhas cuestións que se votan.

Efectivamente, outro tema, a presidencia da área. Tamén aquí o Partido Popular innovou. É dicir, en calquera área metropolitana, mesmo, por exemplo, na de Porto –onde, a cidade de Porto nin sequera é o municipio máis grande da área metropolitana, que, como algúns de vostedes saben, polo menos os do sur, é Vilanova de Gaia, que ten case 100.000 habi-

tantes máis que Porto–, a presidenta da Área Metropolitana de Porto, como a de Bilbao, a de Barcelona, a de Valencia, etcétera, é a alcaldesa, ou o alcalde, da cidade referencial. De novo aquí intentaron gobernar Vigo dende fóra, e non vou repetir o resultado aritmético... Podo repetilo, si, vexo que hai dificultades de memoria: 17-7. É moi fácil. (*Murmurios.*) Si, si, ninguén cuestiona os 41 que teñen aquí –por certo, serviron para aprobar unha lei inservible–. ¡Noraboa por eses 41!, serviron para aprobar unha lei inservible. ¡Claro!, é que ese é o tema, ese é o tema de para qué se poden utilizar os 41 ou os 17. Os 17 utilizáronse para poñer en marcha de verdade esta lei –e, por certo, vexo aí e alégrome moito, moitos alcaldes do Partido Popular–. E serviu para iso, eses 17; que os 41 serviron exactamente para bloqueala. Esa é a diferenza entre uns e outros. Eu lamento que, bueno, ás veces se esqueza esta cuestión.

A partir do ano 2015 o alcalde de Vigo inicia unha rolda de contactos con alcaldes da área metropolitana de todas as cores políticas –porque escoitei, inmediatamente, falar de sectarismo; de todas as cores políticas, e alégrome de que estean aí, porque eles saben perfectamente que foi así–, e conseguíuse ese acordo; é dicir, houbo unha metodoloxía de traballo eu creo que razoable, que é conseguir primeiro un acordo cos alcaldes, trasladar unha proposta á Xunta de Galicia e despois, efectivamente, acordar esa proposta co propio vicepresidente da Xunta. Efectivamente, así é como o recollen os medios de comunicación: “Caballero propone a Feijóo un área con máis peso de Vigo que le obriga a apoyos para gobernala”. “Feijóo citará de inmediato a los alcaldes del área para debatir el plan de Caballero y cambiar la ley”. “Feijóo acepta la petición de Caballero de modificar el área metropolitana”. E, por certo, con moita xenerosidade por parte de Vigo. Quero falar de votos...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

E creo que estas cifras –que son un pouco máis que 17-7, que teñen unha secuencia numérica máis longa– son fáciles de entender.

O Partido Popular nas últimas eleccións tivo nos catorce concellos da Área Metropolitana de Vigo 66.702 votos e vai ter 23 representantes na asemblea. Insisto: 66.702 votos, 23 representantes. O Partido Socialista tivo 95.057 votos –é dicir, un 45 % máis– e vai ter 22 representantes. Se alguén fala de localismo e fala de prepotencia, en realidade o que intenta é agochar...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...o seu sectarismo e a súa incompetencia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Dorado.

O señor DORADO SOTO: Moitas grazas, presidente.

Moi bos días, señorías.

Quixera comezar a miña intervención amosando as condolencias do Grupo Parlamentario Popular polo falecemento de Agustín Fernández Paz. De todo corazón, as nosas condolencias.

Bo día a todos.

Son consciente da enorme responsabilidade que supón subir aquí hoxe, a esta tribuna, como ponente do Grupo Parlamentario Popular na Lei da Área Metropolitana de Vigo, como ponente da lei e como veciño de Vigo, concretamente de Navia. Unha enorme responsabilidade e un enorme orgullo, xa que, coa posta en práctica desta lei –que hoxe superamos o seu derradeiro trámite parlamentario–, os vigueses e os veciños dos outros trece concellos da área, verán como a súa realidade diaria e social vai ter unha cobertura legal que mellore os seus servizos públicos.

De todo iso falarei máis adiante. Antes, quixera saudar a todas as persoas que nos acompañan dende a tribuna de convidados; moitos deles, alcaldes e concelleiros que fixeron posible que este debate se puidera producir hoxe aquí. Aínda que non estean todos, pero si moitos, de todo corazón, grazas. Grazas a cada un dos seus alcaldes na súa persoa.

Quixera comezar felicitando o señor Losada polo posto que vai ter na lista do Partido Socialista ao Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)* Hoxe vostede estivo aquí facendo méritos diante do seu amado líder para gañarse un posto na lista. ¡Unha mágoa, señor Losada!, unha mágoa, porque perdeu vostede unha oportunidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)...*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Señor García, silencio. Señora Quintas, silencio.

O señor DORADO SOTO: Perdeu vostede, señor Losada, unha magnífica oportunidade de ser elegante e de defender Vigo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor DORADO SOTO: En fin, se me deixan continuar, continúo.

Decía –e reitero– que eu estou decepcionado, realmente, porque perdeu vostede unha magnífica oportunidade de ter sido elegante co traballo da ponencia e de ter defendido esta lei. Preferiu, en vez de defender esta lei, atacar. Eu vou seguir polo meu camiño, que é defender esta lei e defender os vigueses. Cada un pode escoller o seu. *(Aplausos.)*

E, por suposto, señor Gallego, levan todo o tempo vostedes recordando o resultado electoral das municipais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Levan un ano facéndoo e xa per-

deron dúas eleccións xerais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E non lle vou recordar a vostede, señor Losada, que diso sabe un pouco, que vostede foi candidato e que acabou como acabou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Creo, sinceramente, que precisamente un dos maiores valores que ten o texto lexislativo que hoxe imos apoiar é o alto grao de consenso acadado nas distintas fases da súa elaboración entre os alcaldes, as cámaras municipais, a Xunta de Galicia e este Parlamento.

Este texto, esta idea, esta área é o froito do traballo de moitas persoas que dende hai oitenta anos, con mellor ou maior intensidade, traballaron na súa parcela de traballo para construír este gran Vigo de medio millón de habitantes, disposto a seguir sendo o motor económico de Galicia.

Así pois, non partimos de cero. Hai que recoñecer que a eloxiable tarefa feita por diferentes administracións, responsables políticos e axentes sociais fixo moito máis doado acadar esta histórica reivindicación, que non é unha meta, senón que é unha ferramenta para acadar uns mellores servizos adaptados á demanda na dinámica social da área

Así pois, non podo deixar de pasar a oportunidade de recoñecer e de recordar antecedentes importantes desta lei, como foi a constitución da Mancomunidade de Vigo no ano 1992, impulsada por un alcalde socialista, Carlos Príncipe. Tampouco podo deixar de recordar a Declaración de Soutomaior en 1999, impulsada por un alcalde nacionalista, Lois Pérez Castrillo.

Tampouco podo deixar de recordar a iniciativa lexislativa popular da Federación da Asociación de Veciños Eduardo Chao, no ano 2008 –aquí está a iniciativa–, que tivo case 30.000 firmantes, entre os cales me atopaba eu.

Moitas grazas por todo o seu traballo aos representantes da FAVEC que hoxe nos acompañan aquí. E, por suposto, á persoa que naquel entón presidía a FAVEC, que non era outra que Elena González, unha compañeira deste Parlamento que, por unha indisposición, non pode estar hoxe aquí, pero a ela tamén lle queremos agradecer todo o seu traballo.

Tamén é de xustiza recordar o traballo da Lei 4/2012 deste Parlamento, a primeira Lei da Área Metropolitana de Vigo, ao lexislador autonómico do anterior mandato, que foi quen a aprobou, e ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, que foi o seu impulsor; por ser o seu impulsor, por estar disposto a dialogar, a negociar, a chegar a acordos sen ningunha condición máis que a de que o ente se poña a disposición canto antes para beneficiar os seus veciños. Por todo iso, a todos eles e a todos os vigueses, moitas grazas. *(Aplausos.)*

No trámite parlamentario neste texto, que hoxe toca o seu fin, o Grupo Popular traballou baixo tres eixes fundamentais. O primeiro, respectar os acordos plenarios dos 13 concellos da área e o acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, para manter inalterable o consenso acadado arredor do proxecto de lei. É conveniente recordar que nesta área hai gobernos municipais de todas as cores políticas, o cal representa á perfección a pluralidade social e política, que tamén ten representación nesta Cámara parlamentaria.

En segundo lugar, deixar intacta a autonomía local e, se cadra, reforzala, para que os protagonistas do desenvolvemento desta lei dependan estritamente da vontade dos concellos. Agardamos que nesta tarefa conten coa colaboración institucional da Xunta de Galicia e, como non, tamén da Deputación de Pontevedra.

E, por último, mellorar tecnicamente o texto –tal e como fixemos–, debater e presentar emendas –tal e como fixemos–, concretamente tres emendas. A primeira delas fai referencia á capitalidade da Área Metropolitana. Consideramos que é oportuno que a capitalidade da Área Metropolitana resida na súa cidade, en Vigo, e ademais que o tratamento que se lle dea a esta cidade, no que respecta á proporcionalidade dos servizos públicos, sexa similar ao dunha capital de provincia. Así o fixemos e así o presentamos nesta emenda, que está engadida na ponencia da lei.

A segunda trata da participación da área nos tributos do Estado e da Xunta destinados ás entidades locais. Consideramos que é importante que daqueles fondos destinados ao financiamento de entidades locais poida tamén beneficiarse a Área Metropolitana de Vigo, se ben hai unha matización moi importante, e é que a constitución desta Área Metropolitana non pode supoñer un incremento dos gastos correntes nin dun gasto público, porque precisamente a súa constitución o que pretende é unha maior austeridade e unha mellor xestión dos recursos públicos. Polo tanto, non entendemos, e de aí a nosa gran diferenza coa emenda presentada polo Grupo Socialista, que o feito de que se constituía unha área metropolitana poida supoñer un maior incremento do gasto e, por ende, de contribución dos cidadáns a través do gasto público no financiamento dos entes locais.

E, por último, unha emenda que afonda na regularización das futuras ampliacións. Aquí nós consideramos oportuno dúas cuestións: primeiro, que os concellos candidatos a entrar en futuras ampliacións sexan concellos limítrofes, e segundo, que aqueles concellos que sexan candidatos e que sexan limítrofes teñan igualmente vinculación económica e social coa Área Metropolitana. E explico por que.

Unha das emendas nunha das seccións que engadimos durante a ponencia na lei é a sección da cohesión social e territorial. Se queremos realmente que a área sexa unha área cohesionada, o lóxico é que todos os concellos que a formen sexan limítrofes. E, en segundo lugar, a vinculación social e económica que, por ende, xa fala por si mesma, que evidentemente haxa un vínculo, pero se ben o feito de que sexa limítrofe consideramos que igualmente é moi importante.

A isto engádense emendas que este grupo parlamentario apoiou e que fixo que hoxe estean incluídas no proxecto de lei que estamos debatendo. Por exemplo, dúas do Bloque Nacionalista Galego que fan referencia a hipotéticos contratos e acordos que se poidan manter con outros concellos alleos á Área Metropolitana, pero que poidan ter vínculos, por exemplo, o feito de que un concello forme parte da área sanitaria de Vigo e poida ter unha liña de transporte metropolitano; ou o feito de que a representación na Asemblea Metropolitana teña en todos os casos representación de todas as forzas políticas, se ben a transacción proposta, e finalmente engadida na ponencia, significa que esa representación debe ser proporcional de acordo coa Lei de bases de réxime local, que –como todo o mundo sabe– é a que prima nestas circunstancias.

No que computa ás emendas de AGE, aprobamos dúas na ponencia: primeira, á que antes fixen referencia, a inclusión dunha nova sección de cohesión social e territorial, e segunda, que é de control dos contratos e dos servizos concesionados e os seus pregos. Algo que é importante, e que xa adianto, é que poderemos negociar unha transacción para o aspecto concreto do ámbito do transporte, sempre e cando a competencia sexa xa transferida á Área Metropolitana.

E tamén houbo emendas rexeitadas, iso é certo. Algunhas tiñan un certo calado ideolóxico, que considerabamos que podería discernir ese consenso acadado tanto nos concellos como no arco parlamentario, e despois hai outras, como é o xeito do Concello Veciñal e Metropolitano, que considerabamos que debería ser unha cuestión que se decida no seo da Asemblea Metropolitana, xa que nesta lei xa está recollida a posibilidade de xerar novas canles de participación da veciñanza.

Nós non estamos en contra de que isto se faga, pero si que consideramos que o protagonista da súa constitución non debe ser o Parlamento, senón que debe ser a propia Asemblea Metropolitana. E, do mesmo xeito, a mesma argumentación sérvenos para mostrar un calendario concreto para marcar as transferencias das competencias por parte das diferentes administracións. Consideramos que, efectivamente, é importante que haxa ese calendario, pero tamén consideramos que os que mellor coñecen as súas posibilidades, e como se deben facer mellor, son os concellos, e, de novo, recorreremos a eles para que sexan quen de marcarse o seu propio calendario.

Co que respecta, iso si, ao tema das transferencias das competencias, eu teño que amosar certa preocupación, porque nos últimos días vin entrevistas na prensa nas cales a presidenta da Deputación de Pontevedra seguía insistindo en que non sabía cales eran as competencias que tiña que transferir á Área Metropolitana unha vez estivera constituída. E a min isto, a verdade, é que me preocupa. Preocúpame por dúas cuestións: primeiro, porque xa está plenamente recollido no artigo 15 da lei do ano 2012, que neste caso vai engadir algunha competencia máis, e, en segundo lugar, porque o Partido Socialista, na súa emenda referente á capitalidade de Vigo, esqueceu, de maneira ilóxica, incluír a deputación no tratamento de Vigo cun tratamento similar a unha capital de provincia. E a min iso a verdade é que me preocupa.

Por iso creo que tamén é importante que a Deputación de Pontevedra, do mesmo xeito que a Xunta e do mesmo xeito que os concellos teñan claro cales son as competencias que deben transferir, e que o fagan coa maior dilixencia e rapidez posible. E iso só será posible coa implicación de todos os axentes sociais e as administracións.

Pola miña banda, neste primeiro turno, só me queda felicitar o traballo de todos os grupos da ponencia. De verdade que foi un pracer traballar con vostedes neste tema, e, unha vez máis, subliñar o día histórico que estamos a vivir: Vigo vai ter o recoñecemento legal a unha realidade social e económica que leva anos e anos perdurando, e iso pasará á historia, por ser unha nova mostra de bondade e xenerosidade por parte de todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Dorado.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas dos demais grupos.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Antes xa me referín ao posicionamento do Grupo Mixto en relación coas emendas que foron rexeitadas, así como que votaremos a favor desta lei. Pero, de todas formas, eu, despois de escoitado o resto do debate, quería dicir algunhas cousas.

Unha, recordarlle ao Partido Popular que Vigo é o motor económico de Galiza, a pesar dos gobernos do Estado e da Xunta. Vigo é o motor económico de Galiza, a pesar das alcaldías do Partido Popular na cidade, que supuxeron a paralización completa da cidade, onde se preocupaban, fundamentalmente, de ter flores, de quitar os pobres do medio e de que Vigo centro lucira bonito, pero nunca se preocuparon de defender a cidade de Vigo, moito máis preocupados de defender os intereses partidarios que tocaban en cada momento.

Polo tanto, aprobouse unha lei da área metropolitana no ano 2012 que é a lei do Partido Popular, pero que non era a lei dos vigueses e das viguesas, nin a lei que interesaba á maioría da Área Metropolitana.

Grazas aos vigueses e ás viguesas, Vigo avanzou, a pesar de todo, porque Vigo é unha cidade que se mobiliza, que se organiza para impedir que a sobreexploten, para impedir que a ignoren, e leva loitando toda a vida para ter ese recoñecemento ben merecido como motor non só económico, senón como motor tamén de dinámica social, de loita laboral, de dereitos das persoas.

Así, Vigo loitou duramente contra aquel scalextric que nos cruzaba a rúa Urzaiz, porque pensaron que en Vigo se podía facer calquera cousa. Vigo loitou, e segue loitando, contra o trazado da AP-9 e o pago dunha autoestrada que non chega a ter as condicións de autoestrada, pero que custa como se o fora.

Vigo loitou tamén, e segue loitando, por un trazado do tren de alta velocidade que teña en conta a cidade; Vigo loitou sempre na defensa dos seus sectores produtivos. Vigo é a cidade que nos últimos anos ten a maior participación en manifestacións, por exemplo, como o Primeiro de Maio, con participacións por encima de Madrid ou Barcelona, igual que ocorreu nas folgas xerais, nas que Vigo foi a cidade de todo o Estado onde a participación social foi maior. Por iso vostedes non poderán nunca parar a Vigo, porque Vigo é unha cidade obreira, unha cidade que ten conciencia de si mesma, unha cidade que sen conciencia da súa importancia é unha cidade que xa está cansa de que haxa administracións que a deixen sempre de lado.

Polo tanto, como xa dixen antes, apoiarei as emendas da oposición. Non entendo o rexeitamento do Consello Cidadán Metropolitano, precisamente por ese espírito de Vigo de participación social moi por encima do resto dos concellos, unha conciencia social envidiable; polo tanto, ese dereito a participar nas decisións da Área Metropolitana.

Tamén reivindico, e dígoallo ao Partido Popular, que se volva ter en conta a emenda 5 de AGE, que non ten sentido unha vez que son aceptadas as súas emendas 14 e 15. Tamén a emenda

número 5 do BNG, porque, evidentemente, Vigo ten máis que demostrado que é capaz de asumir todas as competencias que hoxe exerce a deputación sobre a Área Metropolitana. Así como a emenda 6 de AGE, que tampouco explicaron por que se rexeita unha emenda que o único que intenta é preservar a saúde pública e promover o interese pola cultura na Área Metropolitana, igual é porque o Partido Popular non ten moito interese en que a cultura se estenda entre a cidadanía.

E tamén non se entende o rexeitamento da emenda 25 de AGE despois do acontecido en Fandicosta, unha emenda que o único que pretende é organizar os servizos de emerxencias para dar unha resposta inmediata, rápida e efectiva en toda a Área Metropolitana.

Polo tanto, quédame tamén a emenda 3, tampouco explicou o Partido Popular por que non acepta esta emenda do Partido Socialista, que só pretende favorecer a ampliación da Área Metropolitana e que os servizos metropolitanos cada vez cheguen a máis cidadáns da área que queiran acoplarse á mesma.

Polo tanto, nada máis que felicitarnos pola aprobación desta lei e lamentar que non puidéramos avanzar un pouquiño máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Antes de máis, é dicir, non me quedou claro, señor Dorado, no seu discurso, a aceptación da emenda número 5, a de cohesión social e territorial. Creo que si, que lla escoiteille eu *in voce*, polo tanto, alegrámonos desa aceptación, o mesmo que imos aceptar a proposta de transaccionar a que se ofrece, que é incorporar na emenda número 9 de AGE, onde se di: Débese engadir ao final do apartado 4, artigo 21, un novo subapartado co seguinte texto: “Realizar o control permanente dos servizos públicos concesionados ou de xestión directa, así como do cumprimento dos seus pregos”, o inciso –se non lle entendín mal– “cando as competencias lle sexan transferidas”. ¿Non?

Ben, nós aceptámola, porque entendemos que vai ademais en correspondencia coa outra, coa emenda número 3, que xa fora aceptada de saída, e o mesmo pasa coa emenda número 5, que se corresponde coa aceptación da 14 e da 15.

Polo tanto, alegrámonos deses feitos que concretizan e amplían o marco xeral do proxecto de lei, do texto de lei que, como repetimos, vai máis aló do que se consensuou, porque o que fixo AGE foi sobre todo traballar en dúas vías–, e vemos que ao final o traballo de perseverar ata o final non era tan errado nin tan equivocado, e polo menos conseguimos que se entenda que é necesario introducir o aspecto de cohesión social e territorial como estrutura, como piar artellador da Área Metropolitana de Vigo, sobre todo a través da definición que achegamos na nosa emenda 14 e na emenda 15.

Polo tanto, como fixemos ao longo do traballo, sempre era preocupante cal vai ser a posición da Alternativa Galega de Esquerda, se era unha nova definición... Nós abstivémonos en co-

misión porque entendiamos que tiñamos que seguir traballando politicamente para ver se o Partido Popular aceptaba avanzar no seu posicionamento. Vemos que hoxe se produce un pequeno avance a maiores, polo tanto, nós estamos en condicións de referendar non só o texto de alto grao de consenso que había desde a posición de saída, senón tamén o texto resultante, que incorpora eses aspectos que envolven o proxecto de lei e que lle dan unha estrutura de cohesión, curiosamente, tamén no texto, así como na propia realidade que se pretende desenvolver na Área Metropolitana de Vigo a través desta lei.

Apoiamos as emendas dos demais grupos e, sobre todo, defendemos tamén a emenda número 4 do BNG, porque nós entendemos que a introdución do Consello Cidadán Metropolitano sería importante para o que é precisamente a democracia e o que é a gobernanza, que é precisamente o pilar fundamental deste proxecto de lei que se nos ofrecía na base: a gobernanza e a democracia. Nós entendemos que non empece en absoluto que exista un órgano consultivo intermunicipal de participación cidadá, integrado por representantes do movemento asociativo veciñal, sindical, empresarial, social, con presenza e actuación dentro da Área Metropolitana de Vigo. Entendemos que é, desde logo, un punto importante, e animamos o Partido Popular a que reconsidere e que acepte este Consello Cidadán Metropolitano porque lle daría máis forma, e permitiría considerar que avanzamos, efectivamente, en gobernanza e en participación da cidadanía, que é a beneficiaria directa, loxicamente, de todo este proceso que se está hoxe deliberando e chegando xa ao remate.

Polo tanto, nada máis. Saudar ese avance dado nesta sesión plenaria por parte do Partido Popular, porque, desde logo, sempre é positivo que se acepten emendas do traballo que realiza a oposición. Polo tanto, podemos avanzar que a Alternativa Galega de Esquerda apoiará favorablemente o texto final.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Como dicía na anterior intervención, nós aínda mantiñamos abertas estas emendas, agardando polo menos que a emenda número 8 fora tida en consideración para poder chegar a unha transacción a respecto do tempo de posta en funcionamento da Área Metropolitana, desta modificación que hoxe traemos aquí a debate.

Vexo que non é posible, para nós é unha mágoa. Entendiamos que sería un avance, como foron un avance as emendas que –como xa se fixo antes referencia– se introduciron en todo este trámite de ponencia, de comisión e agora no último trámite.

Tamén quero agradecer o traballo conxunto ás e aos ponentes desta lei, porque eu creo que lle dedicamos horas, que lle dedicamos esforzo –como é a nosa obrigaón, por outra parte,

que tampouco é que non o sexa-, pero cun ambiente de poder sacar adiante o máximo número de cuestións que melloraran esta lei.

Seguimos mantendo tamén a emenda número 4. E eu quero polo menos ler, para que saibamos o que estamos votando e o que estamos rexeitando, que o que se pide no Consello Cidadán Metropolitano é un órgano consultivo intermunicipal de participación cidadá. É dicir, pensemos que levamos aprobado neste Parlamento, nesta lexislatura, polo menos – que eu recorde– máis de seis leis que abren a posibilidade de consellos –de consellos de industria, de consellos de participación, de economía social o último-. É dicir, que menos que establecer un consello, para a participación cidadá, consultivo intermunicipal.

Asumo que no trámite de ponencia se nos dixo que iso sería algo que realizaría despois a Área Metropolitana no seu funcionamento. Agardo que sexa así e que, efectivamente, o espírito da propia área sexa abrir organismos de participación, de democratización e de posibilidades de que a cidadanía leve alí as súas propias preocupacións.

Nós, a respecto das emendas presentadas, pedímoslle á Presidencia sobre as emendas de AGE, dado que foi –se anotei ben– admitida a número 5 e transaccionada a número 9, que se voten de xeito separado as emendas números 1, 4, 6, 7, 10 e 13; e noutro bloque serían votadas as emendas 8, 11, 12 e 16. Compartindo, efectivamente, boa parte de todo o que se propón nas diferentes emendas, consideramos que sería a nosa posición moito máis clara separando a votación nestes dous grupos de emendas. Non pedimos votación separada das emendas que aínda seguen abertas por parte do Partido Socialista.

Como dicía ao principio desta intervención –e xa para rematar–, agardamos que hoxe, efectivamente, deamos un paso importante para que a Área Metropolitana sexa unha realidade que mellore a vida das persoas que viven nesta área metropolitana. Como, efectivamente, a señora Martínez fixo aquí un relato, levan durante décadas levantando en pé unha cidade, unha área, unha área que xa é unha área funcional que toma forma de lei, co seu esforzo, co seu traballo, coas súas reivindicacións, coa súa capacidade para crear en todos os ámbitos. Eu facía referencia antes, porque sempre traemos aquí sectores como o naval, a automoción e a conserva, pero non esquezamos que tamén Vigo é unha cidade de cultura, é unha cidade de creación, un dos motores creativos desta nación que é a nación galega. Por iso o BNG, como fixo no ano 1999, cando levou á Declaración de Soutomaior a necesidade de transformar a través dunha área metropolitana o que é unha realidade que se vive todos os días, hoxe votaremos favorablemente a esta lei.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Agradézolle, señor Dorado, que se preocupe tanto polo meu futuro político. A verdade é que sempre é gratificante.

Falou vostede do consenso na fase de elaboración. ¡Oia!, pero ¿de verdade o consenso é os 41 do PP a favor e os 34 dos outros partidos en contra? ¿Que consenso? ¿O consenso é meter unha emenda o propio Grupo Popular que racha literalmente o espírito do proxecto de lei aprobado no Consello da Xunta, supoño que co beneplácito? Si, si. Penso na xunta de Goberno, ¿e logo iso onde se meteu se non? Si, si, señor Dorado, si. (*Murmurios.*) Míreo ben porque, efectivamente, foi así.

O consenso do Partido Popular é despois do 17-7. Esa é a busca de consenso do Partido Popular. A lección que os vigueses lle deron ao Partido Popular de que non estaban dispostos a gobernar Vigo dende fóra, ese é o consenso.

Manifestou vostede tamén moita preocupación pola posición da deputación provincial. Mire, declaración do señor Louzán a *El País* o 9-12-2010, falando da Área Metropolitana: “*No es prioritario, mejor dejarlo para mejor momento*”. Declaración da presidenta da Deputación de Pontevedra deste domingo pasado: “*Apoyaré el Área*”. ¡Oia!, eu, claro, xuramentos bíblicos eu aquí non os pido, estamos no Parlamento, efectivamente. Polo tanto, eu comprendo que vostede ten que manifestar algún tipo de discrepancia, pero creo que esta discrepancia e o comportamento da deputación é tan radicalmente diferente que, en fin, como recurso político paréceme bastante escaso.

Aproveito que está aquí o vicepresidente da Xunta, que nun debate anterior manifestou o seu escepticismo porque estiveran os bombeiros de Redondela –señor Rueda, ¿acórdase?–. Mire, como o artigo 25 da lei fala precisamente de prevención e extinción de incendios, voume permitir seguir na cuestión. Sacaba exactamente o mesmo día: “Eu a un camión todoterreo roxo, con mangueriras e con depósito de auga chámolle bombeiros, aínda que alí poña emerxencias”. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu comprendo (*Murmurios.*) que no Partido Popular teñen algunhas dificultades para saber o que é un bombeiro, basta con ver a algúns con mocasíns e unha mangueriña de xardín apagando lumes. (*Aplausos.*) Pero –insisto– estou seguro de que se vostede é de Redondela e está ardendo a súa casa, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) os chama. Non sei se son bombeiros ou extraterrestres, ¿enténdeme? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, foi vostede tamén. Si, si, señor vicepresidente.

En relación coas emendas presentadas polo Partido Socialista de Galicia, o tema da financiación. Efectivamente, no propio proxecto de lei, coa memoria explicativa que aparece ata en seis sitios, aparece dito pola Xunta de Galicia que non suporá ningún custo engadido a posta en funcionamento da Área Metropolitana. Nós non pedimos ningunha discriminación positiva para a Área Metropolitana. Dicimos que, se vostedes cando falan da unión de Oza-Cesuras e de Cerdedo-Cotobade din que iso vai ter incentivos económicos dende a Xunta en termos de priorizar á hora de subvencións, etc., ¡oia!, ¿por que a Área Metropolitana de Vigo non? A min gustaríame saber exactamente cal é a razón. Ou se a capital de Galicia ten un status de capitalidade recoñecido por lei e aceptado por todo o mundo, e iso leva consigo unha dotación orzamentaria nos orzamentos da Xunta de Galicia, ¿por que a Área Metropolitana non? Porque ata o de agora, dende logo, vostede non nolo explicou, que eu saiba.

En relación cos municipios limítrofes, mire, pois a verdade é que nin a Lei de Administración local de Galicia nin a Lei básica estatal existen que sexan municipios limítrofes, co cal tam-pouco entendo moi ben cal é a motivación.

E en relación cos servizos similares aos dunha capital de provincia, a min parécese moi ben que o Partido Popular se colgue a medalla. *Wellcome*. Está moi ben, benvidos, etc. Pero, señor Dorado, no pleno do 28 de marzo deste ano, no pleno do Concello de Vigo do 28 de marzo deste ano, presentouse unha moción socialista, que se aprobou co apoio de En Marea pero coa abstención do Partido Popular, na que se pedía que a lei incluía para a Área Metropolitana de Vigo unha dotación de servizos similar á dunha capital de provincia. ¡Oia!, cambiaron de posición, non pasa nada. Pero non veña aquí vendernos produtos caducados. Cambiaron de posición. E non lle vou repetir exactamente por que cambiaron de posición porque non quero facerme pesado. Cambiaron de posición exactamente por iso, está ben. Se ese 17-7 serve para que a Lei da Área Metropolitana de Vigo se aprrobe por unanimidade neste Parlamento, benvido sexa.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E quero rematar, por suposto, agradecendo o traballo dos membros da ponencia e do persoal da Cámara e da propia letrada da Comisión.

Dicía Gabriel Celaya que a poesía é unha arma cargada de futuro. Eu espero, de verdade, que a Área Metropolitana de Vigo sexa unha ferramenta cargada de futuro, e sobre todo dun futuro mellor para os cidadáns da Área Metropolitana, que están, sen ningunha dúbida, sufrindo dunha maneira absolutamente dramática, polas políticas da dereita, as consecuencias dunha crise que eles non provocaron. Porque unha cousa que aprendín vivindo en Vigo, onde levo uns cantos anos –case vinte e seis–, é que se a Vigo lle vai ben, a Galicia vaille ben. E este é un bo paso para que a Vigo e a Galicia lles vaia ben. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Señor Losada, sobre as emendas xa me pasou ese documento. Eu case lle leo como quedan, porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En concreto, o documento que me pasa o señor Losada di que as emendas do Grupo Parlamentario da AGE, a 2 e a 13, as vota por separado; e a 10 e a 12 tamén. O resto vótaas conxuntamente. E as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a 1 e a 4 por separado, e o resto vótaas conxuntamente.

Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, iso é o que propón el. Xa vostede lle dirá o que lle ten que dicir. *(Risos.)*

E agora, Grupo Parlamentario Popular. Señor Dorado.

O señor DORADO SOTO: Grazas, señor presidente.

Señor Losada, ¿van vostedes votar en contra ou a favor? Porque todos dixeron que ían votar a favor, pero vostede, polas súas intervencións, parece que vai votar en contra. É que sempre está tan á contra que xa non sabe nin ir a favor. *(Aplausos.)* Nós, evidentemente, imos votar a favor. *(Aplausos.)* Imos seguir buscando consenso.

Aínda non dixo unha boa palabra desta lei. Agardámola, pero non a dixo en ningunha das súas intervencións. Unha mágoa. Eu fixen verdadeiros esforzos na miña primeira intervención para non ter que dialogar constantemente con vostede e facer referencia ao alcalde de Vigo, pero é que non me deixa máis remedio que facelo. Hai que poñer no seu sitio a cada un, señor Losada. Vostede fala de hemeroteca e pasa toda a intervención colgándose medallas. É capaz ata de colgarse a medalla da cuestión de que Vigo sexa a capital da área metropolitana.

Mire, señor Losada, a iniciativa lexislativa popular da FAVEC, Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao, ¿firmouna? ¿Firmou vostede esta iniciativa? Non, eu si. ¿Firmou o señor Caballero esta iniciativa? Non. A señora Porro, si. Esa é a diferenza, señor Losada, esa é a gran diferenza. *(Aplausos.)* Non se boten medallas, que non é capaz de botarse, señor Losada.

Mire, voulle dar máis medallas, porque vexo que lle gustan tanto as medallas que vai caer co peso das medallas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Gallego...

O señor PRESIDENTE: ¡Tranquilos, tranquilos! Estamos rematando xa. ¡Tranquilos!

O señor DORADO SOTO: ...sinto moito que vostede...

O señor PRESIDENTE: ¡Tranquilos!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor Gallego, tranquilo.

O señor DORADO SOTO: ...aínda que sexa secretario xeral do seu partido, non o deixen ser portavoz do grupo.

O señor PRESIDENTE: Señor Gallego, tranquilo. *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio! ¡Silencio!

O señor DORADO SOTO: Señor Gallego, eu escoitei todas as... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos seguir coas medallas do Partido Socialista. A seguinte medalla é a de retrasar a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo durante os últimos catro anos. Noraboa por esa medalla, señores das bancadas socialistas, señor alcalde de Vigo, noraboa. Esa foi unha verdadeira medalla, a medalla daquel que priorizou o seu interese persoal por presidir unha área fronte aos intereses dos veciños da área metropolitana por ter mellores servizos pú-

blicos. Noraboa pola medalla, señor Losada (*Aplausos.*) Un auténtico éxito, un auténtico éxito.

Esta non é a área nin do señor Caballero nin do señor Losada nin do señor Feijóo, é a área dos vigueses, a ver se o aprenden dunha vez.

Con respecto a unha emenda do Bloque Nacionalista Galego, que é a emenda 5, eu teño que amosar que tiven a tentación de aprobala. Esa é a emenda que di claramente que a Área Metropolitana de Vigo teña nas súas mans todas as competencias que ten a Deputación. Evidentemente, non o facemos porque cremos nas deputacións. Pero tivemos a tentación de apoiala, porque a ver se dunha vez por todas alguén exerce competencias na Área Metropolitana de Vigo e na Deputación de Pontevedra. Porque fronte á descentralización nos últimos anos das sedes e dos edificios da Deputación de Pontevedra para Vigo, agora colle a “nova” Deputación de Pontevedra e deixa ese edificio sen ningún tipo de servizos. ¡Vaia aposta por Vigo que fai o Partido Socialista! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Vaia aposta por Vigo!

A verdade é que hai tantas medallas... Imos continuar coas medallas, porque vexo que están encantados das medallas. “Touriño avanza que habrá Área Metropolitana Vigo-Pontevedra”. Aí vai a medalla. Continuamos coas medallas, porque hai moitas medallas para o Partido Socialista. “Caballero dice a la Xunta que paralice la Ley del área metropolitana si quiere eliminar duplicidades”. ¡Ojo al dato! “Señor Rueda, no piense mucho, haga lo que le digamos, paralice la Ley del área metropolitana”. Menos mal que el señor Rueda piensa mucho e impulsa el área metropolitana. ¡Menos mal! (*Aplausos.*) Non pasa nada, señor Losada, outra medalla. Non pasa nada.

Isto tamén para que o escoite o señor Caballero: “Abel Caballero rechaza un área metropolitana de 14 municipios por ser un retraso” Nueva medalla. Van ustedes a morir de éxito, entre las medallas que tienen, van ustedes a morir de éxito. “Caballero insta a derogar el área para evitar el bochorno”. O bochorno é o que teñen que aguantar vostedes recordando a súa hemeroteca. Ese si que é un verdadeiro bochorno. (*Aplausos.*)

Nós, de verdade, consideramos que é apropiado que dunha vez por todas deixemos as medallas a un lado e botemos, de verdade, a pelota no tellado dos cidadáns, a pelota no tellado dos vigueses, a pelota no tellado dos servizos públicos.

Remato. Permitídemme que remate este debate lexislativo en positivo.

Esta lexislatura que está a piques de rematar pasará á historia por ser a lexislatura de Vigo, non se recorda unha lexislatura onde Vigo focalizara de maneira tan evidente a atención da Xunta de Galicia. Esta será a lexislatura que pase á historia por ser a lexislatura do gran hospital de Vigo, a lexislatura da limpeza da ría con esa depuradora que está a piques de rematar, a lexislatura do transporte metropolitano, con quince meses de retraso polo Concello de Vigo pero do transporte metropolitano. É a lexislatura da chegada do AVE a Vigo, a lexislatura da transformación do casco vello de Vigo, dun barrio escuro, case tenebroso, a un barrio de moda, incipiente e hoxe icona turística da cidade. Noraboa tamén ao presidente do Consorcio do Casco Vello, o señor López Chaves, que está aquí connosco. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señorías...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor DORADO SOTO: É a lexislatura da “Lei Vigo”, que desbloqueou o caos urbanístico municipal xerado polo actual goberno municipal, a lexislatura da Área Metropolitana de Vigo, a lexislatura da consolidación de Citroën, a lexislatura do rexurdir do naval, a lexislatura que comeza a primeira estación intermodal de Galicia –sempre e cando fagan os accesos, que é ao que se comprometeron–, a lexislatura que pon os mimbres para o Vigo do futuro, o Vigo da ampliación de Navia, o Vigo da cidade da xustiza, o Vigo da Plisan, o Vigo da biblioteca do Estado. É a lexislatura que vai ver os ollos da ampliación da ponte de Rande, do desdobra-mento do corredor do Morrazo, etcétera, etcétera, etcétera... A lexislatura de Vigo.

Non foi un camiño doado, máis ben cheo de atrancos, e moitos proviñeron dun mesmo lugar: da alcaldía da cidade de Vigo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor, silencio!

O señor DORADO SOTO: Pero a pesar diso e a pesar de que non me deixen falar, estamos aquí. Consequímolos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DORADO SOTO: É un éxito de todos os vigueses. Vigo poderá facer balance desta lexislatura e verá como hai políticos que cumpren coas súas obrigas, coa súa cidade, aínda que quede moito por facer.

Así pois, señorías, rematamos esta lexislatura coa sensación do deber cumprido, pero cun compromiso: o de que a seguinte tamén será a lexislatura de Vigo para cumprir cos deberes que aínda nos quedan por facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Dorado.

Señor Dorado, sobre as emendas, entendín que acepta a emenda número 5 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e transacciona a número 9. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Correcto. Grazas.

Si, señor vicepresidente, cando queira ten a palabra.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señores alcaldes e alcaldesas da Área Metropolitana de Vigo, portavoces da oposición municipal, membros da FAVEC, restantes persoas que acudiron dende Vigo e os outros trece concellos hoxe a este debate, é excepcional esta intervención –seino perfectamente, señor presidente– nun peche de intervencións antes da aprobación dunha lei. Pero, sen

ánimo de abrir intervencións nin debate, hoxe é un día de alegría, creo. É un día para estar contento. Había algunha xente un pouco crispada mirando todo o rato para arriba a ver se ía ben..., e, en fin, simplemente por alusións, presidente, porque non tiña que ver co debate o que agora vou dicir, pero porque as introduce o señor Losada.

Eu xa sei que hai camións de bombeiros en Redondela. O que non hai é bombeiros, porque vostedes votaron en contra de que a Xunta e a Deputación os financiase. Hai camións de bombeiros e non hai bombeiros, que non o sigan enganando, señor Losada, que non o sigan enganando. *(Aplausos.)*

E dito isto, señorías, eu creo que hoxe é –como dicía– un día de alegría, un día de celebración para todos. Creo que esta lei tivo unha tramitación que por moitas cousas merece ser sa-lientada. Non houbo emendas á totalidade, cousa bastante inédita nesta lexislatura. Apro-báronse emendas de todos os grupos; non todas, pero emendas de todos os grupos. E creo que houbo unha axilidade na tramitación desta lei que nos ten que facer felicitarnos a todos. Sinceramente, eu creo que é o momento, como xa se fixo aquí, de agradecerlles a todas e a todos os que estiveron na elaboración do proxecto, aos concellos, concelleiros, colectivos e, por suposto, aos grupos na fase de tramitación aquí no Parlamento, o seu traballo, a súa implicación, a súa capacidade de diálogo e o seu ánimo tamén de intentar chegar a consen-sos. Eu creo que é un día de celebración tamén, non é hoxe o momento nin de mirar para atrás, nin de buscar responsables dunha ou doutra situación.

Eu alégrome moitísimo de que aquí traballaran todos, de que traballaran os catorce alcaldes e alcaldesas, non agora, senón os que xa estaban –os de agora tamén, por suposto– na De-claración de Soutomaior, e durante todos estes anos que tiveron que pasar para chegar a un momento histórico como hoxe, que todos fixeran aportacións, que houbera iniciativas de responsables municipais para recoller aportacións para a lei, que os houbera tamén da Xunta de Galicia para manter reunións con todos os alcaldes e alcaldesas dos diferentes grupos municipais. E alégrome moitísimo, ao final, de que esta lei pechase o seu texto para mandalo ao Goberno –para que logo o mandara ao Parlamento– na sede da Xunta de Galicia nunha reunión presidida pola Xunta de Galicia cos catorce concellos, e que hoxe se aprobe por este concello, onde, señor Losada, teño que dicirlle que é certo que a imos aprobar todos, afor-tunadamente, pero uns van votar con 41 deputados e outros con 18, por agora e que se saiba. Esa é unha diferenza tamén moi importante. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, como estamos nun día histórico para Vigo, hoxe non é un punto final. Creo que hoxe faise historia, pero temos que seguir facendo historia. Ábrense moitísimas posi-bilidades a partir de agora, moitísimas posibilidades de cooperación municipal, moitísimas posibilidades de que as diferentes administracións, os catorce concellos que inicialmente van formar a área, aos que se irán sumando a Xunta de Galicia e a Deputación, que me alegro moitísimo de que aquí se manifeste sen ningunha dúbida que vai estar tamén á altura e polo labor de facer a área metropolitana. Agardo que sexa así. Estou seguro de que será así.

Creo que este espírito de consenso, este espírito de traballo xa está dando froitos incluso antes de que se aprobe a lei. Teño que recordar a boa noticia para todos da incorporación de Vigo, despois de todo este tempo, ao transporte metropolitana. Era moi importante para que

a lei nacera con fortaleza dende o primeiro momento. É un obxectivo xa acadado –insisto– incluso antes de que se aprobara esta lei. E a partir de agora, o espírito de consenso, o espírito de traballo coordinado e a suma de esforzos agardo que se manteñan para facer non sei se o máis difícil, pero dende logo, non o máis sinxelo, que é aprobar a lei. Ímola aprobar hoxe. Insisto en que creo que é unha boa noticia, unha boa nova para os catorce concellos, para Vigo e os outros trece concellos, que se vaia aprobar por unanimidade de todos os grupos desta Cámara. Pero a partir de agora vén o máis difícil, que é poñela en marcha, dar efectividade ás súas previsións. Ábrese un abano de posibilidades inmenso. Espero que todos es-
teamos á altura. Dende logo, a Xunta de Galicia vai estar.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos ao segundo punto.

Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia e, se é o caso, debate e votación do devandito proxecto de lei

O señor PRESIDENTE: Imos esperar un momento a que marchen os nosos invitados para que se poida escoitar mellor. (*Pausa.*)

Grazas.

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do día 5 de xullo de 2016 acordou propor ao Pleno desta Cámara a tramitación polo procedemento de lectura única deste proxecto de lei, ao abeiro do disposto no artigo 134.1 do Regulamento.

Antes de someter á votación a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, ábrese unha rolda para fixar a súa posición polos grupos parlamentarios.

Comeza o Grupo Parlamentario Mixto, que o pode facer desde o escano, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, señor presidente.

A proximidade da finalización do mandato parlamentario constitúe un factor influente no uso dos procedementos lexislativos especiais. Neste contexto electoral, as técnicas lexislativas de axilización procedemental, os procedementos lexislativos especiais por razón temporal, teñen un papel fundamental cando se aproxima a finalización da lexislatura. É dicir, a proximidade dos procesos electorais provoca nos gobernos unha extraordinaria actividade lexislativa que é empregada como campaña preelectoral.

O sistema de lectura única ten un carácter totalmente excepcional, configurándose polas normas procedementais como un procedemento lexislativo especial. Trátase dunha técnica

procedemental a través da cal se pretende conseguir unha resposta rápida do Parlamento ante propostas lexislativas que non presentan grandes dificultades para consensuar ou acordar a súa aprobación axilizando os trámites procedementais.

Pero, evidentemente, este non é o caso, xa que é necesario pararse nalgún momento para estudar e debater cal é o sentido que teñen hoxe os colexios profesionais. Polo tanto, este debería ter sido un debate moito máis participativo, no que a Xunta presentara os informes nos que basea o seu proxecto de lei e unha avaliación da calidade actual dos servizos de terapia ocupacional e as melloras que a creación do colexio achegará á sociedade.

Pero tamén encontro inxustificada a súa tramitación polo procedemento de urxencia, xa que de non aprobarse hoxe este proxecto de lei non pasaría absolutamente nada.

En realidade, este proxecto de lei non é máis ca un xesto cara ás profesionais solicitantes nun ano electoral no que o PP está sufrindo as maiores derrotas da súa historia como consecuencia das políticas antisociais que leva practicando dende sempre, pero con especial dureza nesta última lexislatura, e a corrupción que impregna ao partido en todo o Estado. Busca agraciarse coa sociedade intentando borrar anos de agresións e corrupcións.

Como xa teño expresado en máis dunha ocasión nesta Cámara, opóñoome á creación e proliferación dos colexios profesionais, que nada aportan á sociedade. Os colexios son agrupacións profesionais ou gremiais que teñen por obxecto defender os seus colexiados e colexiadas, son organizacións tan obsoletas como as deputacións, pertencentes a un pasado que se resisten a abandonar. Os colexios responden a intereses corporativos, que non aos intereses da maioría social nin aos intereses da clase traballadora.

Polo tanto, votaremos en contra da lectura única e da vía de urxencia.

Nada máis e moitas grazas

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois este grupo parlamentario manifesta a súa total desconformidade co trámite de lectura única desta lei e, polo tanto, imos votar en contra deste trámite.

A utilización deste procedemento de trámite lexislativo extraordinario está reservado, segundo a xurisprudencia, para un trámite de consenso, de amplo acordo, eliminando burocracia, mais o seu regulamento é certamente diferente nas distintas comunidades autónomas do Estado español. E en Galicia o uso deste procedemento impide a presentación de emendas parciais, limita os tempos e, polo tanto, afecta a capacidade que os grupos parlamentarios da oposición temos para exercer, precisamente, a nosa capacidade lexislativa.

Impide que na práctica se poida mellorar o texto, impide a participación e o seu uso. Neste caso, entendemos que é unha perversión, xa que dá a sensación de que o Partido Popular quere aprobar, ás presas, un texto lexislativo que tivo sete anos para traballar, as dúas últimas lexislaturas; restan só catro comunidades autónomas por poñer en marcha este colexio en funcionamento e parece utilizarse para quedar ben –previo ás eleccións autonómicas–, pero entendemos que tiveron tempo suficiente para realizar o trámite pola vía ordinaria.

Esta deputada quere advertir do perigo de normalizar o uso dun trámite, o extraordinario, en función dos intereses do Executivo, e obviamente non imos aceptar a eliminación dunha ponencia, a capacidade de mellorar un texto, aínda que sexa un texto breve, e xa explicaremos que pensamos del na seguinte quenda, porque contén erros, incluso técnicos, que deberan ser solventados e que se evitarían se o trámite fose o ordinario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señorías, o BNG xa se ten manifestado en máis ocasións contrario a este uso da tramitación, polo procedemento de lectura única, porque, evidentemente, non é un procedemento que permita o acordo e a negociación.

Neste caso, non hai ningunha razón para esta tramitación, por lectura única, máis alá do que poida dicirse da brevidade do texto presentado; non é froito dunha urxencia sobrevida dun tema que acabe de xurdir, nin moitísimo menos. Non é unha cuestión que se acabe de plantexar, senón que xa hai meses que está plantexada polas persoas que demandan a creación deste colexio profesional, co cal é evidente que esta tramitación, por lectura única, responde á estratexia do Partido Popular, responde aos tempos do Partido Popular, responde aos compromisos e aos temas do Partido Popular.

Manifestámonos en contra deste procedemento que ten un carácter excepcional, un carácter excepcional de eliminación de burocracia cando hai acordo previo no contido, e neste caso non houbo a máis mínima aproximación nin diálogo para chegar a un acordo previo, e o texto resultante non é de todo satisfactorio e, dende logo, é evidente –como xa se ten dito– que furta o debate, impide o acordo, non permite introducir melloras e a única posibilidade de emendar o proxecto de lei tramitado por este procedemento, de lectura única, é presentar unha emenda á totalidade con texto alternativo. Por iso o Bloque Nacionalista Galego así o fixo, porque consideramos que este proxecto de lei é susceptible de mellora.

Parécenos que o abuso que fixo o Partido Popular, que fai o Partido Popular, deste trámite responde a como entende o que é o Parlamento galego supeditado aos intereses do Executivo, aos intereses do Goberno galego, aos intereses exclusivos do Partido Popular, onde leva a cuestión a todo ou nada, ou aceptas o texto tal cal está ou o rexeitas tal cal está.

Dende logo, parécenos que ese non é un funcionamento que responda a un entendemento democrático do que debe ser un parlamento, onde debe de primar a capacidade de diálogo ou, cando menos, de presentar as propostas que cada grupo político pode ter.

Polo cal nos imos manifestar, tamén, contra esta tramitación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente. Bo día, señorías.

Pois dende o Grupo Parlamentario Socialista moi brevemente, simplemente para lamentar, unha vez máis, o uso e o abuso que o Goberno Feijóo, coa complicidade do Grupo Parlamentario Popular, fai deste procedemento de lectura única. Procedemento expreso que furta o debate e dificulta e limita a posibilidade de incorporar as aportacións dos demais grupos parlamentarios, imposibilitando, así, o enriquecemento dos textos lexislativos; motivo polo cal entendemos que este procedemento debería de ser utilizado só en circunstancias moi concretas.

Por todas estas razóns, señorías, anunciamos o noso voto en contra da tramitación por lectura única dunha lei, simplemente, para a creación dun colexio profesional.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente. Bo día, señorías.

En primeiro lugar, quero dicir que a tramitación dun proxecto de lei por lectura única é totalmente legal e axustado ao Regulamento desta Cámara, ao artigo 134, ao igual que os do resto do Estado.

Dende o Grupo Parlamentario Popular pensamos que este artigo se cumpre de forma escrupulosa neste proxecto de lei. Trátase dun texto único, referido a un só tema, breve, con catro artigos que apenas enchen un folio. É un texto proposto polos profesionais que demandan a creación deste colexio polo seu interese público, defendendo as súas actuacións profesionais fronte ao intrusismo que todos sabemos que existe, e para acadar unha mellora na saúde das persoas que precisen da súa intervención para mellorar ou resolver os problemas e secuelas físicas e psíquicas que limitan as súas capacidades.

Para non presentar este proxecto a este pleno, señorías, implicaría un atraso de meses na tramitación desta lei, un atraso inxustificable diante da Asociación Profesional Galega de Terapeutas Ocupacionais que leva traballando, e moito, en recoller toda a información e documentación, en presentala na Consellería de Vicepresidencia, en reunirse co señor vice-

presidente e cos voceiros dos distintos grupos, e que non entenderían que este sinxelo proxecto tivese un atraso, pola previsible disolución desta Cámara, que se pode evitar co procedemento de lectura único previsto no Regulamento.

Xa se dixo neste hemiciclo, no pasado pleno, que vostedes non pediron a modificación do artigo 134 do Regulamento sobre lectura única na tramitación da reforma do Regulamento, e agora non lles gusta. Tamén son conscientes vostedes que durante esta lexislatura se trouxeron a esta Cámara corenta e catro proxectos de lei e que se tramitaron sete por lectura única, o que rexeita as acusacións de abuso de utilización deste procedemento por parte da Cámara.

Por todo iso, non entendemos a súa postura e apoiaremos a tramitación por lectura única.

En consecuencia, para os deputados e deputadas da oposición que non apoian esta tramitación, a pregunta é clara, ¿queren que haxa un colexio de terapeutas ocupacionais en Galicia como xa hai noutras doce comunidades autónomas, si ou non? Iso é o que imos votar nuns intres e creo que os profesionais da terapia ocupacional, que fixeron un traballo longo de recollida de sinaturas e tramitación desta solicitude, merecen que se apoie este trámite para acelerar a creación do seu colexio.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Procedemos, polo tanto, á votación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei.

Votación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de procedemento de tramitación por lectura única.

Debate e votación do Proxecto de lei de creación do Colexio Ofixial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Pasamos, polo tanto, ao debate en si e votación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei. E para iso ten a palabra, para presentar o proxecto de lei, o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, presentamos hoxe ante a Cámara o proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia. Presentámolo porque houbo unha petición previa, trasladada á Xunta de Galicia polos propios profesionais que están agrupados ata o de agora na Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Sanidade e Seguridade Social de Galicia, e cremos que hai razóns poderosas para facer esta presentación.

Por iso non lles vou pedir o voto favorable en nome do Goberno galego, que tamén, pero é que neste caso actuamos simplemente de intermediarios, en nome das persoas profesionais da terapia ocupacional en Galicia que asinaron a súa conformidade para a creación deste colexio.

Tal e como expón a propia Asociación no escrito que no seu día presentou ante a Xunta de Galicia, o 88 % –é dicir, non o 100 %, pero acércase bastante– está a favor da creación deste colexio e piden que esta creación se faga.

Consideramos no Goberno galego que ante unha reclamación tan maioritaria destas persoas o Parlamento debe escoitalas con atención e debe sumarse á súa petición, máxime cando os motivos que achegan con ela pensamos que son de entidade.

En primeiro lugar, hai un motivo que resulta bastante evidente, e que xa se dixo aquí. Non ten moita razón, non parece moi razoable que exista un colexio profesional de terapeutas ocupacionais xa en doce comunidades autónomas e que non existira en Galicia. Tampouco sería razoable que exista a nivel estatal un consello xeral de colexios de terapeutas ocupacionais, cuxa creación se aprobou por unanimidade nas Cortes Xerais hai dous anos, polo que non sería lóxico que os mesmos grupos políticos, e que os mesmos partidos políticos, que aprobaron no seu día un consello xeral de colexios a nivel estatal –insisto, por unanimidade–, agora quixeran negarlles aos profesionais galegos o seu propio colexio de terapeutas.

Pero é que ademais, máis aló dos motivos de coherencia territorial, e mesmo de coherencia política, pensamos que hai motivos dabondo para querer que en Galicia os profesionais terapeutas dispoñan dun instrumento que é moi importante para o futuro, xa para o presente, pero especialmente para o futuro.

Hai case tres anos que a Xunta de Galicia aprobou a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, que era unha folla de ruta que ía ata o 2020; polo tanto, aínda está vixente, e está pensada non só para atender as persoas dependentes, senón para intentar prolongar ao máximo as súas capacidades e a súa autonomía persoal.

Neste documento xa se facía alusión –alusións específicas, ademais– ao papel que tiña que xogar a terapia ocupacional para poder acadar ese obxectivo de que as persoas maiores e as persoas con discapacidade poidan ser autónomas e poidan valerse por si mesmas o maior tempo posible.

Así, no ano 2014 modificamos, tamén, o Decreto de servizos sociais comunitarios para incluír xa, dende aquel ano, entre as atencións comprendidas polo Servizo de Axuda no Fogar, a terapia ocupacional.

Saben, señorías, que somos un país cun problema de envellecemento poboacional, cun grave, gravísimo, problema de envellecemento poboacional, e por iso resulta fundamental para o noso futuro contar con profesionais que promovan un envellecemento activo e con profesionais organizados para poder desenvolver nas mellores condicións posibles a súa actividade.

Por iso, a Consellería de Política Social está traballando nunha estratexia de envellecemento activo para a que necesita interlocución con todos os actores, e que estes estean organizados. E que mellor interlocutor –pensamos– que un colexio representativo das persoas máis implicadas, ou algunhas das persoas máis implicadas, nesta prolongación da vida activa das persoas maiores.

Pero é que, ademais, as persoas que se dedican á terapia ocupacional non atenden só persoas maiores. No ano 2015 a Xunta elaborou un protocolo de coordinación da atención temperá en Galicia e nel cóntase, tamén, cos terapeutas ocupacionais do Sergas como recursos fundamentais da Rede Galega de Atención Temperá. Esta rede ten o obxectivo de atender nenos e nenas con dificultades ou con discapacidade, nenos e nenas que se non tiveran un tratamento axeitado, no que é fundamental a terapia ocupacional, correrían o risco de desenvolver, máis tarde, unha situación de dependencia.

Para eses nenos e nenas queremos tamén ter os profesionais de terapia ocupacional máis profesionais, mellor formados, máis unidos e máis organizados. Para eses nenos e para esas nenas, polo tanto, tamén é importante constituír este colexio.

Saben vostedes que a Lei 11/2001, de colexios profesionais de Galicia, establece no artigo 11 que no ámbito territorial galego a creación de colexios profesionais se fará por lei do Parlamento de Galicia, e que cando a iniciativa veña do Consello da Xunta o anteproxecto de lei de creación se fará por petición dos profesionais interesados, previa percepción –como así foi– por parte do Goberno galego do interese público na creación do colexio.

Consecuencia, cando en xaneiro deste ano, hai poucos meses, a presidenta e a vicepresidenta da Asociación Galega de Terapeutas expuxeron ese apoio maioritario –ao que antes me refería, de case o 90 %–, dende a Xunta puxémonos mans á obra.

Iniciouse a tramitación do procedemento de elaboración do anteproxecto de lei, tomouse como base a exposición motivada das razóns que xustificaran a creación do colexio que nos achegaron os propios profesionais, a través da asociación, e empezamos a dar pasos.

O paso seguinte foi someter á información pública a solicitude de creación do colexio, como así se fixo no portal de transparencia dende febreiro do ano 2016. Non se recibiron alegacións en contra e, de seguido, solicitáronse os informes preceptivos aos órganos correspondentes: Dirección Xeral de Orzamentos, Asesoría Xurídica Xeral e Secretaría Xeral de Igualdade.

Pero, ademais, contamos con dous informes que penso que son importantes, un da Consellería de Sanidade e outro da Consellería de Política Social, nos que se incide na importancia de que os profesionais da terapia ocupacional estean organizados polo labor fundamental

que desenvolven no que respecta á saúde pública e para as políticas públicas do sector dos servizos sociais.

Finalmente, recibimos tamén os informes do Consello Galego da Competencia e do Consello Económico e Social, que son, por certo, dous órganos que, por regra xeral, son contrarios ou, cando menos, non favorables á creación deste tipo de colexios, pero que neste caso avalaron o proxecto de lei, porque tiveron en conta que, por unha banda, non se prevé a colexiación obrigatoria, simplemente nos remitimos –como non podía ser menos– ao marco dunha lei estatal –sería obrigatoria se o dixera unha lei estatal, se non non–, e, por outra, estímase que é unha demanda xusta do colectivo de terapeutas de Galicia para equipararse cos profesionais do resto do Estado –isto dío tanto o Consello Galego da Competencia como o Consello Económico e Social–.

Existe, polo tanto, señorías, unha tendencia clara á colexiación destes profesionais, que penso que está dabondo xustificada, dado que estamos a tratar dunha profesión que incide, de xeito fundamental, na defensa e na promoción da saúde pública. Hai un ano, señorías, tramitabamos outro proxecto que era practicamente moi parecido, case idéntico, que era a Lei de creación do Colexio de Dietistas-Nutricionistas. Saben que o pasado mes de maio estes profesionais, logo da creación deste colexio, celebraron a súa asemblea constituínte e o seu colexio quedou definitivamente creado e xa están funcionando como tal. Celebrárono estes profesionais como un día histórico para a súa profesión, e pídolle, en nome do Goberno galego, a esta Cámara que hoxe todos os grupos lles dean aos profesionais da terapia ocupacional a ocasión de ter un día histórico para o seu futuro profesional.

Dende a Xunta fixemos o que consideramos que era xusto facer, fixemos e elaboramos o anteproxecto de lei e aprobouse no Consello da Xunta dende que se nos presentou en xaneiro. Polo tanto, tras este texto teño que dicir que –creo que queda claro– non hai ningunha outra intención que o desexo de reflectir e darlle forma a un desexo moi maioritario das persoas profesionais que queren exercer a súa profesión nas mellores condicións posibles. Polo tanto, creo que o Parlamento galego debería contribuír a este desexo, que, sen dúbida, tamén vai redundar nunha mellor prestación da súa actividade e nunha mellor prestación das políticas sociais e de saúde pública.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda de defensa das emendas á totalidade, así como do posicionamento respecto do proxecto de lei. (*Pausa.*)

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

O Grupo Mixto presentou unha emenda de devolución deste proxecto de lei. É certo que pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade

Autónoma galega, se transferiron as competencias lexislativas e de execución en materia de corporacións de dereito, representativas, de intereses económicos e profesionais.

O artigo 11, tamén, da Lei 11/2001, de colexios profesionais de Galiza, establece que no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza a creación dos colexios profesionais se fará por lei do Parlamento galego. Por iso hoxe temos a responsabilidade de aprobar, ou non, a creación dun novo colexio profesional que –ao meu entender, e á marxe doutras consideracións– non responde a ningún interese público. E, ademais, foi solicitado por unha parte dos e das profesionais descoñecendo cal é o posicionamento da outra parte, por que non apoiou a creación do colexio. Polo tanto, imos aprobar a petición dunha parte dos profesionais.

Tamén a Lei 11/2001, de colexios profesionais, establece, no seu artigo 3, que os profesionais titulados vinculados coa Administración pública non precisarán estar colexiados, si será obrigatoria a colexiación para o exercicio da actividade privada. Polo tanto, é evidente que a existencia ou non de colexios profesionais, en xeral, non incide para nada na calidade de prestación dos servizos profesionais que representan, nin é tal o seu interese público, posto que se non a colexiación sería obrigatoria tanto para os traballadores e traballadoras da Administración pública como para os que exerzan o seu labor profesional en entidades privadas.

Máis ben os colexios representan asociacións corporativas que teñen como fin único defender os intereses corporativos dos seus profesionais colexiados, nin sequera de todos os profesionais, senón que son, simplemente, os colexiados; é dicir, nada ten isto de interese público.

O artigo 7 da Lei de colexios fala do exercicio de competencias e colaboración coa Administración e di que a Comunidade Autónoma lle poderá encomendar aos colexios profesionais, a través do correspondente convenio, a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da súa propia competencia, que poderían ser levadas adiante pola propia Administración.

Neste senso o CES, no seu ditame do 9 de outubro de 2000, sobre o Anteproxecto de lei de colexios profesionais, recomendaba e manifestaba a súa reserva sobre a necesidade da existencia destes entes representativos de intereses profesionais, con carácter corporativo, para defender os intereses dunha determinada profesión e que asumen accións que deberían ser exercidas pola propia Administración.

O artigo 9, tamén desa lei, fala de cales son as funcións, e as súas funcións son a defensa da profesión, exercer potestade disciplinaria, exercer accións legais para evitar o intrusismo, establecer baremos e honorarios vulnerando a libre negociación colectiva e a función dos sindicatos.

Pero tampouco se comprende que neste proxecto de lei o Consello da Competencia se negue a si mesmo e contradiga o que dixo cando se refería á creación do Colexio Profesional de Dietistas-Nutricionistas. Aí dicía e recomendaba o Consello da Xunta que non aprobara o

Proxecto de lei da creación do Colexio de Dietistas-Nutricionistas por constituír unha barreira de entrada ao exercicio dunha actividade profesional que non resulta proporcionada para a consecución do fin lexítimo de protexer a saúde.

Polo tanto –remátaseme o tempo–, as dúas deputadas do Grupo Mixto, que pertencemos á Cerna, votaremos en contra deste proxecto de lei, porque consideramos que non beneficia para nada a sociedade e que só beneficia os intereses corporativos daquelas profesionais que estean colexiadas, única e exclusivamente.

Pola miña parte, nada máis, cédolle a palabra á miña compañeira do grupo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Turno agora para a señora Iglesias.

Déanlle voz ao escano da señora Iglesias, por favor. Grazas.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Grazas á Mesa por permitirme amosar o meu posicionamento con respecto a este punto 3.2, terapeutas ocupacionais.

Eu vou votar que si á proposta, xa votei que si á proposta de tramitación, porque me parece que está ben facelo así, xa que queda pouco de lexislatura. E reunida cos profesionais deste colectivo de terapia ocupacional, unha profesión intimamente ligada á saúde e á ocupación das persoas, entendo a súa necesidade de colexiarse; porque dado o carácter de servizo privado ou concertado das empresas que ostentan a titularidade dos servizos asistenciais para maiores, non é posible coñecer o número total de profesionais que exercen este labor no noso país. Ademais, esta dificultade vese agravada polo feito de non existir ningún organismo que regule o exercicio desta profesión, o cal favorece o intrusismo.

A creación do colexio profesional permitirá a promoción e a difusión desta disciplina. E recordar aquí neste Parlamento, neste momento, que a profesión titulada na Galiza conta cunha altísima..., é moi recoñecida en toda Europa, ten moito prestixio a titulación galega. E desta maneira a defensa dos dereitos da cidadanía galega a acceder de xeito igualitario aos servizos de terapia ocupacional, con independencia do lugar de procedencia da patoloxía que se padeza. Isto evitará o intrusismo e favorecerá os profesionais e as profesionais que exercen este labor.

Vou votar a favor.

Máis nada, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Eu quero empezar dicíndolles aquí ao vicepresidente da Xunta e ao deputado do Partido Popular que interveu no anterior punto que a demagogia non é boa compañeira. E escoitar con atención, señor Rueda, non significa impoñer unha redacción, e o Partido Popular o que está impoñendo con esta tramitación, por lectura única, é un texto concreto. Entón todos podemos estar a favor de demandas que nos trasladaron os terapeutas ocupacionais, mais manifestámonos contrarios a que haxa que exclusivamente posicionarnos a respecto do texto exclusivamente do Goberno Galego do Partido Popular. Dígoo porque as cousas me parece que é bo aclaralas.

E tamén me gustaría facer unha consideración inicial. Vostede dixo aquí que é fundamental o labor dos terapeutas ocupacionais e das terapeutas, evidentemente, no BNG concordamos. E concordamos na preocupación –e quero saudalas, que están aí na tribuna– que amosan estas profesionais en canto á desvalorización da profesión, en canto ao intrusismo, en canto á publicidade enganosa, en canto ao escasísimo número de prazas que hai na rede pública de Galiza.

Mais permítame dicirlle, señor vicepresidente da Xunta, que vostede cando di aquí que na Estratexia para a dependencia hai unha gran necesidade de terapeutas ocupacionais, e a relevancia que lles confire a Consellería de Sanidade, eu non sei se o que quere dicir é que despois de que hoxe se aprobe aquí o colexio oficial vai significar que, automaticamente, vai haber un aumento das RPT e que van incluír profesionais na sanidade pública. Porque se non vostede está incorrendo aquí nunha demagogia descomunal e nun electoralismo fóra de serie.

Porque lle lembro que, por exemplo, no Sergas hai exclusivamente 38 profesionais, que hai áreas sanitarias que non teñen nin un só profesional, hai hospitais que non teñen nin un só terapeuta ocupacional. Entón, máis alá de dicir a grande importancia na que todos coincidimos, sería bo que lles dixera se desta aprobación vai derivar ese aumento na rede pública, que me temo que non. E aí sería, efectivamente, onde debería volcarse a Xunta de Galiza, en recoñecer a enorme necesidade destes e destas profesionais e que houbera un número suficiente para atender esas moi importantes demandas, tanto na poboación dependente como en persoas obxecto de todo tipo de dificultades –sexan por accidente, sobrevidas ou nacidas con eles–.

Con iso eu quero manifestar a preocupación que ten o BNG porque a creación de colexios profesionais se faga a demanda de parte. E cando hai un colectivo que así o solicita, un colectivo que quere potenciar e recoñecer a súa profesión, que quere ter igualdade de oportunidades, pero que non sexa froito dunha planificación por parte da Administración galega, que así o faga. E que a creación de novos colexios profesionais debería responder a un deseño reflexionado de cal debe ser a administración corporativa galega, e non simplemente obxecto dunha petición de xeito individualizado.

A xustificación da creación baséase, primeiro, no obxectivo de velar polos lexítimos intereses profesionais dos terapeutas ocupacionais. E, dende logo, eu quero dicirllo, xa llelo trasladei

cando me reunín con eles, que non responde ao modelo do Bloque Nacionalista Galego. No BNG consideramos que neste momento as organizacións sindicais son as que deben –e cremos que cumpren perfectamente– cumprir xa este cometido, e que tamén o CES incide nesa cuestión.

E tamén lle lembro que cando vostede dixo que o CES e o Consello Galego da Competencia se manifestan favorables, o que din é que cumpren a lei, que son legais –só faltaría que trouxeran aquí algo que non é legal–, que é unha demanda das profesionais; que, efectivamente, é unha demanda máis, pero hai moitos claro escuros, e así o reflicten nos seus informes, é evidente que así o reflicten.

E no referido a isto o CES di, textualmente, que: “O Consello Económico e Social de Galicia manifesta as súas reservas sobre a necesidade da existencia de entes distintos das asociacións ou sindicatos representativos de intereses profesionais e de corporacións de dereito público que se constitúan para defender os intereses dunha determinada profesión”. É dicir, que consideran que existen xa outros instrumentos para esta cuestión.

En segundo lugar, tamén se xustifica que a creación responde ao interese xeral. E no BNG tamén coincidimos coas manifestacións do CES e do Consello Galego da Competencia, que fan propios os informes da Comisión Nacional da Competencia, que é tamén dubidoso que ese interese xeral estea recoñecido.

En todo caso, como foi a Asociación de Terapeutas Ocupacionais a que iniciou este proceso, a que demanda a creación do colexio profesional, porque eles entenden que é un mellor xeito de protexer e defender os seus intereses e os do colectivo ao que vai dirixido a súa profesión, pois no BNG, toda vez que este é un trámite excepcional que non permite introducir emendas –e nós cremos que hai cuestións, que non están no texto, que si é necesario mellorar–, presentamos un texto alternativo que recolle esas cuestións que nós consideramos que deben mellorarse.

Empezando pola eliminación da consideración de interese público, pola corrección da linguaxe sexista –que, dende logo, reclamamos unha vez máis que é impresentable que sigan chegando textos a esta Cámara cunha linguaxe sexista. E pedimos que, por favor, o Goberno galego, cando presente aquí textos que xa non haxa, unha vez e máis outra, que ter que demandar esa corrección. Tamén hai un texto alternativo onde se contemple a non obrigatoriedade da colexiación, onde se introduza o uso da lingua galega; estamos nunha lei galega no Parlamento galego, e tampouco é de recibo que non se considere esa cuestión.

Tamén un texto alternativo para que non se supedite este texto lexislativo a un marco lexislativo español, e logo tamén para que se contemple a paridade de xénero nos órganos de xestión.

En definitiva, presentamos un texto alternativo para mellorar o presentado polo Goberno, e cremos que, o que presenta o BNG, si mellora esas cuestións. En primeiro lugar, o artigo 4, presentamos unha modificación no sentido de que o texto orixinal o que di é que a colexiación no Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia ten carácter voluntario, sen

que en ningún caso –este é o texto alternativo que presenta o BNG– poida considerarse a colexiación neste como un requisito ou condición para o exercicio da actividade profesional. Consideramos que a estas alturas non pode ser unha colexiación individual. O texto que presenta aquí o Goberno galego é ambiguo á mantenta e queda supeditado á lexislación estatal. Cremos que non é para nada necesaria esa ambigüidade.

Xa, efectivamente, na tramitación do Colexio Oficial de Nutricionistas falamos desta cuestión, non necesitamos deixalo á ambigüidade, é preciso deixar claro que non é obrigatoria a colexiación, que todos aqueles profesionais que consideren que colexiados defenden mellor os seus intereses, que poidan facer máis, debe quedar claro que iso non pode ser ningunha vantaxe a respecto de quen non está colexiado, e que non debe ser obrigatoria, e defendémolo, pois, dun xeito moi vehemente.

Tamén queremos deixar constancia de que non é necesaria unha ordenación onde se deixe, dun xeito explícito, a subordinación á lexislación estatal, non hai por que facelo deste xeito. Se nun momento dado hai unha lexislación estatal que hai que adaptar á normativa, poderá facerse, pero non debe quedar, non ten ningunha necesidade máis alá de que esteamos diante dun Goberno galego que se sente un auténtico delegado do Goberno español e non quere ter un auténtico protagonismo lexislativo; esa é a única razón, non hai ningunha razón lexislativa que obrigue a esa redacción.

Presentamos, tamén, neste texto alternativo a cuestión de que na Comisión Xestora a redacción, tal e como está, di que se procure un equilibrio de xéneros. No BNG cremos que estas cousas non poden quedar a procurar, hai que ser proactivo, por iso o que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...presentamos –remato, presidente– é unha redacción alternativa, onde o que se di é que ten que haber paridade de xénero, ten que haber paridade de xénero, non hai que procuralo, temos que ser proactivos e ten que haber paridade de xénero.

Introducimos nese texto alternativo un artigo 5 referido ao idioma do colexio, que o idioma propio de Galicia, o galego, debe ser de uso e tanto nas cuestións internas como externas do colexio; estamos en Galiza, é unha norma, unha lei deste Parlamento, e cremos imprescindible que esa cuestión se vexa reflectida.

En suma, o texto alternativo que presenta o Bloque Nacionalista Galego está corrixido na súa cuestión de linguaxe non sexista, incluso ten unha modificación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...no aspecto dun decreto que o CES pide que se mencione ou que se rectifique, porque pon que é do 4 de xullo, cando é do 26 de outubro, e nin sequera esta cuestión se tivo en conta á hora de presentar o texto, fan as cousas “ao tran tran”, de ningún xeito.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Cremos que mellora substancialmente a cuestión. O BNG non vai opoñerse á tramitación da creación deste colexio, mais si cremos que coas modificacións que presenta o BNG quedaría moi mellorado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, lamento –como xa fixo a anterior voceira– a demagogia empregada tanto polo señor Rueda, como polo voceiro do Partido Popular, pero fundamentalmente por este segundo, trasladando que non estar de acordo co trámite empregado na tramitación –valla a redundancia– deste texto implicaba non apoiar a demanda das profesionais; é unha utilización moi torticera.

A realidade é que vostedes tiveron dúas lexislaturas para tramitar este proxecto de creación deste colexio, pero dende que elas e eles llelo trasladaron no mes de xaneiro, vostedes poderían ter evitado a tramitación por este trámite extraordinario. Entendiamos que era necesaria a ponencia e, agora mesmo, vou explicar especificamente por que.

Esta é unha lei pequena, efectivamente, pero en contra do que poida parecer ou xustificar o emprego do trámite de lectura única, como se acaba de trasladar aquí, pois como a lei é pequena, precisamente, sería unha ponencia que non duraría moito e que, polo tanto, favorecería, primeiro, que a lei, o texto, se puidese mellorar e, ao mesmo tempo, que se aprobase con celeridade.

Polo tanto, son vostedes –do Partido Popular– quen decidiron atrasar o trámite desta lei, téñeno vostedes sobre a mesa dende xaneiro, segundo a proposta das propias e dos propios profesionais. Polo tanto, eu pregaría un pouco de seriedade.

Pola contra, a súa tramitación expreso impide que nós, os grupos parlamentarios da oposición, poidamos facer emendas parciais para melloralo, tal e como o trasladamos cando votamos o trámite de lectura única. Esta parlamentaria tamén redactou un texto alternativo, o que pasa é que por un problema informático non entrou en hora, entrou un pouco máis tarde, pero en termos xerais vou dar conta un pouco das discrepancias que temos con algúns aspectos.

A realidade é que ao non facilitar o trámite da ponencia, non se inclúen nin sequera emendas técnicas, hai palabras mal escritas, hai maiúsculas, minúsculas, hai un emprego do masculino singular en case todo o texto, nalgunhas partes empréganse os dous xéneros, noutros só un, de maneira bastante arbitraria. Está moi mal redactado, e nós entendemos que a Xunta de Galicia debería presentar proxectos que se acollesen tamén a ese espírito que soen nomear da igualdade e de maneira transversal en todos os procedementos lexislativos.

Entón, entendemos que cousas que son pequenas se puideron mellorar e saír o proxecto tal e como merecen os profesionais. Pero a maiores de todo isto, nós xa manifestamos durante a tramitación do Proxecto de lei de Dietistas-Nutricionistas a importancia que ten que a colexiación non sexa obrigatoria.

E se ben no texto aparece condicionada a unha lei de carácter estatal, aparece de xeito negativo. Nós queríamos que se plantexase de xeito positivo, tal e como solicitamos na tramitación do outro texto legal, é dicir, que apareza en varios artigos, nos que se fai referencia, explicitamente, a que a colexiación non será obrigatoria, salvo que exista unha lei de rango superior que obrigue, pero non ao revés, que é como aparece redactado nesta lei e como sucedía, tamén, no outro proxecto de lei debatido xa no anterior período de sesións.

Ademais, obviamente, botamos de menos que non se inclúa a creación dun censo de profesionais, tal e como si se plantexou no outro proxecto, independentemente de que neste caso xa exista a Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionais, pero independentemente diso sería pertinente que se fixese ese censo para a hora, despois, de facilitar esa adhesión ou non adhesión a ese colexio profesional.

Falta, ademais, no texto a necesidade non só da publicación dos estatutos finais no *Diario Oficial de Galicia*, senón tamén da súa inscrición no rexistro de colexios oficiais. Non entendemos por que non vén, e si vén no resto de textos de creación doutros colexios que temos debatido aquí. Por iso dicía que era necesaria a tramitación ordinaria, para poder pulir estes aspectos que, polo motivo que sexa, non aparecen na lei.

Non será esta deputada a que defenda os colexios profesionais, xa o trasladamos a outra vez. Non son o noso modelo, concordamos con algúns dos comentarios do propio Consello Económico e Social de Galicia, e este grupo entende, ademais, que existen outros mecanismos de defensa dos dereitos profesionais, entre eles a libre sindicación, que é o que nós defendemos.

Agora ben, como xa trasladamos na outra ocasión, permitir a existencia duns colexios profesionais nas profesións sanitarias e doutros non, obviamente consideraría ou incorrería nun agravio comparativo a respecto destes profesionais, e, polo tanto, neste sentido, e tal e como xa lles manifestamos nós cando nos reunimos con elas, non sendo defensoras do modelo dos colexios profesionais, non nos imos opor á tramitación deste colexio, igual que non o fixemos tampouco cando se cursou o de dietistas-nutricionistas.

E, polo tanto, nese sentido, non vai haber ningún tipo de problema. Pero entendemos que agora, toda vez que esta lei se aprobe e se cree o colexio, o que toca é que realmente o Goberno galego teña intención de defender esta profesión e o resto de profesións sanitarias. Entre outras cousas, porque, como vostedes saben, a creación dunha lei que permita a creación dun colexio profesional non implica *per se* ningunha mellora, pois digamos, das condicións nas que están estes profesionais.

É dicir, é a propia Administración a que se debería encargar, aquí déronse motivos polos cales son importantes estes profesionais e estas profesionais. Sen embargo, non parece que-

dar patente que a consellería estea preocupada por estes aspectos, porque o número de profesionais, de terapeutas ocupacionais nos nosos servizos sociais e nos nosos servizos sanitarios, é realmente ínfimo. E, polo tanto, debe ser a Consellería de Sanidade, neste caso, a que non só se preocupe de crear as portas dun proceso electoral, dun colexio profesional, senón que vele pola existencia destes profesionais e a súa aplicación en beneficio, en redundancia, da mellora da calidade de vida das persoas dependentes e das persoas con diversidade funcional e cognitiva no noso país.

E, polo tanto, obviamente, entende este grupo que iso é incompatible cos recortes en materia de recursos humanos e materiais, e orzamentarios, sufridos en materia sanitaria nos últimos anos.

Polo tanto, aí queda esa reflexión e, obviamente, entendemos que a pertinencia da aprobación deste colexio non choca coa pertinencia, tamén, de respectar os trámites parlamentarios ordinarios.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

De novo bo día, señorías.

Señor conselleiro.

Bo día, tamén, ás profesionais da terapia ocupacional que hoxe nos acompañan.

Moi brevemente, simplemente para anunciar o noso apoio a este Anteproxecto de lei para a creación do Colexio de Terapeutas Ocupacionais de Galicia, tal apoio que xa comprometerámos coa Asociación Profesional de Terapeutas no mes de febreiro pasado, cando nos visitaron nesta mesma Cámara.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non imos cuestionar, señorías, a creación deste colexio, dado que é o propio colectivo profesional quen o reclama.

E tampouco, tampouco, imos cuestionar se se trata ou non dunha profesión de interese público, dado que a terapia ocupacional está recollida como actividade sanitaria na Lei de 2003, de ordenación das profesións sanitarias.

O que si cuestionamos é que o escueto texto da lei, con catro artigos e tres disposicións, non recolla a voluntariedade da colexiación tan claramente como a nós nos gustaría, contéplaa, de forma confusa e, ademais, déixaa condicionada ao que se faga no Estado.

E tamén cuestionamos que cando se fala da perspectiva de xénero se faga utilizando unha linguaxe sexista, unha linguaxe machista, señor Rueda, que é a súa responsabilidade, aí pátina vostede un pouco, unha vez máis.

E o que, dende logo, cuestionamos é esta fórmula de lectura única, así como que esta presentación deste texto de lei chegue a esta Cámara no tempo de desconto da lexislatura, cando levan anos estes profesionais loitando pola creación dese colexio. Por iso nos preguntamos cal será a razón para que chegue agora este proxecto de lei, para que chegue agora que remata a lexislatura, cando xa en 2014 foi presentada na consellería a memoria necesaria para solicitar a creación dese colexio.

Anos que levan loitando os profesionais polo seu colexio, e estes dous últimos anos, concretamente, escribindo cartas a todo o mundo, buscando apoio, á valedora do pobo, ao presidente da Xunta.

A min gustaríame que o Goberno, neste caso o deputado do Grupo Parlamentario Popular que vai intervir a continuación, nos explicara as razóns para esa demora. Pero como seguro que non o vai facer, despois de escoitar o señor Rueda, fareino eu.

Eu entendo que a demora deste proxecto de lei é a falta de interese por estes profesionais. E a prása de traelo agora no tempo de desconto, e por un procedemento expreso, non é outra que a proximidade electoral.

E digo isto porque outras leis que trouxeron por ese mesmo procedemento foron sempre, sempre, na proximidade das campañas electorais. E ademais da proximidade das eleccións, tamén penso que pode influír o feito de que se trata dun texto fácil, dun texto rápido, dun texto que non ten custo para o Goberno, e así poden vostedes presentar unha lei máis para cumprir co número de leis.

É que está clarísimo, aquí podemos dicir moitas cousas, pero ao final a verdade é a que é. Do que se trata é de poder cumprir co número de leis que se comprometeron vostedes a facer nesta lexislatura, entón, como nos queda media hora, imos facer as faciliñas. Esa é a única razón. Porque se de verdade estiveran vostedes preocupados por esta profesión, non nos terían todo ese tempo esperando.

Non ten sentido que non se acordaran dos terapeutas cando se debateu sobre a creación do último colexio, do Colexio de Dietistas-Nutricionistas. Por certo, que dende o noso grupo o puxemos enriba da mesa naquel debate. Ademais, se de verdade estiveran preocupados por este colectivo, por esta profesión, respectaríanos un pouco e contemplaríanos, adecuadamente, en todos os servizos públicos onde teñen que estar.

Porque o señor Rueda falounos de que no papel –pero, lamentablemente, só no papel– fan moi bo papel ou moi bo labor no coidado e na valoración das persoas maiores, por suposto; no coidado e na educación dos nenos e das nenas, por suposto. Pero, señor Rueda, non lle escoitei ningunha palabra, ningunha palabra, cousa que me parece moi grave, porque –insisto– é a súa responsabilidade, e sempre a esquece, a da igualdade; vostede non os men-

cionou nin nos CIM, nin na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, onde fan un labor moi interesante. ¡Que esquecemento máis curioso, señor Rueda!

Así que remato xa. Nós imos apoiar a creación deste colexio, aínda que para nós chega tarde e chega mal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bos días.

Bos día ás persoas representantes da Asociación de Terapeutas Ocupacionais que están na grada.

A creación deste colexio profesional é unha demanda hoxe das profesionais do colectivo, representado ata o de agora pola Asociación Profesional Galega de Terapeutas Ocupacionais, a quen agradezo, de verdade, a súa presenza, ademais de toda a súa preocupación e o seu traballo a prol da consecución do seu obxectivo de aprobación desta lei nesta lexislatura.

E gustaríame personalizar este traballo de todo o colectivo en Andrea –presidenta que hoxe non pode estar presente–, quen se puxo en contacto con este portavoz despois da aprobación da Lei do colexio de Dietistas, e con quen mantiven distintas reunións como presidente da asociación, e en Paula, secretaria da mesma, que hoxe está neste hemiciclo.

Este proxecto de lei foi aprobado no Consello da Xunta do día 23 do pasado mes de xuño. Na memoria xustificativa expóñense os motivos que interesan para a creación deste colexio profesional. Está claro que ten interese xeral, aínda que algúns compañeiros parece ser que non o queren ver.

Fundaméntase na protección efectiva do dereito á saúde, permitindo aos profesionais integrarse nunha organización capaz de ordenar o exercicio da profesión, controlando o cumprimento das normas deontolóxicas para protexer os intereses dos usuarios no desenvolvemento das actividades destes profesionais. Efectivamente, xa se falou aquí dos colexios que hai, son doce en doce comunidades autónomas, e do Consello Xeral a nivel do Estado.

Dende o ano 1990 había un título de diplomado en terapeuta, dende o ano 2009 hai un grao universitario, que son as titulacións válidas, en principio, máis as habilitacións para exercer esta profesión.

Está incluída, xa se dixo tamén, nas profesións sanitarias, e teñen funcións como a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional, que tenden a poten-

ciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas, diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento de tales funcións.

Efectivamente, a lei é unha lei moi curta e ten catro artigos e unhas disposicións adicionais.

En xaneiro deste mesmo ano 2016 foi cando a Asociación Profesional Galega de Terapeutas Ocupacionais presenta na Vicepresidencia un escrito de solicitude de creación do seu colexio profesional, que rectificaba e completaba a documentación que se entregara coa anterior solicitude de xullo do ano 2014. Engaden, tamén, unha completa memoria xustificativa da conveniencia e das razóns para solicitar a creación do colexio profesional. Achegan unha completa análise dos textos legais que afectan esta profesión, as distintas funcións e ámbitos de actuación dos terapeutas, que, basicamente, son: sanitarios, sociosanitarios, educativos, de asesoramento e ámbito docente dos propios estudos de terapia ocupacional. A día de hoxe, a maioría dos terapeutas ocupacionais traballan no eido da atención aos maiores.

Xustifican a necesidade de colexiación destacando a seguridade dos usuarios do servizo, que son atendidos por profesionais cualificados e titulados, a adscrición ao código deontolóxico dos profesionais, a loita contra o intrusismo e a formación continuada.

En canto á xustificación das necesidades de creación dun colexio en Galicia, tamén inclúen o elevado número de promocións de diplomados e graduados en terapia na Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña, a defensa, a representación, a asistencia e xestión en beneficio dos profesionais, e a promoción, publicación e difusión da terapia ocupacional diante das administracións públicas, institucións, entidades e outros colectivos.

No DOG do 4 de marzo deste ano 2016 publícase o anuncio de información pública –porque, señorías, hai que poñelo a información pública e hai que pedir informes, e desde xaneiro facelo antes destas datas, creo que non era excesivamente fácil– e non se presenta ningunha alegación a este texto. E si se achegan os informes correspondentes, a memoria xustificativa económica de Vicepresidencia, o Informe de impacto de xénero emitido pola Secretaría Xeral de Igualdade, que fai unhas consideracións que se aportan e aparecen no anteproxecto e no proxecto, e o informe de sostibilidade financeira, que demostra que non hai custo económico. E a Consellería de Sanidade non só non fai observacións, senón que emite un informe favorable, igual que a Consellería de Política Social, que cualifica a iniciativa como positiva e valiosa para o sector dos servizos sociais.

O Consello Galego da Competencia informa favorablemente o proxecto, a pesar de que se axusta á legalidade, o que non impide a realización dun ulterior exame de adecuación dos futuros estatutos do colexio de terapeutas.

A Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Consellería de Presidencia informa favorablemente, tamén, o anteproxecto e o Consello Económico e Social –como noutra ocasión precedente que a min me tocou vivir– manifesta as súas reservas sobre a necesidade da existencia de entes como os colexios distintos das asociacións e sindicatos representativos de intereses profesionais. Reitera todas e cada unha das consideracións que presentou con motivo da aprobación da Lei de creación do Colexio de Dietistas-Nutricionistas.

Pasamos a falar das emendas.

Nós non imos aceptar a emenda de devolución do Grupo Mixto, porque pensamos que non hai razón que non xustifique a creación deste colexio profesional. Realmente está claro que o grupo é mixto, ¿non?, porque a deputada señora Iglesias preguntou ao señor vicepresidente e está a favor da creación do colexio, e as outras dúas deputadas desa terna están en contra. Desde logo, están en contra da colexiación fronte aos sindicatos; eu, desde logo, son colexiado e estou afiliado a un sindicato. Creo que non son absolutamente incompatibles, señora Martínez.

E con respecto á emenda con texto alternativo do BNG, tampouco a imos aceptar. Non recoñece o interese público, e se non hai interese público non pode haber colexio. Fala da voluntariedade, que deixo para o final para contestarlle á señora Acuña, e digo, de entrada, que non se pode explicitar na lei o concepto voluntario e obrigatorio, porque pode implicar, e de feito xa pasou, que se recorra a lei por parte do Goberno do Estado.

Si lle propoñemos, con aceptación previa de todos os grupos, a posibilidade de transaccionar un artigo 4.bis co artigo 5 do seu texto alternativo, do texto do BNG, o mesmo texto aprobado na Lei de Dietistas-Nutricionistas en relación co uso do galego, que di: “O uso do galego nas comunicacións. O Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións, tanto internas como externas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na regulación da normalización lingüística.”

Pedimos que esta transacción se vote separada do resto da emenda do Grupo do BNG e do texto alternativo.

Con respecto á paridade estrita de xénero, temos que dicir que se aplicaron á lei as suxestións da Secretaría Xeral de Igualdade. Asemade, tamén incidir no predominio absoluto do sexo feminino neste colectivo profesional, o que entendo que dificultaría gravemente o cumprimento desa paridade.

E falando do atraso na tramitación da lei, a lei atrasouse porque en Madrid se anunciou a futura aprobación dunha lei de servizos e colexios profesionais, que podía incidir no desenvolvemento desta lei, como nas do resto do Estado, e paralizáronse practicamente en todo o Estado.

E falando da colexiación, neste Parlamento, señorías, aprobáronse unha serie de leis de colexios profesionais no mandato do Bipartito que eran obrigatorias, incluídos os xoieiros. E no ano 2009 un goberno que non era do Partido Popular, o Goberno do señor Zapatero, aproba unha lei de transposición da Directiva europea de servizos, que aproveita para modificar a Lei de colexios profesionais, e retíralles ás comunidades autónomas as competencias para decidir sobre o carácter ou non obrigatorio das colexiacións.

¿Contesteille, señora Acuña? Este é o motivo da voluntariedade, é dicir, que non se recorre a lei.

Remato reiterando os parabéns e o recoñecemento do traballo realizado pola Asociación Galega de Terapeutas Ocupacionais. De verdade, moi agradecido.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica dos grupos emendantes.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

Déanlle voz ao escano da señora Martínez, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, a min a primeira pregunta que se me ocorre é, ¿por que? ¿Por que hai que crear este colexio profesional? Porque, como dixo alguén, é un agravio con outras profesións que existen colexiadas. Evidentemente, non é unha razón nin de interese social nin do beneficio social que produce; polo tanto, non é unha razón legal constituílo por ese motivo. Polo tanto, sigo sen saber cal é o interese que ten a creación deste e doutros colexios.

¿Son peores os profesionais non colexiados? ¿En que se diferencian? O Consello da Competencia fala da colexiación, dá a entender que os profesionais colexiados son mellores profesionais que os outros. Polo tanto, dalgunha maneira obrígase á colexiación.

¿É peor a atención prestada ás persoas usuarias por profesionais colexiados ou non?, ¿vai cambiar a calidade da prestación en función de que exista ou non exista o colexio? Eu creo que, evidentemente, non, polo tanto, tampouco hai aí unha razón para a creación.

A min gustaríame saber cales son as razóns que apoian a creación e a proliferación dos colexios profesionais. ¿É o colexio o único que pode garantir unha formación continua hoxe das profesionais? Entendo que non, entendo que o propio goberno ten que preocuparse desa formación continua, e tamén os centros onde desenvolven a súa actividade profesional. Polo tanto, non entendo que esta sexa tampouco unha razón para crear un colexio.

E si é contrario á loita de clases, si é contrario aos dereitos e aos intereses da maioría da clase traballadora. Eu, que procedo da sanidade, sei que a sanidade sindicalmente está morta, moitas veces, porque cada profesión ten o seu sindicato corporativo, non hai unha unión; cada un defende os seus intereses corporativos, e así a CIG, CIG-Saúde, levou unha loita pola descolexiación das DUE, ata que se aprobou a Lei 2001, onde os profesionais da sanidade pública non teñen que estar colexiados obrigatoriamente, senón que xa responde a propia Administración. Pero si que houbo unha loita sindical contra as colexiacións, que vexo que non é respaldada pola maioría desta Cámara, o cal lamento.

Vou votar en contra. Lamento moitísimo que a oposición non mire que estamos prolongando e que estamos apoiando a creación de estruturas que non benefician a maioría social, e que o único que fan é dividir a loita da clase traballadora nos centros, fundamentalmente, sanitarios.

Polo tanto, sen máis, votaremos en contra e esperamos que algún día se dea un debate san neste Parlamento sobre a necesidade ou non dos colexios profesionais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

Déanlle voz ao escano...

Grazas.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

O BNG vai aceptar esta transacción que propón o Partido Popular. É insuficiente, dende logo non responde ao que cremos que é o mínimo que hai que contemplar a respecto do uso do idioma galego en Galiza nun colexio oficial de Galiza, mais, como é un pequeno avance a respecto de que no texto non existe nin unha soa mención a ese uso do idioma galego, imos aceptalo.

E dito isto, xa que hai esta posibilidade de transacción, estando de acordo a totalidade dos grupos –é dicir, é un mecanismo excepcional–, lamento que –xa que é posible– o Partido Popular non sexa quen de rectificar minimamente. Porque é evidente que, sobre todo no tema da obrigatoriedade da colexiación, o texto, tal como está presentado, deixa lugar ao equívoco, e está redactado para que dea lugar ao equívoco.

É así, porque dicir que o exercicio da profesión de terapeuta ocupacional, con domicilio profesional único, o principal na Comunidade Autónoma de Galiza, requirirá a incorporación ao Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galiza, iso é que requirirá a incorporación; e logo di: “Cando así o estableza unha lei estatal”. ¿Por que é necesaria esta redacción? Porque queren deixalo dun xeito ambiguo. ¿Por que non a redacción alternativa que presenta o BNG?, que di: “A colexiación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galiza ten carácter voluntario, sen que en ningún caso poida considerarse a colexiación neste como un requisito ou condición para o exercicio da actividade profesional”. Debería quedar claramente establecido que é voluntario, vostedes non queren facelo así.

Igual que me vai permitir, señor deputado do Partido Popular, dicirlle que o argumento de que atrasaron a tramitación porque estaban pendentes dunha lei estatal xa llo compramos hai un ano na tramitación do Colexio de Dietistas. ¡Por favor! Actualicen os argumentos. Ese argumento xa nolo soltou e xa llo compramos, un ano despois non podemos comprarlle o mesmo argumento; é dicir, non hai vontade política.

Entón, bueno, dito isto –como dixen antes–, o BNG non se vai opoñer a esta tramitación, aínda que non é o noso modelo. Cremos que non respondeu aos colexios oficiais, a outro momento e a outras necesidades; hoxe non é outro modelo.

Pero toda vez que o Goberno galego e os gobernos estatais seguen nesta especie de limbo de que non queren establecer, realmente, cal é o auténtico entramado administrativo que res-

ponda á realidade actual, e que os profesionais se senten discriminados a respecto doutros lugares onde si están regulados por colexios oficiais, é polo que –insisto– non nos imos opoñer á tramitación. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se manteñen emendas para este debate. O debate farémolo, en primeiro lugar, cunha presentación polo presidente da comisión, e logo un tempo único dos grupos parlamentarios de en torno aos oito minutos.

Para presentar o ditame da comisión ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Baamonde Díaz): Moitas grazas, señor presidente.

O proxecto de lei que acaba de referir o señor presidente –e cuxo título non vou repetir– tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o día 13 de maio de 2016. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 18 de maio, admitiu a trámite esta iniciativa e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e a apertura do prazo de presentación de emendas.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

As emendas ao articulado presentadas, cualificadas pola Mesa da Comisión 1ª e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 8 de xuño de 2016 foron quince emendas; concretamente, tres do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e doce do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión 1ª designou os seguintes ponentes titulares: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a dona María Teresa Cancelo Márquez; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a dona María Soledad Soneira Tajés; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a dona María Tereixa Paz Franco; polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a don Antón Sánchez García; e polo Grupo Mixto, a dona María Consuelo Martínez.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 13 de xuño de 2016. Posteriormente, e logo de sucesivas xuntanzas, elaborou o seu informe, informe que foi obxecto de debate e aprobación na sesión da Comisión 1ª do día 1 de xullo presente, e ratificáronse todas as recomendacións recollidas pola ponencia.

O ditame é o que hoxe se somete a debate deste plenario para a súa aprobación, se se estima oportuno.

Máis nada, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Baamonde.

Iniciamos a rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez. Dende o escano.

Déanlle voz ao escano da señora Martínez. Grazas.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Si, moi breve, porque eu creo que toda a argumentación sobre a colexiación, e a necesidade ou non, está debatida no anterior proxecto de lei.

Si quero, un pouco, engadir aquí que, precisamente, estamos falando non agora da creación dun colexio, senón da fusión de dous colexios xa existentes, o cal reforza a miña teoría do anacronismo dos colexios, da non conexión coa realidade, cando agora os colexios teñen que empezar a fusionarse porque, evidentemente, o mundo de hoxe non é o mundo de hai cen anos. Os gremios non están tan claros e as responsabilidades e as funcións das diferentes profesións entrelázanse e son incapaces de funcionar xa unhas sen outras; polo tanto, nesta cuestión non imos votar en contra.

Seguimos coincidindo coa preocupación do CES sobre a proliferación dos colexios profesionais. O mesmo CES di que non se ve a súa necesidade cando xa existen sindicatos para defender os intereses dos profesionais e das profesionais. E, polo tanto, simplemente anunciar que nos absteremos neste proxecto de lei.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

Déanlle voz ao escano do señor Sánchez, por favor. *(Pausa.)*

Si, por favor, os servizos da Cámara, déanlle voz ao escano do señor Sánchez. Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois eu, moi brevemente, non vou esgotar o tempo, e non é porque teñamos un pleno maratoniano para aforrar tempo, senón porque nós imos apoiar o ditame. Tampouco é un proxecto de lei que teña maior profundidade política –cremos nós–.

A fusión do Colexio de Economistas e Titulares Mercantís cremos que vai cara o obxectivo dunha mellora da eficacia e da eficiencia na consecución dos obxectivos que deben de cumprir as corporacións de dereito público, tanto na defensa dos colexiados como na dos consumidores e usuarios. E de feito nin presentamos emenda de devolución, nin emendas parciais ao texto.

Polo tanto, nada máis que manifestar o noso apoio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días novamente, ou boas tardes, señoras e señores deputados.

Bos días e benvidas as persoas que nos acompañan desde a tribuna do Parlamento para este debate, representantes das persoas sobre cuxo colexio hoxe estamos a debater neste Parlamento.

Efectivamente, esta lei non pretende a creación de ningún colexio profesional, senón simplemente avalar a fusión dos colexios provinciais de titulares mercantís e de economistas, decidida, previamente, polos propios protagonistas, polos distintos colexiados dos distintos colexios. Ademais do que sinalou o señor Sánchez de adaptarse a un novo momento desde o punto de vista social, tamén xurdido da necesidade de adaptarse ao novo marco de titulacións existentes actualmente despois de Bolonia no conxunto da Unión Europea e tamén no Estado español.

O Bloque Nacionalista Galego votou a favor na toma en consideración deste proxecto de lei e presentamos emendas ao seu articulado, que xa as retiramos no trámite anterior de comisión. Porque –como xa expliquei naquel momento– se trataba de emendas simplemente que presentabamos para propiciar un debate, para deixar testemuño nesta Cámara, neste final de lexislatura, de cal criamos nós –desde o noso punto de vista– que debería ser o horizonte cara o que camiñaran estes catro colexios profesionais que nacen coa aprobación desta lei.

Todas as emendas que presentaba o Bloque Nacionalista Galego tiñan un único fío condutor, e era o de que nós criamos que isto tiña que tender a ser un colexio profesional galego coa estrutura que despois, por suposto, os colexiados decidisen no futuro; pero ese tiña que ser o punto de chegada. Eramos plenamente conscientes de que nin xuridicamente era posible á altura na que estabamos debatendo esas emendas, porque suporía retrotraer todo o proceso xa levado a cabo polos respectivos colexios que hoxe se fusionan a través desta lei. E, desde logo, esa non era a pretensión do Bloque Nacionalista Galego, desfacer ningún camiño xa andado polos colexios.

Entendemos, ademais, que tratándose dun proceso de certa complexidade, desde o punto de vista burocrático, administrativo, de acomodar hábitos de traballo, formas de traballo, etc., dos diferentes colexios, posiblemente sexa moito máis intelixente, ou moito máis prác-

tico, ir dando pequenos pasos; pero –en todo caso– o que queríamos era deixar testemuño de que ese debería ser o horizonte.

E queríamos, con estas emendas, facerlle ese chamamento non só aos deputados e deputadas que no futuro ocupen os escanos desta Cámara, senón tamén aos propios que teñen que ser os verdadeiros protagonistas dese proceso, que son os membros –os integrantes e as integrantes– do Colexio de Economistas dos distintos colexios de economistas provinciais que se crean a través desta lei.

Polo tanto, retiradas as nosas emendas xa no trámite anterior de comisión, non mantidas para este pleno, xa votamos favorablemente o ditame na comisión. E, por suposto, neste pleno tamén imos votar favorablemente a aprobación deste proxecto que, en breve, se converterá en lei e que dará consolidación final á decisión xa tomada polos diferentes colexios de titulados mercantís e economistas para unificarse.

Só me falta –xa que están aquí todos os representantes, ou moitos representantes, deses colectivos– desexarlles moita sorte e moitos éxitos nesta súa nova andaina.

Moitas grazas e boas tardes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Soneira.

Déanlle voz ao escano da señora Soneira, por favor. Grazas.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Eu quería empezar por onde rematou a señora Paz, darlles a benvida aos representantes dos colexios que hoxe fusionamos aquí. E se me permiten, ademais –dada a hora que é–, dicir que, polo que estamos vendo, esta lei vai ter un referendo abrumadoramente maioritario por esta Cámara. E o que una esta Cámara, que tampouco é moi frecuente no país no que estamos, pois que non o separe algunha veleidade futura, porque ese é o camiño, que é aunar esforzos e obxectivos.

E nós imos aprobar esta lei por varias razóns, primeiro, porque hai un acordo dos propios colexios que así o deciden en asemblea, que así o elevan a documento público e que figura na documentación que temos nesta lei. Polo tanto, isto non é nada que veña imposto, senón que xorde á parte e, evidentemente, para adaptalo á lexislación básica do Estado; pero tamén porque hai unha vontade clara, como así o amosan os acordos tomados polos propios colexios, de maneira individual, de todos os membros nas súas asembleas, e que se traduce nunha clara vontade de unirse e de defender os intereses colectivos e individuais dos seus membros nunha organización máis forte.

E tamén porque, segundo nos manifestaron eles mesmos, e tamén segundo os documentos que algúns deles –e que lles agradezo desde o noso grupo– nos aportaron, é tamén moi importante para o exercicio da súa profesión no marco da Unión Europea.

É dicir, esta fusión o que fai, dalgunha maneira, é homoxeneizar o recoñecemento dunha profesión que en España –digamos– tiña como dous vectores distintos e que en moitos países europeos interpretan que vai nunha soa dirección.

E no espazo económico común da Unión Europea, nalgunhas ocasións, o inicio de proxectos empresariais, da apertura de despachos profesionais, etcétera etcétera, pois atopábanse con algunha dificultade.

E despois, tamén, case de maneira egoísta, e aquí quero agradecer o espírito construtivo de colaboración da ponente do Grupo Popular, que, en último extremo, o grupo maioritario é o que decide o que se aproba ou non nesta Cámara, porque é o que ten a capacidade, cos seus votos, de dar as maiorías ou non. E as emendas que presentou este grupo –tres–, que non interferían para nada na parte troncal do que aquí defendían e propuxeron os propios colexios que se queren fusionar, pois aceptou dúas literalmente, unha delas transaccionouna, e debo dicir que, incluso, creo que se mellorou.

Sorpréndeme, incluso no debate anterior que houbo aquí, porque neste colexio, en concreto, independentemente ou non independentemente, senón supeditado despois ao que diga a asociación estatal, se recoñece que a colexiación é voluntaria, e, polo tanto, nós agradecemos.

Tamén fai unha distinción que é moi importante, é a aplicación da lei de paridade en todos os seus extremos, nunha profesión fortemente feminizada, que é moi importante. Posiblemente, ao mellor nestes colexios no futuro a dificultade será en que na porcentaxe de varóns e de mulleres pois teñan unha dificultade en contra dos varóns, pero, en fin, será un problema que, en todo caso, terán que solucionar eles de maneira autónoma.

Polo tanto, señor presidente, non temos nada máis que argumentar. Para nós repetir o debate que tivemos na comisión, e, como xa dixen ao principio, o Grupo Socialista vai apoiar esta lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Popular, señora Canelo.

A señora CANELO MÁRQUEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, especialmente aos nosos convidados, representantes dos colexios de economistas e tamén de titulados mercantís.

Se me permiten, antes de facer a miña intervención, quería facer unha lembranza, manifestar as condolencias deste Grupo Parlamentario Popular a unha figura que non é de economista, pero si tivo o seu papel na formación dos economistas nesta terra; estoume a referir ao profesor Luis Suárez-Llanos, que foi decano da Facultade de Ciencias Económicas e Em-

presariais, e, entre outros cargos, tamén presidente do CES de Galicia. Unha lembranza porque foi o profesor de moitos de nós que estamos aquí, e quería aproveitar esta intervención para lembralo.

Hoxe estamos a debater, precisamente, o proxecto de lei de fusión dos seus colexios provinciais, lei motivada pola necesidade, pero tamén pola oportunidade, que xorde tras a posta en marcha dos novos títulos nas áreas de economía e de empresa dentro do marco do espazo europeo de educación superior.

Para establecer os antecedentes, sinalar que xa no ano 2003 o Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e o Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís iniciaron os traballos conducentes á unificación de ambas entidades. O dito labor deu o seu froito en xuño de 2011, momento no que o Congreso dos Deputados aprobou admitir a trámite e trasladar ao Goberno unha proposición de lei sobre a creación dun consello xeral que os unificase, o que desembocou na Lei 30/2011.

En relación coa fusión destes colexios, a súa necesidade –pero, como xa sinaléi anteriormente, tamén oportunidade– ten como punto de partida a transformación das antigas diplomaturas e licenciaturas das áreas de economía e de empresa nos novos títulos de grao, co que xorde a necesidade de agrupar nesta nova corporación, froito da fusión, estes titulados. Todo acompañado polo feito de que estes colexios traballan no mesmo mercado, se dirixen a públicos similares e a súa formación tamén é coincidente.

Así está recollida na xustificación da Lei 30/2011, que crea, por fusión, o Consello Xeral de Economistas de España, e que na súa argumentación recolle a distinta procedencia académica dos profesionais que integran estes colexios, que durante anos desenvolveron as súas funcións no sector público, no ámbito académico, na empresa ou mediante o exercicio libre da profesión.

Neste contexto, cada organización colexial levou a cabo as súas propias actividades de formación e perfeccionamento, os seus propios rexistros de asesores, auditores, asesores financeiros, expertos contables, forenses, o que multiplicou esforzos e recursos no mesmo ámbito da actividade.

En relación co que hoxe nos atinxe, a lei indica que serán os colexios das comunidades autónomas os que promoverán a súa unificación ante a comunidade autónoma correspondente, de acordo co previsto na normativa autonómica aplicable. É neste contexto no que os colexios de economistas e de titulares mercantís aproban nas súas asembleas a súa unificación en cada unha das provincias. E correspóndelle á Comunidade Autónoma Galega a competencia nesta materia, o que está regulado na Lei 11/2001.

Así, as fusións que hoxe estamos a debater teñen como obxectivo principal agrupar nun único organismo provincial os profesionais que historicamente desenvolveron unha actividade similar no ámbito da economía e da empresa, e que, ademais, ten recoñecidas as respectivas titulacións como equiparables unha vez superadas as exixencias dos novos plans de estudo.

A unificación destes colexios nace con varias ideas troncais: lograr unha máis idónea articulación da representación e defensa dos intereses dos seus membros, axudando a loitar con maior eficacia contra a competencia desleal e o intrusismo profesional; conseguir un beneficio para a sociedade –falo de consumidores, falo de usuarios–, á que se deben e á que prestan os seus servizos, homoxeneizando a oferta e reforzando a transparencia na contratación de profesionais; lograr, tamén, unha maior eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos que deben cumprir como corporación de dereito público, non soamente polo aforro de medios e recursos, ou a redución de custos; e sentar as bases para que os profesionais do ámbito económico contribúan, na medida das súas posibilidades, ao mellor funcionamento e desenvolvemento da economía local e rexional.

Pero o labor dos colexios non termina nas estritamente regulamentarias, senón que realizan un amplo conxunto de actividades dirixidas a conectarse co ámbito académico; por exemplo, a impartición de cursos e conferencias nas facultades de economía, empresariais ou administración e dirección de empresas, sobre as saídas profesionais que para os estudantes se lles ofrecen por parte de varios expertos que plantexan esas posibilidades que teñen os estudantes de cara á inserción no mercado laboral.

Falo da creación dunha bolsa de emprego con colexiados e empresas de cara a axudar os titulados parados a mellorar as súas posibilidades de atopar un posto de traballo, ou da constitución dunha rede de economistas dedicados á ensinanza, tanto universitaria como non universitaria, na que se debaten temas de importancia para a profesión, pero dende unha óptica máis académica.

As tarefas que desenvolve o colexio son, polo tanto, moi variadas e relevantes, de utilidade para a sociedade, e as funcións que se plantexan nesta lei axudarán a desenvolverlas cunha maior eficacia e eficiencia.

En relacións coas emendas presentadas inicialmente ao proxecto –como xa se comentou–, este Grupo Parlamentario do Partido Popular Galicia aceptou na ponencia dúas das tres presentadas polo Grupo Socialista, e transaccionou a terceira, en aras da procura do maior apoio parlamentario a esta lei. A pesar de que as emendas non aportan absolutamente nada ao texto inicial, porque o que fan é introducir redundancias con respecto a outras leis que lle son de aplicación. Iso xa o debatemos.

En relación –porque esta lei realmente non está a regular os colexios, só os fusiona. A regulación dos colexios oficiais no eido galego está recollida na Lei, xa mencionada, 11/2001– coas emendas do BNG, como xa comentou a voceira, tivemos ocasión de debatelas, e agradezo que non se mantiveran para este pleno, xa que non había a posibilidade de nin de transaccionalas nin de debatelas.

Para concluír. As razóns que xustifican esta unificación baséanse en criterios de eficacia e eficiencia, na consecución dos obxectivos que deben cumprir como corporación de dereito público, que son tanto en relación coa defensa dos intereses dos colexiados, como dos consumidores e usuarios, favorecendo, ademais, a interlocución coas administracións públicas, co sector empresarial e con toda a sociedade.

Trátase dun importante paso para a futura mellora das actuacións profesionais no ámbito económico, en todas e en cada unha das diferentes áreas de actuación. Deste xeito, os profesionais van ver reforzada a súa capacidade de representación e desenvolvemento profesional. O colectivo resultante da fusión hai que pensar que superará os 5.000 profesionais da economía en Galicia. Isto redundará, ademais, nun mellor servizo ao desenvolvemento da economía xeral, dado que aumentará a transparencia á hora de contratar os servizos profesionais prestados polos colexiados.

En definitiva, con este proceso de fusión destes colexios prodúcese unha adaptación á súa propia realidade, dando resposta ao que vai ser o futuro da profesión, ademais de constituír o xerme dunha entidade máis forte e consolidada e cunha soa voz.

Para rematar, agradecer o traballo na ponencia aos diversos grupos da oposición e tamén aos servizos da Cámara, e tamén agradecer aos grupos da oposición –estoume a referir ao Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, BNG e Partido Socialista de Galicia– o seu apoio a esta lei. Tamén, incluso, agradecer a abstención do Grupo Mixto, porque esta lei vai aprobarse, ao final, sen ningún voto en contra. Porque, como xa sinalamos, pensamos que é unha lei útil, que dá resposta a cuestións singuladas polos distintos colexios que traballan pola nosa comunidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cancelo.

Remata aquí este texto lexislativo.

O señor PRESIDENTE: Remata aquí este texto lexislativo. Continuamos co ditame elaborado pola Comisión 3ª.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística

O señor PRESIDENTE: No debate mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

O debate será como o que acabamos de ter: presentación do ditame da comisión polo presidente e unha única rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións, en torno aos oito minutos.

Comeza presentando o ditame o presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o señor Sánchez Bugallo.

¿Que non está? A ver se o poden avisar, por favor. Se está a vicepresidenta, vale a vicepresidenta. ¿Ten o ditame aí? Pois, veña, léao. Non, non, imos abreviar. Léoa vicepresidenta e non pasa nada.

A señora VICEPRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (García Pacín): Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 30 de maio de 2016. A Mesa do Parlamento, na reunión do 31 de maio, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e os grupos parlamentarios non presentaron emendas á totalidade. Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presentou trinta e sete emendas; o do Bloque Nacionalista Galego, vinte e tres; o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, dezaoto; e o Grupo Parlamentario Mixto, cincuenta e nove, que foron cualificadas o 20 de xuño de 2016.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 23 de xuño de 2016, designou a ponencia. Na reunión do 28 de xuño de 2016 a ponencia estudou o texto articulado do proxecto, xunto coas emendas presentadas, e rematou o seu informe, que contén as recomendacións que lle fixo a comisión, consistentes en aprobar as emendas números 1, 3, 4, 6 e 8 do Grupo Parlamentario Mixto; as números 3, 4 e 5 do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda; as números 2 e 3 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; as números 3, 4, 5 e 17 do Grupo Parlamentario dos Socialistas; e unha emenda transaccionada elaborada coa número 19 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A comisión, reunida o 1 de xullo de 2016, aprobou por maioría o informe da ponencia. O texto do ditame que se somete a votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos, seguida de vinte e cinco artigos, disposición adicional, disposición transitoria, unha disposición derogatoria, dúas derradeiras e tres anexos.

Continuamos, entón, se lle parece, o debate.

O señor PRESIDENTE: Pois moitas grazas, señora vicepresidenta, señora García Pacín.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame, se é o caso, defender as emendas mantidas e posicionarse sobre as emendas dos demais grupos.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

O Grupo Mixto, como se vía no informe da comisión, presentou cincuenta e nove emendas a este proxecto de lei, das que catorce se relacionaban co articulado e corenta e cinco cos anexos. Das cincuenta e nove emendas, foron aceptadas cinco, todas elas referidas ao articulado, e rexeitadas as cincuenta e catro restantes, entre as que constan todas as emendas presentadas aos anexos.

Polo tanto, mantemos a emenda núm. 2 ao artigo 4, que pretende incluír na avaliación unha análise da execución do plan e do grao de satisfacción, coñecemento e utilidade que lle outorga a sociedade. Esta emenda está en correspondencia co establecido no artigo 5.1 do propio proxecto de lei, que establece como obxectivo central do plan responder ás demandas dos axentes económicos e sociais e mais da cidadanía. É incomprendible que a lei marque como obxectivo responder aos intereses da cidadanía pero se negue a facer unha avaliación de se responde ou non aos intereses da cidadanía.

Tamén mantemos a emenda número 5 ao artigo 5.1 que engade, ademais do segredo estatístico, a garantía de perspectiva de xénero nas actuacións do Sistema estatístico galego. Calquera estatística que non teña en conta a perspectiva de xénero é enganosa, xa que enmascara a discriminación de xénero enquistada na nosa sociedade.

Mantemos, tamén, a emenda 7 de substitución do artigo 7.2 que establece simplemente o obxectivo de investigación estatística, mellorar os métodos e procedementos, pero non establece que debe facer para chegar ao obxectivo. Por iso, incluímos nesta emenda que as investigacións deben contrastar a eficacia dos cuestionarios, procedementos e métodos empregados para proceder á súa actualización e mellora. Non ten sentido iniciar un plan e despois non avaliar se os métodos que se están utilizando son... os procedementos son realmente axeitados e están dando a solución que se buscaba, están respondendo aos obxectivos que se buscaban.

Mantemos, tamén, a emenda 9 ao artigo 11 para que o informe do seguimento do Plan sexa presentado ao Parlamento no primeiro trimestre do ano seguinte da súa execución. Parece lóxico que dito informe teña un tempo axeitado para a súa realización pero tampouco pode afastarse demasiado do tempo do seu interese. E o que parece lóxico é que, rematado cada ano, se avalíe o Plan, se mire se se cumpriron todos os obxectivos anuais, se hai algún obxectivo que teña que retomarse ao ano seguinte por estar incompleto, etc. Entón, se se negan as avaliacións anuais do Plan, evidentemente estase negando a propia eficacia do Plan.

Tamén defendemos a emenda número 10 ao artigo 12.1, que elimina a colaboración con entidades privadas, porque o labor estatístico debe ser unha actuación da administración que, ao noso entender, non debe quedar en mans de iniciativas privadas para garantir a auténtica obxectividade.

No mesmo sentido mantemos a emenda 14 ao artigo 19.3. Mantemos a emenda 11 ao artigo 12.2. O texto do proxecto de lei non deixa claro en que casos o Instituto Galego de Estatística realizará as actividades estatísticas dos departamentos de carácter sectorial que carezan de recursos e en que casos non. Só di que estes departamentos poden recorrer ao IGE para que lle faga eses estudos estatísticos, pero non di en que casos o IGE debe responder positivamente e en que casos non; en que circunstancias si ou en que circunstancias non. É dicir, non hai ningún compromiso de que ditos estudos sexan realizados polo IGE cando non o poidan facer os departamentos sectoriais.

Manteño, tamén, a emenda 13 de substitución ao artigo 18.2 para promover a cooperación estatística transfronteiriza coa rexión norte de Portugal. Considero que hai moitas variables

económicas e sociais que poderían ser obxecto de análise e aportar información e coñecemento sobre a rexión. Creo que é imprescindible para o crecemento desa rexión e para o liderado de Galiza nesa rexión achegar, tamén, as avaliacións de como está a economía na propia rexión, como están as condicións sociais e económicas da eurorrexión para avanzar conxuntamente na mellora das mesmas. Non entendemos por que o Partido Popular se nega a reforzar esa visión da eurorrexión Galiza-norte de Portugal.

Mantemos, tamén, todas as emendas presentadas aos anexos das que vou destacar só algunhas que considero especialmente importantes, como a emenda 19 á sección 4, de traballo, que incorpora a conciliación laboral, persoal e familiar. Esa emenda, en particular, debería ser aceptada, xa que é imprescindible ir analizando como vai evolucionando a conciliación para tomar as medidas necesarias cara mellorar a conciliación persoal, familiar e laboral como un elemento fundamental para a recuperación dos índices de natalidade.

Pero, ademais, procedemos tamén a presentar, a través da emenda 23 á sección 5ª, unha emenda que a pasa desta sección 5ª de condicións sociais á sección 4 que é traballo porque ao empezarmos a dicirlles ás empresas que a conciliación non é só un tema social, senón que é un tema fundamentalmente empresarial que as empresas teñen que estar totalmente vinculadas a ese proceso de conciliación, non pode ser que as empresas queden á marxe e que isto non se corresponda cun obxectivo que teñen que conseguir as empresas, cunha obriga das propias empresas. É unha función social, é imprescindible que as empresas entendan a importancia da conciliación porque o problema demográfico de Galiza ten moito que ver con esta falta de conciliación e necesitamos que todos os actores políticos, económicos e sociais estean loitando por acadar este obxectivo.

Tamén mantemos as emendas 20, 21, 22 á sección 4 en relación... á sección 4 é de traballo e igualdade nas relacións laborais, a conflictividade laboral e a negociación colectiva. Entendemos que é necesario tamén avanzar nos estudos estatísticos do mundo laboral que non se tratou nunca, que nunca tivo interese de ningún goberno de pararse a estudar como está o mundo laboral, cales son as mobilizacións, por que se mobilizan os traballadores e as traballadoras galegas, que é o que reclaman, nunca se fixo ningún estudo dese tipo.

Tamén mantemos a emenda 24 que incorpora a discriminación de xénero pois consideramos que son importantes e imprescindibles informes estatísticos das variables que nos indican como vai evolucionando a situación da discriminación de xénero e o obxectivo da igualdade no noso país.

Mantemos as emendas 25, 28, 29 e 30 relacionadas co idioma galego, as relacionadas co sector agrario, as relacionadas coa industria innovadora e a produción enerxética, cos gastos e recursos en educación e en servizos sociais. Algo que se denegou, tamén, que é facer estudos estatísticos con eses rexistros sanitarios, que os temos e, se os temos ¿por que o Partido Popular se nega a aproveitalos para facer unha análise estatística sobre os mesmos?

E, tamén, a emenda 47 sobre o consumo de drogas legais ante a alarma que dan os propios médicos do Sergas sobre o alto consumo que está tendo a sociedade galega durante toda esta

crise, como foi aumentando, non só as drogas ilegais senón, tamén, as drogas legais que teñen unha grande repercusión sobre a saúde.

Remátase o tempo, nada máis. Apoiaremos todas as emendas presentadas pola oposición e que foron rexeitadas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, xa case tardes, a todos e a todas.

O termo estatística comparte etimoloxía co termo estado e foi definido por iso como a ciencia do estado, a estatística, porque é algo fundamental –estamos a falar dunha disciplina fundamental– para o desenvolvemento da acción de goberno. A Asemblea Xeral das Nacións Unidas recoñece a importancia fundamental das estatísticas oficiais para o desenvolvemento dos pobos. Sen dúbida, as estatísticas públicas son unha ferramenta esencial para a avaliación das políticas públicas, para establecer indicadores sobre o grao de benestar social ou desigualdade dun país, para coñecer as variables económicas, demográficas, culturais e de toda índole que condicionan o funcionamento das sociedades democráticas. En definitiva, son unha ferramenta esencial para que os cidadáns poidan exercer o seu dereito a unha información pública.

É tal a importancia das estatísticas públicas que foron recoñecidas e veñen recollidas no apartado 6 do artigo 27 do Estatuto de Galicia e foron desenvolvidas por leis de estatísticas posteriores en Galicia. Toda acción de goberno depende en boa medida do emprego rigoroso de datos fiables que permitan coñecer a realidade socioeconómica sobre a que se incide. E desgraciadamente, nesta mesma Cámara, asistimos con frecuencia –sobre todo en todas as sesións de control– a como o Goberno facía un desprezo constante e reiterado sobre os datos oficiais ofrecidos polos organismos públicos, fundamentalmente contra o Instituto Galego de Estatística e este desprezo verbal na Cámara ten unha correlación directa no desprezo que se fai ao propio Instituto Galego de Estatística.

No ano 2009 o IGE contaba con 5.195.000 euros de orzamento; no ano 2016 o orzamento do IGE é de 3.979.206 euros. Isto implica unha redución do 23,4 % do orzamento dispoñible deste instituto público. E se falamos dos cadros de persoal a equipa do IGE veuse reducida en 10 persoas, pasando dos 74 traballadores e traballadoras dispoñibles no ano 2009 aos 64 existentes na actualidade. Por iso, Alternativa Galega de Esquerda presentou unha serie de emendas dirixidas, precisamente, a recuperar os recursos dispoñibles para o Instituto Galego de Estatística e, para iso, propuxemos engadir aos obxectivos que están contemplados no actual Plan Galego de Estatística –que son tres: informativos, instrumentais e de calidade– unha nova categoría, unha cuarta categoría de obxectivos que son os obxectivos organiza-

tivos, contemplados nas nosas emendas número 1 ao artigo 1, número 6 polo que se crea ou pretendíamos que se creara o artigo 6.bis, e mesmo na emenda número 18 á exposición de motivos. ¿Con que finalidade? Diciáo ao principio: coa finalidade de crear unha serie de obxectivos organizativos para garantir, en primeiro lugar, unha recuperación dos orzamentos dispoñibles para o IGE. En segundo lugar, ampliar os seus cadros de persoal. E, en terceiro lugar, actualizar a formación dos traballadores e das traballadoras. Todo iso nun marco de planificación e actuacións necesarias de cara ao futuro. Pero esta emenda, estas emendas, todas elas, foron rexeitadas polo menos no debate en comisión.

Presentamos tamén unha emenda dirixida a garantir a axeitada avaliación dos sucesivos plans galegos de estatística, de xeito que esa se produza, esa avaliación, se produza nunha comparecencia específica en comisión antes da presentación dun novo plan. Esa debera ser a lóxica dende o noso punto de vista do debate. Non sucedeu así este ano e tampouco vai suceder no ano que vén, posto que esta emenda número 2 ao artigo número 4 foi rexeitada.

Presentamos unha emenda para garantir o carácter e finalidade pública do IGE a través dunha emenda ao artigo número 9. ¿Por que? Porque este artigo contempla a posibilidade de colaboración con organismos privados por parte dos organismos estatísticos públicos. Unha posibilidade que, se ben non se pode desterrar, dende o noso punto de vista nunca pode ser un pretexto para suplantar ou externalizar as funcións que lle son propias ao Instituto Galego de Estatística. Nós o único que pretendíamos con esta emenda era salvaguardar as funcións e o carácter público, evidentemente, do IGE, pero tamén foi rexeitada, o cal abre unha vía de temor pola nosa banda sobre cales son as pretensións do Goberno galego.

E entrando xa no que son as emendas ao anexo do Plan Galego de Estatística onde se contemplan as metas informativas, é dicir, os capítulos de investigación estatística concretos, realizamos unha batería de propostas para que se fixera unha investigación estatística sobre ámbitos que nós consideramos fundamentais, sobre todo ámbitos nos que cremos que se debe de profundar a investigación estatística:

En primeiro lugar, sobre a desviación de doentes da sanidade pública a centros privados, porque entendemos que isto ten un custe moi elevado para as arcas públicas e porque supón un mecanismo de privatización dun servizo público fundamental. Queremos saber exactamente e debería facerse un seguimento do volume do número de doentes desviados da sanidade pública aos centros privados.

Tamén, sobre a evolución do alumnado matriculado en relixión católica nos centros de ensino público de Galicia que supón un custe de 28 millóns de euros anuais e, sen embargo, non temos unha constancia de que esa demanda se corresponda co número de alumnado matriculado.

Parécenos moi importante, tamén, facer un estudo estatístico sobre o uso da lingua galega no ensino, afectado profundamente por un cambio normativo como é a aplicación do Decreto do plurilingüismo e que, polo tanto, debe de ser obxecto de exame e avaliación. Tamén sobre o uso do galego na administración, frecuentemente debatemos nesta Cámara e debatemos

e discrepamos sobre o nivel de uso, uso, non só de coñecemento da lingua galega. Polo tanto, datos e rigor para o debate serían beneficiosos para o noso idioma.

Tamén sobre o número e evolución das execucións hipotecarias en primeira vivenda, porque os responsables do Goberno afirman, recoñecen descoñecer ese dato, ofrecendo soamente datos de execucións hipotecarias xerais. Polo tanto, non só sobre primeiras vivendas nos parece isto esencial.

Tamén en materia de investigación sobre a evolución do persoal investigador e do gasto en I+D+i, porque nos parece que son liñas de actuacións fundamentais para o futuro do noso país. Sobre os prezos medios do leite nun contexto como o actual de crise aguda para as nosas explotacións agrogandeiras. Tamén neste mesmo sentido sobre o emprego no sector agrogandeiro e outras moitas metas informativas que presentamos e que foron rexeitadas.

En total, de feito, das dezaioito emendas que presentou a Alternativa Galega de Esquerda soamente tres foron aceptadas; das cento trinta e sete emendas presentadas por todos os grupos da oposición soamente foron aceptadas catorce...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: E, de feito, estamos a falar dun proxecto de lei ao que o propio Partido Popular non presentou ningunha emenda.

Dende o noso punto de vista, cremos que existe a oportunidade de mellorar este plan, pode aínda facelo o grupo maioritario apoiando as emendas da oposición. Unhas emendas da oposición que nós imos votar en coherencia co expresado en comisión de xeito favorable. E reservámonos a opinión con respecto ao ditame en función de como se manifeste o voceiro do grupo maioritario.

Dende unha premisa básica –e xa remato, señora presidenta–, é que nós defendemos o dereito a unha información pública rigorosa e veraz, baseada en criterios científicos, dispoñible e accesible para todos e que sexa actualizada e suxeita ás necesidades da sociedade galega.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, deputados e deputadas.

En primeiro lugar, quero manifestar que o Grupo Parlamentario do BNG se aleda de que hoxe esteamos debatendo o Plan galego de estatística. Porque por moito que esta lei teña un marcado carácter técnico, para Galiza é estratéxico dispor dunha boa información estatística. É

estratéxico porque dispor dunha boa información estatística que contribúa a dotar de ferramentas de coñecemento da realidade do noso país é imprescindíbel para operar nesa realidade e transformala nun sentido positivo. Para Galiza, por tanto, é estratéxico contar cun instituto estatístico público.

¿E por que comezo con esta reflexión? Porque quero lembrar que no Proxecto de lei de racionalización do sector público autonómico se contemplaba nunha desas ocorrencias ás que nos ten tan acostumados o Goberno Feijóo a desaparición do IGE tal e como hoxe o entendemos. Contemplábase a súa integración co CIXTEC, cando as funcións do IGE e do CIXTEC son moi distintas e, por tanto, dificilmente integrábeis. E ademais aquela integración ameazaba a propia independencia do IGE, ao convertelo nunha simple ferramenta do Goberno; algo que podería desvirtuar a súa función e a propia calidade e obxectividade dos seus traballos. Afortunadamente, na tramitación parlamentaria daquel proxecto o Grupo Popular foi razoábel e aceptou as emendas da oposición que evitaron aquel disparate. E hoxe todos os grupos coincidimos en salienta a importancia do Instituto Galego de Estatística.

Centrándome xa na defensa das emendas, o Grupo Parlamentario do BNG presentou vinte e tres emendas a este proxecto de lei, tres delas afectan o articulado e as vinte restantes os anexos. En comisión aceptouse a emenda 2 ao artigo 7, que propón incluír entre os obxectivos instrumentais do plan a consolidación e profesionalización dos órganos estatísticos sectoriais. Aceptouse tamén a nosa emenda 3 ao artigo 8, que propón incluír entre os obxectivos de calidade o reforzamento da transparencia das estatísticas.

E dado que estamos a falar de transparencia, permítanme que faga un alto para trasladar unha petición dos propios profesionais do IGE. Na páxina web da Xunta non hai ningún acceso directo á información estatística, pese a que estamos a falar dunha cuestión transversal. A súa busca é unha auténtica carreira de obstáculos, hai que marcar temas, despois a economía, a empresa e o emprego, e finalmente a economía galega para acceder ao portal do IGE. Por tanto, dado que está vostede, señor conselleiro, asistindo a este debate, prego que tome nota desta petición e se solucione este problema, e que exista un acceso directo ao portal do IGE na páxina web da Xunta de Galiza.

Ben, e continuando co enunciado das nosas emendas, chegouse tamén a unha transacción sobre a base da nosa emenda 19, que propón incluír entre as materias obxecto de estudo estatístico os custos laborais e os beneficios empresariais.

Quedan vivas para debate e votación, por tanto, vinte emendas. A emenda número 1 ao artigo 7 propón a inclusión, entre os obxectivos instrumentais, da garantía de acceso dos investigadores ás fontes estatísticas e á información estatística. Entre as funcións do IGE é fundamental a recompilación e difusión de documentación estatística, desenvolvendo bases de datos de interese público e asegurando a súa difusión. Por tanto, consideramos que garantir o acceso dos investigadores ás fontes e á información estatística debe ser por este motivo tamén un obxectivo instrumental.

O resto das emendas propoñen ampliar os temas que deben ser obxecto de estudo por parte do IGE no marco do Plan 2017-2021. E quero neste sentido compartir a mesma reflexión que

xa fixemos en comisión. Moitas veces nos debates nesta cámara parece como se o Grupo Popular e os grupos da oposición vivísemos en mundos distintos, mesmo á hora de aportar datos. Sería bo por iso que cando aportásemos datos citásemos a fonte. E sería bo que utilizásemos como fonte as nosas fontes; temos un instituto público de estatística, utilicémolo. ¿Cantas veces temos discutido neste parlamento sobre a situación do ensino? Pois sería bo –como propón a nosa emenda 7– ter o coñecemento real de cal está sendo a evolución do gasto público e privado en educación, da evolución do gasto público destinado aos centros concertados e aos centros estritamente públicos, ou da transferencia de estudantes do ensino público ao ensino privado e concertado, e á inversa se se produce.

¿Cantas veces temos discutido sobre a situación do emprego? Pois sería bo –como propón a nosa emenda 8– estudar en profundidade a temporalidade no mercado laboral no noso país, o número de días traballados por contrato temporal, cales son os indicadores da desigualdade salarial ou cal é a taxa real de cobertura ao desemprego en Galiza.

¿Cantas veces temos discutido neste parlamento sobre a situación da lingua galega? Pois sería bo que o IGE estudase en profundidade a evolución do uso da lingua, non só nos distintos niveis do ensino, senón tamén na Administración ou na empresa, como propón a nosa emenda número 10.

Ou se falamos de ciencia e tecnoloxía, sería bo que houbera un estudo en profundidade da evolución do gasto en I+D+i, do persoal investigador ou do número de patentes, como propón a nosa emenda 23.

Como dicía antes, temos un instituto público de estatística, utilicémolo, utilicemos as nosas fontes. Esta é a razón que fundamenta as emendas, que o que propoñen é ampliar as metas estatísticas.

Polo que respecta ás emendas presentadas polo resto dos grupos da oposición, anuncio que o BNG vai votar a favor de todas elas. A maioría propoñen, como o Bloque Nacionalista Galego, ampliar os obxectos de estudo estatístico, ampliar as metas estatísticas.

E no que atinxe ás emendas ao articulado, parécennos especialmente relevantes as que propoñen reforzar a dación de contas ao Parlamento. Tamén a que propón incluír os departamentos de Estatística das universidades galegas na cesión de información estatística. E no que atinxe á colaboración externa, a que propón que a colaboración da organización estatística de Galiza con entidades e organizacións privadas non supoña nunca a suplantación de funcións nin a externalización de tarefas por parte do Instituto Galego de Estatística.

E, por último, estamos totalmente de acordo en que se queremos reforzar o Sistema galego de estatística e ampliar o ámbito temático a abordar neste plan, é fundamental restituír as dotacións orzamentarias e de persoal, que foron recortadas ao longo de todos estes anos, ao Instituto Galego de Estatística.

Estas son as razóns que fundamentan as nosas emendas e a posición de voto do BNG a respecto das emendas presentadas polos grupos da oposición. Polo tanto, solicitamos o apoio

ás emendas presentadas polo BNG. E anuncio que, en principio, nos absteremos na votación do texto final, a non ser que o Grupo Popular faga un maior esforzo á hora de incorporar as emendas presentadas polos grupos da oposición. Temos disposición, se ese esforzo realmente existe e se materializa na aceptación dalgunhas emendas que nos parecen moi razoables, a reconsiderar esta posición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Jorquera.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Conselleiro, señoras e señores deputados.

O Plan de estatística é o conxunto de instrumentos nos que se definen os obxectivos, estratexias e accións para a produción das estatísticas que se requiren no país, tanto para facilitar o seguimento e a avaliación das políticas públicas como para a toma de decisións. Hoxe o uso da estatística esténdese máis aló das súas orixes como un servizo para o Estado ou para o Goberno e utilízase por todo tipo de persoas e organizacións para obter e tomar decisións. Os obxectivos da planificación son garantir a produción e difusión das estatísticas que require o país, para a toma de decisións das políticas públicas e a sociedade en xeral, así como para garantir a coordinación dos diferentes actores dentro da actividade estatística.

Este Plan estatístico faise por un período de cinco anos e ten que ser aprobado por este parlamento. O documento que hoxe nos traen aquí é un documento técnico ao que non lle presentamos unha emenda á totalidade, posto que optamos por facer emendas parciais coa intención de mellorar o dito texto. Ao incorporarse algunha destas emendas que fixemos por parte da Ponencia, entendemos que este texto está mellorado ao presentado, xa que estas emendas eran fundamentalmente técnicas e estaban destinadas ao control da actividade dos órganos estatísticos por parte deste parlamento.

Pero cremos que, ademais destas cuestións, é fundamental seguir profundando no que realmente quere a cidadanía e debería dar resposta este Plan de estatística. En primeiro lugar, este plan debería facilitar o control da acción do Goberno. E, polo tanto, para mellorar o control da acción do Goberno resulta necesario que se incorporen neste plan os elementos que nos permitan avaliar como está funcionando o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e mais que nos diga cal é a situación e o desenvolvemento e os resultados de todos os plans e programas da Xunta de Galicia.

No propio Plan estratéxico establécese que existen uns indicadores de seguimento. Polo tanto, xa que a Xunta de Galicia necesita coñecer estes indicadores, o lóxico sería que todos os cidadáns teñamos acceso a eles a través do IGE. Esta é unha das eivas máis grandes que dende o Grupo Socialista lle atopamos a este plan; un plan que debería estar perfectamente

coordinado co IGE, para que este tivese todos os indicadores necesarios para poder avaliar os resultados das políticas aplicadas polo Goberno da Xunta de Galicia.

Ao estar falando do Plan estatístico estamos a falar dun ben que podemos considerar un ben público, que é a información. Polo tanto, esta ten que ser de calidade, feita con rigor e correctamente homoxeneizada para poder facer comparativas ao longo do tempo. É, polo tanto, un elemento central estratéxico que nos permite coñecer a evolución das variables proporcionadas pola Comunidade Autónoma, así como por outros organismos. A información estatística ten que ser rigorosa, homoxénea e periódica, para poder facer un control exhaustivo da evolución da economía, así como das distintas cuestións que teñen que ver co benestar dos cidadáns. Polo tanto, contar con información axeitada convértese nunha peza básica e fundamental, que debemos poñer en valor precisamente polo significado que ten para todos os cidadáns. O Instituto Galego de Estatística, neste senso, debería ser un elemento central de análise e de produción estatística, con función regulatoria e de garantía de calidade. Tendo en conta que a sociedade é cambiante, polo tanto, as necesidades de información tamén o son.

Señorías, cando falamos de estatísticas estamos falando de datos certos, datos que non deberían discutirse, e que son unanimemente aceptados por todo o mundo. E isto é importante tamén no Parlamento, no debate parlamentario, porque para que o debate sexa posible, polo menos, debemos ter un espazo común, un espazo onde precisamente todos esteamos de acordo, que son os feitos e os datos que aparecen nas estatísticas. Podemos discrepar na súa interpretación, podemos discrepar na súa consideración, podemos discrepar na súa oportunidade, pero o que non deberíamos é discrepar na veracidade dos datos tal e como veñen dados polas informacións estatísticas. Podemos, por poñer un exemplo, discutir cal é a causa da desigualdade en Galicia, pero non sobre o dato de desigualdade. Algo que se dá moi frecuentemente nesta cámara e sobre todo nas preguntas que se fan ao presidente, onde os datos que facilitan a oposición e o Goberno nunca coinciden. Para iso serve, entre outras cousas, a estatística, e como tal temos que respectala todos, cando nos beneficia e tamén cando nos prexudica.

O que hoxe discutimos sería, de ser aprobado, o 5º Plan galego de estatística, este para o quinquenio 2017-2021. E o primeiro que se observa nesta análise deste plan é a continuidade respecto do Plan galego de estatística anterior. A continuidade –hai que dicilo– é un valor que se debe protexer na estatística, por canto esa homoxeneidade permite a comparación de series históricas.

O Grupo Socialista tamén dá continuidade ás emendas presentadas en anos anteriores, e pretendemos mellorar este plan con trinta e sete emendas, seis ao articulado e trinta e unha aos anexos.

Compartimos os obxectivos deste plan, que serán os programas anuais executados para a organización estatística da nosa Comunidade. Mais aínda que compartamos os obxectivos, non quere dicir que non esteamos vixiantes para que estes se cumpran. Pero estes programas que hoxe aprobaremos aquí teranse que materializar por parte do IGE e os órganos estatísticos sectoriais e polo Consello Galego de Estatística.

E como para todos os organismos da Comunidade é fundamental o seu orzamento, un orzamento que se veu mermado nos últimos anos e que é o garante de que estes poidan realizar o seu labor de forma correcta. Hoxe non é o momento de emendar o orzamento do IGE, pero si para recordar a necesidade dun orzamento suficiente para realizar o seu traballo correctamente.

Si que é hoxe o momento –e así o fixemos– para facer emendas ao articulado desta lei. Unhas emendas que pretenden, por exemplo, que se faga por parte deste parlamento un seguimento anual deste Plan de estatística, xa que tal e como vén redactado o texto se podería facer unha comparecencia tan só no ano 2021. Isto privaría a este parlamento de facer un seguimento de fiscalización adecuado do que está a facer o IGE e o resto dos órganos estatísticos. Curiosamente, esa emenda, a número 1, entre outras, non foi aceptada pola Ponencia, e nosoutros mantémola igual que o resto das emendas que non foron aceptadas.

E aínda que non lle fixemos a emenda ao artigo 20, Planificación, queremos deixar constancia de que esta planificación é fundamental para o bo desenvolvemento das tarefas estatísticas. Polo tanto, a Xunta de Galicia teraa que incluír nos programas como operacións ou actividades estatísticas, independentemente de que haxa ou non unha meta de información prevista.

Con respecto aos anexos, incluímos algunhas metas que cremos que serían moi interesantes para poder consultar polos cidadáns e mesmo polo Goberno da Xunta de Galicia. O xa mencionado Plan estratéxico de Galicia 2015–2020, no que deberían figurar os indicadores necesarios para avaliar se os obxectivos fixados no plan se cumpren ou, en caso contrario, poder analizar cales son as desviacións e poder corrixilas no momento adecuado. Tamén é interesante ter datos sobre a realidade demográfica e a súa situación territorial, así como da súa evolución, ou coñecer a calidade asistencial de Galicia e os recursos sanitarios cos que contamos, ou a calidade da formación educativa que temos en Galicia, ou como, por exemplo, a calidade do emprego da nosa comunidade, que son algunhas das emendas que presentamos.

Por todo o exposto, mantemos as nosas emendas e anuncio tamén o voto favorable ás emendas do resto dos grupos, por entender que todas elas contribúen a unha maior calidade da información estatística que contamos na nosa Comunidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Santín.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Señora presidenta, señorías.

Probablemente unha das organizacións máis prestixiosas que existe en Galicia sexa o Instituto Galego de Estatística. É dicir, este instituto, xa tanto nesta época como no época do Bipartito, está proporcionando información en todos os conxuntos profesionais. Eu, que de-

nantes de ser parlamentario desta cámara fun usuario intensivo de todos os elementos estatísticos desta institución galega, considero que un dos elementos máis atinados e máis completos da realidade galega é o Instituto Galego de Estatística.

Entón, realmente, non hai grandes conflitos, pero polas intervencións dos portavoces da oposición paréceme que están dando unha imaxe de que realmente queremos ocultar información, é imprecisa, existen dúbidas... Permítame, polo tanto, señorías, ler o contido do que imos aprobar.

Hai vinte e catro artigos, que, inicialmente, explican como se deben facer as estatísticas, que son case comúns a todas as organizacións, como son as europeas, as nacionais e as galegas, e logo os contidos específicos que se fan en Galicia, que vou ler, porque incluso parece que se cuestiona que non queremos dar información demográfica.

Entón, son de territorio: todo o territorio galego vén explicado; as estradas; a caza e pesca; os recursos naturais e a biodiversidade; a climatoloxía; a calidade do aire; as reservas da auga; a calidade e depuración da auga; os residuos urbanos e industriais; os hábitos e prácticas ambientais.

A estática e a dinámica da poboación, é dicir, inmediatamente coñecemos nacementos, defuncións, crecemento vexetativo, etcétera, etcétera, habitantes, sexo, idade da pirámide de poboación; estrutura dos fogares; dinámica dos fogares; proxeccións demográficas, é dicir, incluso se fan operacións estatísticas de tipo estudo analítico de prospección.

Asistencia sanitaria; listas de agarda, señorías; estado xeral da saúde da poboación; morbilidade; mortalidade por causas: corazón, etcétera, etcétera, é dicir, son bastante ilustrativas para a xente e con contidos teóricos e bastante desenrolados; consumo de drogas e asistencia ás persoas dependentes, que parece aquí que se aseguraba que non existía.

Ensino: ensino preobrigatorio; ensino obrigatorio; ensino postobrigatorio non universitario; acceso á universidade, oferta e demanda de titulacións; ensino universitario; tránsito do sistema educativo ao mercado laboral; outros tipos de formación, como o realizado no seo das empresas.

De traballo: caracterización do mercado laboral; accidentes laborais e enfermidades profesionais; salarios –salarios, podemos saber como van os salarios e, polo tanto, coa teoría calcular desigualdades, etcétera, etcétera–; outras condicións laborais; flexibilidade na aplicación das condicións laborais; concertación laboral; eleccións sindicais, señorías; infraccións e sancións; regulación de emprego; persoas traballadoras estranxeiras.

Ingresos e gastos dos fogares –en condicións sociais–; benestar; pensións e outras prestacións; emprego do tempo, incluso do ocio; desprazamento por razón de traballo e outro tipo de mobilidade; poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais; discapacidade; violencia de xénero, señorías, que tamén vimos algunhas críticas pensando que se trataba de ocultar este tema; conciliación familiar e laboral; capital social e participación cidadá; xustiza e seguridade.

Equipamentos e recursos culturais; hábitos e prácticas culturais, é dicir, incluso elementos de difícil cuantificación como son estes cualitativos; hábitos e prácticas deportivas e de lecer; prácticas lingüísticas, ¡prácticas lingüísticas!

En vivenda: demanda e acceso á vivenda; equipamento e características das vivendas.

En temas de sociedade: estática e dinámica da poboación, etcétera, etcétera.

Imos a outros temas. Permítame outros puntos. Por exemplo, a estrutura produtiva, sector agrario: efectivos gandeiros; maquinaria e outro capital, é dicir, tractores, etcétera, etcétera; producións e rendementos; sacrificio de gando; produción ecolóxica e de calidade.

En pesca e acuicultura: buques pesqueiros, é dicir, todas as características e natureza, entidade da frota; establecementos de acuicultura; primeira venda de produtos pesqueiros; características das unidades de produción; ocupación no sector da pesca.

Enerxía e industria: subsector industrial relacionado co sector primario, é dicir, a agroindustria; outras industrias manufactureiras.

Aí di “construción”: edificación residencial e non residencial.

En servizos de mercado: comercio interior; transporte de mercadorías e pasaxeiros; infraestructura turística e hostaleira; movemento de viaxeiros, ocupación de establecementos regulamentados e non regulamentados; servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado.

Sobre a Administración pública: as institucións sen fins de lucro; os tributos, ingresos tributarios e non tributarios, a Facenda pública galega está aquí; os recursos e gastos en sanidade; os recursos e gastos en I+D+i.

É dicir, con esta bagaxe... Paro un momento e xa continuarei. Por iso é tan fértil toda a elaboración estatística pública para os debates políticos. Aínda que se poña a xente de acordo, os datos en si mesmo non deciden as políticas nin as interpretacións, que é un dos elementos fundamentais. Que sexan obxectivos, que xa lle darán o contido teórico e opinático os lectores, os estatísticos e os parlamentarios.

Mercados e prezos: intercambios comerciais; prezos no sector primario, ¿como é que non están está os prezos do leite?; prezos no sector externo; nivel xeral de prezos, comparativa, etcétera, que logo se compara con outras.

Actividade empresarial: estrutura e caracterización do sector empresarial; conxuntura empresarial; cooperativas, sociedades laborais...

Sistema de contas, aquí temos toda a macroeconomía de Galicia: as contas económicas; incluso as operacións marcos *imput-output* para aqueles que queiran profundar moito máis, que son custosas, pero moi importantes; sectores industriais; contas satélites.

Señorías, non teño tempo nin sequera para poder ler todo o que está neste proxecto, en todos os contidos. Soamente quería facer unha reflexión: este é un tipo de plan con control político democrático participativo. E este é un Consello Galego de Estatística onde están representadas todas as forzas políticas, señorías. Existe un control parlamentario, onde o director do Instituto Galego de Estatística pode vir aquí, as preguntas, etcétera, etcétera. Existe o control político parlamentario sobre a Presidencia da Xunta, sobre todo o Goberno, a Consellería de Economía –que neste caso é a responsable–, sobre a actividade, como se está facendo isto. É dicir, é moi competente, moi serio, moi homologado, moi prestixiado e que ten todos os controis políticos e parlamentarios á nosa disposición.

Admitimos quince emendas aos vinte e catro artigos. En fin, houbo unha certa postura de asumir cousas, incluso dous deles de áreas temáticas de novos contidos, que xa estaban pero que quixemos axustar. Entón, dende esta perspectiva, consideramos que ademais hai unha filosofía de complementar co INE, complementar con cotas europeas, é dicir, unha atención a isto, e tamén, por outra banda, un intento de complementar, pero tampouco non hai que monopolizar tampouco as características, pois ás veces informes específicos estatísticos das consellerías sobre áreas específicas concretas, que non son específicas de que é Galicia, que é o que afecta a Galicia, o esencial, senón da súa propia política.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Arias.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Mantéñense para este pleno as emendas do Grupo Mixto números 4 a 8, 11, 13 a 18, 20 a 22; polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, emendas 1, 10 e 12; do Bloque Nacionalista Galego as emendas 1 a 6; e do Grupo Socialistas as emendas 1 a 11.

A ordenación do debate, neste caso, é a habitual de debate e votación dos ditames dos textos lexislativos: presentación do ditame dez minutos, a primeira rolda dos grupos parlamentarios de quince e a segunda de cinco.

Polo tanto, para a presentación do ditame ten a palabra o presidente da Comisión 2ª.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Nóvoa López): Señorías, a Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, tivo entrada rexistral o día 23 de maio de 2016, data na que a Mesa da Cámara a admitiu a trámite polo procedemento de urxencia.

Logo da súa toma en consideración na sesión plenaria do 7 de xuño, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Pú-

blicas, Medio Ambiente e Servizos, e a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o 21 de xuño coa formulación dun total de cincuenta e dúas emendas: vinte e tres do Grupo Mixto, doce do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, seis do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e once do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Pola súa parte, a Ponencia designada na sesión da Comisión 2ª o pasado 23 de xuño e composta polos seguintes titulares: don Xesús Antonio Goldar, don Raúl Fernández Fernández, don Francisco Xesús Jorquera Caselas, don Juan Manuel Fajardo Recouso e dona Mónica Fernández Rodríguez, rematou o informe con data do 29 de xuño.

Posteriormente a Comisión 2ª, na sesión do 4 de xullo, aprobou o ditame con 8 votos a favor e 6 abstencións, coa incorporación ao texto da proposición de lei, ademais das emendas técnicas, dun total de dez emendas, unha delas transaccionada.

Este texto ao articulado consta da exposición de motivos, de tres artigos e a súa parte final, que está integrada por unha disposición adicional, unha derogatoria e dúas derradeiras, así como o anexo relativo ao contido de Plan de transporte público de Galicia.

Cómpre, pois, polo tanto, señorías, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo co debate e a votación das emendas mantidas e o ditame da Comisión que acabo de presentar.

Nada máis.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Nóvoa.

Roldas dos grupos parlamentares para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe traemos ao Pleno o Ditame elaborado pola Comisión 2ª da Proposición non de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galiza. Lei remendo para solucionar a cerellada feita polo Goberno do Partido Popular por non facer ben as cousas.

E en canto á estrutura desta lei, desta pequeniña lei, minúscula lei, configúrase como unha lei con tres artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O Goberno da Xunta obrou mal, non fixo ningún prognóstico e veuse obrigado a traballar con urxencia. E debemos subliñar e non esquecer o motivo principal desta lei, que é a anu-

lación da Resolución da Xunta pola que se aprobou o Plan de modernización das concesións. A Sala do Contencioso-Administrativo do Supremo anulou o plan no pasado mes de marzo. A sentenza estima un recurso interposto pola Comisión Nacional da Competencia contra o fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que consideraba esta resolución axustada ao dereito. No seu recurso a Comisión Nacional da Competencia alegou que o plan implicaba a prórroga automática de todas as concesións e que era contrario ao regulamento concreto do Parlamento Europeo e do Consello, que fixa a duración dos contratos de servizo público, que non debería superar os dez anos para os servizos de autobús. O fallo valora que a prolongación das concesións é incondicional e outorga dez anos máis a todas as concesións en vigor, con independencia do seu período inicial, do período xa transcorrido e de calquera outra circunstancia que vulneraba a normativa europea.

E todas estas prórrogas eran a cambio de novos investimentos tecnolóxicos de carácter medioambiental. A aprobación en 2010 da prórroga exprés que anulou o Constitucional estivo sempre rodeada de polémica. E ante a inminente entrada en vigor do regulamento europeo do sector, a Xunta aprobou a lei na que se sustentou a prolongación do prazo sen ditame do Comité Galego de Transportes nin do Consello Económico e Social.

Tampouco se lle remitiu a outras consellerías, como era preceptivo para todos os anteproxectos de lei, pero especialmente neste caso afectaba as competencias en educación, como é o transporte escolar.

E o Tribunal Supremo non cuestionaba a lei galega do ano 2009, senón a resolución que aconteceu no 2010. E isto ía traer graves consecuencias ao sector do transporte de viaxeiros e de viaxeiras por estrada, e que deixaba nunha crítica situación de alegalidade a maioría das concesións en Galiza.

E aquí o Goberno veuse obrigado a corrixir a normativa e a relicitar os contratos, que foron ampliados de xeito ilegal por medio do sistema de prórroga. Esta famosa prórroga restrinxía a competencia, porque implicaba o peche absoluto do mercado, con prazos desproporcionados, nun xeito de perpetuar operadoras tradicionais, por non dicir monopolio dalgunha empresa amiga do Goberno da Xunta. Establecer os criterios sociais e cualitativos para manter e incrementar normas de calidade para as obrigacións do servizo público con respecto ás condicións mínimas de funcionamento, os dereitos das viaxeiras e viaxeiros, as necesidades das persoas con mobilidade reducida, a protección medioambiental e a seguridade propia, como as obrigas derivadas dos convenios colectivos e outras normas de acordos relativos aos lugares de traballo e á protección social no lugar de prestación do servizo. E asegurar a transparencia e uns termos comparables da competencia entre operadores, como advertir o risco de certas competencias como o *dumping* ou as actividades competentes que deben impoñer as normas de calidade específicas.

E tampouco debemos esquecer outro tema que toca esta lei: as características propias de Galiza, con respecto á poboación e á mobilidade. Hai unha evolución moi clara da poboación, nunhas zonas máis marcadas que outras, sobre todo o desequilibrio que se atopa con referente ao que é a zona da franxa atlántica e a zona de interior. Temos un servizo público en moitas zonas moi deficiente, incluso inexistente. Hai un claro incremento de demanda da

movilidade recorrente ou diaria nos contornos urbanos e metropolitanos. Hai a necesidade de manter un sistema de transporte público sostible nos contornos rurais, onde se presenta tamén como unha finalidade social como garantía dos dereitos esenciais, como é o propio dereito á mobilidade persoal e dos servizos esenciais. E non falemos xa da introdución das novas tecnoloxías na utilización dos sistemas de transporte.

E hoxe o texto que vén aquí, no que de momento nos imos posicionar dependendo de se o Goberno do Partido Popular toma en consideración as emendas, parécenos que é pobre, non houbo ou non que se quixo mellorar o texto que se presentou; falta un compromiso para dotar o transporte público por estrada coas características que demanda a cidadanía do século XXI.

Si se presentaron cincuenta e dúas emendas dos grupos da oposición, e o Grupo Mixto presentamos vinte e tres emendas, sendo catorce de adición, sete de substitución e dúas de supresión. Tamén hai que dicir que o Grupo Mixto tivo un maior número de emendas aceptadas, que eran as números 1, 2, 3, 9, 10, 12, 19 e 23. Mais isto realmente tampouco significa nada, pois moitas das que foron admitidas viñan engadir características que deben definir a calidade do transporte público por estrada. As nosas emendas recollían un maior compromiso do Goberno galego e concretaban máis características, que foron rexeitadas, como as da maioría dos grupos da oposición que fixeron as achegas.

E dentro das aceptadas, nós introducimos, por exemplo, na emenda número 1, de adición ao artigo 1, ao que engadimos “condicións de seguridade, calidade e eficacia”. A palabra “eficacia”, que é tan importante sobre todo cando falamos de servizos públicos, ten que ser a ferramenta que poida empregar a cidadanía viva onde viva e sexa como sexa. Ou tamén a número 2. Tamén comentar outras emendas que temos, como a número 12, sobre a corrección de xénero sobre o propio texto. Ou aquela número 9, tamén onde volvemos facer corrección de texto sobre as empresas prestatarias dos servizos.

E tamén sobre a emenda número 19, de adición ao anexo, onde mediante a implantación de formas de xestión baixo demanda e coa utilización das novas tecnoloxías se promoverá a máxima expansión da oferta de servizos de transporte público nos ámbitos rurais, nos que se producen unha maior dispersión da poboación, contribuíndo ao mantemento da poboación, onde nós engadimos: “as necesidades de acceso e de oportunidades de emprego, formación en relación cunha poboación máis diversa e exixente”. Non discriminar polas razóns que xa explicamos anteriormente.

Ou a emenda número 23, de adición, sobre a accesibilidade. Debemos facilitar o acceso no propio medio de transporte e nas propias paradas, cousa que no día de hoxe desgraciadamente e por increíble que pareza non acontece. E xa non falemos da accesibilidade nos buses. Si que hai problemática tanto no buses urbanos como nos outros servizos, pois hai moitas empresas que, por exemplo, teñen algún bus de piso baixo, pero hai que avisar antes de cando se vai viaxar para telo dispoñible, e moitas veces á volta non o hai. E isto parece ser que acontece nun país que di chamarse do “primeiro mundo”. Ou o caso doutras empresas, como neste caso aconteceu en Ferrol, onde hai que avisar con tres ou catro días de antelación para que estas empresas poidan desmontar previamente asentos para poder subir a persoa

en cadeira de rodas, ou onde se demandan, por exemplo, autocares que teñan asentos pregados. Ou, por exemplo, en Cambre, onde se vas en bus á estación da Coruña, se queres ir ao propio centro, non hai bus adaptado, incluso moitos veces tes que ir dar a outra parada que queda moito máis lonxe da túa casa, sobre todo polo tema da accesibilidade. Incluso a falta de control e de civismo, incluso moitas veces hai que facer marabillas para que o autobús poida deixar a xente, porque as propias paradas están cheas de coches e os autobuses non poden aproximarse.

E das emendas que son rexeitadas, que mantemos vivas, gustaríanos subliñar, por exemplo, a emenda número 4, ao apartado 2, de substitución ao artigo 2, onde se fala dos obxectivos do Plan de transporte público de Galiza, para “facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, sostibilidade económico-financeira e medioambiental, fomentando e potenciando o uso prioritario do transporte público colectivo, con especial incidencia no transporte de ría e ferroviario”. Ata o día de hoxe non houbo unha aposta seria polo transporte público de calidade, elemento de articulación e cohesión territorial e social, como o tren ou o barco, pola súa accesibilidade nas localidades, tendo en conta o noso modelo de poboación dispersa, coa posibilidade de ofrecer un mellor prezo aos usuarios e usuarias e amplas vantaxes medioambientais, e ofrecer a redistribución dos distintos medios de transporte. Nestes momentos de crise económica non houbo unha preocupación por este servizo, nin tampouco se tivo en conta o aumento do envellecemento da poboación, onde se debía facilitar a mobilidade dentro do noso territorio. Nin tampouco o transporte de ría, que foi desaparecendo paulatinamente naqueles poucos puntos onde quedaba, porque non había a opción de intermodalidade, cuns horarios coherentes para manter este servizo.

Ou a emenda número 6, ao apartado 3, de adición ao artigo 2, onde dicimos que o contido do Plan de transporte público de Galiza debe tamén contar co sometemento á información, onde incluímos o Consello Económico e Social de Galiza, que é o órgano consultivo creado para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e dos representantes da sociedade civil organizada no proceso de toma de decisións. É un foro permanente de diálogo e deliberación entre os diferentes axentes económicos e sociais e os poderes políticos. E o propio Comité Económico e Social emite os ditames preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galiza, sempre por iniciativa ou petición da Xunta, sobre a realidade desta terra.

Ou a emenda número 7, ao apartado 3, de substitución ao artigo 2, onde o propio Plan de transporte público de Galiza debe ser aprobado polo Pleno do Parlamento de Galiza e non só polo propio Goberno, e tamén debe ser sometido á información co informe do Consello Galego de Transportes.

A emenda número 8, ao apartado 3, de substitución ao artigo 2, onde nós aquí falamos sobre o plan, que se debe reducir a doce meses dende a entrada en vigor desta lei o desenvolvemento do Plan de transporte público de Galiza.

Ou a emenda número 15, de adición ao anexo, onde se fala de que os pregos de condicións que rexerán os contratos, sen prexuízo do dereito nacional e comunitario, e incluídos os

convenios colectivos entre os interlocutores sociais, onde incluímos os réximes de protección social complementarios, pois moitas veces as necesidades non están debidamente satisfeitas pola Seguridade Social pública en materia de continxencias por xubilacións e situacións asimilables, invalidez ou falecemento prematuro.

Ou a emenda número 17, de adición ao anexo, onde falamos de avanzar nos obxectivos de igualdade de xénero no ámbito laboral: “Os pregos de condicións fixarán os criterios obxectivos para a adxudicación do concurso, garantindo que, como mínimo, un 5 % da puntuación que se asigne ás ofertas se dirixa a valorar a ratio do emprego feminino e a súa calidade”. Hai unha necesidade urxente de implantar medidas a favor dun emprego onde apenas hai mulleres, o fomento da igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. Incluso na propia lei orgánica do ano 2007 se establece que os contratos que se celebren deben establecer condicións especiais co fin de promover a igualdade entre homes e mulleres no mercado do traballo.

Ou a emenda número 18, de adición tamén no anexo, que “para garantir o obxectivo de mellorar a calidade do emprego, os contratos farán constar entre as súas cláusulas a prohibición expresa de contratar con terceiros a actividade principal do obxecto de contratación”.

A emenda número 20, de adición, onde falamos de que incluso hai que garantir “a atención nun tempo máximo de dúas horas, así como a conexión e a integración deste servizo no sistema xeral de transportes, de xeito que se facilite a mobilidade dos principais núcleos de poboación”. Isto debería ser un beneficio e reducir o uso do vehículo privado, mellorar a calidade do servizo e reducir o impacto ambiental. Menos volume de tráfico á situación de congestión e menos consumo de enerxía e menos accidentes, evidentemente. É dicir, ter un bo servizo público.

E a emenda número 21, de adición ao anexo, onde ao final “Garantírase a conexión e a integración destes servizos no sistema xeral de transportes, de xeito que se facilite a mobilidade cos principais núcleos de poboación e nas relacións de carácter comarcal, así como naquelas actividades caracterizadas polo emprego elevado do vehículo privado, como poden ser parques empresariais, hospitais, universidades, grandes empresas...”. Sabemos que hai servizos que si fan estas liñas e cobren estes sitios, pero iso non é unha norma xeral, e si se debería impoñer porque non só é ir de poboación en poboación...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: ...hai que ter en moi en conta o feito do que é o desprazamento ao traballo e outra serie de ubicacións.

E nós imos de momento reservar a nosa posición por se hai algún cambio por parte do Goberno.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario da AGE ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi bo día, mediodía, tarde a todos e todas, os que estamos aquí e os que non están comendo, os que estamos aquí e os que non están comendo, ou de balde ou de pago.

Imos falar hoxe do que para nós ten por parte do Partido Popular nome de lei, pero que, dende logo, nós non coincidimos en que sexa unha lei. O Partido Popular, unha vez máis, esconde baixo a grandilocuencia e os nomes unha realidade que eles obvian. E debatemos hoxe o que para o Partido Popular é unha Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, pero que non é así; non estamos ante unha lei, os antecedentes son moi claros, estamos ante unha norma transitoria, que o único que pretende é solventar unha chapuza xerada polo Goberno do Partido Popular. Unha auténtica chapuza que se fixo simplemente para –digamos– garantir os contratos para o que para nós é un monopolio absoluto do transporte público por estrada neste país: unha empresa que ten máis do 60 % dos contratos deste transporte público e que foi a maior beneficiada desta chapuza do Partido Popular. Estamos ante unha rectificación disfrazada de norma e que oculta o que debera de ser unha actuación real do Goberno da Xunta de Galicia. Un Goberno real non estaría plantexando hoxe aquí unha norma exprés para solventar unha chapuza, senón unha norma que diga a realidade e que persiga aquilo que se pon no título, que é a actualización do transporte público de Galicia.

Hai que recoñecer a situación actual: non existe un transporte público en Galicia universal, accesible para todos e todas. Non pode ningunha persoa deste país desprazarse entre as cidades máis importantes en transporte público cunhas mínimas garantías de seguridade, de eficiencia e de calidade. Pero, sobre todo, estamos ante un país illado en moitos dos seus termos en canto a transporte público, o que significa que a maior parte das persoas se ven na obriga de abandonar as súas cidades natis para trasladarse ao eixe atlántico, que é o único que ten un mínimo de garantías de transporte público. E estamos, polo tanto, ante o abandono de transportes tan importantes para nós como pode ser o tren de cercanías, como pode ser o transporte marítimo ou como pode ser calquera outro modelo de transporte que permita solventar a actual situación, na que a realidade é que non existe transporte público, e ademais o que existe é absolutamente insostible.

Os antecedentes neste elemento son absolutamente claros, ¿non? ¿Por que se fai esta norma? Pois simplemente porque o Partido Popular incumpriu a lei, como tantas veces. Hai unha sentenza que lle di ao Goberno da Xunta que non se pode continuar incumprindo a lei. E o que ten feito o Goberno da Xunta foi directamente incumprir unha norma europea, concretamente, a 1370/2007, do 23 de outubro, que determinaba que as concesións non se poden facer como se están facendo na actualidade ou como se fixeron a través dese Plan de modernización das concesións. Unha vez máis, as normas e as verbas utilizadas de forma absolutamente estraña por parte do Partido Popular, pois aquilo que era Plan de modernización das concesións era simplemente unha vulneración da normativa europea.

Estamos ante o Goberno que máis veces tivo sentenzas na súa contra. Estamos ante o Goberno que máis veces demostrou a súa capacidade para incumprir a lei; ese mesmo Goberno

que di que as leis están para cumprirse ou que os cidadáns estamos obrigados a cumprir *a pies juntillas* aquelas leis que fan simplemente para empeorar a nosa calidade de vida. Pero xustamente eles son os únicos capaces de vulnerar as leis continuamente e os que máis sentenzas en contra teñen neste momento. Polo tanto, é claro que non estamos ante unha norma, senón que estamos ante unha obriga que tiña o Partido Popular para solventar os seus erros.

Pero é que ademais se contradín a si mesmos. Non hai moito tempo nesta cámara debatíase unha proposta doutro grupo parlamentario que dicía que tiñamos que facer unha norma exprés de carácter transitorio que solventase a barbaridade feita polo Goberno Feijóo, e o Partido Popular votou en contra. E despois presentan esta norma que fai expresamente iso: unha norma exprés de carácter transitorio para solventar unha aberración en termos legais que fixera o propio Grupo Popular.

Pero van máis alá, esconden a súa incapacidade nesta norma a través dun anexo que lle chaman o futuro Plan do transporte público de Galicia. Iso si, o voceiro do Partido Popular hoxe aquí porá esa redución de palabras que tanto lle gusta: o PTPG, famoso segundo el, pero que a primeira vez que se citou foi cando o dixo na Comisión, que, en realidade, non é máis que a intención de aparentar unha intención de modernizar que non é así. E imos intentar desmontar unha por unha cada unha das cuestións que se plantexan nese PTPG, pero que en realidade non están contempladas nin na norma nin ten nin tan sequera a intención o Partido Popular de facelo.

O primeiro que tería que facer un PTPG, un Plan de transporte público de Galicia real, que contemplase o conxunto de transportes, sería, dende logo, ter en conta os efectos sociais e económicos asociados a este plan, ademais das interrelacións cos demais sectores da economía. Non se pode plantexar un Plan de transporte público de Galicia que non teña en conta a situación económica que conleva o transporte público, a situación actual e as situacións futuras, e que, polo tanto, tivese en conta como se interrelacionan os transportes no conxunto do Estado. Dende logo, non garante a mobilidade do país, non garante a mobilidade de calquera cidadán que viva neste país, nin tampouco a súa universalidade. Para nós é fundamental que un Plan de transporte público de Galicia sexa universal. E cando dicimos que sexa universal é que calquera persoa do conxunto de país poida acceder en condicións de equidade, de equidade económica e social, a un transporte que lle garanta a mesma calidade de vida que a calquera outra persoa, con independencia do seu lugar de residencia. Isto non está contemplado neste Plan de transporte público de Galicia.

Este plan ademais non se adapta á necesidade de racionalizar medioambientalmente a súa afectación, nin tampouco se adapta a como inflúe un Plan de transporte público de Galicia baseado en transporte de combustibles fósiles á saúde humana, e tampouco ten en conta a sustentabilidade. Para nós é fundamental que se evidencie a necesidade de establecer criterios que determinen como afecta este tipo de transportes a calidade de vida das nosas persoas, das nosas familias no conxunto do país; feito este que non se contempla.

É tanto así que as emendas que plantexa AGE foron obviadas por parte do Partido Popular, algunhas que son para nós fundamentais. Unha primeira é esa emenda que plantexa a ne-

cesidade de obrigar as novas concesións nas súas prórrogas á introdución de vehículos eléctricos, é dicir, que non dependan de combustibles fósiles. Vehículos eléctricos que permitan reducir a huella que teñen este tipo de combustibles sobre o noso medio ambiente. E esa foi unha emenda rexeitada.

Tamén nós cremos absolutamente necesario incrementar de forma contundente e moi importante a renovación integral da frota e a obrigatoriedade de introducir criterios que garantan que as frotas son renovadas con vehículos máis modernos e, polo tanto, con menos consumo.

Unha das cuestións que para nós é fundamental e que tampouco está contemplada nesta lei nin no que se plantexa no futuro é a corresponsabilidade entre o menor custo económico e o menor custo social, non só para as persoas senón para o conxunto de usuarios. Temos que trasladar unha norma que permita establecer un modelo de transporte que sexa económico en termos do que é a administración pública, pero tamén económico en termos do que debe de ser cada un dos usuarios. E, polo tanto, esas políticas tarifarias que inclúan a necesidade de establecer elementos que permitan a súa universalidade dende o punto de vista económico.

Non se optimiza de forma intelixente o uso de materiais nin a enerxía, nin, dende logo, non se utilizan as novas tecnoloxías dunha forma que optimicen estas infraestruturas e este modelo de transporte.

Con todo o que levamos explicado, unha das cuestións das maiores eivas deste Plan de transporte é que non contemple unha loita decidida contra o cambio climático. O que ten que ver tamén coa utilización deste tipo de transporte e, polo tanto, a afección sobre a calidade do aire que ten o transporte público por estrada no conxunto do país e do Estado.

Unha das nosas emendas –e unha das únicas que foron aceptadas– ten que ver tamén coa necesidade de establecer criterios e mecanismos que melloren a seguridade viaria, sobre todo neste país, onde nos últimos días vemos como no último ano se teñen incrementado de forma preocupante os accidentes graves e mortais nas nosas redes de estradas. E que, polo tanto, este plan debe de contemplar elementos e criterios de plans de seguridade viaria que optimicen e reduzan as cifras de sinistralidade, que tamén se dan no transporte público de viaxeiros.

Unha das cuestións que si que nos parece tamén importante que debe de contemplarse é a necesidade da participación cidadá na configuración do plan. Nese sentido, nós plantexamos unha emenda que, sendo escasa nos obxectivos, debería de ser cando menos aceptada por parte do Partido Popular. É que este futuro plan estea aprobado e debatido no Parlamento e na Cámara galega, que é onde está a representación do conxunto da cidadanía. Xa que cremos que se debe de mellorar a participación e que non deben de ser os órganos do Goberno os que os aproben, senón que debe de ser o propio Parlamento, que ademais vai cambiar a súa configuración en breves datas, o que determine cales son os criterios, as prioridades e os mecanismos que permitan a este plan avanzar no sentido de dar máis capacidade.

E, dende logo, crear un Plan de transporte que sexa mellor que a situación actual, onde non existe –como xa dicíamos ao principio– ningún tipo de transporte universal e sostible para o conxunto da cidadanía. E isto é tanto así porque os datos son moi evidentes, o 90 % do transporte neste país faise a través das estradas, algo que é absolutamente ineficaz e, sobre todo, é absolutamente insostible. E estas cuestións deben de estar contempladas.

Xa por último, tamén entendíamos que debería de plantexarse o factor da educación social a respecto da utilización do transporte público. E un Plan de transportes debe de contemplar a educación e a capacidade de incidencia do conxunto deste plan sobre a necesidade de que a xente entenda que é o transporte público o elemento fundamental para mellorar a accesibilidade e, sobre todo, a mobilidade en termos sostibles. E por iso nós plantexabamos esta serie de cuestións.

As nosas emendas, que eran un total de doce –da que soamente unha foi aceptada– tiñan tres eixes fundamentais:

O primeiro era recoñecer que esta norma non era un Plan de transporte público de Galicia, senón que era simplemente unha norma exprés que o que fai é eliminar unha barbaridade en termos legais cometida polo Goberno do Partido Popular. E varias das nosas emendas ían encamiñadas a iso, non a constrinxir como pensaba o Partido Socialista a norma a unha situación concreta, senón a determinar de forma clara que non estabamos ante un impulso do Goberno senón ante unha reacción por unha alegalidade cometida por este goberno.

A segunda parte do bloque de emendas ten que ver coa mellora enerxética e coa seguridade do plan.

E unha última parte –que para nós é das máis fundamentais– que era a introdución da xestión directa. Parece que o plan obviaba a posibilidade da xestión directa. ¿Por que consideramos que é fundamental que esta norma contemple a xestión directa? Porque cando falamos de universalidade entendemos que existen elementos de transporte e mobilidade que ao mellor sen ser sostibles en termos económicos son absolutamente necesarios en termos sociais. Polo tanto, a xestión directa é un garante para que calquera persoa deste país teña cubertas as súas necesidades de mobilidade, con independencia de que sexa ou non interesante para a empresa privada. E, dende logo, esa foi unha das emendas máis potentes da nosa proposta, que non foi aceptada tampouco polo Partido Popular.

Polo tanto, en resumo: non podemos falar de que é unha Lei do transporte público de Galicia, é unha norma exprés para solventar os erros do Partido Popular, que non foron recoñecidos nin sequera pola conselleira neste parlamento, e foron, iso si, postos encima da mesma polos diferentes grupos da oposición. Plantexamos a necesidade de que sexa o propio Parlamento quen determine os anexos que contempla a norma e que, polo tanto, sexan máis participados e seguramente mellor redactados, pola capacidade colectiva de creación e non pola dun grupo que nestes momentos é maioritario pero esperemos que non o sexa en vindeiras datas. E a última parte que para nós é absolutamente clave, que é a necesidade –como xa dicíamos– de introducir criterios ou posibilidades de xestión directa cen por cento pública das

liñas que no futuro se poidan establecer necesariamente dende o punto de vista social, para garantir ese transporte universal.

A situación actual é dramática para o transporte deste país, non existe transporte público de verdade, non existe capacidade para interconectar o conxunto de país. E, dende logo, téñense esquecidos os transportes alternativos, como pode ser –xa o dicíamos– o tren de cercanías ou como pode ser o transporte de rías, que foi abandonado por parte do Goberno e dos responsables da Xunta de Galicia, e que significaría para moitas das nosas rías e moitas das nosas vilas un elemento fundamental para a súa conectividade.

Polo tanto, esperando que se acepten algunhas emendas que mantemos, deixamos para a segunda quenda as cuestións que quedaron á marxe do noso plantexamento. Anunciando, iso si, que imos aceptar as emendas do resto dos grupos porque van na liña do que defendemos dende esta mesa e tamén durante a Ponencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas.

Co debate que agora comeza culmina o trámite parlamentario para intentar remendar un desaguisado. Un desaguisado para sumar ao sector eólico, ao das caixas, ao do sector leiteiro, e así poderíamos seguir. Un desaguisado para sumar aos moitos desaguisados provocados polo Goberno de Feijóo.

Como manifestamos no debate da toma en consideración desta proposición de lei, a Xunta de Galicia, pese ás advertencias de ilegalidade, foi incapaz durante dúas lexislaturas de solucionar o problema das prórrogas das concesións. E como manifestamos tamén daquela, somos moi críticos co xeito escollido para intentar buscar un amaño de urxencia ao desaguisado provocado pola ineficacia da Xunta de Galicia. Parécenos inaudito que esta lei tivese que presentala o Grupo Popular en vez do propio Goberno. Porque se a anulación xudicial foi contra un acto do Goberno ditado en uso das súas facultades administrativas e executivas, o lóxico sería que fose o propio Goberno quen formulase a iniciativa. Ademais, deste xeito saltáronse todos os trámites previos preceptivos que tería que ter un proxecto de lei. Porque o lóxico é que esta lei fose acompañada dos informes oficiais dos órganos que xestionan o transporte, dos informes dos departamentos afectados, dos órganos consultivos ou dun informe xurídico que avale esta solución transitoria como correcta.

Pero, en calquera caso, como do que se trata é de arbitrar unha solución de urxencia, podemos concordar en que o principal agora é asegurar un réxime transitorio, porque o prioritario é que as persoas usuarias do transporte colectivo por estrada sigan tendo o servizo.

Por ese motivo, o BNG abstívose no debate de toma en consideración, para non obstaculizar a tramitación desta proposición de lei. E por ese motivo só presentamos seis emendas á mesma. Entendiamos que o que se pretendía era buscar, arbitrar unha solución de urxencia. Non se trataba, polo tanto, de entrar a debater os contidos do futuro Plan galego de transporte público, porque consideramos que tempo haberá para facelo. E nese sentido concordamos cos grupos que plantexan que o Plan galego de transporte público debe ser debatido e aprobado polo Parlamento na vindeira lexislatura. E por ese motivo, as nosas emendas, máis que anticipar os contidos que debe ter o futuro Plan galego de transporte público, porque tempo haberá para debatelo, o que fan é definir o marco que debe ter ese plan.

E se falamos de transporte público, o Plan debe abranguer o conxunto do transporte público, independentemente do modo de transporte e da administración que sexa titular. Se non é así, dificilmente pode haber unha planificación integral que aborde de xeito global as necesidades de mobilidade do noso país. Iso é o que pretenden as nosas emendas.

Por iso a nosa emenda 2 propón que o Plan de transporte público de Galiza aborde de xeito integral o sistema de mobilidade a través do transporte colectivo en Galiza, establecendo a planificación xeral, que será referencia para o desenvolvemento dos distintos modos de transporte. En consonancia con isto, a nosa emenda primeira propón que a elaboración do plan conte coa participación de todas as administracións con competencias en transportes en Galiza. A emenda 2 contempla tamén a necesidade de que o documento final do plan dispoña dos mecanismos de coordinación e cooperación para facer efectivos os obxectivos e mecanismos do plan para cada administración. E as nosas restantes emendas trasladan estas orientacións tamén á exposición de motivos desta proposición de lei e ao anexo que se incorpora a esta proposición de lei.

Ben, estas son as nosas emendas. O Grupo Popular, no debate en comisión, apelou a razóns de carácter competencial para rexeitar as emendas propostas polo Bloque Nacionalista Galego, que acabo de mencionar e que como vostedes poden comprobar son enormemente razoábeis. E apelou a razóns de carácter competencial ao considerar que invadían competencias do Estado e das administracións locais. Miren, resúltame realmente sorprendente que un grupo tan ocioso á hora de defender as competencias autonómicas sexa en cambio tan sensible á hora de evitar calquera colisión coas competencias do Estado.

Pero, como lle lembramos ao voceiro do Grupo Popular no debate en comisión, ¿acaso a Comunidade de Madrid, onde goberna o Partido Popular, non respecta as competencias do Estado? Porque en Madrid existe un Consorcio Rexional de Transportes, un consorcio no que están integradas as funcións de planificación, coordinación de infraestruturas e servizos e políticas tarifarias; un consorcio que integra os distintos modos de transporte, no caso do Consorcio Rexional de Madrid: autobuses urbanos e interurbanos, metro, tranvía e metro lixeiro e ferrocarril de proximidade; un consorcio, en definitiva, encargado de planificar e coordinar infraestruturas das que son titulares distintas administracións e servizos xestionados por entes dependentes de distintas administracións. Pero é que, ademais, señorías, deputados e deputadas do Partido Popular, o mesmo acontece con outras comunidades autónomas e tamén con outras grandes áreas urbanas no territorio do Estado español. Pero é máis, sen necesidade de saír deste país, a Xunta de Galiza ten asinado convenios con dis-

tintos concellos para a posta en marcha do transporte metropolitano integrando os servizos dependentes da Xunta de Galiza cos servizos dependentes dos concellos.

Polo tanto, as nosas emendas defenden algo tan elemental como que exista unha planificación integral, independentemente da administración que sexa titular. E as razóns dadas polo Grupo Popular para rexeitar as nosas emendas moito nos tememos que son desculpas de mal pagador. Desculpas que o que agochan é a negación de todo futuro ferrocarril como modo de transporte para resolver as necesidades de vertebración interna do noso país, alén do eixe atlántico ferroviario ou das conexións con Madrid.

No eixe atlántico ferroviario e nos servizos que discorren polo mesmo houbo investimentos importantes que dende o noso punto de vista non poden ser ignorados nun Plan de transporte público. Pero é máis: máis alá do eixe atlántico ferroviario, máis aló dos servizos existentes, como país non podemos renunciar a dispor de servizos de proximidade, nin podemos admitir que o resto dos servizos rexionais sexan máis propios da primeira metade do século XX que do século XXI.

Polo tanto, para contemplar de xeito integral o transporte público en Galiza, para que estea contemplado tamén o ferrocarril, para que estea contemplado –como tamén propoñen outros grupos da oposición– outros modos de transporte, como o transporte de ría, é polo que presentamos estas emendas, para as cales solicitamos o voso apoio.

E vou reservar os argumentos a respecto da posición final do BNG ao texto final desta lei e a respecto das emendas presentadas polo resto dos grupos da oposición para a segunda rolda, aínda que anticipo que imos votar a favor de todas as emendas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boas tardes a todas e todos.

Hoxe, 12 de xullo de 2016, coa votación do Ditame sobre a Proposición de lei de medidas urgentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, o Grupo Popular quere superar a parálise do Goberno popular neste eido e mesmo dar carpetazo á Resolución ilegal do Goberno do señor Feijóo do 26 de febreiro de 2010. Hoxe, case seis anos e medio despois, durante os que o Goberno Popular conviviu cunha resolución ilegal e instalado na pasividade e na parálise, o Grupo Popular vai engordar a estatística lexislativa do señor Feijóo, tan abondosa en cantidade como irrelevante en calidade.

Se hai case sete anos fora o Goberno popular o que decidira unilateralmente, desprezando as advertencias da oposición e da Comisión Nacional da Competencia, iniciar unha fuxida

cara a diante sen límites legais, hoxe, como hai máis de seis anos, é o Grupo Popular o que intervén obrigado polos acontecementos, forzado, asfixiado pola ineficiencia de dúas lexislaturas para emendar aquela resolución do Goberno ao que sustenta.

Novamente, tivo que ser un axente externo –neste caso, o Tribunal Supremo– o que dera a voz de alarma sobre unha situación insostible do transporte de viaxeiros por estrada de Galicia. Señorías, a sentenza do Tribunal Supremo é contundente e convén que a teñamos presente. O 17 de marzo de 2016, o Tribunal Supremo fixo pública a Sentenza pola que se anula a prórroga masiva das concesións de transporte de viaxeiros por estrada en Galicia. A Sentenza 585/2016, do Tribunal Supremo, non dá lugar a interpretacións, é clara e contundente. Fundaméntase en que o Goberno do señor Feijóo vulnerou o Regulamento europeo 1370/2007, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada, a través da Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, do 26 de febreiro de 2010, na que se prorrogan indebidamente por dez anos as concesións de transporte de viaxeiros por estrada de Galicia.

As consecuencias da sentenza do Tribunal Supremo son inmediatas e clarificadoras: quedan anuladas as prórrogas de 145 concesións, do cen por cento das concesións, que sitúan na alegalidade *de facto* a 131 concesións, cuxo período concesional rematou e xa están no período de prórroga. O 90 % da totalidade das concesións, 131 de 145, están en situación de prórroga das súas concesións e, polo tanto, na situación de alegalidade.

Esta grave situación xera unha profunda preocupación e incerteza no transporte de viaxeiros por estrada, nos usuarios do transporte interurbano, nos traballadores das empresas concesionarias e nas propias empresas, e choca frontalmente co silencio e a pasividade da señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, responsable tamén da área de transporte. Coa súa falta de reacción semella descoñecer que esa área tamén é da súa competencia. Co transcorrer dos días e as semanas, de clamorosos silencios elocuentes da señora conselleira, temos a certeza de que non era consciente dunha sentenza anunciada, nin foi consciente das consecuencias desa sentenza. Máis de seis anos coa espada de Damocles sobre o transporte, e o Goberno popular impasible. Non houbo unha reacción inmediata, non houbo en seis anos ningún tipo de avance nos traballos, non había un plan B, aínda que fora por se acaso.

A inconsciencia da situación latente durante os máis de seis anos entre a resolución da Dirección Xeral de Mobilidade e a sentenza do Tribunal Supremo, por parte desa dirección, da Consellería e dos gobernos do Partido Popular, só é entendible dende a posición de desinterese polo transporte de viaxeiros por estrada de Galicia. Porque esa pasividade nin sequera soporta a recorrida comparación con outros territorios. Outras comunidades si foron conscientes e activas: o País Vasco, Estremadura, Cantabria, Cataluña, todos eles durante este período, nun ou noutro ano, pero previamente, xa tomaron medidas. ¿E Galicia? Galicia moi sinxelo e esclarecedor: 2010, resolución ilegal; de 2010 a 2016, pasividade e inactividade; 2016, sentenza do Supremo pola que se declara ilegal a única decisión tomada en transporte público nos últimos sete anos.

A verdade é que é de récord, diríallo directamente á señora conselleira se estivera, que deba estar, presente nesta cámara. Como de récord é –dígollo á señora conselleira– que o Goberno

non comparecera nesta cámara por vontade propia, por petición propia. Só acudiu a esta cámara obrigado polas iniciativas dos grupos parlamentarios. ¿Non era relevante, polo tanto, esta problemática?, ¿non tiña interese?, ¿non afectaba os galegos e galegas?, ¿non tiña nada que dicir aos que si consideramos que era un tema relevante e preocupante para Galicia? Señor voceiro do Grupo Popular, é verdade que a máxima responsable de transportes compareceu nesta cámara, pero non a petición propia.

A sentenza coñeceuse o 17 de marzo de 2016, e a señora conselleira compareceu na sesión plenaria do día 30 de marzo para contestar preguntas do Bloque Nacionalista Galego, da Alternativa Galega de Esquerda e mesmo do Grupo Popular. E tamén compareceu na sesión do 13 e 14 de abril ante unha interpelación do Grupo Socialista. Ningunha desas veces veu de forma voluntaria a esta cámara. Dúas comparecencias, polo tanto, forzadas para solemnizar o obvio, á defensiva e sen aportar absolutamente nada.

Tiveron que pasar case seis meses dende a sentenza do Supremo –proba irrefutable de que nos seis anos previos non se fixo nada– para que o Grupo Parlamentario Popular, que non o Goberno popular, trouxera á Cámara a Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, polo trámite de urxencia. Trámite de urxencia que se debe utilizar só para situacións imprevisibles e de improrrogable solución. Neste caso, sobre todo neste caso, e comparado con outras comunidades autónomas, a sentenza era moi previsible, e quen se negou a considerala como tal foi o Goberno do Partido Popular.

E esta decisión polo trámite de urxencia leva consigo limitacións que marcan o percorrido e o resultado final desta proposición de lei. Limitacións causadas por anos de inactividade do Goberno popular, que o transporte no seu conxunto non merece e con prexudicados personalizados nos actores do transporte. E actores no transporte é a propia Administración, son as empresas concesionarias e son fundamentalmente os usuarios.

Estamos a debater, polo tanto, unha proposición de lei vítima dos tempos, da urxencia, vítima dunha tramitación constrinxida polo calendario. Un calendario implacable que dificulta a análise, a reflexión, o contraste, que impide que o debate sexa sereno, pausado, contrastado, como se merece e necesita o transporte público de Galicia.

O Grupo Socialista cremos que este proceso elixido polo Grupo Popular, coas carencias mencionadas, ten consecuencias negativas ou, polo menos, non desexables no desenvolvemento da normativa que se aprobe. De feito, o texto non vai considerar a maior parte das emendas presentadas polos grupos da oposición, polo que unha vez máis será un texto con sonadas carencias, a imaxe do Partido Popular; un texto máis pendente do cumprimento legal da tramitación e aprobación que do seu contido real e utilidade; un texto máis identificado co século XX que co século XXI.

Con todo, o Grupo Socialista fixo o esforzo necesario, e cóstanos que os demais grupos da oposición tamén, para mellorar a proposición presentada a través das correspondentes emendas. Fixémolo coa convicción de que o texto é manifestamente mellorable e tamén dende a predisposición a ser receptores ás achegas dos demais grupos políticos.

Así, dende a perspectiva de transitoriedade e provisionalidade desta norma, presentamos once emendas: unha de supresión, cinco de adición e cinco de modificación, que paso a defender moi sucintamente.

Coa emenda número 1, de supresión, queremos deixar aberta a posibilidade de elección do modo que defina o plan restrinxido no texto a transporte “de uso xeral”, xa que con esta supresión pode abranguer as concesións zonais, tanto as de uso xeral como as de uso especial. O Grupo Popular ofreceunos facer unha transacción sobre emenda e nós aceptamos esa transacción.

As emendas 2, 4 e 5, situadas no artigo 3, están enmarcadas na situación actual de provisionalidade e transitoriedade que está a vivir o transporte. Debemos ser conscientes de que a situación mudou a raíz da sentenza do Supremo.

A emenda número 2 pretende reflectir un recoñecemento e valoración das melloras xa realizadas, pretende unha adaptación á realidade actual para evitar riscos futuros.

A emenda número 4 busca un tránsito tranquilo. Nunha situación adulterada pretende optimizar os recursos e obter un beneficio real para o conxunto dos actores do transporte, trata de conxugar a necesidade coa operatividade.

A emenda número 5 ten como finalidade compatibilizar a normativa de accesibilidade coa adaptación necesaria á realidade actual, tanto concesional como de infraestruturas que permiten esa accesibilidade.

Estas emendas situadas no artigo 3 –como xa dixen– son consecuencia directa da resolución que provocou a sentenza do Supremo. A través delas reducimos incertezas e riscos no transporte de viaxeiros.

A emenda número 3 pretende recoñecer e reflectir o papel relevante da Administración para exercer de oficio e por interese público actos que garantan a prestación dos servizos.

A emenda número 6, de adición, ten unha finalidade singular e operativa. Trátase de habilitar vehículos de nove prazas, incluído o condutor, nas áreas de débil tráfico nos servizos públicos regulares de transporte de persoas. Non percibimos ningunha colisión legal co servizo discrecional do taxi, só vemos beneficios.

As emendas 7 e 11 pretenden reflectir na disposición derogatoria e na exposición de motivos a Resolución do 26 de febreiro de 2010 da Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, na que se fundamenta a sentenza do Tribunal Supremo para anular as prórrogas de concesións do transporte.

Por último, as emendas 8, 9 e 10 sitúanse no anexo da proposición. A número 8 pretende complementar e ampliar os contidos mínimos do Plan de transporte. A número 9 quere pór en valor os datos positivos que o uso do transporte público exerce sobre a contaminación ambiental e a necesidade de creación de mecanismos graduais de compensación da chamada

“internalización dos custos medioambientais”. E a emenda número 10 reflicte a necesidade de que o Plan de transporte público de Galicia debe conter a correspondente memoria económica e financeira.

Por agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario Popular, señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi boa tarde a todos.

Aproveito para saudar tamén o señor secretario xeral da Consellería, que nos acompaña neste debate en substitución da señora conselleira, que lle coincide este debate cunha xuntanza institucional propia da súa actividade.

O debate que estamos substanciando hoxe neste pleno do Parlamento de Galicia trae causa da aprobación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª o pasado día 4 de xullo, sobre a Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia e supón –como xa se dixo– a derradeira fase do percorrido parlamentario desta norma, que fora instada –como saben– polo grupo parlamentario que teño a honra de representar neste intre.

Permítame, señor Fernández, un inciso, porque semella que non lle quedou a vostede o suficientemente claro o que tivemos intención de explicarlle na pasada comisión. Días despois de coñecerse a sentenza do 14 de marzo, a señora conselleira estaba xusto aquí nesta tribuna e dende o seu escano contestando a preguntas de todos os grupos da oposición, incluído o maioritario, salvo curiosamente o de vostedes, que foron sempre ao carro dos demais no rexistro das iniciativas. E mire, señor Fernández, e dito con todo o respecto: se entre os anos 2005 e 2009 o Goberno bipartito de Galicia –ao que vostede pertencía e apoiaba– fixera o seu traballo, probablemente, este debate hoxe non tería que vir aquí; probablemente, porque se se fixeran ben as cousas este sector non tería o problema que ten hoxe.

Centrándome xa no asunto, en primeiro lugar, gustaríame agradecer publicamente o traballo feito e achegado polos diferentes grupos parlamentarios da oposición, e nomeadamente polos seus ponentes, nos sucesivos estadios da tramitación desta proposición de lei, agradecemento polas súas achegas e tamén, por suposto, por non votar en contra na aprobación do ditame na pasada comisión.

Este voceiro e o grupo que representa tratarán por todos os medios ao seu alcance converter esa inicial abstención das súas señorías nun voto favorable ao remate deste debate. Estamos convencidos de que se obran deste modo estarán contribuíndo xunto con nós á resolución dun grave problema que pon en franco perigo a estabilidade de miles de familias dun sector

moi importante para a economía de Galicia, que –como xa dixemos nalgunha ocasión desde esta tribuna– todos os aquí presentes temos a obriga de protexer.

Como saben, durante o transcurso dos traballos da dita Ponencia, o Grupo Parlamentario Popular ofreceu unha resposta concreta a cada unha das emendas presentadas polos seus grupos, tanto para as que se aceptaron e/ou transaccionaron como para as que foron finalmente rexeitadas. E a elas, ás máis significativas volverei na miña segunda rolda de intervención.

Señorías, non está no ánimo deste deputado reproducir o debate habido xa durante a toma en consideración desta proposición de lei e a posterior elaboración do ditame en comisión. Hanme permitir, porén, que a modo de resumo reitere o que tivemos ocasión de manifestar naquel pleno do pasado 7 de xuño. Así as cousas, temos dito que os principais antecedentes que nos levaron ata este momento son os seguintes:

O 14 de marzo de 2016 foi cando o Tribunal Supremo ditara a Sentenza 1067/2006, que, estimando o recurso contencioso-administrativo formulado pola entón Comisión Nacional da Competencia, anulaba a Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade do 26 de febreiro de 2010. Esta resolución administrativa aprobaba o Plan de modernización das concesións do transporte público regular. E a devandita sentenza provocaba que dos 145 contratos de transporte interurbano existentes en 2009 só 14 manterían a súa vixencia, caducando xa que logo 131 contratos.

Este é, señorías, un dos termos deste debate. Esta situación sobrevida requiría do impulso dunha actuación urxente que garantise a prestación do servizo de transporte público en Galicia coas máximas garantías e a máxima seguridade xurídica, e por iso hoxe debatemos ese impulso en forma de proposición de lei.

E non é menor ao noso xuízo volver subliñar, señoras e señores deputados, que a pesar de ser doce as comunidades autónomas que adoptaron medidas equivalentes ás contidas na nosa Lei 5/2009, do 26 de novembro, e foron tales como Cataluña, Aragón, A Rioxa, Castela-A Mancha, Canarias, Castela e León, Asturias, Valencia, Madrid, Murcia, Extremadura, Baleares e Galicia, a Comisión Nacional da Competencia –así denominada entón– só presentou recurso contra as iniciativas da Comunidade Valenciana e da galega.

Mais logo da desestimación por parte do Goberno dese recurso e a validación posterior por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, foi o Tribunal Supremo quen na sentenza que antes referimos anulaba a resolución da Dirección Xeral e como consecuencia o Plan de modernización das concesións.

É conveniente reiterar tamén, chegados a este punto, que a Xunta de Galicia interpuxo un incidente de nulidade ao considerar que o Tribunal Supremo procedeu a unha valoración da constitucionalidade dunha disposición autonómica de rango legal, a Lei 5/2009, o que está excluído expresamente da súa competencia. E iso é así porque entendeuse que no caso de dúbida razoable da conformidade desta disposición legal co marco normativo no que debe inserirse, o propio Tribunal Supremo debería ter formulado unha cuestión de constitu-

nalidade ou unha cuestión previa ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, e ao non facelo podería ter quebrado a autonomía lexislativa da Cámara e da propia Comunidade Autónoma.

En todo caso, e independentemente do devir xudicial que poida acontecer coa impugnación desta sentenza, o Grupo Parlamentario Popular entende que as medidas previstas nesta proposición de lei achegarán seguridade xurídica, primeiro, aos usuarios dos servizos públicos de transporte da competencia da Comunidade Autónoma; segundo, ás empresas que deben prestar o dito servizo público e aos seus traballadores; e terceiro, á propia Administración galega, que debe garantir a máis axeitada prestación do servizo público por parte das empresas contratistas no marco destes contratos eventualmente vencidos.

Señoras e señores deputados, gustaríame tamén reiterar o que adiantamos durante o debate de toma en consideración, e é que esta norma establece mecanismos que promoverán unha fonda modernización do servizo público e a súa plena adaptación ás demandas da sociedade a curto e medio prazo. Deste xeito, introdúcese e regúlase no seu artigo 2 a figura do Plan de transporte público de Galicia, PTPG –como, efectivamente, vexo que lle gustou moito ao meu compañeiro, o señor Fajardo, e que xa lle dixen na Comisión que este grupo parlamentario estaba disposto a cederllo gratuitamente para as súas novas confluencias que terán a partir de agora de cara ás eleccións autonómicas, e facémosllo dun xeito gratuíto, por suposto–, como instrumento de planificación necesario para establecer un sistema de transporte público multimodal e integrado, e que explicamos xa no primeiro debate e tamén durante a elaboración do ditame. O seu contido mínimo vén regulado no anexo do texto legal, tal e como xa tivemos ocasión de explicar o 7 de xuño pasado, se ben pola súa importancia é obrigado referirme unha vez máis a ese contido aínda dun xeito resumido.

O Plan de transporte público de Galicia conterà, xa que logo, señorías, entre outras previsións, a programación da licitación dos contratos de servizos públicos de transporte regular de uso xeral cuxa titularidade corresponde á Xunta de Galiza; os pregos de condicións que van rexer os contratos, establecendo regras que faciliten a sucesión e a estabilidade do persoal do contratista saínte, así como do material que o mesmo tivese, incluído o sistema de axuda á explotación; ademais, os pregos de licitación valorarán os criterios de calidade que se establezan cando menos cun 65 % da puntuación do correspondente concurso. O plan analizará a ordenación do territorio en termos de mobilidade establecendo as condicións nas que se produciría, se fose o caso, a integración de diferentes clases de servizos de transporte; fixará os modelos de xestión de servizos baixo demanda das persoas usuarias e a integración destes servizos na rede global de transportes, de xeito que se facilite a mobilidade desde calquera poboación do territorio aos principais núcleos de poboación; por suposto, os requisitos básicos que deba cumprir a oferta de transporte público en ámbitos tales como a accesibilidade, a conectividade territorial, a seguridade, as interconexións modais e intermodais nos principais nós de conexión. Ou, por exemplo, o plan deberá complementar as condicións básicas de dereitos e obrigas das persoas usuarias e garantirá a accesibilidade para o conxunto da poboación.

Señoras e señores deputados, xunto coa regulación do marco no que se deberá proceder á planificación do novo mapa de servizos, a proposición de lei dedica o seu artigo 3 a establecer

regras para a garantía da prestación do servizo no período transitorio, e mesmo para manter elementos de modernización dos que establecía o plan que tería anulado a sentenza do Tribunal Supremo. Permítanme tamén que remarque de novo que este artigo 3 derroga o artigo 1 da Lei 5/2009, que establecía a prórroga por dez anos dos servizos e, inmediatamente despois, o precepto institúe o principio de continuidade do servizo público, e esa continuidade será en todo caso voluntaria para os contratistas, que deberán comunicar a súa renuncia no prazo de quince días dende a entrada en vigor da lei. Como tamén dixemos, establécese o seu carácter de obriga contractual durante doce meses a contar dende a data desta renuncia, seguindo deste xeito o que prevé o Regulamento da Lei de ordenación de transportes terrestres para os contratos que van vencendo.

Por último, é salientable a previsión legal de que ante hipotéticas renuncias de contratistas, a Administración procederá á súa adxudicación directa nos termos que establece o Regulamento 1370/2007, como tamén tivemos ocasión de explicar durante a tramitación parlamentaria desta norma.

Señorías, teño a obriga de sinalar que este texto lexislativo pretende manter as liñas de modernización impulsadas pola Lei 5/2009, que teñen a súa concreción na continuidade da súa participación ou integración nos plans de transporte metropolitano no modelo de tarifas zonais, na implantación do sistema de axuda á explotación, en consonancia cos traballos que leva acometido o Goberno de Galicia nos últimos anos, ou no mantemento do compromiso de integrar progresivamente vehículos accesibles a persoas con mobilidade reducida nos contratos.

E finalmente, señorías, esta proposición de lei prevé as regras para a licitación de servizos de duración temporalmente limitada, como son os das praias que se prestan no verán, mediante o establecemento dun procedemento sinxelo para a contratación dos mesmos.

Ata aquí o extracto do conxunto das medidas contidas neste texto que pretenden asegurar, señoras e señores deputados, a prestación do servizo público de transporte a todos os usuarios con todas as garantías e coa máxima seguridade xurídica para todos os operadores. E esa é, sobre todas as cousas, o fin último desta proposición de lei.

No segundo turno explicarei o noso posicionamento sobre as emendas que neste debate permanecen vivas, pero permítanme que avance agora o resumo das presentadas. Rexistráronse a esta proposición de lei instada polo noso grupo parlamentario –como foi dito aquí xa por algún compañeiro– cincuenta e dúas emendas: vinte e tres do Grupo Mixto –catorce de adición, sete de substitución e dúas de supresión–; doce do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda –catro de adición e oito de substitución–; seis emendas do Grupo do BNG –tres de adición e tres de substitución–; e once emendas do Grupo dos Socialistas –cinco de adición, unha de supresión e cinco de modificación–. Das devanditas emendas, foron aceptadas no transcurso dos traballos da ponencia as números 1, 2, 3, 9, 10, 12, 19 e 23 do Grupo Mixto –o que supuxo o 34,78 %–; a número 11 do Grupo da AGE –que supuxo o 8,33 %–; e acadouse unha transacción coa emenda número 1 do Grupo dos Socialistas. E, por suposto, foron asumidas tamén as emendas técnicas e as recomendacións feitas polos servizos xurídicos desta Cámara.

Posteriormente afondarei nos argumentos presentados aos diferentes grupos que xustificaron a aceptación ou o rexeitamento das súas respectivas propostas.

E máis nada polo de agora, señor presidente. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Goldar.

Rolda de grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas dos demais grupos. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bueno, dende o Grupo Mixto imos apoiar as emendas presentadas que se manteñen vivas dos grupos da oposición. Entendemos que serían unha achega moito máis completa a esta minilei as aportacións feitas polos diferentes grupos, pois non deixa de ser pouco innovadora. Non houbo un interese por sumar e mellorar esta apurada e obrigada modificación, que é unha solución urxente moi de mínimos.

E é curioso, porque non se admiten, por exemplo, a emenda número 1 da AGE, onde se indicaba que o obxecto da propia lei para adaptarse á normativa europea, pois isto foi o que derivou que esteamos hoxe coa adopción desta Lei de medidas urxentes, o que tamén debería garantir a renovación da propia frota; ou a emenda número 2 ao artigo 2, sobre a actualización do sistema de transporte público por estrada de Galiza, que se levaría mediante a aprobación polo Parlamento, medida na que tamén coincidimos con eles: é a propia representación da sociedade galega representada na Cámara a que debe dar o visto bo; ou a emenda número 3 do artigo 2 do Plan de transporte público de Galiza, que son obxectivos do plan –que debe ser moito máis amplo–, onde se fai unha achega máis detallada do que son os obxectivos do propio plan que non se contempla na proposta que fixo o Partido Popular.

O Goberno galego ten a responsabilidade e a obriga de ofrecer con esta lei medidas urxentes para poder solucionar as deficiencias actuais. Incluso aconsello seguir outros modelos, sobre todo a nivel europeo: mobilidade accesíbel, transporte alternativo –como poden ser eléctricos–, maior seguridade, modelos de cooperación entre as distintas administracións implicadas e garantir unha axeitada planificación. E é moi triste que moitas veces se preocupe máis de chegar ao que é a capital do Estado que dun punto a outro dentro do noso territorio; lamentable.

Ou a emenda número 10 tamén, sobre a xestión directa da Xunta no propio servizo, cando a xestión directa é pouco axeitada, ou para, polo menos, garantir os obxectivos mínimos fixados nesta lei coa política que segue a Xunta practicamente de librarse de responsabilidades.

Ou tamén a propia garantía de subrogación das persoas traballadoras quedando reflectido nos pregos, onde se inclúan dentro dos criterios socioeconómicos e de garantía social, mantendo a calidade do emprego e que sexa estábel.

Como tamén a emenda número 1 do BNG, onde se indica que se debería elaborar o Plan de transporte de Galiza, definir o marco do propio plan, para abordar dun xeito integral e coordinado os diferentes modos de transporte público, co apoio da consellería e en colaboración coas demais administracións que teñan competencia en transporte. E sometido a información pública e aos informes preceptivos dos órganos consultivos.

Ou a número 3, tamén do propio grupo parlamentario, onde se indica que se concretarán as redes de transporte establecendo a planificación xeral de toda a rede de transportes colectivos, que servirá de directriz básica para a ordenación do transporte de todas as administracións por competencias de Galiza.

Ou aquela emenda número 4 do anexo de substitución: a consideración da intermodalidade dos diferentes modos de transporte e da cobertura do territorio a partir da combinación do uso dos mesmos, sobre normas en materia de dereitos das persoas pasaxeiros da protección social.

Ou a número 6 onde o plan deberá abordar de xeito integral a planificación xeral do transporte público na Galiza establecendo mecanismos de participación e coordinación doutras administracións, sobre todo do Estado. E onde se debe incluír tamén o transporte ferroviario, favorecendo o transporte intermodal como unha ordenación racional do transporte na nosa terra.

Ou aquela número 5 do PSOE ao apartado 4.c), sobre a mobilidade reducida, as condicións básicas de accesibilidade no período da continuidade na explotación, poñendo unha data límite, sobre todo naquelas que se incorporen por primeira vez.

Ou a emenda número 9, sobre medidas de discriminación positiva do transporte público e mecanismos graduais da internacionalización dos custos medioambientais.

Ou aquela emenda número 10 sobre os contidos mínimos do propio Plan de transporte, que constará dunha memoria económico-financeira que garanta a universalidade da mobilidade, a súa sostenibilidade e a discriminación positiva do seu uso; a necesidade de empregar incluso bus de poucas prazas para facilitar a mobilidade en poboacións con moi poucos habitantes.

Nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, en primeiro lugar dicirlle ao portavoz do Partido Popular que non imos aceptar a súa achega para as nosas confluencias de nome que nos ofrece porque dubidamos moito, ademais, que sexa gratuíto. O Partido Popular case todo o paga en B ou en negro, gratuitamente non sabe facer case nada. Por exemplo, a súa sede central pagouna en negro e gobernan desde unha sede pagada en negro. Pero, bueno, son cousas do

Partido Popular 2.0; polo tanto, ao mellor ten que visualizar ben o seu entorno cando fale de gratuidade porque no Partido Popular non se regala nada, todo se cobra con sobras.

A respecto dos plantexamentos que se fan neste momento, o noso grupo vai apoiar o conxunto de emendas do resto de grupos da oposición porque son coherentes co espírito que defenden as nosas emendas. Pero, dende logo, queremos facerlle algunha aclaración ao Partido Popular.

En primeiro lugar, que diga que isto se fai para non poñer en risco o futuro e a economía de milleiros de familias que dependen deste sector, bueno, o primeiro que hai que dicirlle é que o único que puxo en risco a esta familia foi o propio Partido Popular incumprindo unha normativa europea e, polo tanto, é o Partido Popular quen ten estas familias nunha situación de risco seriamente lamentable pola súa ineficacia como Goberno. Ese Goberno que é tan eficaz resulta que despois incumpre a normativa europea. E non me vale a escusa de que só nos reclamaron a dúas comunidades do conxunto dos que fixeron algo parecido, pois esa é unha escusa de mal pagador que non é aceptable para un Goberno que se di serio pero que se demostra absolutamente alegal en multitude de cuestións.

Dende logo, unha das cuestións que poderían facilitar o futuro e a tranquilidade dese conxunto de familias sería que vostedes aceptasen a nosa emenda que fala da subrogación dos traballadores. ¿Por non se deixa blindado xa nesta lei que a partir de agora, cando se produza unha substitución nun contrato de transporte público de viaxeiros por estrada, esta garantía a subrogación dos traballadores de forma que os traballadores que ata ese momento facían ese traballo teñan garantida a continuidade no seu posto de traballo ou, no seu detrimento, unha indemnización pola nova empresa que non queira continuar con eles?

Polo tanto, parécenos absolutamente moi importante que se garantan este tipo de cuestións na norma. Porque despois, senón, atopámonos con como durante este período de sesións tivemos que vir aquí en multitude de ocasións defendendo traballadores que eran expulsados dos seus postos de traballo cando unha nova contrata acudía a ese servizo e o que facía sempre era, coas súas rebaixas nos prezos, ir sempre ao peto dos traballadores por despidos ou redución de salarios. Polo tanto, eu creo que é necesario subrogar os traballadores en todas as condicións, no seu posto de traballo e nas condicións laborais que tiñan anteriormente para garantir esa seguridade das familias que a vostedes tanto lles preocupan. Igual que lles preocupaban os traballadores e chegaron a dicir que eran o partido dos traballadores ou, como dixeron apenas hai un mes, que se ían presentar para baixar os impostos e hoxe xa anuncian que van incrementar os impostos para cumprir con Bruxelas. Vostedes son o partido da fraude. Ese mesmo partido que di que hai que repetir o referendo en Gran Bretaña porque se fixeron dunha forma mentireira as propostas do Brexit, resulta que non entenden que non se pode acudir a unha contenda electoral mentindo e enganando, como se demostrou apenas un día despois.

Dende logo, parécenos moi importante que vostedes aceptasen as nosas emendas de modernización de frota e, sobre todo, de supresión e introdución de vehículos eléctricos na norma, no sentido en que se elimine a huella –se lle molesta o que digo, non se preocupe, pode contestar cando queira– fósil dese actual modelo, que nós consideramos que deben

introducirse novos mecanismos para garantir a súa sustentabilidade medioambiental e por iso introducíamos esas emendas.

E, dende logo, esperamos que nos conteste sobre a necesidade de que vostedes, que plantean nun anexo a necesidade de facer ese novo Plan de transporte público de Galicia, que sexa o vindeiro pleno desta Cámara quen determine cales son as condicións do plan, cales son as condicións de plan e, dende logo, cales son as directrices do plan; que non quede agora xa predeseñado un plan cando estamos no final dunha lexislatura e, polo tanto, serán os novos responsables públicos quen deberan tomar esa decisión. E non só o Goberno senón o conxunto da Cámara, porque nós apostamos pola participación cidadá e entendemos que debe ser esta Cámara quen determine ese plan, que é fundamental para o futuro de Galicia nunha situación como a actual onde non hai ningunha garantía de vertebración. E, dende logo, é imposible, pois, vertebrar o país a través do actual modelo de transporte público que desenvolveu o Partido Popular en todos estes anos, que o que fixo foi eliminar o transporte público da maioría do país e soamente constrinxilo ao eixo atlántico e nunhas condicións moi pouco favorables para a maioría da poboación. Estamos ante un transporte público en moitos casos elitista en canto aos seus custes e inabordable para moitos traballadores, como pasa no actual eixo atlántico onde –como vostede sabe– o actual prezo dos billetes fai que moita xente non poida utilizalo e que teña que utilizar outro medio de transporte.

Polo tanto, esperamos que se pronuncie sobre as nosas emendas que continúan vivas e, dependendo de como fagan vostedes esta actuación, pois determinaremos o noso voto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente. Señorras e señores deputados.

Se non entendín mal, o señor Goldar comezou a súa intervención volvendo culpar ao Goberno bipartito polo problema da prórroga nas concesións. Eu sinceramente creo que é total e absolutamente inaudito que un partido leve gobernando sete anos en Galiza –refírome ao actual período presidido polo Goberno Feijóo, porque se falamos de historia do noso país é que vostedes gobernaron sempre quitando un breve interregno, señor Goldar– siga votando a culpa de todo ao goberno anterior; paréceme total e absolutamente inaudito.

Pero, mire, a realidade é que dende que vostedes accederon ao goberno tiveron meses para solucionar o problema das prórrogas e non fixeron absolutamente nada. Viñeron a última hora cunha lei e cunha resolución e, pese ás advertencias de ilegalidade, pasaron sete anos sen facer nada para resolver esta situación. ¿Quere que lle volva ler, como fixemos no debate da toma en consideración, as advertencias de ilegalidade que expuxo o BNG dende a tribuna a respecto daquela lei? E lembre vostede, señor Goldar, que a sentenza do Tribunal Supremo anulando unha resolución do Goberno da Xunta de Galiza foi ditada contra unha resolución ditada polo Goberno do señor Feijóo. Polo tanto, deixen algún día de tirar balóns fóra e asuman as súas responsabilidades.

Dito isto e pronunciándome sobre as emendas presentadas polo resto dos grupos da oposición, como anunciamos na primeira quenda, imos votar a favor de todas elas e simplemente vou centrar esta segunda intervención en mencionar aquelas que nos parecen máis relevantes.

Como dixemos na primeira intervención, estamos de acordo en que o Plan galego de transporte público deba ser debatido e aprobado polo Parlamento de Galiza; en que os principios básicos que deben orientar o futuro plan, deben contemplar aspectos como a accesibilidade, a seguridade e a sustentabilidade medioambiental. Neste aspecto, consideramos que é imprescindible marcarse como obxectivo reducir a antigüidade da frota e tamén as emisións de CO₂ promovendo medios de transporte eléctrico. Parécenos moi razoable e subscribimos plenamente todas estas emendas.

Concordamos tamén en que se debe contemplar a posibilidade de xestión pública directa dos servizos, como propón o Grupo Parlamentario da AGE na súa emenda número 10, e que nos pregos de condicións das concesións deben incluírse criterios de protección dos dereitos dos empregados e de fomento do emprego de calidade. Nese sentido, coincidimos totalmente en que debe garantirse a subrogación por parte das novas concesionarias do persoal que viña prestando o servizo.

Parécenos tamén moi relevante a emenda número 18 presentada polo Grupo Mixto, que contempla a prohibición expresa de contratar con terceiros a actividade principal obxecto de contratación; e tamén a emenda 21 do Grupo Mixto que plantexa, á hora de responder ás necesidades de mobilidade da Galiza de hoxe, a contemplación das conexións cos parques empresariais, hospitais, universidades e grandes empresas.

Seguimos sen saber, despois da intervención do señor Goldar, se o Partido Popular pensa modificar o criterio que mantivo en comisión a respecto das emendas presentadas polos grupos da oposición e, en particular, polo Grupo Parlamentario do BNG, ou non. En caso de que persista na súa posición de votar en contra das emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do BNG, ratifico que a nosa posición será a mesma que tivemos en comisión e, polo tanto, absterémonos na votación do ditame final.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández. *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Boa tarde novamente.

Señor Jorquera, pois si, parece que o Bipartito ten as culpas de todo, pero voulle facer algunha conta ao señor Goldar, porque, á parte de botar as culpas, hai que ter un pouquiño de rigor nas contas que se boten.

Mire, di vostede que non estariamos nesa situación se o Goberno bipartito tivera solucionado a cuestión. Mire vostede, o Regulamento europeo é de outubro de 2007, convócanse as elec-

cións polo Bipartito o 1 de febreiro de 2009. Pasaron quince meses, e a proposición de lei que vostede presenta pra aprobar di que o Plan de transporte lle dá vinte e un meses para facelo. É dicir, gobernan moito máis e queren que os demais solucionemos en moito menos tempo. Polo tanto, un pouquiño de rigor. Dáanos catorce meses, segundo iso, para ter elaborado o Plan de transporte.

Segundo, ¡home!, ¿a rebufo iniciativas? Mire vostede, a sentenza coñécese o 17 de marzo de 2016, xoves; sae en prensa o 18 de marzo de 2016, venres; o 21 de marzo de 2016, luns, o Grupo Socialista rexistra –ben rexistradas– petición da comparecencia da conselleira en comisión e pleno, unha pregunta oral en comisión, unha pregunta oral en pleno, unha interpelación e unha pregunta para resposta por escrito. ¡Home!, poderíamos ter vido o domingo, é verdade, pero non creo que atopáramos nada.

En todo caso, señor Goldar, no debate de emendas, na Comisión 2ª, para a elaboración do ditame que hoxe debatemos, situou vostede o Grupo Socialista a carón dos empresarios do transporte. Dixo vostede que nos situamos como cómplice dos empresarios. Hoxe aínda non o dixó, pero teño a sensación de que o vai facer no seu turno de réplica, mire por onde. Por se acaso, e en todo caso como réplica á súa intervención na Comisión 2ª, vaime permitir lembrar algunhas complicidades do seu grupo e do Goberno popular.

Mire, foron vostedes cómplices da supresión de liñas e paradas do transporte ferroviario de media distancia; cómplices da supresión de rutas, redución de frecuencias e alteración de horarios do transporte público de viaxeiros por estrada; cómplices da descoordinación aeroportuaria; cómplices da non implantación dos metros lixeiros de Santiago, A Coruña e Vigo; cómplices da irrealidade do tren de proximidade; cómplices de laminar novos modos de transporte que xa estaban implantados; cómplices de perverter o concepto de intermodalidade para convertelo nunha simple bonificación de tarifas; cómplices de excluír –tal e como anunciaron a semana pasada– os mozos e mozas menores de dezoito anos de douscentos trinta e nove concellos de Galicia de ter o transporte público gratuíto.

De todo isto foron vostedes cómplices e tamén culpables, mais tamén foron cómplices e culpables de non cumprir os programas electorais do seu propio partido, de enganar as empresas concesionarias coa prórroga das concesións, de incumprir a Lei 14/2003, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que na súa disposición adicional segunda punto 3, di: “No prazo de doce meses dende a entrada en vigor da Lei, a Xunta de Galicia deberá elevar ao Parlamento de Galicia un proxecto de lei de mobilidade de Galicia”. O prazo, señor Goldar, rematou o 15 de febreiro de 2015, hai máis dun ano. E foron cómplices e culpables, señor Goldar, de convivir durante máis de seis anos, a sabendas, cunha resolución ilegal do Goberno do señor Feijóo.

Señores voceiros da oposición, no contexto no que se ven tramitando esta proposición de lei valoramos e consideramos as achegas dos grupos parlamentarios da oposición para mellorar o texto que nos presentou o Grupo Popular. Así, daremos o noso apoio a vinte das vinte e tres emendas do Grupo Mixto, a todas excepto ás emendas cos números 4, 8 e 11, que imos rexeitar. Non as podemos aceptar polo seu contido de redución dos modos de transporte, redución da proposta de temporalidade para a elaboración do novo Plan de transporte de

Galicia e de redución da capacidade de intervención da Administración en situacións que exixan a toma de decisións para dar solucións.

Imos dar o noso apoio ás once emendas do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda. Por ultimo, tamén imos dar o noso apoio ás seis emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego. E xa vou rematando.

O que mal empeza, señor Goldar, mal acaba. Esta lei foi concibida con enganos en 2009, naceu cunha resolución ilegal en 2010; nesa situación mantívose latente, nos últimos seis anos e medio, nun proceso de desnutrición polo desinterese do Partido Popular, e rematou hai dous meses en urxencias. Porque esta proposición de lei tramítase condicionada polos tempos, vítima do calendario e o seu contido indica que será unha lei menor.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: De acordo coa autovaloración da consellería, é un Plan de transporte público de Galicia que xa renuncia de entrada...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Dúas

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...á categoría de plan estratéxico na súa tramitación.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Tres

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señor Goldar, o que mal empeza, mal acaba.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández. Catro.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Esperen que haberá renuncias de concesións e reclamacións de [...].

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Grupo Parlamentario Popular, señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señor presidente. Señorías.

Señor Fernández, de novo con cariño, semellaba dende o meu escano escoitarlle que parecía que estaba vendo unha película: un xuízo sumarísimo, cómplices, culpables, en fin, faltaba o xuíz togado para impartir e ditar sentenza. En todo caso, aconséllolle que revise vostede o audio da comisión do pasado día 4 de xullo –se non me falla a memoria–, porque este deputado non recorda utilizar ese termo de cómplice das empresas, entre outras cousas porque non está no acervo lingüístico habitual deste que fala.

E, por certo, xa que o cita e é tan meticuloso nas datas, pois dicirlle que, efectivamente, o 18 de marzo foi coñecida a sentenza do Tribunal Supremo; pois, o mesmo 18 de marzo, este mesmo Grupo Parlamentario mais os demais da oposición salvo o de vostede presentamos iniciativas para consultar á consellería a súa opinión ao respecto. Vostedes non o domingo, non, o luns, é dicir, eses días estaban a outras cousas, non a estas.

En fin, resumirei brevemente co seu permiso a posición política do noso grupo parlamentario ao respecto das emendas máis salientables, sendo todas elas importantes, por suposto, e que foron formuladas polos grupos parlamentarios da oposición ao texto lexislativo.

Durante a primeira xornada da ponencia, o 27 de xuño, o Grupo Popular ofreceulle, señorías, unha resposta a todas e cada unha das emendas presentadas e que, polos motivos que entón lles explicamos, non podían ser aceptadas. Tentamos tamén algunha transacción co Grupo Mixto e unha máis co Grupo Socialista, que finalmente, e por motivos estritamente técnicos e xurídicos, non foi posible concretar.

Referireime agora, sucintamente, a algunhas das emendas presentadas polos grupos da oposición, abondando nas explicacións dadas para o seu rexeitamento. Así, en canto, por exemplo, á emenda número 7 do Grupo Mixto ao artigo 2, apartado 3, de substitución, coincidente en parte coa número 2, ao mesmo artigo, apartado 1, e coa número 5, tamén ao artigo 2, apartado 3, ambas de substitución do Grupo de AGE, dicir que o sometemento do Plan de transporte público de Galicia a aprobación por parte do Parlamento non resulta acaído para un instrumento de planificación que ten un carácter claramente executivo, ademais de supoñer unha dilación excesiva que, sen dúbida ningunha, afectaría a licitación do novo mapa de servizos de transporte.

No que respecta ás emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, salienta que a totalidade das 6 presentadas foron rexeitadas. O motivo fundamental que subxace neste rexeitamento é que o que este grupo propón –dito, señor Jorquera, co debido respecto– podería supoñer unha invasión da autonomía local e estatal, cos conseguintes prexuízos de toda índole que levaría aparellados de seren aceptadas, e así reafirmámonos, señor Jorquera, a pesar do que ten dito vostede na súa primeira intervención sobre esta cuestión.

Deixo para o final a fundamentación do rexeitamento ás emendas presentadas polo Grupo Socialista, pola súa especial importancia. Así, en canto á emenda número 2 deste grupo ao artigo 3, apartado 1, de adición, na que solicitan que se engada *in fine* que “para estes efectos se considere como investimento significativo xa realizado en virtude do plan de modernización”, pois este grupo, señor Fernández, entende que esta pretensión, que afectaría por igual todos os contratos nunha valoración individual, colisionaría coa propia sentenza do Tribunal Supremo.

En canto á emenda número 5 do mesmo grupo ao apartado 4.c), de modificación do artigo 3, sobre os requisitos de accesibilidade, ao Grupo Parlamentario Popular sorpréndelle que vostedes distinguan entre galegos e galegas de primeiro e de segundo nivel. O Grupo Socialista é coñecedor de que a normativa estatal á que fai referencia limita as exixencias en materia de accesibilidade ao cumprimento de determinados requisitos. No caso de Galicia as ditas exixencias só poderían

impoñerse a un 10 % das concesións existentes, e nós, desde logo, señor Fernández, non imos renunciar á nosa política social e de igualdade de oportunidades para todos.

E, por último, en canto á emenda número 6 do mesmo Grupo Socialista, de engádega dunha nova disposición adicional, relativa aos servizos públicos regulares en áreas de débil tráfico, que podería prestarse con vehículos de ata nove prazas, dende o Grupo Popular entendemos que esta nova categoría presenta moitas dificultades. Abordar esta cuestión require dunha análise maior e máis profunda das consecuencias que iso pode levar e, polo tanto, dunha regulación máis exhaustiva, o que non parece propio desta lei, e menos aínda sen lle dar audiencia ao sector afectado pola mesma.

Ata aquí, señorías, a nosa posición política fronte ás emendas máis salientables que tiveron a ben realizar os seus grupos a este texto legal, con independencia de que aceptáramos algunhas e a outras non fomos quen de buscarlles o encaixe preciso para a súa introdución no mesmo. Agradecemoslles intensamente o seu traballo e estamos convencidos de que coas súas achegas e opinións esta é hoxe xa unha norma mellor.

Agora só queda que, no exercicio da responsabilidade última e máis alta que temos como lexisladores, reflexionemos sobre a conveniencia da aprobación desta norma. Nós, como xa tivemos ocasión de dicir en varias ocasións, só perseguimos o proporcionar unha solución acaída e urxente a un grave problema, que de non aprobarmos hoxe esta proposición de lei se poría en perigo a prestación dun servizo público fundamental e, como consecuencia, levaría á incerteza a milleiros de persoas que traballan neste sector fundamental para a economía de Galicia.

Oxalá, señoras voceiros, vostedes e os seus grupos opinen aínda con diferenzas, o mesmo ca nós, e voten favorablemente a aprobación do ditame.

Máis nada, moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Goldar.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Mantense neste debate o voto particular do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda á emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o voto particular e as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

A estrutura do debate é similar á debatida anteriormente, e comezamos coa presentación do debate pola presidenta da Comisión de Política Social, Sanidade e Emprego, señora Marta Rodríguez-Vispo.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Rodríguez-Vispo Rodríguez): Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero, presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, tivo entrada rexistral o día 10 de febreiro de 2016 e admitiuna a trámite a Mesa da Cámara o 16 de febreiro. Logo da súa toma en consideración na sesión plenaria do 24 de maio, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado rematou o 21 de xuño, coa formulación dun total de 57 emendas, 4 do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, 7 do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, 32 do Grupo dos Socialistas de Galicia e 14 do Grupo Popular de Galicia.

A Comisión 5ª designou as seguintes ponentes titulares: señoras Oubiña Solla, Acuña do Campo, Adán Villamarín, Solla Fernández e Iglesias Sueiro.

Na sesión do 4 de xullo aprobouse o ditame por 10 votos a favor e 4 abstencións, coa incorporación ao texto da proposición de lei, ademais das emendas técnicas, dun total de 19, 6 delas transaccionadas. O texto articulado consta da exposición de motivos, dun artigo único subdividido en tres apartados e da súa parte final, que se integra cunha disposición derogatoria e dúas derradeiras. Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo co debate e votación dos votos particulares presentados e das emendas mantidas, así como o Ditame da comisión emitido sobre a Proposición de lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que acabo de presentar.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Moitas grazas, señora Vispo.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender os votos particulares e as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde.

Moitas grazas, presidenta.

Felicitar á señora Adán pola súa iniciativa, felicitar a todas e todos os que se consideran feministas, porque isto é un paso para diante, un paso máis do feminismo, un paso máis cara á igualdade, unha loita moi antiga, unha loita que nunca derramou unha soa gota de sangue, unha loita que continúa e que continuará, ata que academos todas e todos a igualdade total.

Permítanme, por favor, unha breve introdución para argumentar o meu posicionamento con respecto á modificación da Lei 11/2007, para a regulación dunha prestación económica de

carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero, e tamén a trata con fins de explotación sexual.

A sociedade actual, malia os avances e logros –repito– do Movemento Feminista impulsor dos cambios lexislativos en materia de igualdade, aínda a día de hoxe non se desprende da ideoloxía patriarcal. O patriarcado pode definirse como un sistema de relacións sexo-políticas baseadas nas diferentes institucións públicas e privadas e na solidariedade interclase e interxénero instaurada polos varóns, que como grupo social, e de xeito individual e colectivo, oprimen as mulleres –tamén de xeito individual e colectivo– e se apropian da súa forza produtiva e da súa forza reprodutiva, dos seus corpos e dos seus produtos, xa sexa con medios pacíficos ou usando a violencia. Este modelo, o modelo heteropatriarcal, consagra múltiples discriminacións, de todo tipo, das mulleres fronte aos varóns e lexitima situacións inxustas, como poden ser a falta de independencia económica, a fenda salarial, a discriminación sexual do traballo ou a desigualdade laboral, entre outras. O sistema patriarcal afecta todas as facetas na vida das mulleres e dos homes. É unha das manifestacións máis graves do dominio dos homes sobre as mulleres, e esa é a violencia na parella e a trata de mulleres con fins de explotacións sexual.

A Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero supuxo un grande avance. Outro pasiño, pasiños do feminismo, que chega a trasladar aos lexisladores as súas demandas. Pois ben, supuxo un avance para remediar obstáculos aos que se enfrontan as mulleres que queren romper a cadea dos malos tratos e da explotación sexual. Unha lei que contempla axuda psicolóxica, axuda sanitaria, axuda xurídica, pero que deixa de lado a axuda económica, a cuestión económica, mellor dito, cando esta non é unha cuestión menor. En moitos casos a cuestión económica é o principal obstáculo ou un dos máis determinantes que deben superar as mulleres para deixar atrás o inferno da violencia ou o inferno da explotación sexual. E ese é o sometemento das súas familias e delas mesmas ao maltratador. Moitas, cada vez máis, tal e como está o mercado laboral, dependen economicamente de quen as maltrata ou explota e secuestra, ao que hai que engadir, tamén, que moitas delas teñen pouca experiencia laboral ou baixa capacitación profesional. Este problema aínda se acentúa, se cabe máis, nas mulleres vítimas de trata, mulleres estranxeiras, mercancías das mafias, que en moitos casos ata descoñecen o idioma e se atopan indocumentadas. O medo e a incerteza paralizan as vítimas. Rematar con este tipo de prácticas delitivas e antinaturais, pola súa inhumanidade, sería o ideal, pero mentres agardamos unha sociedade na que a violencia machista desapareza e que nun sistema coeducativo nos aprenda desde nenas a desestruturar os roles patriarcais, benvidas sexan todas as medidas lexislativas que amortigüen a situación das actuais vítimas deste tipo de violencia estrutural e as axuden a saír dela para acadar o dereito de calquera ser humano a vivir unha vida libre de violencia e de explotación. Ata o de agora as mulleres en situación de maltrato que pretendían o acceso a unha prestación económica, debían agardar a que esta fose convocada, polo que só podía ser solicita entre os meses de marzo a outubro.

A proposición de lei presentada e aprobada por maioría absoluta a súa toma en consideración nunha sesión plenaria anterior corrixe esta eiva. Corrixe esta eiva da lei ao converter por lei as axudas ás vítimas nunha prestación de solicitude permanente, o que servirá –e é indubidable que servirá– para axilizar e facilitar os trámites. E o que é moi importante, animará

a moitas mulleres a romper o silencio dos malos tratos. Quérolles recordar, de novo, que catro de cada cinco mulleres, maltratadas no fogar, non denuncian, sendo a cuestión económica determinante á hora de facelo.

Ademais, esta proposición de lei incorpora á lexislación as vítimas da trata de persoas con fins de explotación sexual, un crime que de por si constitúe unha das máis terribles violacións dos dereitos humanos de grandísima magnitude, un xeito de escravitude moderna e unha das facianas máis acedas da violencia de xénero. Tamén, o negocio máis lucrativo para as mafias que operan en todo o mundo, despois do tráfico de armas e de estupefacientes con ganancias que oscilan entre os 10 ou 12 millóns de dólares, segundo a organización *Paz y Desarrollo*.

Xa que os estados, xa que os seus gobernos, non son quen de impedir –como deberan– e de castigar –como deberan– esta práctica delitativa que atenta e vulnera os dereitos humanos máis fundamentais, ben está que, polo menos, se visibilicen e se contemplan na lexislación galega como vítimas de violencia de xénero, con toda a protección e o recoñecemento que lles outorga a lei galega.

Non vou falar máis, está todo dito, e a importancia de aprobar esta proposición de lei presentada pola señora Adán é un motivo de alegría, de satisfacción e de orgullo para todo o Parlamento de Galicia.

Non presenteí emendas por considerar que o fundamental estaba recollido no texto orixinal, e tamén para axilizar o trámite parlamentario. Así que, por descontado, votarei afirmativamente esta PNL.

Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario da AGE, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Estes días coñecemos que persiste o dato aportado polo Ministerio de Interior que indica que cada oito horas se viola unha muller no Estado. Son datos similares aos de anos pasados, pero que se manteñen estables ou, incluso, se incrementan. Falamos de agresións sexuais con penetración e falamos das que se denuncian; necesitaríamos, incluso tamén, que se contemplasen como violencia de xénero, ¿e que son, se non?

Algunhas organizacións daban estes días datos de que, aproximadamente, as mulleres que denuncian estes feitos son un sexto das que realmente sofren agresións sexuais deste calibre. Ou sexa, se aprendemos estes datos, sería unha cada corenta e oito minutos no conxunto do Estado, o cal é unha barbaridade.

En 2015 oito mulleres foron asasinadas en Galicia e dúas nenas, e temos trasladado xa que moitas das mulleres vítimas de violencia de xénero –acaba de comentalo a anterior po–

nente– nin sequera chegan a denunciar. Temos debatido xa cales son as probables causas – variables– que fan que non se chegue a denunciar, entre elas, a sensación de falta de protección ou a sensación de falta de medidas suficientes para apoialas tras esa denuncia, entre outras moitas causas nas que, obviamente, incide tamén a súa situación psicolóxica.

Son exemplos dun machismo que nos golpea cada día, e a min gustaríame preguntarnos, de maneira retórica, cantas deputadas desta Cámara poderían continuar vítimas dos distintos tipos de violencia, dos distintos tipos de discriminación, incluso polos seus propios compañeiros. Eu creo que practicamente todas, todas, o sufrimos, todas as mulleres sufrimos a discriminación e a violencia en máis ou menos medida. Comentaba a señora voceira do Grupo Mixto que, efectivamente, isto corresponde ao sistema patriarcal no que vivimos.

E, polo tanto, as leis de violencia de xénero non só deben mellorarse e ampliarse, senón que deben facerse efectivas. É un debate bastante fondo que tivemos na Comisión de Igualdade, no que moitas das ponentes denunciaban que as leis actuais, pese ás eivas que poidan ter, realmente nin tan sequera se cumpren en gran parte dos seus puntos, das súas medidas. Polo tanto, resultaba –trasladámolo xa na toma en consideración– bastante lastimoso que cando se detectaba un punto de mellora, como era precisamente o relativo ao prazo no que se podían solicitar as axudas periódicas para as mulleres que sofren violencia machista, o Goberno non só non quixese melloralo, senón que negase a existencia deste problema.

Pasaron anos –porque levamos xa anos con esa Comisión de Igualdade–, e pasaron moitos meses, do último período de sesións no que aquí se nos dixo que ese problema non era tal, ata que finalmente tiveron que admitilo. E foi finalmente –eu agradezo á señora Adán que trouxese esta iniciativa a debate a esta Cámara–, pero si que lamento –e díxeno na súa toma en consideración– que fose unha proposición de lei dun grupo parlamentario a que tivo que propor ou intentar corrixir este aspecto que, dende logo, entendemos que a propia Secretaría de Igualdade podería ter corrixida ou proposta esa modificación legal se tivese sensibilidade con este tema.

A realidade é que este grupo parlamentario xa se manifestou de acordo en modificar a lei nestes termos, porque é certo que cando se fixo o debate da toma en consideración o Partido Popular se limitou a dicir que aceptaban para facer unha modificación da Lei actual de violencia de xénero e non unha lei específica; sabíámolo cando se aceptou esa toma en consideración. Este grupo xa dixo tamén, ese día, que había algúns aspectos que consideraba susceptibles de mellora e, polo tanto, presentamos catro emendas –a lei é moi concreta, é moi escueta–.

Mantivemos esas emendas, pero o trámite parlamentario fixo que, ao entrar as emendas do Partido Popular, que facían decaer o texto legal ao pasar a ser unha modificación da Lei de violencia de xénero, tivésemos que emitir, finalmente, un voto particular para poder mantelas. E isto foi así porque, a pesar das solicitudes reiteradas deste grupo de que se intentase transaccionar algún aspecto dos contidos nas emendas, non houbo maneira por parte do Grupo Popular, ou trasladóusenos que non había ese permiso por parte do Executivo.

Polo tanto, fago un somero resumo das catro emendas que nos parecían importantes, polo menos para efectuar ese debate. Unha é a relativa ao momento no que debe cesar a convivencia a vítima para poder acceder a esa prestación. Presentábasenos o dilema de se cesase a convivencia esa condición podía impedir que algunhas mulleres, que non tiñan ningún tipo de amparo a nivel do seu círculo social ou familiar, non puidesen abandonar o domicilio que compartían co home agresor para poder solicitar a axuda. E, polo tanto, presentamos esa emenda número 1, que matizaba que cesase a convivencia ou precisase da concesión de axuda para poder cesar a dita convivencia.

No relativo á emenda número 2, será efectivo o relativo ao permiso de residencia que se lles exige ás mulleres vítimas de trata para fins de explotación sexual. Consideraba este grupo que non existindo un trámite extraordinario para a concesión da residencia, tal e como temos solicitado –pero que sabemos perfectamente que debера asumilo o Ministerio do Interior– o trámite burocrático dos papeis relativos á residencia destas mulleres podía facer que nun lapso de tempo se atrasase a concesión desta axuda. E pediamos, por favor, que se intentase transaccionar para que, polo menos, cando estes trámites estean en curso estas mulleres puidesen solicitar tamén esa axuda. Aínda que se nos dixo que habitualmente se soía facer deste xeito ou que, nalgúns aspectos, o tramitaban desta maneira, a realidade é que non queda plasmado no texto legal. E entendemos que iso é nocivo para asegurar os dereitos efectivos destas cidadás que, neste caso, están en situación non regular.

A emenda número 3, relativa ao artigo 3 do texto inicial, e que podía ser transaccionada co artigo 38 da Lei de violencia de xénero, falaba de algo que nós consideramos moi importante, que é a compatibilidade con outras prestacións ou subsidios. Co texto legal actual o cobro desta axuda periódica imposibilita compartir con outro tipo de axudas que a muller poida desfrutar pola súa situación económica e social. Nós entendemos que non é tanto o número de axudas, senón que o límite debера establecerse en función do tope económico desas axudas. E entendiamos que a emenda presentada era o suficientemente laxa como para deixar ese regulamento do tope económico no desenvolvemento do decreto posterior.

O que pensamos é que hai posibilidades cando unha muller necesite e teña dereito a acceder a outro tipo de axudas sociais ou económicas, como poden ser axudas de emerxencia, e que non debера ser incompatible de ningunha maneira con “desfrutar” –entre comiñas o de desfrutar– esta axuda, que intenta axudar, dalgunha maneira, a que as mulleres en situación de violencia machista poidan abandonar a convivencia co seu agresor.

A cuarta emenda presentada polo noso grupo condicionaba, en canto ás obrigas das beneficiarias relativas aos cursos de formación e de inserción sociolaboral, que no caso de que houberse algún motivo de saúde que impedise a participación non se motivase a perda das axudas. Entendemos, tamén, que a situación derivada dun caso ou dunha situación de violencia machista pode comportar problemas de saúde físicos ou mesmo psicolóxicos que impidan que, nalgún caso, a muller poida participar de certos cursos, ou de certa formación ou de certos programas.

En definitiva, obviamente este grupo non vai impedir a tramitación desta mellora do que son as concesións das axudas periódicas ás vítimas de violencia de xénero, que basicamente

se poderían resumir en que estean dispoñibles durante todo o ano e que poidan acceder a elas as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. Pero entende, obviamente, que o texto podería ser máis ambicioso e poderían terse en conta estas melloras por parte da Secretaría de Igualdade para facilitar, aínda máis, a concesión destas axudas.

Obviamente, queda moito por facer e quedan moitos aspectos nos que cremos que a lei ten que ser modificada, porque a día de hoxe son necesarias, e case que obrigatorias, algunhas melloras que xa temos debatido tamén nesa Comisión de Igualdade e que entendemos que, desgraciadamente, vai quedar á fin esta lexislatura sen un ditame que poida avaliar as interesantes comparencias que nela se deron por parte non só das persoas expertas a nivel administrativo, senón dos grupos de mulleres afectadas ou, mesmo, dos grupos de mulleres feministas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do BNG, ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señoras deputadas e señores deputados.

Señoras deputadas, todas quixeramos chegar a un parlamento e poder promulgar unha lei entre todas que constara dun artigo único, claramente, que dixera que era derogado o heteropatriarcado. A partir de aquí todas e todos seríamos iguais e libres e, polo tanto, viviríamos dentro da xustiza social.

Sabemos que iso é imposible –non sei se redactalo, mais non realizalo–, que a única posibilidade que temos para ir conquistando cada vez espazos maiores de igualdade, e tamén de liberdade, é a través de dúas vías –corríxanme se me equivoco–, unha individual, na nosa práctica cotiá –e fago miñas as palabras de que o persoal é político–. Intentamos –seguramente dende a contradición que significa a vida, seguramente dende as nosas propias eivas, dende os nosos propios medos, dende a nosa construción da identidade– todos os días ir transformando nas nosas vidas, e naquelas dos e das que nos rodean, esa realidade para, cada vez, convivir en espazos de maior igualdade e liberdade.

E outra liña é a liña colectiva no social e no político, e no social permítanme que desculpe que hoxe non estea con nós –aínda que o tiña así confirmado– a asociación Si, Hai Saída, de Lugo, porque neste momento –e así nolo fixeron saber– están na comisaría cunha muller vítima, e despois vana acompañar ao xulgado, como fan cotianamente.

Porque da orde de 14 mulleres ao día presentan denuncia, sendo iso unha cuarta parte das mulleres que sofren violencia de xénero, que sofren violencia feminicida. E esa é a realidade de todos os días, pois o que hai dende o ámbito social son moitas mulleres, e tamén homes, comprometidos todos os días por conquistar espazos de maior igualdade e liberdade.

E permítaseme aquí recoñecer a todas as asociacións e a todo o movemento feminista. Pero tamén no ámbito político, no ámbito do traballo, dende os concellos ata os gobernos, o Goberno galego, e no ámbito que a nós, señoras deputadas, nos compete, que é o ámbito lexislativo.

Lexislar en violencia de xénero é absolutamente recente, recente, é de antonte, do 2004, do 2003, se incluimos as medidas e a Lei de orde de protección. Con moitos debates previos, efectivamente, porque nin tan sequera contabamos con categorizar que era esa violencia que sufrían as mulleres, que sofren as mulleres, que estes días a vemos cruamente nunha semana absolutamente trágica de mortes, de asasinatos, de mulleres e de violacións de mulleres por grupos de homes, pensando que o corpo das mulleres é un obxecto a utilizar. Afortunadamente, a lei galega tamén recolle que as violacións e os abusos sexuais son violencia machista. E así o son, porque, efectivamente, é unha apropiación do corpo das mulleres.

Estaba dicindo que se chega á lexislación, por unha banda, coa lei orgánica, onde todas recoñecemos que era un avance. Debatenos moito na lei orgánica, moito debatenos aquelas emendas nas cales soamente a lei orgánica facía referencia á parella e á ex parella.

Compañeiras, deputadas, dixemos que é un paso adiante e que marcará un antes e un despois, e así o fixo, e as leis –permítaseme dicir– son de todas as persoas que contribúen a facelas, en maior ou menor medida, e foi un paso adiante, necesario, seguramente; eu estou convencida de que é necesario modificala neste momento.

Pero significou doce anos ata aquí de ordes de protección, de xulgados de violencia, de artellar medidas e de visibilización dunha realidade. A lei galega comezou a redactarse no ano 2006, e é realmente froito, soamente, do traballo de moitas mulleres anónimas que aportaron o seu saber e o seu acompañamento ás mulleres vítimas nun proceso colectivo e de participación para que esa lei chegara a este Parlamento.

Quero dicir dúas cousas desa lei: primeiro, o artigo 3, que asumía, que definía que a violencia de xénero ía máis alá da parella e da ex parella, e definía en todo o ámbito a violencia física, a violencia psicolóxica, as violacións e as agresións sexuais, a violencia económica, e é o que hoxe modificamos, que iso que no seu momento se denominou tráfico de mulleres, hoxe, afortunadamente, imos xa denominar, claramente, como trata de mulleres e nenas para explotación sexual.

Si, efectivamente, o segundo negocio máis lucrativo neste mundo, neste planeta, a día de hoxe, o que significa a escravitude do século XXI, onde nenas e mulleres son obrigadas a prostituírse deixando toda a súa vida no lixo, e cunha difícil recuperación e un difícil sobrevivir. Hoxe, mentres nós estamos falando aquí, miles de mulleres no mundo sofren trata; iso é violencia machista e violencia de xénero. E hoxe ímolo recoller a través desa modificación do artigo 3.

Pero modificar un artigo para incluír a trata non é un fin en si mesmo, senón para garantir os dereitos a esas mulleres que están a sufrir esa violencia machista, esa violencia de

xénero. Por iso, é certo que igual a modificación é humilde, que igual a modificación non é todo o ambiciosa que todos e todas quixeramos, evidentemente.

Nós trouxemos, desde o Grupo Parlamentario do BNG, dúas veces esta lei a debate, dúas veces; na segunda vez o Partido Popular, que é o grupo maioritario desta Cámara, aceptou a súa tramitación con dúas condicións: primeira, que se modificaría que fora para todo o ano, algo reiterado por parte de todas as asociacións de mulleres que era necesario, e segunda, que fora para a incorporación da trata de mulleres e nenas, o cal significaría recoñecer, claramente, en todo o articulado desa lei que todos os dereitos e atencións psicolóxicas –sanitaria, atención xurídica, atención económica, as prestacións económicas, as axudas ás vivendas ou as axudas ao emprego– xa claramente estarían referenciadas para esas mulleres que, saíndo dunha situación de trata, teñen que incorporarse á vida cotiá.

Polo tanto, desde esta mesma tribuna –eu en concreto desde esta mesma tribuna–, aceptei que con esas condicións se tramitara a lei, e, efectivamente, presentamos emendas ao propio texto de lei que nós presentamos para chegar a eses acordos. Chegamos a eses acordos na tramitación e no trámite de ponencia. Efectivamente, foi un trámite de ponencia, imos dicir, expreso, xa nos gustaría ter máis tempo, xa nos gustaría, efectivamente, facer a lei ideal, pero estamos na real, na que podemos hoxe aprobar.

E chegamos a ese acordo, que a prestación económica se tramite durante todo o ano e que, efectivamente, se recoñezan as mulleres e as nenas que sofren trata para a explotación sexual como mulleres que sofren violencia de xénero, e, polo tanto, que se lles recoñezan todos os dereitos que aparecen recollidos na Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero. Un paso pequeno, seguramente, pero un paso. ¡Claramente un paso!

E paso a paso, pouco máis podemos facer, ¡xa nos gustaría!, pero pouco máis podemos facer; aínda que teñamos os ollos nas estrelas, moitas veces temos que ter os pes na terra. Por iso para nós é importante que esta lei hoxe se aprobe e que se poña en funcionamento, e que os orzamentos do ano 2017 recollan a partida orzamentaria necesaria para que estea aberta todo o ano, e para que cando unha muller chegue a un CIM non lle digan no mes de novembro que ten que esperar a marzo, senón que se poida tramitar en novembro; ¡é un avance!

E tamén que para cando unha muller sae dunha situación de trata, desa situación tan difícil de escravitude, teña dereito á inserción laboral, teña dereito a unha vivenda, e que o seu periplo sexa un pouco, un pouco, máis sinxelo, porque llo faciliten as administracións, porque xa está recollido nunha lei. Esa é a nosa contribución, a das deputadas que debatemos esta lei e que hoxe imos aquí defendela.

Eu retiro a última emenda, a emenda número 6, a respecto da exposición de motivos. Non quero, nin tan sequera xa, que entremos a debate desa emenda, queda retirada, e parece que é coherente a exposición de motivos que se nos plantexa por parte do Partido Popular, porque, efectivamente, recolle o Código civil, onde aparece claramente recollido, no seu artigo 177 bis, que a trata de mulleres e de nenas para explotación sexual é un delito.

Entón, bueno, aí asumo esa exposición de motivos, porque o verdadeiramente importante é a modificación do artigo 3 e a modificación do artigo 39, que quedan claramente modificados, e despois podemos entrar, se se quere, máis polo miúdo.

De feito, na exposición de motivos eu recollía aquel concepto de salario da liberdade, que aínda non sendo aceptado polo CES, efectivamente, no seu momento, si que tiña referencia a algo –aínda que pareza pretencioso– que era que soamente se pode exercer a liberdade se se dan as situacións para poder exercela.

Unha muller que sofre violencia de xénero e non ten capacidade económica, non pode rachar esa situación, é moito máis difícil rachar esa situación; a dependencia psicolóxica existe para todas as mulleres, teñan o nivel de renda que teñan, pero seguramente entenderán vostedes que é moitísimo máis difícil para unha muller que sofre tamén non ter un salario. De aí esas prestacións económicas, e de aí a súa importancia, de aí a súa traxectoria, e de aí que sexamos a día de hoxe, todavía Galiza, a única comunidade autónoma que as ten para todas as mulleres, independentemente de que presentaran denuncia ou non; simplemente polo feito de que poidan acreditar, tal e como recolle o artigo 5 da Lei galega, que sofren esa situación de violencia de xénero.

Vou rematando.

Efectivamente, estes días na prensa, nos medios de comunicación, estamos vendo situacións de violencia extrema cara ás mulleres e quedámonos aterradas, aterrados, e todos desexamos promulgar esa lei que diga no seu artigo único que queda derogado o patriarcado.

Mais sabemos que soamente o imos conseguir a través de dúas vías: sensibilización, traballo constante por visibilizar que significa a violencia contra as mulleres, e lexislando para que as mulleres poidan denunciar, non se sintan avergoñadas de denunciar, senón que se sintan libres para recoñecerse como unha vítima dunha situación de violencia en calquera das súas modalidades, ben sexa física, psicolóxica, sexual ou de trata, e despois que as administracións e os gobernos acompañen as mulleres e estean con elas.

Por iso eu quero rematar xa coa lectura da cita dunha filósofa, permítaseme, xa que eu realmente cheguei ao ámbito da política sendo unha humilde profesora de filosofía que consideraba que as mulleres deben estar en política para dicir o que pensan e para defender o que pensan. Coñecín a Françoise Collin no ano 1995, nun congreso que me cambiou a vida, que era o Congreso de filosofía e xénero. Agora xa non está, pero unha filósofa que tematizou a violencia contra as mulleres desde unha óptica moi, moi, rigorosa. A profesora María Xosé Agra recolle nun artigo onde analiza as construcións sociais vinculadas á violencia de xénero, que as profesoras Raquel Castillejo y Cristina Alonso Salgado recompilan nun magnífico volume sobre violencia de xénero e xustiza.

Di Françoise Collin que grazas ao levantamento do movemento feminista as mulleres atribuíron palabras a unha dor ata entón muda. Nomearon a súa humillación, arrancándose a humillante do silencio, e foron capaces de encaralo. Este novo dicir das mulleres maniféstase en dúas liñas, di Françoise Collin: a lexislativa e a artística.

Na artística non podemos entrar, porque non é da nosa orde, pero é facer visible, a través do simbólico, o que significa a presenza da dor e a da violencia das mulleres como expresión máxima da desigualdade social e da desigualdade de poder.

Na que si que podemos é na lexislativa, a que di Françoise Collin que a xustiza e a lei, baixo determinadas condicións, son capaces de modificar as condicións de vida das mulleres.

Seguramente hoxe nós modificaremos pouco as condicións de vida das mulleres, pero si dalgunha muller, estou absolutamente convencida. E para as deputadas que estiveron, como eu estiven, con mulleres que sufriron violencia de xénero, hai cuestións, hai palabras, que se gardan, xustamente, en determinada caixa que levamos dentro do noso corazón e que non se olvidan nunca.

Cando votemos esta lei, señoras deputadas, señores deputados, pensemos que, aínda que sexa un paso pequeno, vai axudar a contribuír a que algunha muller cando chegue a un CIM poida pedir unha prestación económica. Vai funcionar, realmente, na súa vida cotiá, vai poder pedir esa prestación e, tamén, imos abrir un camiño que agardo que o Estado retome en breve, cando se configure o Parlamento, que a trata de mulleres e nenas para fins de explotación sexual sexa recoñecida xa como violencia de xénero, e cando se artellen os mecanismos por parte do Estado para que teñan recoñecida unha figura semellante ao asilo político; que sexa o asilo por violencia de xénero para que non teñan que pasar por todo ese martirio e esa revitimización de ter que facer todos os papeis para conseguir os papeis de residencia.

Nós abrimos un pequeno camiño, fomos vangarda, timidamente, pero vangarda en 2007, e volvemos selo hoxe, e aínda –reitero– que sexa pequeno, como fixemos na lei para a visibilización e bo trato de persoas LGBTI, nós votamos a favor nunha lei que foi modificada neste Parlamento, e así o dixen nese momento e me reitero, porque calquera paso no recoñecemento dos dereitos en igualdade e en liberdade é un paso, e aí estaremos dende o Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías, e boa tarde, tamén, ás mulleres vítimas que hoxe nos acompañan neste debate.

Ás que nos acompañan aquí dentro e ás que están aí fóra, a todas elas, agradecerlles a loita diaria que están a levar contra a violencia e o maltrato machista, e, por suposto, a continua axuda que prestan a diario ás vítimas, especialmente a aquelas que máis o necesitan.

Señorías, o Grupo Parlamentario Socialista apoiou a toma en consideración do texto lexislativo, que, efectivamente, por segunda vez presentaba o Grupo Parlamentario do BNG.

Apoiámolo coa intención de mellorar a actual Lei de violencia de xénero autonómica, coa intención de modificar, concretamente, a regulación do salario da liberdade, ou, se prefiren, as aportacións económicas periódicas que perciben as vítimas da violencia de xénero. E apoiámolo –insisto– porque pensamos –e así o seguimos crendo– que era unha oportunidade para mellorar un texto que, efectivamente, no ano 2007 foi pioneiro, pero que a día de hoxe, nalgúns aspectos, xa resulta insuficiente.

Nestes anos, señorías, afortunadamente, o concepto de vítima foise ampliando, e agora inclúense, tamén, entre outras persoas, os fillos e as fillas desas mulleres.

Aínda que, en honor á verdade, teño que dicir que o apoiamos con moitos receos, especialmente despois de escoitar o discurso que fixo a deputada do grupo maioritario, do Grupo Parlamentario Popular, porque xa nese debate esa deputada non dubidou en recoñecer e advertir que aceptaban a toma en consideración desa reforma coa condición de limitar a modificación a dous aspectos: a cambiar o procedemento administrativo desa percepción e a incluír as mulleres vítimas da trata, algo que, por certo, lles recordo, señorías –e así nolo fixeron tamén notar algunhas comparecentes na comisión de estudo–, que xa o contempla a lei galega.

Alégranos, sen dúbida, que, por fin, o Partido Popular recoñecera que o salario da liberdade –que naceu administrativamente como unha subvención– ten uns meses sombra cada ano, algo que dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos denunciando durante todos estes oito anos.

Pero lamentamos que o Grupo Parlamentario Popular utilizara as súas emendas e, por suposto, a súa maioría para eliminar, señorías, eliminar, suprimir completamente, o proxecto lexislativo plantexado inicialmente polo Grupo Parlamentario do BNG, e suprimir tamén, con esa manobra, a posibilidade que tiñamos os demais grupos de facer aportacións para mellorar ou ampliar esa modificación.

Ou sexa, que o Partido Popular despois de levar oito anos sen facer nada, e ata negando que existiran problemas con ese salario, decide no tempo de desconto desta lexislatura, e cunha ponencia que durou tan só uns minutos, e que se celebrou practicamente nos pasillos desta Cámara –si, si, durante a celebración do pleno pasado–, modificar a Lei autonómica da violencia de xénero, para, practicamente, non cambiar nada.

O que evidencia, señorías, que para o Partido Popular este tema non merece, sequera, nin un tempo nin un espazo para realizar un debate adecuado.

Si, señora deputada, non lle gustará, pero foi así, eu estou describindo os feitos.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista tachamos –si, no debate da ponencia da Comisión 5^a– todo isto de trapallada, e hoxe seguímolo mantendo aquí no pleno. Unha trapallada, señorías, que confirma o desinterese total e absoluto que o señor Feijóo amosa polas vítimas da violencia de xénero, e que amosa falta de compromiso do seu grupo –señora deputada, non se poña nerviosa–, do Grupo Popular, co problema máis grave que ten a nosa

sociedade, porque é un problema tan grave, señorías, homes e mulleres, que non nos podemos conformar con andar a pasiños, un pasiño curto, ¿por que un pasiño curto ante un problema tan grave?

Este ano levan asasinado xa a trinta mulleres, trinta mulleres segundo os datos oficias, se imos a outras fontes son bastantes máis. Onte dúas, hoxe unha. Pero é que ademais desas trinta mulleres asasinadas, hai catorce orfos e orfas, e dous bebés, dous menores asasinados, un só tiña corenta e cinco días.

¿Parécelles, señorías, que nos temos que conformar ante este problema con ir pasiño a pasiño? Nós pensamos que non, (*Aplausos.*) nós pensamos que non.

Agradecemos, por suposto, o esforzo e a preocupación da señora Adán e do seu grupo –é real, é verdade– por mellorar as cousas, pero comprendan que nestas circunstancias o Grupo Parlamentario Socialista non vai participar desta pantomima na que o PP transformou esa modificación que vostedes plantexaban, facendo desaparecer o texto inicial.

Non podemos apoiar unha modificación, señorías, que deixa fóra, precisamente, eses catorce fillos e fillas, que son tan vítimas da violencia como as súas nais, orfos e orfas que ao quedar sen nai, ademais, quedan sen nada. ¿Son conscientes as súas señorías? Quedan sen nada, e non serve ese argumento de que xa cobran a pensión de orfandade, pois non son uns orfos calquera, son uns orfos do terrorismo machista, e da mesma maneira que o malttratador non cobra a pensión de viuvez da muller que asasina, os seus nenos e nenas non terían que cobrar como orfos, senón como vítimas; por certo, igual que cobran os orfos vítimas doutras formas de terrorismo, e iso é, precisamente, o que pretendiamos conseguir coas emendas que nós presentamos ao texto inicial, incluír o concepto de persoa vítima de violencia de xénero nesas prestacións. Pois damnificada, sen dúbida, pola violencia machista é a nai, pero tamén, señorías –e esa é a evolución e o paso que temos que dar–, o son os seus fillos e fillas.

Claro que dende o Grupo Parlamentario Socialista estamos moi preocupados polas dificultades e disfuncións evidenciadas no procedemento administrativo para o acceso ás achegas, tanto que levamos oito anos loitando para que esas dificultades se solucionen. Por iso no último debate sobre o Plan estratéxico presentado polo Partido Popular para os próximos catro anos –haberá máis ou menos un mes– plantexamos unha proposta para corrixir esa disfunción, proposta que foi aceptada, aínda que incumprida.

E por suposto, señorías, que tamén estamos moi preocupados pola trata e pola explotación sexual das mulleres, algo que temos aí diante, diante de todos, cheo de neon, pero que ningún fai nada. E, precisamente, porque estamos moi preocupados, no programa electoral socialista para as pasadas eleccións estatais contemplabamos a sanción ao consumidor da prostitución, ao cliente, por entender que controlando a demanda se controla a oferta, e se non hai negocio, ao mellor conseguimos que non haxa trata.

A persoa que consume prostitución, e isto dígoo alto e claro, ten que ter moi claro que está fomentando a trata e a escravitude sexual das mulleres; en definitiva, que é cómplice dese delito.

Pero a pesar de estar moi preocupados por estes aspectos, non compartimos que ao recoller na modificación da lei o dereito das mulleres vítimas da trata a percibir ese salario, non se lles proporcione un procedemento administrativo apropiado e específico para as circunstancias en que están esas mulleres.

E, precisamente, señorías, estas preocupacións trasladámolas a esas trinta e dúas emendas que presentamos a este proxecto de lei, das cales, por obra e graza do Partido Popular, foron aceptadas cero; cero, señorías, de trinta e dúas.

Emendas que agora tratamos de manter co noso voto particular, porque o Partido Popular, ao facer desaparecer o texto, eliminou tamén as nosas achegas; emendas, entendiamos nós, interesantes, interesantes para poder debatelas con tempo, con tranquilidade, pero, sobre todo, con compromiso e con interese.

Tanto as catorce que destinabamos a ampliar o concepto de vítima de violencia, como outras nas que pediamos que os cartos incautados aos tratantes de mulleres se utilizaran para a rehabilitación e coidado das vítimas da trata, algo que parece bastante razoable, digo eu.

Ou nas que pediamos que se habilitaran procedementos administrativos especiais e específicos –insisto– para xestionar a prestación para as vítimas da trata, pois, señorías, non nos enganemos, esas mulleres están nunhas circunstancias tan difíciles que parece imposible que poidan, por exemplo, ir tranquilamente a un banco abrir unha conta para recibir eses aboamentos, si, e para estas circunstancias tan específicas e tan especiais o lóxico será que a Administración habilite un sistema tamén específico ou especial, e como vostede sabe moi ben, señora Adán, o do asilo nin o contemplan.

Ou emendas nas que pediamos que se recollera, explicitamente, que de cobrar prestacións distintas e compatibles, se compensaran as diferenzas nas contías das mesmas nos meses nos que se percibiron prestacións inferiores.

Señorías, nós non nos imos cansar de pedirlle ao Partido Popular que reflexione e que acepte as nosas emendas, e no ánimo de chegar a un acordo, só imos pedir que acepten, polo menos, aquelas que permitan incluír os fillos e as fillas das vítimas nesas prestacións. Non ten sentido modificar a lei para mellorar as prestacións das vítimas e, ao mesmo tempo, deixar fóra as vítimas de violencia; non ten ningún sentido.

Señorías, cando unha muller é asasinada polo seu maltratador, ponse en evidencia o machismo da nosa sociedade e o fracaso do noso sistema, por iso esa sociedade, que xa abandonou a muller nas mans do maltratador asasino, non pode abandonar tamén os fillos e as fillas. Mentres vive a nai, esta pode axudalos compartindo o salario que ela percibe, pero cando quedan sen nai, señorías, quedan sen nada, ¡sen nada!, e a sociedade na que vivimos, hipócrita e machista, non pode limitarse a despachalos –e voulle utilizar este termo– cunha axuda por orfandade de 200 euros.

Nós pedimos respecto pola muller vítima, pedimos axuda e protección para esa muller maltratada, pero tamén respecto, amparo e apoio para os seus fillos e fillas, vítimas de, exactamente, a mesma violencia que a nai.

Señores e señoras do Partido Popular, vostedes non poden ignorar as vítimas, e nós non poderemos apoiar unha modificación que exclúa, precisamente, as vítimas máis vulnerables, as máis castigadas: os orfos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Oubiña..

A señora OUBIÑA SOLLA: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas, e tamén ás persoas que hoxe nos acompañan desde a tribuna.

A verdade é que, señora Adán, pouco máis teríamos que engadir ao que vostede xa dixo aquí, pero gustaríame puntualizar respecto a algunhas das cuestións, sobre todo, ás que fixo referencia a señora Acuña.

Logo de que no pleno do pasado 24 de maio se aprobara a toma en consideración da proposición de lei presentada polo Bloque Nacionalista Galego, da que á señora Adán lle agradezo a súa xenerosidade, logo de que os distintos grupos presentáramos emendas chegando a acordos transaccionados nalgúns dos textos, e se debatera e votara o ditame na pasada Comisión 5ª, hoxe estamos no último paso, que é aprobación definitiva, polo pleno desta Cámara, do novo texto que modifica de xeito puntual a Lei galega do 2007 sobre violencia de xénero, co fin de regular a actual prestación económica á que teñen dereito as mulleres vítimas de violencia machista, para que esta prestación –como xa se dixo aquí– poida ser solicitada todo o ano.

En canto á exposición de motivos, tal e como recollen no ditame aprobado na Comisión 5ª, fai referencia a aqueles acordos das Nacións Unidas en relación coa violencia de xénero, así como tamén á responsabilidade dos poderes públicos como encargados de crear e desenvolver programas, e tamén a aqueles servizos encamiñados tanto á protección como á asistencia fronte á violencia de xénero, sexa do nivel que sexa, sexa sanitario, xurídico, social..., é dicir, sempre dun xeito integral. E recolle, tamén, a modificación do proceso polo que se convocan as axudas periódicas para que este prazo de solicitude, como dixen antes, sexa ao longo de todo o ano.

Establece a necesidade, polo tanto, de modificar a Lei galega do 2007, retocando –como xa se dixo aquí– o artigo 3, para establecer como forma de violencia de xénero a definición da trata de mulleres e nenas co fin de explotación sexual, tipificado na última modificación do Código penal español, en coherencia cos informes das distintas organizacións internacionais que traballan no ámbito da loita contra os seres humanos.

Así como tamén establece a modificación do artigo 39, para garantir e ampliar a incorporación das vítimas da forma de violencia como beneficiarias destas axudas periódicas, en relación co que xa dixo aquí a señora Adán, que retiraba a súa emenda que presentara neste caso.

Pero quixera facer un balance das axudas, neste caso, dende o ano 2006, que se puxeron en marcha, e que se veñen convocando anualmente a través dunha orde de convocatoria. Dicur que Galicia foi a primeira comunidade que articulou estas axudas económicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero. A día de hoxe, poucas comunidades autónomas as teñen establecidas, aínda que si as recollen os seus textos lexislativos.

E o orzamento destinado a estas prestacións aumentou todos os anos a pesar da crise económica, e foi este Goberno quen estableceu a consideración expresa, en decreto ampliable, para poder atender todas aquelas solicitudes presentadas con dereito á prestación. Tendo en conta que cos tres tipos de axudas económicas que hai en Galicia dende o ano 2006 ata o de agora se atenderon preto de 4.000 mulleres vítimas, cun orzamento que supera os 24 millóns de euros, e se temos en conta que os orzamentos da Xunta minoraron todos os anos en arredor de 2.000 millóns de euros con respecto aos do ano 2008, a verdade é que o esforzo cremos que foi considerable.

Durante o debate da toma en consideración manifestamos que, tal como estaba articulado, o texto da proposición de lei non era o máis adecuado para o que realmente se pretendía. Manifestamos a nosa disposición de apoiar a toma en consideración con base en dúas cuestións: incorporar no texto da lei as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, para que poidan acceder a estas axudas, e tamén aceptamos modificar a redacción do artigo 39, co fin de incorporar ao texto que estas prestacións periódicas que levan dez anos creadas –e que teñen como finalidade posibilitar a independencia económica do agresor e rachar coa situación traumática que padecen as mulleres que sofren violencia de xénero– se estableceran nesa lei de 2007 cun prazo aberto de solicitude de todo ano.

Nese sentido, presentamos as nosas emendas, catorce. Na ponencia acadáronse acordos transaccionando distintos textos das emendas presentadas tanto polo Partido Popular como as presentadas polo Bloque Nacionalista Galego, e, en realidade, non se puido chegar a acordos co resto das emendas presentadas polos demais grupos da oposición, e, ¿por que non se chegou a eses acordos cos textos presentados polos demais grupos da oposición? Porque, tal e como se recolle no texto de modificación do artigo 39, o posterior desenvolvemento e aplicación da lei quedará recollido a través das bases reguladoras, e así se explicou durante a ponencia. E serán, polo tanto, nesas bases reguladoras onde se teñan que recoller esas medidas de carácter específico, como son os requisitos, a solicitude de documentación, incompatibilidade, obriga das beneficiarias ou as formas de pagamento, entre outras.

As leis –creo que estamos de acordo– deben adoptar un marco regulatorio amplo e non acoutado en cuestións tan concretas. Vostedes saben que non sería práctico, nin sería operativo, nin tampouco sería rápido, poder introducir calquera modificación puntual en beneficio das vítimas. Como todos sabemos, é moito máis sinxelo modificar unhas bases reguladoras que modificar unha lei, e as máis prexudicadas, sen lugar a dúbidas, serían as vítimas.

Destacar, ademais, que a día de hoxe estas cuestións específicas xa se recollen na orde de convocatoria anual sen ningún tipo de problema. Polo tanto, non se puido chegar a acordos,

xa que o texto das súas emendas estaba formulado nese sentido e outros por, realmente, non ser competencia da Xunta de Galicia.

En canto ao manifestado polo Partido Socialista, lamentamos que a señora Acuña –no debate tanto do ditame da ponencia como tamén hoxe acaba de dicir– considerara esta modificación unha trapallada. Creo que é unha falta de respecto ás mulleres e tamén unha falta de respecto ás deputadas, e sobre todo á deputada que é a propoñente desta proposición de lei. Primeiro propoñía modificar o texto da Lei 2007, o contexto “Mulleres que sofren violencia de xénero” polo de “Persoas que sofren violencia”. Esta modificación consideramos que desvirtuaría a Lei galega de violencia de xénero como referente para as mulleres vítimas.

Esta segue a ser, señora Acuña, unha lei que ampara a todas aquelas mulleres que sofren a lacra social da violencia de xénero, que ademais recolle e contempla a condición de vítima para os fillos e fillas, así como tamén para as outras persoas dependentes dela. Cremos que non se poden poñer nun mesmo nivel as persoas vítimas de calquera outro tipo de acto violento e as mulleres vítimas de violencia machista.

En canto á posibilidade de que as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual accedan a estas prestacións, a día de hoxe xa sabe vostede que non supón ningún problema. A Lei galega do 2007 xa contempla estas mulleres como vítimas de violencia de xénero. Cando unha muller vítima dá o paso de pedir axuda, sexa a través das distintas ONG, da Rede Galega contra a Trata ou mediante denuncia, aínda que non dispoña de permiso de residencia, nin tampouco o solicitara, dende ese momento, señora Acuña, queda protexida.

E ademais queda protexida porque así está establecido, é dicir, esta muller é derivada ás entidades e organizacións encargadas de prestar toda a asistencia que necesite –sexa sanitaria, sexa psicolóxica, sexa de aloxamento ou de asesoramento xurídico–, dispoñendo en todo momento de acompañamento. E isto así se recolle no protocolo de actuación que foi firmado pola Xunta de Galicia no ano 2012 entre a Fiscalía Superior de Galicia, a Xunta de Galicia e a Rede Galega contra a Trata, que establece este tipo de actuacións.

E nese sentido, ademais, as responsables do Centro de Emerxencia de Vigo, na última comparecencia da comisión non permanente, manifestaron que naqueles casos de vítimas de trata que eles tiveron que atender non lles supuxo ningún problema que estas mulleres puideran acceder a estas prestacións periódicas. Pero, como dixo a señora Adán, cremos que coa nova redacción do artigo 3 da Lei 2007 dá, sen lugar a dúbidas, máis seguridade xurídica.

Falou vostede aquí dos bens incautados aos proxenetas que sexan destinados ao coidado e á rehabilitación das vítimas, creo que estamos todos de acordo, que é unha medida positiva. Pero vostede sabe que non é unha competencia da Xunta de Galicia, todos os colectivos –e así o manifestaron na comisión non permanente– demandan unha lei específica de trata. E debera ser nese novo marco da lei específica de trata, nese novo marco lexislativo, onde se teñan que recoller estas e outras cuestións con aplicación, sobre todo, en todo o territorio nacional.

En canto aos menores orfos –porque fixo aquí unha reflexión–, dicirlle que o Estado é quen regula esta cuestión; aínda que non é cuestión deste debate, é quen regula as pensións dos orfos. Pero eu quixera facer aquí unha puntualización neste sentido, mellorar as pensións dos menores orfos por violencia machista sempre foi unha reivindicación do Partido Popular. O Partido Popular presentou no Congreso varias iniciativas nese sentido xa no último Goberno socialista, porque consideraba que os fillos e fillas das vítimas mortais de violencia machista deberían percibir máis pensión da que viñan percibindo, que era a pensión simple de orfandade, pero o Partido Socialista sempre se opuxo. E foi con este Goberno do Partido Popular cando se levaron a cabo as modificacións lexislativas necesarias para poder recoñecer a pensión absoluta de orfandade aos menores vítimas de violencia de xénero, ampliando tanto a contía como tamén o tempo ata o que a poden percibir. É máis, esta medida –por se non o sabe– entrou en vigor o pasado ano 2015.

En canto a estas prestacións periódicas, ademais, téñense en conta –como vostede sabe– os fillos e fillas e outras persoas que dependan da mesma, e, polo tanto, ampliáanse as súas contías.

En canto ás incompatibilidades das axudas das que falaba a señora Solla, coa aprobación deste texto queda solventada esta cuestión. A muller vítima que teña dereito a percibir esta prestación por violencia de xénero pode solicitala dende o primeiro momento sen necesidade de acceder a outra –como viña sucedendo nesta ocasión–, sobre todo á renda de integración, e mesmo se a convocatoria estaba pechada; o que implicaba, polo tanto, compensar o importe percibido. Polo tanto, esta medida creo que non necesita engadirse neste texto.

Falou vostede tamén, aínda que aquí hoxe non o dixó, pero si me gustaría aclaralo, que ás veces necesitaba buscar outra forma de pagamento que non fora a conta bancaria. Eu quero dicirlle –dixémosllo naquel momento– que descoñezo outra forma de pagamento que poida establecer a Administración. Que unha vítima de trata poida dispoñer, dende logo, dunha conta bancaria, creo que lle dá seguridade e, dende logo, creo que a dignifica como persoa.

En canto a outras cuestións –porque xa estou rematando o tempo–, volvo repetir que serán as propias bases reguladoras as que establezan esas ou outras cuestións que no seu momento se teñan que establecer. E neste caso –como saben vostedes–, porque estamos ao remate da lexislatura, teraas que redactar, sen lugar a dúbidas, o novo goberno que saia das urnas; para que, sen lugar a dúbidas tamén –e así o desexo, que sexa do Partido Popular–, entren en vigor no próximo ano 2017.

E quero rematar dicindo que coa aprobación deste novo texto se acada ese compromiso adquirido polo Partido Popular na toma en consideración, que era incorporar esas mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual ao texto da Lei do 2007, para que poidan, sen lugar a dúbidas, acceder a estas axudas. E acadamos a modificación dese artigo 39 para que esas prestacións periódicas ás que teñen dereito todas as vítimas de violencia de xénero ou violencia machista se establezan na Lei galega do 2007, con ese prazo que todos pediamos aberto durante todo o ano.

Polo de agora, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Oubiña.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre os votos particulares e as emendas.
(Pausa.)

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Señora Acuña, eu creo que vostede se está confundindo, aquí trátase de que as mulleres permanezan vivas, trátase de que non haxa orfos. Iso é do que trata... *(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, creo que é o meu tempo, estouna corrixindo porque vostede fala todo o tempo de orfos, e a min paréceme que é erróneo, porque aquí do que se trata é de que as mulleres non morran, que fuxan dos malos tratos, de proporcionar-lles a ferramenta para que elas e os seus fillos –e persoas dependentes delas– poidan acadar unha vida fóra da violencia.

Por outro lado, señora Acuña, parece, cando vostede utiliza a palabra persoas, un mitin de Ciudadanos, un mitin de Ciudadanos cando o señor Rivera dixo que a violencia era contra as persoas. A violencia machista, señora Acuña, está dirixida contra as mulleres; se non é violencia, violencia contra a diferenza de raza, violencia contra a diferente orientación sexual, violencia contra o débil, violencia contra os mendigos.

Vostedes, por outro lado, señora Acuña, foron partido de goberno, ¿por que todo ese arrebatonon o levaron ás leis no seu momento e nos vén soltar un mitin de Ciudadanos aquí?

Francamente, esta deputada non comprende a súa actitude. De acordo que a historia non é perfecta, de acordo que foi tramitada con premura, totalmente de acordo. Pero se non é un paso enteiro é medio paso, e a min váleme. E supoño que ás mulleres que están sometidas economicamente a un maltratador –como dicía a señora Adán–, ao mellor non todas, pero hai unha. Dicía á mañá a valedora: o cualitativo; só cun caso que salvemos, señora Acuña.

Ben, vostede fala de trapallada, paréceme unha falta de respecto moi grande. Por outro lado, esa preocupación tan grande que ten polos orfos tamén a ten esta deputada, trouxo aquí unha PNL, que foi aprobada por maioría absoluta por todo o Parlamento que está aquí, de protección de orfos de mulleres mortas, que xa están mortas. Pero aquí tratamos de rescatar as mulleres para que non morran, o dos orfos é outra historia.

E, por favor, corrixa vostede ese termo de persoas. Ese termo de persoas é un termo que fire o feminismo, si, si, por favor, nin un paso atrás, ¡nin un paso atrás!, somos mulleres, e somos mulleres vítimas de violencia machista, precisamente porque somos mulleres.

Ben, por outro lado, tamén lle quero recordar que cando se aprobou aquí a Lei LGTBI foi unha iniciativa do Partido Socialista que se aprobou porque aceptamos –bueno, esta deputada ten a honra de non votala–, porque se aceptou, vostedes aceptaron, unha modificación

impresionante que lle calcou o Partido Popular, porque se non non é posible; teñen a maioría absoluta, señora Acuña, e se eles non están de acordo, e elas, non hai maneira, aquí trátase de dar pasiños cara adiante e de non enfrontármolos por unha causa común.

Eu sei que nesa bancada, téño moi claro, e aquí si que falo de persoas, hai moitas persoas feministas, pois o feminismo non é privativo da esquerda, (*Aplausos.*) temos unha causa común, unha causa común entre todos e todas, e todos os do Partido Popular, os de AGE, os do BNG, todos estamos pola mesma causa, e por suposto que nos preocupan os orfos e as orfas. Recórdolle a PNL que presentou esta deputada, non sei se vostede votaría afirmativamente. Eu nesas cousas non me fixo, sei que foi aprobada e nada máis.

E bueno, pois en función disto que acabo de dicir, o Grupo Mixto vai votar que non ás emendas do Partido Socialista, a 1, a 2, a 30 e a 32; ímonos abster na 3 e na 31, precisamente porque non entran os orfos. É que queremos que non entren os orfos, non queremos orfos, queremos vivas, mulleres vivas, señora Acuña.

Imos votar que si ás emendas en forma de voto particular da Alternativa Galega de Esquerda. E, de novo, felicitar á señora Adán, felicitar ás feministas que están aí arriba, porque loitamos polos dereitos, si que loitamos, si, e é unha pena que teñamos este enfrontamento de mulleres. ¿Onde está solidariedade, señora Acuña, por favor? ¡Por favor!

Bueno, non teño nada máis que dicir. Agradecer a súa atención e máis nada.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, esta deputada tampouco está de acordo coa inclusión do termo persoas para a modificación das prestacións relativas ás mulleres que sofren a violencia machista, aínda que, por consideración ao debate que non se tivo durante a ponencia, imos votar favorablemente o voto particular do PSOE.

Entendemos que non estando de acordo con que se mesture esta prestación para as mulleres vítimas da violencia machista coas axudas que poidan ter os nenos e nenas –orfas como vítimas–, entendemos que o debate é produtivo, aínda que cremos que non é froito da modificación ou, polo menos, desta modificación puntual que o Bloque Nacionalista Galego plantexou nese pleno onde todos os grupos votamos favorablemente a toma en consideración. Así que atendendo a que certamente o debate foi máis ben escaso durante a ponencia, imos votar a favor do voto particular.

Relativo ao voto particular da Alternativa Galega de Esquerda, trasladarlle á voceira do Partido Popular que non é certo que se recollan nas bases reguladoras todos eses aspectos, acabo

de consultalas agora mesmo e, efectivamente, a día de hoxe ten que estar solicitada, perdón, ten que estar interrompida xa a convivencia para poder solicitala.

Eu entendería que vostede argumentase que non é práctico, de feito tivemos un debate durante a ponencia de se era adecuado ou non que xa tivese que estar iniciada ou que tivese unha indicación dun servizo social de que, efectivamente, necesitase unha axuda porque non ten sostén familiar para irse antes de recibir esa axuda, pero non mo argumentou vostede con nada político, digamos, ou con nada práctico, senón que o argumento foi que xa estaba recollido na base reguladora, e non é certo. Efectivamente, vostede non se manifesta de se o considera adecuado ou non, realmente.

Relativo ao resto de modificacións que vostede di que se van recoller no DOG posterior, que desenvolva a norma, paréceme moi ben, pero precisamente as emendas que plantexamos ían encamiñadas a que non dependesen do goberno de turno algúns aspectos que nós cremos que, non sendo moi conflictivos, son bastante importantes.

De feito, na emenda de AGE á que eu me refería, á limitación para que non sexa incompatible con percibir outro tipo de axudas, non pechabamos cal era o límite económico que nós propuñamos, porque de feito eu dicía que, efectivamente, o límite podería ser desenvolvido a posteriori, pero que considerabamos importante que a percepción doutra axuda menor, e puña, por exemplo, unha axuda de emerxencia social –por dicir algo, que podería ser outra–, non fose incompatible con esa percepción desta renda, tendo en conta, tamén, as contías, porque tampouco é que esteamos falando dunha contía excesiva, senón que, obviamente, é unha contía mínima que podería permitir á muller abandonar esa situación de dependencia económica do agresor.

Aínda con todo, este grupo vai votar favorablemente a iniciativa, porque entendemos que a pesar de que non ten, precisamente, todas as modificacións ou as melloras necesarias relativas ás vítimas de violencia de xénero, como levamos dous anos pedindo por favor que se ampliase esa orde para que puidese ser solicitada durante o transcurso da totalidade do ano e, efectivamente, este grupo defende que as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual son vítimas de violencia machista, pois, obviamente, imos votalo a favor; pero advertimos, tamén, que sería positivo que o Partido Popular desta sensibilidade tomase nota para aplicar o gasto de medidas que –como xa se dixo aquí– se teñen traído por parte do resto dos grupos da oposición, incluídas as recomendacións dos organismos das Nacións Unidas relativas ao suspenso que o Estado, e tamén Galicia, efectúa en todas as materias referidas á igualdade entre mulleres e homes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, eu quero comezar facendo unha pequena reflexión ao fío deste debate que temos hoxe. ¿Saben vostedes por que ás veces somos tan “odiosos

para a sociedade”? Porque hai moitas veces que non sabemos estar por riba das siglas. Somos incapaces de actuar politicamente conforme determinados principios, e seguramente a todas e a todos nos ocorre iso. Pero, por favor, ¡menudo debate que temos hoxe!

O que plantexamos é, ¿podemos chegar a un acordo para que un número de mulleres que non podemos determinar, pero sabemos que máis de unha, que chega a un centro de información ás mulleres en novembro, en decembro, en xaneiro, en febreiro ou en marzo, poida pedir unha axuda?

Pois iso é o que imos votar, iso queda recollido por lei e iso vai obrigar a calquera goberno, a calquera goberno que sexa. Para min este é un debate importante, importantísimo, aínda que sexa unha cuestión que poida ser considerada pequena, pero vai mellorar a vida de moitas mulleres. E sei que hoxe estamos abrindo un camiño respecto á trata de mulleres e de nenas para a explotación sexual, estámolo abrindo. Igual nos pode parecer que é un camiño todavía moi pequeno, pero estamos abrindo un camiño. E así se legisla, en igualdade, abrindo eses camiños.

E eu dígoo sinceramente, voume con certa mágoa de que non saibamos estar a respecto de determinados temas por riba das siglas, porque as siglas son soamente instrumentos, non son fins nunca en si mesmos, porque o fin en si mesmo que nos mantén aquí é actuar conforme a nosa conciencia e para mellorar a vida das persoas que están aí fóra; se non, non ten sentido ser deputado ou ser deputada. ¡Síntoo! (*Aplausos.*)

Eu coincido coa señora Iglesias, lévoo dito en toda a miña vida, pero sigo manténdoo, o feminismo é de todas as mulleres, tamén dos homes, efectivamente. Pero eu creo que non debemos nin abandonar o termo mulleres, nin excluír a ningunha muller. Así o creo, e lévoo defendido no plano teórico e no plano práctico, porque así o entendo. Se non nos recoñecemos a nós mesmas como mulleres, coa dificultade que tivo para as mulleres que nos precederon chegar aos parlamentos, mal legado deixaremos ás nosas fillas. ¡Mal legado deixaremos!

Primeiro temos que recoñecérmonos, e eu recoñezo a todas as mulleres que están nesta Cámara, maiores ou máis novas, a todas as deputadas que traballamos no ámbito de igualdade durante estes anos. E eu trouxen dúas leis durante esta lexislatura, a de conciliación e esta, cativas, pequenas, con erros, efectivamente, as leis que puidemos facer dende o meu grupo parlamentario. Apoiei as iniciativas, ¡mágoa con que as deputadas non trouxeran leis moito máis ambiciosas!, que tamén as apoiariamos, evidentemente que as apoiariamos, ¡claro que si! (*Aplausos.*) Pero apoiamos, efectivamente, a señora Iglesias cando trouxo o tema dos orfos.

Señores deputados e deputadas que van gobernar en Madrid, efectivamente, melloren as prestacións de orfandade, pero non as confundan con esta iniciativa, que o que di é que para que as mulleres rompan o vínculo co agresor, e así foi pensado en 2006, non porque se lle ocorrera á secretaria de Igualdade nese momento, nin a ninguén, porque o demandaban asociacións de mulleres, que dicían que o máis difícil de irse da casa é que te vas sen nada; e o señor vicepresidente agora que ten esa responsabilidade sábeo, seguramente que se ten atopado con vítimas, ou a secretaria de Igualdade, dáme igual, ou quen sexa, todas temos

estado con vítimas que che din: “sabía os escalóns de memoria, sabía como saír pola porta, ¡porque tantas veces soñei que saía pola porta!, pero, ¿con que te ías?, ¿cos fillos?, ¿coa maleta?, ¿con que? Se non tiñas, realmente, ningún sustento.”

É moi fácil estar aquí e votar, moi difícil sufrir unha situación de violencia de xénero, ter dous fillos, tres fillos e non ter nin un só euro, saberte de memoria os escalóns e que non teñas nin unha amiga que te veña acompañar, nadie que te poida sacar desa casa, onde é absolutamente un cárcere; esa é a realidade da violencia de xénero, señoras deputadas e señores deputados.

A verdade é que este é un paso moi pequeno, moi pequeno, pero para min soamente se unha muller pode pedir o salario da liberdade, pode pedir a prestación económica durante o tempo que antes non se podía pedir, obxectivo cumprido. Podemos durmir todas e todos tranquilos que hoxe si que gañamos o salario, moito máis que cando debatemos nin a Área Metropolitana, nin non sei cantas leis que debatemos hoxe. Porque esta, efectivamente, vai chegar a alguén que vive unha situación de opresión durísima. Se nunca escoitaron unha muller que sofre violencia de xénero, seguramente non entenderán as miñas palabras.

Quero rematar, porque aquí sempre citei durante estes anos, como deputada, moitas poetas, filósofas, pero quero rematar, sobre todo, cunha homenaxe ás mulleres que realmente coa súa forza fixeron que estiveramos aquí loitando pola igualdade, aínda que elas nunca utilizasen esas palabras, que son as nosas avoas e as nosas nais. Mulleres que non sabían ler, que non sabían escribir e que, en cambio, nos souberon transmitir tanto.

Por iso permítanme, señoras deputadas e deputados, nós que seguimos pensando que paso a paso se fai igualdade e se fai liberdade, que remate con estes versos de Chus Pato de *A ponte das poldras*: “Ao igual que todas as mulleres que me precederon e que encetaron o seu canto nas vendimas ou nas segas, nas luminescentes e segadoras senras, eu, a primeira de todas elas que non sei cavar, nin segar, nin vendimar, quixera comunicar lingua, creación, praxe lingüística, escrita”. Nós, as deputadas, que deixamos lexislacións, que saiban tamén as mulleres, para seguir avanzando, por difícil que sexa, paso a paso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Sobre as emendas, as emendas, emendas. Si, dígamo despois. Dígamo despois sobre as emendas. Vale, grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Moitas grazas.

Bueno, eu, en primeiro lugar, tranquilizar o debate, é interesante a modificación da prestación de achegas económicas para vítimas da violencia, que diso se trata, e insisto, vítimas

tamén son os orfos, por iso considero útil falar da posibilidade de prestacións económicas para os orfos, para liberarse, por suposto tamén, do maltratador e do agresor.

Pero é que, ademais, esa modificación a puideron facer estes señores, o señor conselleiro, durante oito anos, cando quixeron, sen chegar a este debate tan acalorado. Bueno, nos debates dos orzamentos, ¡si, si!, na Lei de acompañamento durante estes oito anos trouxeron cousas rarísimas, pois mire que ben puideron facer esta modificación.

Estamos a falar da posibilidade de algo moito máis ambicioso –si, señorías–, de algo moito máis ambicioso para tratar de encarar un problema gravísimo –insisto–, o máis grave que ten a nosa sociedade, e non sei se persiste tan duramente, precisamente, porque é exercido sobre as mulleres, e por este sometemento e esta rendición que temos sempre as mulleres; eu creo que se fora exercido sobre outro colectivo, as medidas serían moito máis duras e moito máis ambiciosas.

Voume dirixir á deputada do Partido Popular, claro que as leis despois se desenvolven en regulamentos posteriores; oia, claro que si, pero estaría moi ben que o articulado recollera, previamente, o compromiso a desenvolver posteriormente. ¿E trapallada é falta de respecto? Por suposto, trapallada é falta de respecto, pero non a nosa, senón a que fixo o grupo maioritario co proxecto de lei que presentaba o Bloque Nacionalista Galego, moito máis ambicioso e moito máis completo.

Trapallada é falta de respecto, que o eliminaron, o suprimiron vostedes, si, de maneira que as modificacións as van colgar na lei orixinal do 2007. ¿Como se chama iso, logo? Ademais, no tempo de desconto, cando faltan cinco minutos para rematar a lexislatura.

Mire, todo está moi ben coa trata, e imos solucionarlles a vida ás mulleres vítimas da trata con esta modificación. Díganme vostedes cal é a porcentaxe de mulleres vítimas da trata que poden estar ou que están atendidas, a día de hoxe, con estes procedementos administrativos. ¿Que porcentaxe é do total das vítimas?

E comparemos, se isto se aproba hoxe, que se aprobará coa maioría, ¿cantas van ser atendidas cando leven un ano con este mesmo procedemento administrativo co que hai hoxe? Digo, e témome, que moi poucas máis, moi poucas.

Non temos competencias, non sei, cos narcotraficantes faise, ¿por que non cos proxenetas, cos tratantes de mulleres?, ¿por que non?

En canto á señora Iglesias, eu entendo que vostede teña lío cos partidos, vendo a súa traectoria: Partido Comunista (*Risos.*) ¡si, si, perdóeme!; AGE; Mixto, e agora parecerá que o Partido Popular, non sei se acabará vostede por aí.

Pero mire, voulle aclarar algo, nós non temos lío, nós non somos Ciudadanos...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...a ver, imos ver. Se vostede se dirixe a min nese ton, eu pódolle responder.

Mire, nós non somos Ciudadanos, nós somos o Partido Socialista, ese partido que cando gobernou lexislou pola igualdade, o primeiro que fixo a Lei de violencia. Si, imos ver, pioneira en toda Europa, é un partido que sempre que goberna procura un avance para as mulleres, porque o feminismo claro que non é exclusivo do socialismo, pero si do progresismo, señora deputada, si do progresismo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Eu podo estar equivocadísima, seguro que estou equivocadísima, entón voules propoñer a vostedes, señorías, o mesmo que propuxen na comisión, saiamos fóra, falemos coas vítimas, escoitemos o que nos teñen que dicir, e despois votemos. ¿Por que non facemos iso? ¿A que lle temos medo? *(Murmurios.)*

Quen mellor o coñecen son elas, si señora, claro que si, señora deputada, as mulleres vítimas de violencia, ¡claro que si! E eu estaba a falar das mulleres vítimas da violencia de xénero, pero tamén dos seus fillos e das súas fillas, que, desgraciadamente, como as matan a elas, quedan orfos.

E eu preguntome, ¿cando os imos atender?, ¿non caben nesta modificación? ¿Cando os imos a atender?, ¿onde os imos atender? Porque gústenos ou non, existen, e existen porque matan as súas nais; claro que si, que matan as súas nais.

Mire, algo tan serio como son as vítimas de violencia de xénero e as axudas económicas que perciben as mesmas non o pode converter o PP nunha trapallada despachada sen debate no tempo de desconto da lexislatura, só por unha cousa, para quedar ben ás portas das próximas eleccións autonómicas. Non o pode utilizar o Partido Popular, porque é o Partido Popular o que o está utilizando... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...non estas bancadas; non o proxecto de lei que presentaba o Bloque Nacionalista Galego, non, estas bancadas.

Non pode utilizar esta mínima modificación –insisto– para lavarse a cara despois de levar oito anos recortando orzamentos e eliminando as políticas de igualdade mentres día a día se incrementan as vítimas, as mulleres vítimas de violencia de xénero.

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Non podemos consentir iso. Non podemos consentir esta falta de compromiso e de respecto polas vítimas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, aínda ten que pronunciarse sobre...

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...-remato-. Nesta falta de respecto non nos van atopar aos socialistas; os socialistas, ese partido que levamos cento e trinta e sete anos loitando pola igualdade, e que ... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Acuña.

¿Sobre o voto particular da Alternativa Galega de Esquerda? ¿Apóiao? Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Oubiña.

A señora OUBIÑA SOLLA: Grazas, señor presidente.

A verdade é que nada do que eu poida dicir agora aquí vai mellorar ou sumar nada novo ao que xa dixo a señora Adán na súa réplica.

Pero, dende logo, gustaríame dicirlle á señora Acuña, polo Partido Socialista, que me gustaría que o Partido Socialista, polo menos, fora consciente e fora sensible a esta modificación e, dende logo, rectificara o seu voto e votara a favor.

Eu creo que vostede, despois do que dixeron todas as voceiras dos distintos grupos da oposición, que non compartimos siglas, que podemos estar nas antípodas en moitas cousas, dende logo vostede, señora Acuña, non entendeu nada, e, dende logo, para esta Xunta de Galiza os orfos vítimas de violencia de xénero son atendidos, son unha prioridade en todo o que necesiten pola Xunta de Galicia.

Dicirlle á señora Solla, en relación coas súas emendas, que esta medida, dende logo, é para rachar a convivencia co agresor, e é necesario que a muller dispoña de medios económicos para poder rachar coa situación de violencia.

As axudas en canto á incompatibilidade sempre son incompatibles. Os orzamentos non son ilimitados, e as mulleres, dende logo, non necesitan só que se subsidién, senón que teñan ese empuxe necesario para poder saír desa situación traumática, que é a violencia de xénero, e aínda así, a posteriori, poden dispoñer doutras axudas económicas.

Polo tanto, señora Acuña, dicirlle que unha das peores epidemias sociais á que se enfrontan as mulleres a nivel mundial, sen distinción de raza, sen distinción de credos, sen distinción tampouco de clases sociais nin de cores políticas, é a violencia machista.

Esta lacra sabe vostede que afecta tanto as mulleres como as súas familias, pero tamén representa o fracaso social, o fracaso do conxunto de toda a sociedade. (*O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor. Silencio, señor Beiras, vostede non está no debate. Vostede non está no debate, ¡nin falta que fai!, ¡nin falta que fai! Aquí foron moi claras as posturas hoxe, polo tanto, silencio. Pois non veña nin eses cinco minutos, que non

é necesario, ¡eh! (*O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Polo tanto, silencio!

Se quere si, non teño ningún problema, ¡eh! Silencio. Está no uso da palabra a señora Oubiña.

Para iso pida a palabra cando lle corresponde. ¡Silencio!

Remate, señora Oubiña, cando proceda.

A señora OUBIÑA SOLLA: Señor Beiras, a pesar de contar con importantes avances na loita contra a violencia machista, tanto a nivel lexislativo coas leis máis avanzadas, e que son recoñecidas así a nivel internacional, ningún país foi capaz de librarse desta lacra, independentemente da cor política do goberno que ostente ese país.

E gustaríame recordar, tamén aquí, que foi o Goberno do Partido Popular quen modificou a Lei orgánica do 2004, señora Acuña, para incluír os menores como vítimas de violencia machista, e dicirlle que o artigo 2 da Lei galega, no que se recolle o ámbito de aplicación –como xa o dixo a señora Adán na súa primeira intervención–, establece que as medidas previstas na lei serán aplicables a todas as mulleres que vivan, que residan, que traballen en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia, así como tamén aos seus fillos e fillas, e ás outras persoas que dependan delas, incrementando, polo tanto, os importes a percibir.

E xa vou rematando, señor presidente.

Dicir, ademais, unha puntualización, que dende o pasado ano este Goberno de aquí, que segundo vostede elimina todo e non fai nada, xa contempla que esta prestación periódica se poida manter, incluso, cando así estea xustificado o traslado a outra comunidade autónoma das mulleres vítimas por motivos de seguridade.

E quero rematar, porque xa non queda máis tempo –creo que xa se dixo aquí todo o que se tiña que dicir– agradecendo a todas as voceiras da oposición o seu posicionamento neste sentido, e agradecer, especialmente, á señora Adán a súa boa disposición para chegar a acordos nos textos transaccionados nun tema tan importante e tan sensible, sobre todo para as mulleres que sofren violencia de xénero.

Espero que na vindeira lexislatura o goberno que saia das urnas –e que como dixeran antes desexo que sexa do Partido Popular– siga avanzando na loita contra a violencia machista.

Polo tanto, nós, este grupo, imos apoiar o texto tal e como se recolle no ditame da comisión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Oubiña.

Finalizado o debate dos textos lexislativos, comezamos as votacións.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

En primeiro lugar, comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. O Grupo Mixto manifestaba que se votaran por separado as emendas 8, 11, 12 e 16, ao igual que o Bloque Nacionalista Galego tamén pedía ese voto por separado da 8, 11, 12 e 16.

Votamos, polo tanto, en primeiro lugar, estas emendas.

Perdón, dígame.

Déanlle voz ao escano do señor Dorado, por favor.

O señor DORADO SOTO: Dicía que, como falabamos antes, no debate da ponencia, nós imos apoiar a emenda 5, e falamos dunha transacción na emenda 9; polo tanto, queríamos, evidentemente, que esas dúas se puideran...

O señor PRESIDENTE: Xa o teño aquí, pero iso fariámolo despois; o PP xa manifestou que acepta a emenda 5 e unha transacción sobre a 9.

Pero votamos, en primeiro lugar, estas que dixen eu, e despois falamos desas dúas.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas 8, 11, 12 e 16. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ímola liar, a ver. Dígame.

Pero xa teño aquí o que dixo o señor Abel Losada. O señor Losada pediu por separado a 2 e a 13 e noutro bloque a 10 e a 12. Xa o teño por separado, pero imos facer primeiro isto. Se o fago eu, á miña maneira, ao mellor sáenos mellor (*Risos.*)

Imos votar as emendas, por separado, 8, 11, 12 e 16, que coinciden tamén coas emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, 8, 11 e 12 e 16. Estamos votando sobre as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos. (*Murmurios.*)

¿Quen pide por separado? Pero non é a mesma, despois votamos a do Grupo Socialista, que pide por separado a 2 e a 13, e a 10 e a 12, pero votamos agora, primeiro, estas e despois votamos as outras, non pasa nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, a 12 coincide coa súa de AGE, si, correcto. (*Murmurios.*) Entón votamos esa tamén, veña.

Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Foi esa pequena confusión.

Votamos por separado a 8, a 11, a 12 e a 16, que coinciden coas emendas 8, 11, 12 e 16 tamén do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e a 12 tamén, que é do Grupo Parlamentario Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero eu pretendía facelo á miña maneira e non pasaba nada. *(Murmurios.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non o oio.

Déanlle voz ao escano.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Se me deixaran facelo a min, ao mellor facíao ben, porque o tiña ben estruturado.

A señora VILÁN LORENZO: Presidente, nós o que lle propoñemos é o que nos dixo o señor Abel Losada, que é votar por separado a 8, a 11 e a 16, por un lado, e a 12 polo outro; porque nós pedimos a votación por separado da 10 e da 12, que probablemente non van coincidir na votación coa 8, coa 11 e coa 16. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Bueno, imos ver, imos empezar a facelo como dicía eu, a ver como nos vai. *(Protestas.)* Si, imos votar, é que é un pouco complicado o dato este. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, a ver, señora Martínez. *(Murmurios.)*

Tranquilos, ¡se todo ten arreglo!

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: A ver, hai un problema, porque eu non vou votar o mesmo, eu vou votar o mesmo nestas catro, e se vai incluída aí despois a 2..., é dicir, a 12 ten que ir votada soa para que poidamos votar distintas cousas, porque temos distinta posición os grupos.

O señor PRESIDENTE: Pode ser unha solución.

Votamos, en primeiro lugar, a emenda número 12. *(Murmurios.)*

Podía ser, tampouco a outra era mala, pero bueno, é igual, non pasa nada. *(Murmurios.)*

Votación da emenda número 12 do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporada ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 53; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos as que dixen antes, menos a 12, en concreto, 8, 11 e 16 do Grupo Parlamentario Socialista, que se corresponden coas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e coas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación das emendas 8, 11 e 16 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 38; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos, tamén por separado, as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, que propuxo votar por separado o Bloque Nacionalista Galego, en concreto a 1, 4, 6, 7, 10 e 13. ¿É correcto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pide por separado a 1, 4, 6, 7, 10 e 13. Isto foi do que eu tomei nota. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

1, 2, 4, 6, 7, 10 e 13. Isto foi o que manifestou a señora... Si.

Votamos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Perdón. ¿A 1 e a 4 por separado? Parece ser que queren votalo así.

Votamos a 1 e a 4 por separado.

Votación das emendas 1 e 4 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra, 53.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos, entón, a 2, 6, 7, 10 e 13.

Votación das emendas 2, 6, 7, 10 e 13 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos, agora, a que propuxo o Grupo Parlamentario Popular, que é a emenda número 5, que propón aceptala. Vostede acepta a emenda número 5, polo tanto, temos que votala.*

E a transacción da 9, se ma fan chegar, se ma len, tamén a votamos.

O señor DORADO SOTO: *Grazas, presidente.*

Sería engadir ao texto da emenda o seguinte; leo literalmente a emenda e logo a adición do texto: “Realizar control permanente dos servizos públicos concesionados ou de xestión directa, así como o cumprimento dos pregos dos mesmos”. E agora a transacción: “cando a competencia en transporte metropolitano estea completamente transferida á Área Metropolitana de Vigo”.

O señor PRESIDENTE: *Grazas.*

Votación do texto transaccionado da emenda número 9 e a emenda número 5 do G.P. Popular de Galicia ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporados ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas emendas por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión, agás a número 12.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o ditame da comisión.

Votamos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, pedíaa o Grupo Parlamentario Socialista. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, ten razón. Si, o que pasa é que antes votamos a 2 por separado. Bueno, é igual.

Votamos as emendas 2 e 13 do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, que pediu por separado... (Pronúncianse palabras que non se perciben.), o que pasa é que eu con este lío non sei se non... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) É que estaban votadas tamén xa coa... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, foron votadas. Señora Vilán, foron votadas xa. Si, foron votadas.

Votamos o ditame da comisión. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, foron votadas, (Murmurios.) é que vostede me complicou... (Murmurios.)

Votamos o ditame da comisión. (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ti, por exemplo. (Murmurios.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame da comisión por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, polo procedemento de lectura única, o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Había unha votación de emenda de devolución do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G.P. Mixto ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 4; votos en contra, 58; abstencións, 5.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda de devolución.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si? ¿Que pasou? ¿Que problema hai? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, vota a emenda de devolución. Hai que estar un pouco máis atentos, se non é un lío.

Dixen: votamos a emenda de devolución que formulou o Grupo Parlamentario Mixto. *(Murmurios.)* Isto é complicado, as reválidas son difíciles de pasar ás veces, claro, jé complicado! *(Murmurios.)* *(Risos.)* Home, claro, é que me din a min, pero a reválida é para todos. *(Murmurios.)*

Entón, votación da emenda de devolución do Grupo Parlamentario Mixto –é que xa o dixen– . ¿Volvemos votar?

Votación da emenda á totalidade de devolución do G.P. Mixto ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 3; votos en contra, 54; abstencións, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda de devolución.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Atención, por favor.

Imos votar agora as emendas á totalidade, con texto alternativo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Hai unha proposta de transacción co punto 5 que fai a proposta do Bloque Nacionalista Galego.

Entón, votamos, en primeiro lugar, esta proposta de transacción sobre o punto 5.

Votación do texto transaccionado do punto 5 do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

(Murmurios.) Claro, é difícil de entender.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de transacción por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o proxecto de lei.

Votamos. (Murmurios.)

Perdón, votamos a emenda á totalidade, con texto alternativo, do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda de devolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o proxecto de lei.

Votación do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; votos en contra, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este proxecto de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, agora, o Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas e asistentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Votamos directamente o ditame.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas e asistentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: *Votamos, agora, o Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2007-2021.*

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación das emendas do G.P. Mixto ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2007-2021 non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.*

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2007-2021 non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas de devolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2007-2021 non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2017-2021 non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2017-2021.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 1; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: *Votación do Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.*

Votación por separado das emendas do G.P. Mixto, en concreto a 4, 8 e 11, que é unha solicitude que formulou o Grupo Socialista.

Votación das emendas 4, 8 e 11 do G.P. Mixto á Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra, 53.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitadas estas emendas.

Votación das restantes emendas do G.P. Mixto á Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.*

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda á Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o ditame da Comisión.*

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: *Votación do Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero.*

Votamos, en primeiro lugar, o voto particular do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votación do voto particular do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda á Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero non incorporado ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o voto particular do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación do voto particular do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero non incorporado ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 47.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

O señor PRESIDENTE: O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego manifestou a retirada da súa emenda número 6, e quedou en dicirme a señora Adán cal era a súa posición con respecto ás emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: A 1, 2, 30 e 32, por unha banda, e por outra a 3 e 31.

O señor PRESIDENTE: Perdón, ¿3 e...?

A señora ADÁN VILLAMARÍN: E a 31.

O señor PRESIDENTE: 3 e 31. Coincide isto coa do Grupo Parlamentario Mixto.

Pois entón votamos, en primeiro lugar, as emendas 1, 2, 30 e 32 do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas 1, 2, 30 e 32 do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 47.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación das emendas 3 e 31 do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 38; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o ditame da Comisión.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame da Comisión.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa diminución do persoal docente e investigador no Sistema Universitario de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, entendo que a estas horas e despois dunha sesión tan longa podemos ter a tentación de non escoitar, pero imos falar aquí creo que dun problema moi importante, un problema moi grave para o noso Sistema universitario galego, que é tamén un problema para toda a sociedade, porque é a universidade, polo tanto, a investigación e a innovación, os únicos sectores que poden imprimir un avance a esta sociedade, non soamente económico, senón dende todos os puntos de vista.

E as nosas universidades están tendo moitos problemas, como xa puxemos ou intentamos poñer en evidencia na interpelación ao señor conselleiro no pleno pasado. Pero un deles, un moi importante, é a falta de persoal docente, tamén persoal de administración e servizos; unha falta de persoal perdido en torno, fundamentalmente, ao ano 2012, non soamente pola crise, senón por unha lexislación moi concreta do Partido Popular en Madrid. Por unha parte, estou a falar da taxa de reposición e, ademais, a conxelación absoluta de contratacións, por outra, pero tamén polas políticas do Partido Popular en Galicia en torno a todos os recortes –dos que tamén falaremos– para as universidades.

Pero os problemas de profesorado e de persoal de servizos son extremadamente graves, porque a perda de persoal é moi alta. A pesar de que o señor conselleiro quixo facer fogos artificiais coas cifras, o que di a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas é que, entre o ano 2011 e 2014, o persoal docente das universidades galegas descendeu nun 7,5 %. Un 7,5 % en moi poucos anos, en tres cursos, practicamente de descenso, 400 profesores menos que teñen en tres anos as nosas universidades.

Unha situación que ademais non é única, é verdade, da universidade galega, está presente e de forma moi grave na universidade pública española, cunha perda de persoal de en torno aos sete mil postos de traballo, 5.000 deles profesores. E –insisto– da pública, porque das privadas españolas, os profesores non descendieron en número, senón que se duplicaron. Iso é algo que tamén hai que ter conta, de por que se está realizando este tipo de políticas e lexislación en España. En todo caso, dicía que en todas as universidades sucedeu, pero cunha diferenza moi clara, que estamos –como soe dicir o conselleiro– á vangarda de todo. Si que estamos na vangarda, pois resulta que a media de perda de profesorado en España é de 5,7, e nós temos unha porcentaxe de perda de profesorado de 7,5. Polo tanto, moito máis elevada.

Xa sei que o Partido Popular –como dixo o señor conselleiro– vai dicir que isto non é certo, que non é así. Eu non quero entrar en disputas porque sei, ademais, que non vou convencer, máis ben que non vou convencer de que diga a verdade o Partido Popular, pero este descenso de profesorado non é que o diga eu, imos ver que din as universidades, que din os alumnos, que din os profesores, que din os reitores. Entón, o que están a dicir publicamente é o seguinte: *“El profesorado investigador de la USC cayó un 24 % en un solo año”*. *“La USC cerrará esta década con 550 profesores menos”*. O vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa da USC: *“A descapitalización humana da universidade é moi grave”*. *“Alumnos de Maxisterio e Filosofía pasan la noche encerrados en demanda de profesores”*. *“La decana de Educación de la USC alerta contra la precariedad del profesorado”*. *“Medicina perdió 43 de las 80 plazas de profesores del concierto con el Sergas”*. *“Gestal”* –o decano da Facultade de Medicina– *“advierte de que las jubilaciones de profesores dejarán a Medicina de la USC en una situación dramática”*. *“Medicina ve peligrar su futuro por quedarse sin profesorado”*. O reitor da USC: *“Los recortes en la USC ya están al límite y se han traspasado algunas líneas rojas”*, facendo fincapé na grave perda de profesorado que está a sufrir. *“El rector coruñés dice que el proceso para cubrir las bajas cercena la autonomía universitaria”*. Outro dos elementos graves que están a pasar no Sistema universitario galego é que está o PP dicindo que non é certo.

Poderíamos continuar así: *“La USC redujo el gasto de personal 11,5 millones en los últimos tres años”*. Uns 11,5 millóns, e pódese dicir por parte do Partido Popular que non hai un descenso de profesorado. En fin, as mentiras, onde se poden dicir, pero onde non se poden crer é na universidade, que están a sufrir unha perda de profesorado e de persoal de servizos e, polo tanto, de calidade, de posibilidade de calidade de docencia, de posibilidade de crecemento da investigación extremadamente grave. Insisto: por unha política do Partido Popular de recortes nas taxas, na reposición do profesorado, e recortes económicos.

Non podemos olvidar que nestes anos, dende o 2010 ao 2016, as universidades perderon o 15 % dos seus ingresos, as universidades galegas, porque a media de perda das universidades españolas está no 11 %. Tamén aquí somos a vangarda, tamén aquí; en recortes si que somos a vangarda. Resulta que o Sistema universitario galego tanto en ingresos como en número de profesores, en termos constantes e en profesorado, está a nivel de 2005. Perdemos, grazas ás políticas do Partido Popular, once anos, máis dunha década perdida.

A pesar diso, as universidades galegas están –e hai pouco saíu reflectido nos medios de comunicación– nuns niveis de calidade moi grandes, pero, claro, todo ten o seu final. O que xa non podemos é intentar –como se está intentando a través das ordes da Consellería de

Educación– cubrir as baixas de profesores na universidade con profesores de áreas afíns, que é o que está pasando. Isto é absolutamente criticable e estase a criticar no ensino secundario; na universidade xa é algo absolutamente inaceptable que as áreas afíns dean docencia, e hai unha circular que obriga a isto antes de dar un profesor substituto.

Por iso, nós propoñemos que hai que tomar medidas, e ademais tomar medidas a curto e a medio prazo. Por iso queremos establecer unha análise xunto coas universidades das necesidades de profesorado de cada unha das universidades, de que áreas teñen necesidades de profesorado e cales non; deseñar plans específicos, polo menos agora, cunha duración de cinco anos e logo continuar, pero hai que ter non soamente a curto prazo senón a medio prazo; e poñer en marcha xunto coas tres universidades públicas de Galicia un plan especial para o curso xa 2016-2017 de recuperación dos cadros de persoal, tanto do PDI (persoal docente e investigador) como do persoal de administración e servizos, comezando xa neste ano cunhas modificacións de crédito fóra do plan de financiamento que dean un pouco de posibilidade de contratación de profesorado ás universidades, para continuar con plans especiais nos anos seguintes. Dende logo, cun financiamento ad hoc, un financiamento fóra do Plan de financiamento para poder recuperar o perdido, polo menos o perdido, e manter unha docencia e unha investigación de calidade.

E, por último, creo que é absolutamente necesario que se respecte que se garanta a autonomía universitaria en todos os seus sectores, en todos os ámbitos, pero dende logo na xestión dos recursos humanos, que non se está a facer, mantendo as actuacións da Consellería de Facenda que nestes momentos por moito que ás súas señorías lles pareza imposible só é a que está gobernando nas universidades, mantendo a Consellería de Facenda nos seus límites da legalidade, nada máis, sen que teña máis posibilidades de alterar a autonomía universitaria.

Creo que isto non arreglaría toda a situación, pero polo menos daría un pouco de aire, unha mínima posibilidade para que as universidades galegas poidan seguir mantendo o alto nivel que as caracteriza.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): A señora Fernández Rodríguez, polo Grupo Parlamentario Mixto.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo.

Dende o Grupo Mixto imos apoiar esta moción cos diferentes puntos que presenta esta iniciativa, pois está en xogo a calidade e a excelencia da universidade galega. Se non se inviste dun xeito coherente e se ten unha planificación pensando no presente e mirando para o futuro, estamos a destruír este país, onde houbo un drástico recorte do financiamento, que supuxo entre o 2010 e o 2015 máis de 87 millóns, e onde se vai cara a un modelo baseado no mercantilismo, segundo se alerta, que imperará polo menos ata o ano 2020.

E a isto sumamos a perda da autonomía. A universidade está sometida a unhas normas moi estritas, pois calquera contratación de persoal docente a tempo parcial ou unha substitución precisan da autorización da propia Xunta e das consellerías de Educación e de Facenda.

Feijóo cólgase medallas cando fala da conxelación das taxas universitarias, que son das máis baixas de España. Parece que non lembra que temos un nivel de vida tamén máis baixo do Estado. Mais o Sistema universitario galego figura entre os peor financiados de Europa e do Estado español, coa peor ratio de financiamento por profesor e alumno, coa perda de calidade na educación superior e cunha precarización da docencia, resentíndose na calidade do servizo público por culpa da supresión do profesorado e que existen materias impartidas por docentes non especialistas, e na falta de oportunidades.

As universidades galegas perderon dende o curso 2010-2011 –estes son cómputos feitos no ano 2015– un total de 384 profesores, para quedar en 5.258, cando no ano 2010 xa tiñan 5.987. O goteo das baixas do profesorado conleva que cada vez máis se impartan menos másters, mermando o prestixio acadado anteriormente no concerto nacional e perdendo os indicadores da excelencia da universidade galega, e que as materias xa non as dean en moitos casos os propios especialistas titulares senón profesores afíns. Isto merma a calidade académica.

E á parte dos duros recortes na taxa de reposición do profesorado presenta agora mesmo un máis que deficiente panorama nalgunha das ramas de coñecemento, como poden ser algunhas das cátedras de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela, vacantes dende a xubilación das persoas titulares.

E máis dificultades tamén para os grupos de investigación, tanto para continuar cos seus proxectos como para contratar por falta de presuposto. A pesar das leves subidas nos dous últimos anos, o investimento en I+D+i nas contas públicas galegas é hoxe un 15,5 % inferior ao 2009. O investimento conseguiu un máximo no 2008, que era unha cifra equivalente ao 1,04 do PIB galego, para quedar nun 0,87 no 2012 e situarse a niveis do ano 2005. Dicar que a media estatal está no 1,3.

E tamén se incumpriu o Plan galego de investigación, innovación e crecemento do ano 2011-2015, que asumía como obxectivo xeral a converxencia do esforzo galego en I+D+i co esforzo do conxunto do Estado, e moi lonxe do obxectivo da Unión Europea, que era para o ano 2020 chegar ao 3 % do PIB. É certo que moitas persoas investigadoras, incluso docentes, teñen que buscar a oportunidade noutros países, incluso noutros puntos do Estado.

Evidentemente, ten que haber un maior financiamento, segundo o criterio das persoas representantes das tres universidades, e valorar moito máis tamén a capacidade de retención do talento, a colaboración entre a universidade e a empresa e a propia inserción laboral dos titulados, que é fundamental e que é demandado pola sociedade.

E tamén fago fincapé en que a falta de renovación do propio profesorado frea o proceso de equiparación das mulleres na universidade. Despois dun crecemento sostido de proporcións

de profesoras titulares, esta tendencia detense no ano 2008, cando se rexistraba unha porcentaxe do 40 %, moi semellante á do ano 2013, o 41,5. O mesmo pasa coas asociadas, dun 31,7 % a un 32 %.

É urxente a reposición das xubilacións e as baixas no persoal docente e a contratación da xente nova para manter vivos os equipos de investigación. E xa non falemos das propias persoas acreditadas para acceder ao posto de persoas catedráticas, ou das xubilacións, ou incluso do profesorado, que agora mesmo e polas condicións críticas a nivel económico podemos chamar “profesorado *low coast*”. Os docentes universitarios non chegan a mileuristas, que son os profesores asociados, que incluso realizan máis horas das que figuran en nómina. E tamén referente aos interinos a tempo total, que cobran como outro profesor, máis a aqueles que traballan a tempo parcial con soldos bastante pírricos.

Polo tanto, dende o Grupo Mixto apoiamos esta moción.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerdas, o señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas.

Ben, acabamos de aprobar o Plan galego de estatística, e aínda que só sexa en homenaxe ao Instituto Galego de Estatística vou dar datos oficiais con respecto á problemática que temos que acometer neste momento.

No ano 2009, Galicia tiña 5.208 profesores universitarios, e no ano 2014 tiña 4.912. Polo tanto, case trescentos profesores desapareceron das nosas universidades, segundo o instituto público.

A idade media do profesorado universitario é de case 50 anos, e case o 38 % do profesorado universitario existente en Galicia supera esa idade. Non é só un problema de idade, senón tamén un problema da cobertura que se fai das xubilacións producidas. Nos vindeiros cinco anos xubiláranse en Galicia uns tres mil profesores universitarios, ¿e nós que imos facer?, ¿temos un plan de actuación previsto?

Investigadores: no ano 2010 a universidade galega tiña 4.083 investigadores contratados, e no ano 2014 uns 3.100. Polo tanto, 983 investigadores que desapareceron de Galicia. Na administración pública había 937 investigadores, no ano 2014 había 695, uns 142 menos. Datos totais: 1.125 investigadores que desapareceron, que deixaron de facer o seu traballo no noso país, moitos para investigar fóra.

Gasto en I+D+i: 2010, o 0,93 % do PIB; 2014, o 0,89 %. Estamos á cola de toda Europa en investimento en investigación en función do PIB. E ademais algo máis grave: a promesa que fixo o Goberno galego cando asinou o Plan de financiamento universitario era acadar no ano 2015 o 1 % do PIB. Non o cumpriu, unha promesa incumprida máis.

Gasto en I+D+i per cápita: ano 2009, 211 euros por habitante en Galicia; ano 2015, 174 euros. Perdemos 37 euros por habitante de investimento en innovación e en investigación.

Número de empresas innovadoras: ano 2009, 32.205; ano 2014 –últimos datos do IGE– 28.871. Perdemos 1.134 empresas innovadoras no noso país.

Esa é a radiografía, eses son os datos oficiais dese Instituto Galego de Estatística que tanto di defender o Goberno galego.

¿Cal é o escenario real, ese escenario que non vive a recuperación que tanto vende o Goberno galego? Ben, pois o escenario real é que mentres en Europa seguen a senda contraria a todos os indicadores que eu acabo de dicir, impulsando os investimentos en I+D+i para desa maneira resistir e sobrelevar en mellores condicións a crise económica, nós estamos sometendo o noso país a unha devaluación non só salarial, non só industrial, non só económica, senón tamén investigadora.

¿Cal é polo tanto o futuro? Pois un futuro complicado se non poñemos remedio. Por iso nós entendemos que esta iniciativa é necesaria, máis que incluso necesaria diría que é imprescindible. ¿Para que? Porque temos que poñer en valor os nosos sectores primarios, porque teñen valor e capacidade produtiva. Temos que conseguir que o noso sector agrogandeiro pase de ser un sector meramente produtivo a ser un sector de transformación e de industrialización, e para iso fai falta investimento en I+D+i. O mesmo no sector forestal, que pode ter un valor fundamental de desenvolvemento se de verdade se entende a riqueza do noso monte. As enerxías renovables eólica e fotovoltaica, gran capacidade do noso país, pero necesitamos apoio investigador. Viabilidade das empresas, se conta cunha ferramenta eficaz de financiamento como o Igape, potenciando a innovación destas empresas, sería dende logo unha axuda, pero o Igape está absolutamente paralizado. Non falemos xa das caixas, porque é un tema xa demasiado manido. Plans para rescatar os mozos investigadores migrantes, esta sería unha ferramenta de moitísima axuda. Grupos de investigación como Ánxeles Alvariño, a quen vostedes acernaron o financiamento, tamén sería fundamental darlle continuidade posto que teñen experiencia e capacidade.

Polo tanto, hai medidas que se poden tomar, hai medidas racionais, hai medidas necesarias. Hoxe nesta moción o Grupo Socialista propón algunhas que a nós nos parece que son de sentido común.

Nós, dende logo, imos apoiar –como dicía– porque o consideramos necesario e, sobre todo, porque é unha cuestión de pura supervivencia.

Máis nada. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Sorpréndeme que a estas horas haxa este nivel de entusiasmo.

Polo Bloque Nacionalista Galego, o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Señora Concepción Burgo, xa lle adianto que o Grupo Parlamentario do BNG vai apoiar esta proposición non de lei, que pretende instar a Xunta, en primeiro lugar, a establecer unha estratexia a curto e medio prazo para analizar as necesidades das tres universidades e deseñar coa súa colaboración plans para a recuperación do persoal docente investigador e mais plans para recuperar persoal de administración e servizos. Dese persoal necesario para garantir unha docencia e investigación de calidade no Sistema universitario galego, que segundo os propios datos da Xunta na avaliación e diagnose do Sistema universitario galego fala de que nos tres primeiros anos de Feijóo –só nos tres primeiros– perdeu 654 profesores docentes e investigadores. É certo que o persoal de administración e servizos foi menor, pero tamén foi un recorte grave.

E tamén imos apoiar “Poñer en marcha (...) un plan especial para o curso 2016–2017 de recuperación dos cadros de PDI”, con financiamento, por suposto, fóra do Plan de financiamento 2016–2020. E continuar con máis plans especiais nos cursos seguintes para recuperar a totalidade do persoal necesario “para manter unha docencia e unha investigación de calidade”.

E tamén apoiaremos “Respectar” –como non podía ser doutra maneira– “a autonomía universitaria en todos os ámbitos” e de xestión de persoal, tanto por parte da Consellería de Facenda como por parte da Consellería de Educación”.

Votaremos a favor porque o BNG sempre defendeu neste parlamento buscar un futuro sustentábel da nosa universidade, porque entendemos que o coñecemento, a investigación e a innovación son fundamentais para a creación de riqueza no noso país, para potenciar o noso tecido produtivo e a nosa industria. Así o entenden en toda Europa cando a partir de que empeza a crise empezan a investir moito máis en I+D+i. Alemaña pasa do 2 a case o 3 % neste momento do PIB que inviste, Finlandia neste momento está investindo o 3,1 %, a media europea inviste máis do 2 % do PIB neste momento, mais a media española é do 1,4 %, e, desde logo, en Galicia non chegamos neste momento nin ao 0,9 %. Así o entenden tamén os reitores, que cando se discutía o novo Plan de financiamento demandaban e pedían máis fondos para un plan económico.

Votaremos en fin, señorías, a favor porque o Grupo Parlamentario do BNG sempre defendeu facer unha rigorosa avaliación do plan que remataba, que non era nin máis nin menos que o recorte grave en canto a recursos financeiros, o 15 % de recorte; en recursos humanos, xa digo, máis de 654 nos tres primeiros anos de Feijóo, en recursos no financiamento á investigación.

Cando debatemos o Plan de financiamento 2016–2020, o BNG propuxo que se contemplase na súa parte estrutural un financiamento suficiente e sustentábel que respectase a autonomía das universidades e a súa capacidade de decisión e planificación, nomeadamente na contratación de persoal de cara a garantir a calidade e a excelencia. E tamén propuxemos

incrementar o sistema de financiamento anos 2016–2020 partindo dun orzamento neste propio ano que fose do 1,01 % do PIB, que era o que prevía o Goberno galego no ano anterior. E lamentablemente só se contemplan neste plan 392 millóns de euros, cando se se contemplanse o 1,01, serían máis de 500 millóns. Polo tanto, nós entendemos que o plan que está aprobado é insuficiente e curto para o sistema.

Nós sempre defendemos que a Galicia lle interesaban as tres universidades colaborando, que actuasen con visión de país e cunha planificación conxunta, e que puidesen garantir co seu financiamento facer fronte aos cinco anos que se aveciñan, no mapa das titulacións que fose completo, nunha reforma do Sistema universitario que hai que acometer, na defensa da universidade pública galega, en canto á recuperación de profesorado e en canto á recuperación do alumnado. Mais lamentablemente todo isto non se pode acometer porque o Plan de financiamento do Sistema universitario galego do ano 2016 até o 2020 non é capaz de facer fronte a isto.

Polo tanto, o BNG vai defender un sistema de financiamento que poña á disposición do Sistema universitario galego os recursos económicos suficientes. Neste caso, apoiando unha iniciativa que pretende establecer plans especiais e recursos especiais fóra do Plan de financiamento para recuperar basicamente o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos. A única maneira para garantir a docencia e a investigación de calidade que, desde logo, o noso país merece.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Despois dun debate interesante a semana pasada respecto da interpelación que presentou a señora Burgo, hoxe temos a súa substanciación –se é que se pode dicir así– nunha moción consecuencia daquela interpelación. Unha moción cando menos sorprendente, señora Burgo –permítame que llo diga–, porque na parte resolutiva que presenta vostede na súa moción, no punto terceiro, desvirtúa e contradí absolutamente o que presenta nos puntos 1 e 2, que non é máis que unha interferencia da Xunta de Galicia nas competencias e na independencia, na autonomía das universidades galegas, e neste caso que podíamos dicir das españolas. Pero como no terceiro pide outra vez a súa autonomía, pois non o entendemos moi ben.

En calquera caso, non consideramos que isto sexa serio, parécenos demagogia pura e dura e unha irresponsabilidade polo que ten de desprezo do que é o status das universidades, as súas competencias e a súa autonomía, que a ten recoñecida por lei; señora Burgo, por lei, algo que vostede quere desvirtuar aquí. Pero, mire, se busca vostede na Lei 6/2013, do Sistema universitario galego, na primeira liña da lei di textualmente: “As universidades son entidades públicas ou privadas con personalidade xurídica propia dotadas de autonomía polo artigo 27.10 da Constitución española”; parece que non lle consta. Artigo 1: “A presente lei

regula o Sistema universitario galego con respecto á autonomía universitaria” –a autonomía universitaria de novo– “no marco do Sistema universitario español e do Espazo europeo de educación superior”.

Pero o que fai vostede aquí é unha proposta de desacato tanto da Constitución como da lei, das leis, a nacional e a autonómica. E as competencias de planificación de persoal –como vostede sabe perfectamente, porque ademais sábeo, vostede pertence á universidade–, sabe perfectamente que a planificación e a xestión dos recursos humanos das universidades son unha competencia propia das universidades como administracións públicas que son. Igual que vostede quere suprimir agora a Mesa sindical, ou a Comisión Interna de Prazas, ou o Consello de Goberno das Universidades, que son os que toman decisións respecto das prazas que teñen que dar cátedras, etc. Pero se vostede o que quere é retirarlles esas competencias está moi ben, igual é que tratamos de volver –xa que falamos de investigación e de profesores contratados e asociados como suprimiron no seu momento– á endogamia propia, cando a universidade xa traballa con outros criterios de publicidade, obxectividade, concorrencia, igualdade, mérito e capacidade. Quizais vostede o que quere é nunha irresponsabilidade absoluta suprimir outra vez todo iso.

E, mire, hoxe acusou de confundir, o outro día acusou o conselleiro de facer trampa e hoxe intentou outra vez facer crer a todo o mundo que as taxas de reposición son cousa do Partido Popular e de Mariano Rajoy. E eu teño aquí extractos de prensa, como ten vostede. Febreiro de 2010: “Zapatero anuncia un plan para reducir el número de empleados públicos, reducirá un 4 % el gasto de personal y solo repondrá uno de cada diez funcionarios públicos”. Non foi o señor Rajoy, non. “Política de contención salarial combinada con una reducción del número de empleados que supondrá ya este mismo año una limitación de la tasa de reposición de la oferta de empleo al 10 %”. Do 2011: “A taxa de reposición dos funcionarios seguirá no 10 %”, Zapatero dixit, non Mariano Rajoy. O Plan de austeridade –que se chama– das administracións públicas 2010-2012: redución dunha media do 5 % dos salarios, conxelación o ano que vén. É dicir, todo isto non fomos nós, señora Burgo. Polo tanto, paréceme que non sei como se atreve vostede a vir aquí botarlle culpas a que non a ten. Os sindicatos din: “Actitud intolerable del Ejecutivo”. Será o Executivo que ía vir, pero o que fixo as cousas foi o que as fixo.

E di vostede: perder prazas da universidade. Si, xa estaba previsto no 2010, unhas catro mil prazas contaban vostedes con perder. Pero saíulles mal, porque foi precisamente o Goberno do Partido Popular –si, ese si– o que fixo a taxa de reposición, que a fixou no 50 %. Por certo, despois de reclamalo esta Consellería de Educación insistentemente nas mesas sectoriais de negociación, das que vostedes marchaban; vostedes non, os que gobernaban noutras comunidades autónomas do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Señora Burgo, nunca en Galicia sucedeu nada do que está vostede dicindo aquí, nunca. Preto de mil prazas nos anos 2013, 2014 e 2015, mil de PDI –si, de PDI–, nunha época...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...–remato, señor presidente– na que nunca tantos investigadores se consolidaron no Sistema universitario galego, nunca, señora Burgo. E todo isto para unha ratio –que xa sei que non lle gusta– que é a máis baixa de Europa, nin comparable con Francia, que ten 21, nin co Reino Unido con 17, nin con Finlandia con 13,8. Tanto me ten, desvirtúe vostede todo o que queira.

E falaba de once anos. Claro que si, once anos, e 11.000 alumnos menos. A demografía élle así, señora Burgo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Remato, señor presidente, dicindo que a Xunta cumprirá co seu papel, e estaremos todos observantes de que así sexa, para que siga favorecendo a implantación de calidade de sistemas de xestión propios...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...na universidade para responder á igualdade de oportunidades, á calidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...e de seguir servindo o tecido socioproductivo de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...que é para o que está.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Grupo autor da moción, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, en primeiro lugar, a todos os grupos –ao Grupo Mixto, ao BNG e a AGE– por apoiar esta moción.

Señor Fariñas, teño que dicirlle que, de verdade, vostede cumpriu todas as expectativas que eu tiña sobre a súa intervención, todas: non pode ser máis demagóxica, non pode demostrar vostede máis descoñecemento da universidade. Entón, eu creo que se segue vostede aquí de portavoz de Educación na lexislatura que vén, coñecer un pouco máis a universidade sería bo.

Mire, señor Fariñas, o problema non é, que si o é, a autonomía das universidades, poden ter moita, pero ¿sabe que pasa? Elas saben que prazas necesitan, pero é que non teñen diñeiro. ¿Sabe o que é unha universidade pública? Unha universidade financiada con diñeiro público, porque resulta que unha universidade pública dá un servizo público que se paga con diñeiro de todos. E, claro, está moi ben que vostede diga que cando vostedes foron os que alteraron a autonomía das universidades, incluso dicindo que prazas tiñan que facerse ou non, que vostede veña aquí defender unha autonomía, pero, iso si, non dando diñeiro. Que contraten a quen queiran, ¿con que? Se xa se está pagando 200 euros por profesor. ¿Con que quere que se contrate? O que teñen que facer é dar o diñeiro que as universidades merecen.

Vostede sabe perfectamente que iso é o que di a miña moción. Vostede quere facer outra interpretación absolutamente errónea, a ver se as universidades o cren. Estou convencida, señor Fariñas, de que hoxe o profesorado, o alumnado e o persoal de servizos das universidades van durmir moitísimo máis tranquilos, porque resulta que a súa percepción do día a día, a súa percepción de dar o dobre de créditos que deben, a percepción do decano de Medicina de dicir que a súa situación é dramática porque non teñen profesorado, a situación de Maxisterio e Filosofía cando lles faltan profesores é errónea, estano inventando eles, iso non pasa nesta universidade, porque resulta que o Partido Popular fai todo o que ten que facer para ter unha universidade impresionante, a mellor do mundo. Non hai... Os alumnos péchanse nas facultades porque queren, porque son así, porque son xóvenes, non porque lles falte profesorado.

Mire, señor Fariñas, as cousas hai que tomalas con máis seriedade da que vostede as toma e das que as toma o Partido Popular. Mentres non sexa así, vostedes van seguir apostando polo que sempre apostaron, polo que queren, polo que está na súa ideoloxía: por un modelo económico baseado en salarios baixos, en persoal pouco cualificado, en persoal manexado. Iso é o que vostedes queren, non un modelo económico baseado en I+D, baseado en innovación; vostedes quéreno baseado soamente en salarios baixos. E para iso hai outros países que o fan moitísimo mellor que vostedes. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre a execución polo Goberno galego de todas as actuacións necesarias para promover, facilitar e incentivar a recuperación demográfica de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, a verdade, é que ía empezar doutra maneira, pero tomando como referencia este debate que acabamos de ter, eu teño un par de amigos que traballan na Universidade de Santiago, que son biólogos –un deles pasa por ser posiblemente

a maior autoridade que hai no mundo en bivalvos – e están facendo traballos de investigación para Dinamarca, porque un deles dicíame, con lágrimas, hai algo máis dun par de anos, cando o recorte foi pola raíz, que era a primeira vez como profesor que non tiña recursos, non había bolsas de investigación, e que non podía transmitir os seus coñecementos e a súa experiencia aos seus alumnos. Iso ten que ver coa demografía. Porque a demografía non é exclusivamente –como parece que así se interpreta– un problema de asuntos sociais, non o é. Os asuntos sociais son moi importantes, sobre todo co tipo de demografía que temos no país agora.

Pero, señorías, eu non vou dar cifras, démolas o outro día no debate da interpelación, e vistos os datos que se teñen dado hoxe con respecto ao profesorado na universidade, ou os que se deron o outro día, que todos proveñen, todos estamos usando basicamente a mesma fonte, o IGE, ao mellor, o recorte que tiñamos que aplicar é pechar o IGE. Porque, unha de dúas: ou moi mal se expresan, ou moi mal os le o Goberno, porque o que publica e que está colgado na páxina do IGE, de acceso a toda a humanidade, resulta que iso non é verdade. E os deputados somos tan torpes, sobre todo os da oposición, que non sabemos interpretalos.

Pois nós propoñemos modestamente unha serie de medidas que cremos que poden axudar a resolver o problema. E esas medidas teñen que ser prolongadas no tempo e teñen que ter recursos. Hai un exemplo: a República de Irlanda; só lles pido que o estuden, que analicen como un pequeno país que partía máis ou menos dunha densidade de poboación como ten Galicia gañou nos últimos anos en torno a un millón e medio de habitantes.

E por iso propoñemos na primeira das propostas: “Que no horizonte do 2020 as axudas de carácter social acaden o nivel medio da Unión Europea”. Tampouco é moito pedir, e non estamos pedíndoas para mañá, estamos falando de iniciar un camiño que ten que ir máis alá e durante moito tempo.

“As axudas directas á natalidade de carácter permanente e periódico”. Aí é unha das cuestións, e non a única, onde radicou o éxito de Irlanda. Señorías, non abonda con baixar unha porcentaxe, un punto, dous puntos, no IRPF, porque –xa incluso o propio conselleiro o recoñecía– ninguén ten un fillo porque lle baixen un par de puntos no IRPF. Vostedes sábeno. Iso queda moi ben en ano electoral... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home! si, pero, mire, pero é que a cousa élle ben fácil: en ano electoral baixámosllo, como fixemos co imposto de sociedades e outros impostos. Pero hoxe resulta que o ministro acaba de dicir que para o próximo ano imos subir outra vez o imposto de sociedades porque temos que cubrir 6.000 millóns de euros de déficit. *En año electoral los bajamos y en año no electoral los subimos.* Se é un país serio, explíquenmo, ¡explíquenmo!, ¡explíquenmo! ¿Entende?

Cando pedimos que “retorne o talento”, estamos falando dos nosos xóvenes, algúns deles participando en proxectos punteiros de investigación no mundo. Estamos falando de recuperar o talento. Ten que ver co que se acaba de debater aquí.

“Os proxectos, a incentivación dos proxectos empresariais vinculados á nosa emigración histórica”. Tamén á República de Irlanda fixo programas e políticas nese sentido, porque somos moi parecidos niso. Miren, señorías, aquí todo o mundo está convencido de que a

nosa emigración histórica todos son pobres, miserables e viven debaixo dunha ponte en Avellaneda, República Arxentina, por poñer un caso. ¿Saben vostedes que na nosa emigración histórica están algunhas das fortunas máis importantes do mundo? ¿Ten feito o Goberno galego algún intento, que non sexa aquela cousa ocorrente de venderlle leite en po a Cuba, de convencer, animar, incentivar a que unha parte dese capital se invista no noso país, por proximidade, incluso egoistamente polos problemas que hai nos países onde están asentados? Pois parece que moito esforzo non se ten feito, ¡eh!, porque os resultados non se ven.

E “modificacións lexislativas”, señorías. Poñer unha empresa no medio rural é unha tarefa imposible. Os servizos, as infraestruturas públicas, medidas como castigar a produción de enerxías limpas no rural –onde levar as infraestruturas enerxéticas tradicionais e clásicas supón un custo engadido que non o teñen os empresarios que teñen á súa disposición un parque empresarial ao lado dunha gran cidade–, as comunicacións... Temos dito aquí que hai polígonos no rural nos que os empresarios teñen menos dun mega para comunicarse. ¿Vostedes cren de verdade que pode alguén radicarse no medio rural ou en determinadas zonas do noso país con esas condicións técnicas?

Non estamos falando só de asuntos sociais, pero tamén deles. Señorías, ¿vostedes cren que as familias con maiores ou con nenos pequenos se van asentarse en determinadas zonas do noso territorio onde agora cando chegan as vacacións, por exemplo, se lles vai cerrar o consultorio, porque non se substitúen os profesionais, e van a outro que o manteñen aberto ao mellor a 10 ou 12 quilómetros, e no mes de xullo está, os que están aquí van a 12 quilómetros, e no mes de agosto abren o de aquí, pechan o de alí, e os de alí veñen para aquí 12 quilómetros, ou, peor aínda, que non existe? ¿Quen coida dos maiores? ¿Quen se pode animar a ter nenos no medio rural? Hai pais que teñen denunciando que os seus fillos no transporte escolar pasan ata seis horas para ter dereito á educación nun autobús. Aos nenos das cidades non lles pasa iso, e a pesar diso estamos en regresión incluso nas cidades do interior.

Non é só un problema de asuntos sociais. Pero fíxense: cuestións tan –como lles diría eu– cotiás como era cobrar a pensión ao lado da súa casa xa non é posible, porque os bancos recortaron, e agora xa hai xente que incluso ten o poder dun ancián para que lle cobre a súa pensión. E así se manipulan e se fan cousas. ¿Como se pode vivir no medio rural nesas condicións? Por iso facemos a distinción: que todas estas medidas se incentiven aínda máis cando se viva nesas zonas.

E despois, ¿vostedes cren realmente que alguén pode vivir e pode crear familias e ter fillos nas condicións nas que está o noso sector primario? Miren, cada vez que pecha unha explotación láctea en Galicia estamos pechando a posibilidade de que haxa menos veterinarios, que non haxa talleres para o mantemento da maquinaria desa explotación, que non haxa empresas de servizos, que non haxa subministradores dun montón de produtos de todo tipo. Polo tanto, é unha cadea tremenda. Cando dicimos que temos que concentrar un montón e aquel que produce 100.000 quilos imos xuntar quince e haberá un só que produza unha barbaridade. Si, pero polo camiño unha empresa de servizos que tiña ao mellor tres ou catro veterinarios con un chégalle, porque o concentra. E ao mellor os equipamentos e todos os insumos que necesita van noutra dirección e cómpranse fóra, porque só fóra haberá empresas coa capacidade de subministrar ese volume.

Non é só un problema de asuntos sociais, non o é, e non é un problema que se resolva en dous días nunha ocorrencia nunha campaña electoral. É un problema fundamental do país e ten que ser persistente no tempo e con recursos en todos os orzamentos, goberne quen goberne. Se o queren, ben, e se non, ¡que lle imos facer!

E, por exemplo, cuestións como o urbanismo. ¿Como lle van pedir vostedes que nunha aldea a alguén que herda a vivenda tradicional, cun montón de metros cadrados e que a queira rehabilitar, que lle apliquen a mesma lexislación que a alguén que vaia comprar un piso de 60 ou 80 metros cadrados nunha cidade? Iso é imposible. E por encima: leve vostede a liña eléctrica, faga vostede os sumidoiros, axénciese todos os servizos. ¡Home!, non parece razoable, ¿verdade? Parece que temos que legislar para que iso se poida solucionar.

Ou as herdades pro indivisas; eu non me canso de repetir este problema. Ou, por exemplo, que todo o mundo pensa que os latifundios son todos de Andalucía ou Estremadura. ¡Mentira! Os maiores latifundios de España están aquí neste país: os montes veciñais en man común, metidos a xestas, hábitat de xabaris –problemas e conflitos permanentes– e periodicamente incendiados. E xa saben o que nos custa nos orzamentos da Xunta de Galicia. Como di o meu compañeiro o señor Pablo García: pois ao mellor aforrabamos moitos cartos dos incendios por aí.

E a última: “Todas aquelas que impliquen a radicación de familias nos municipios rurais”. Porque miren, señorías, xa o dixen na interpelación: isto non é unha cuestión só de... –a ver como o digo eu finamente– ...de poñerse a elo. Non, non é iso. É que nos países que aumenta a demografía é pola inmigración, porque hai unha economía que permite que veñan familias traballar onde a economía vai ben. É unha constante histórica. E nós, de momento, non temos esas condicións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...porque non hai inmigrantes que queiran vivir entre nós. Por algo será. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAIS SUEIRO: Grazas, presidente.

A riqueza dun país é proporcional á súa poboación activa, dicíao o outro día o demógrafo francés Gérard François Dumont con motivo da reunión do Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos. Dou por feito que todas as que estamos aquí compartimos este criterio.

Malia os datos do propio IGE, estes amosan unha realidade negativa se atendemos ao criterio do señor Dumont:

Segundo o IGE, no ano 2015 un total de 652.477 residentes na Galiza percibía pensións contributivas da Seguridade Social; é dicir, un de cada catro galegas é pensionista.

A poboación activa galega, que non chega a 1,3 millóns, é a máis baixa dende o ano 2006. E a taxa de actividade que resulta da suma da poboación ocupada e no paro non chega ao 54 %, a segunda máis baixa do Estado despois de Asturias. E a situación non muda para mellorar, máis ben todo o contrario.

No que vai de ano, deste ano 2016, a Galiza perdeu 14.598 habitantes, un número maior que o do ano anterior para o mesmo período. No ano 2015 emigraron 90.675 persoas, o 46,34 % entre os 30 e os 54 anos; é dicir, o 46,34 da poboación activa. Moitas desas emigrantes son mulleres en idade fértil, un dato que repercute noutro tipo de indicadores: unha menor taxa de paro, unha taxa de envellecemento maior e unha taxa de natalidade máis baixa. E un 38,5 % de emigrantes, de persoas que emigran, corresponde a persoas de alto nivel formativo.

A conclusión é que a taxa de natalidade está claramente vinculada coa perda de poboación activa e coa baixa natalidade. Ambos os dous fenómenos impiden a suficiente reposición xeracional que garanta o sistema de pensións e a sociedade do benestar. É a *pescadilla que se muerde la cola*: a falta de futuro laboral que impide un proxecto de vía de futuro conleva a emigración, coa conseguinte fuga de talentos e de mulleres en idade fértil, a perda de poboación activa e o envellecemento e a desertización do país. Xa temos unha taxa de mortalidade máis alta que a taxa de natalidade.

Por moito que nos chamen alarmistas e catastrofistas, o futuro deste país é desolador. Esta paisaxe de morte, vellez e desolación que ocupa o noso país non se resolve, señorías, a curto prazo, con remendos, con políticas curtopracistas, do tipo cheque bebé, rebaixas fiscais, bonos de gardería...

O que fai falta, o que cómpre –por iso imos votar afirmativamente esta moción– son medidas para facer da Galiza un lugar atractivo para a creación de empresas e para que as que existen non marchen; por exemplo, unha tarifa eléctrica galega sería unha estupenda medida; tamén, emprego de calidade con garantías, emprego xuvenil, recuperación e posta en valor do noso sector primario, investimento no rural, etc., etc.

Máis nada, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda. Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, efectivamente, a situación demográfica de Galicia é grave. Por primeira vez, as persoas maiores de 85 anos superan os menores de 4 anos, e, polo tanto, deixan ás claras que vai acontecer no futuro: unha pirámide invertida, froito de diversos factores. Efectivamente, diminúen os nacementos, diminúe a inmigración que chega, aumenta a emigración, e, polo tanto, isto tradúcese nunha diminución da poboación e nun incremento da idade media desta poboación. E, sen embargo, nada se fai neste senso.

Teño que lembrar aquí que a crítica que fixo este grupo durante a tramitación do Plan de demografía precisamente era, primeiro, porque non contaba con medidas concretas aplicables e, en segundo lugar, porque non contaba con orzamento. Non se pode pretender que nazan máis nenos e nenos cando practicamos recortes multimillonarios nos orzamentos da Xunta de Galicia. E no caso dos servizos sociais, de todas aquelas partidas relacionadas co eido social, nos últimos anos detraéronse mil millón de euros, e, polo tanto, iso é incompatible con que nazan máis nenos e nenas e que a xente quede en Galicia.

En contra do que indicaba o señor Feijóo no pasado pleno, o saldo de emigración é negativo, é dicir, xa chegan menos persoas das persoas que se están a ir; concretamente, e sen entrar nese debate que houbo o outro día de cifras, ao redor de 1.700 de saldo de diferenza. Falamos de que ao redor de 15.000 persoas se van e chegan moitas menos, e, polo tanto, obviamente con esta progresión –cifra arriba, cifra abaixo–, o que cabe esperar é unha despoboación, porque, ademais, o grupo de idade máis amplo das persoas que se van é aquel comprendido entre os 20 e o 39 anos. Non fai falta ser unha sabia nin un sabio para saber que os que marchan son, primeiro, os que deberían estar a cotizar xa para as pensións actuais dos maiores e das maiores e ademais os que están nunha idade na que é máis propicio que teñan fillas e fillos. E, polo tanto, o problema é dobre e incrementase.

As que quedan, ademais, sofren a precariedade laboral, impedíndolles plantexarse ningún tipo de proxecto vital. O 13 % dos traballadores e traballadoras son pobres no noso país, e, sen embargo, o Partido Popular ten eliminado o 51 % dos orzamentos relativos á creación de emprego do noso país. Dos datos de paro do último trimestre podemos extractar que o pouco emprego que se está a crear é emprego precario; só o 6,5 % dos contratos asinados son contratos indefinidos, porque os fixos xa nin existen.

Cando falamos do impacto das dúas reformas laborais, falamos disto; cando falamos da eliminación de sectores produtivos, dos sectores primarios, da industria no noso país, falamos disto; e o que nos queda é sector terciario e precariedade laboral; e do resto, o resto de persoas que non teñen traballo na actualidade, o 51 % xa non teñen ningún tipo de prestación, e, polo tanto, obviamente, é normal que non existan nacementos, que isto vaia en picado e que a xente siga emigrando.

E é normal tamén que se incrementen nestas circunstancias as peticións da renda de integración social e doutras axudas públicas. Claro, claro que hai que dar axudas públicas, porque hai situacións de verdadeira emerxencia no noso país, máis de 600.000 persoas están en situación de pobreza ou risco de exclusión social. Pero atención á emerxencia, a coberturas mínimas das necesidades básicas, non pode ser a única política dun goberno, polo menos se quere solventar –ou intentalo– este problema.

Non queremos converternos nun país no que non poidamos traballar, vivir do noso traballo, e teñamos perpetuamente que estar recorrendo a cheques e axudas, que parece ser o modelo do Partido Popular. Queremos ser suxeitos de dereito, traballar no noso país, producir no noso país e, por suposto, contribuír á riqueza do resto dos galegos e galegas.

Nestas condicións é normal que diminúa a natalidade. Xa había problemas efectivamente de demografía antes do inicio da crise-estafa. Obviamente, cos recortes orzamentarios, é normal que estes problemas se incrementen. A pobreza infantil aumentou nos menores de 16 anos un 46 % –e son datos do Consello Económico e Social de Galicia, non son datos de AGE– e un 63 % nos mozos de 16 a 24 anos. Evidentemente, estas non son condicións para ter e formar unha familia, porque para iso hai que poder sostela.

Estamos de acordo con algunhas das medidas propostas, con outras disentimos, pero imos votar a favor desta iniciativa, porque cremos que é necesario un debate serio, e a realidade é que practicamente sería un programa de goberno –sectores produtivos, banca pública, sectores públicos, servizos sociais– e practicamente unha emenda á totalidade ás políticas que ata o de agora leva practicado o Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego. Señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Vou comezar a miña intervención enlazando coas últimas palabras da señora Solla, porque hai algunhas das medidas que se inclúen nesta moción do Grupo Socialista que nos merecerían matices, cremos que tamén hai medidas que faltan, pero, en calquera caso, esta moción o que pretende é abordar un problema de primeira orde que temos como país: a crise demográfica, fronte á ausencia dunha estratexia para facer fronte a esta crise demográfica por parte do Partido Popular. Por ese motivo anuncio o voto favorable desta moción do Bloque Nacionalista Galego.

Nas últimas semanas coñecemos novos datos que nos alertan da dimensión que ten esta gravísima crise demográfica que padece Galiza, unha crise demográfica que está adquirindo xa a dimensión dunha auténtica traxedia poboacional.

Dunha banda, coñecemos que Galiza volveu perder habitantes. Pechamos 2015 con 13.988 habitantes menos, é dicir, o mesmo –para que reparemos na importancia das cifras– que se desaparecese dun plumazo un concello como O Barco de Valdeorras, e Galicia foi a comunidade cun saldo vexetativo máis negativo –faleceron 12.369 persoas máis das que naceron–.

E, doutra banda, coñecemos tamén a estatística de emigración 2015 publicada polo INE. Segundo o INE, en 2015 marcharon de Galicia 24.935 persoas, incrementouse tanto a emigración cara a outras comunidades autónomas como cara a outros Estados, datos que desmenten rotundamente a realidade invertida que tantas veces nos presenta o señor Feijóo –a última vez, sen ir máis lonxe, na anterior sesión de control, na contestación á nosa voveira– e desmenten tamén o discurso de que Galiza está saíndo da crise antes e con máis vigor que ninguén.

É certo, como argumentan tantas veces o Goberno da Xunta e o Partido Popular, que o problema demográfico de Galiza non é novo, é certo. A mediados do século XIX Galiza tiña a maior densidade de poboación de todo o Estado español e a poboación galega representaba o 11,5 % do total estatal. En 1950 esta porcentaxe xa descendía ao 9,26 e hoxe apenas representamos o 5,8 %. En pouco máis de século e medio, o noso peso relativo reduciuse en máis da metade. Cremos que non hai dato máis ilustrativo de como a conformación do Estado moderno español como un Estado unitario e centralista que nos condenou á dependencia condenou o noso país ao seu devalo.

Pero, lonxe de corrixirse, señores da Xunta, señores do Partido Popular, o problema nos últimos sete anos estase acentuando, até o punto de poñer en perigo a propia viabilidade do país. Dende 2008 a porcentaxe de poboación en idade potencialmente dependente non fai máis que medrar, e por cada 160 galegos próximos a xubilarse só hai 100 mozos e mozas en idade de incorporarse ao mercado laboral. Temos un país envellecido, o que implica, entre outras cousas, un gasto social importante, e, mentres tanto, os esforzos que facemos en educar e preparar a mocidade non redundan no país, porque as políticas que se están practicando expulsan fóra os nosos mozos.

Miren o que dicía estes días un catedrático de análise xeográfica experto nestas cuestións: –cito textualmente– “Galiza carece de política demográfica, e iso é un fracaso. Deberíamos ter moi clara unha política de emprego e demográfica. Ten que haber gasto público en políticas activas de emprego, en actuacións concretas e decididas naquelas comarcas en peor situación, porque neste país o que está a acontecer é grave; é un desastre, nomeadamente no interior; a Galiza interior está a ser a grande perdedora”.

En definitiva, hai que facer todo o que non está facendo este goberno, porque o problema demográfico non se soluciona só con incentivos fiscais. O problema demográfico ten que ver coa precariedade, co paro xuvenil, coas dificultades para conciliar a vida laboral e familiar. O despoboamento da Galiza interior ten que ver coa súa desertización económica, co desmantelamento de servizos nas comarcas rurais.

Por iso, o problema demográfico soluciónase defendendo o dereito de Galiza a ter unha base económica propia, apostando polo emprego estábel e de calidade, por dotar dunha perspectiva de futuro as nosas mozas e mozos e incentivando o retorno dos que tiveron que marchar. E soluciónase tamén desenvolvendo servizos e políticas sociais de apoio ás familias e apostando de verdade pola igualdade e a conciliación.

Por estas razóns, imos votar a favor desta moción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Efectivamente, este é un debate serio, porque o problema demográfico en Galicia é un dos principais problemas que temos neste momento, na actualidade, pero tamén é un dos principais problemas que imos ter no futuro. Pero a min gustaríame aclarar, en primeiro lugar, tres cuestións.

En primeiro lugar, que este non é un problema novo, este é un problema que vén de lonxe, acumulamos tres décadas xa de saldos vexetativos negativos. En segundo lugar, non é un problema exclusivo de Galicia, é un problema estrutural que afecta xa moitas rexións europeas. En terceiro lugar, que non hai solucións nin inmediatas nin máxicas; precisamos dunha política demográfica estable, con continuidade no tempo.

Tendo claro isto, a Xunta de Galicia é consciente da situación demográfica de Galicia e da necesidade de desenvolver unha estratexia transversal que teña continuidade no tempo. E está na axenda da Xunta de Galicia dende hai anos, cando outros grupos parlamentarios adoptaron o discurso do problema demográfico hai ben pouco tempo.

En 2013 púxose en marcha o Plan de dinamización demográfica 2013-2016 horizonte 2020, e, ademais, neste mesmo ano aprobouse a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, tendo en conta que o envellecemento da poboación é unha das principais consecuencias do cambio demográfico. En 2014 aprobouse a Estratexia de inclusión social de Galicia, que aborda as consecuencias do cambio demográfico como un factor a ter en conta na análise da pobreza e a exclusión social. En 2015 aprobouse o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, que establece un paquete integral de medidas específicas para loitar contra o problema da demografía na nosa comunidade.

Tamén, no 2015, a Xunta creou unha dirección xeral con competencias específicas para a dinamización demográfica que puxo en marcha un programa de apoio á natalidade. Un programa que ten, entre outras medidas: o bono conciliación con 3,4 millóns de euros –porque aquí se fala de que non ten orzamento–, o bono coidado no rural que conta con 3 millóns de euros, a tarxeta benvida que conta con 18 millóns de euros –por certo, case 7.000 solicitudes xa presentadas– e, ademais, hai medidas fiscais como: incrementou a dedución por nacemento ou a adopción de fillos, de 300 a 360 euros polo primeiro fillo, de 1.200 polo segundo fillo, e de 2.400 polo terceiro fillo; duplicouse o límite da dedución por coidado de fillos menores, de 200 a 400 euros ou a 600 se teñen dous fillos ou máis; para a prestación de pago único por fillos menores de 3 anos, para persoas non obrigadas a presentar a declaración da renda, 3 millóns de euros e, ademais, é un crédito ampliable.

Para facilitar o coñecemento pormenorizado da realidade demográfica galega temos o Observatorio de Dinamización Demográfica de Galicia que, ademais de estudar a realidade demográfica da nosa comunidade, está para asesorar as administracións públicas galegas para a inclusión da perspectiva demográfica no deseño e desenvolvemento das súas políticas.

Ademais de todo isto, Galicia ten unha axenda nacional europea. A nivel europeo estamos dentro da rede de rexións afectadas polo cambio demográfico onde se está plantexando unha resposta conxunta e, a nivel estatal, Galicia está liderando o Foro de Rexións con Desafíos Demográficos e é unha estratexia polo cambio demográfico a nivel estatal.

Polo tanto, o problema demográfico da nosa comunidade non é un problema novo, é un problema que se está a abordar dende hai anos dende a Xunta de Galicia, que dende o ano 2013 se puxo en marcha, xunto co Plan estratéxico de dinamización demográfica, un paquete de medidas e que, dende logo, hai que poñer en marcha medidas que teñan continuidade no tempo. E non consideramos que a iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista veña abordar unha cuestión e ampliar o que está facendo a Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da moción. Señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Agradecer aos grupos da oposición que van votar favorablemente a nosa iniciativa e recoñecemos que aquí faltan cousas, evidentemente, porque –creo que o dixo algún dos compañeiros da oposición intervinientes– realmente habería que facer unha emenda á totalidade das políticas da Xunta... e ademais saíu a señora Rodríguez Arias a darnos a razón porque, por exemplo, ¿sabían vostedes que quen emigra sobre todo o medio rural agora...? Historicamente emigraban os homes, quedaban as mulleres; agora emigran as mulleres. Ningunha familia quere que as súas fillas vivan nas condicións –sobre todo as nais– en que viviron ou viven elas, sobre todo co noso modelo produtivo baseado practicamente na produción de leite, que iso significa 24 horas ao día, 365 días ao ano *y las chicas se van*. E ademais –sei contar– antes estudaban os varóns, agora non, agora son elas, e iso é un problema ao que non lle estamos poñendo solución, porque ten razón a señora Rodríguez Arias, isto non é un problema novo. Pero resulta que o malfadado Goberno bipartito estivo tres anos e medio, polo tanto, se este é un problema desde hai polo menos tres décadas, señora Rodríguez Arias, e os malos só gobernamos tres anos e medio, pois aquí alguén será responsable da situación que estamos vivindo hoxe, recoñecendo que non é unha situación fácil. E mesmo vostede di –fíxese o que di– que temos saldos negativos durante practicamente tres décadas. O señor presidente da Xunta –non sei se foi o Pleno pasado ou se o anterior e creo que foi nunha pregunta do señor Jorquera– pois discutía a maior, dicía que non era verdade, que tiñamos saldo positivo. Ou sexa, cos datos a ver se se poñen de acordo porque o señor presidente fai unha interpretación sempre dos datos do IGE que debe ser para xenios e eu non dou ese nivel –tamén llo teño que recoñecer–. Porque, mire vostede, nós durante moitísimo tempo tiñamos saldos positivos entre os que saían e os que entraban porque recibiamos clases pasivas da emigración; hoxe nin iso. Levamos xa case catro anos de saldos negativos netos. E mire, a realidade é que hoxe temos case 75.000 afiliados menos á Seguridade Social que cando o señor Feijóo entrou. E o único dato positivo que teñen é o do paro rexistrado, ¿por que será? Porque a xente se vai e non se apunta ao Inem. Porque, mire, temos 68.200 activos menos e temos 121.100 ocupados menos, datos do IGE, ao mellor están mal ou ao mellor esta deputada non os soubo interpretar, que todo é posible.

Polo tanto, agora vénme a última pregunta –remato, señor presidente–. Señora Rodríguez Arias, vostede fíxonos un relatorio aí do moito e ben que se están facendo as cousas, da can-

tidade de axudas que hai. A xente, vamos, eu non sei por que non ten máis fillos e non sei por que non se queda nos seus lugares. E, digo eu, ¿como é posible que con tantas e tan boas políticas e tan ben dotadas economicamente o fenómeno non mingüe senón que se está incrementando de maneira exponencial?

Nada máis, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co dispositivo de loita contra os incendios forestais

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda que presentou o Grupo Parlamentario Mixto.

Para formular a moción ten a palabra a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Igual que da moción anterior falabamos dun problema estrutural grave que afecta ao noso país, considero humildemente que esta moción, referida aos incendios forestais, tamén aborda un problema e, á vez, consecuencia estrutural grave que afecta o noso país.

Se me permiten compartir con vostedes unha inquedanza, eu saín tremendamente preocupada do último Pleno deste Parlamento no que a conselleira do Medio Rural afirmou rotundamente que en Galiza non se estaba producindo ningunha modificación da tipoloxía nin dos parámetros cos que se desenvolvían os incendios forestais no noso país. E, francamente, creo –sen faltarlle ao respecto a ninguén– que facer unha afirmación dese calado cando hai numerosísimos estudos, non do Bloque Nacionalista Galego senón de diferentes persoas expertas na materia e de diferentes universidades que poñen de manifesto ese cambio na tipoloxía dos incendios forestais, pois, francamente, paréceme unha temeridade.

Antes de nada vou dar unhas cifras para que ninguén interprete nada raro. O maior número de hectáreas ardeu nos seguintes anos por orde: 1978, 1981, 1985, 1989 e 2006 –no 2006 moitísimas–. O maior número de incendios produciuse no ano 1995 con máis de 15.000 incendios só nese ano. Porén, se se analizan as series históricas podemos ver como en Galiza había unha clara tipoloxía, un claro patrón de incendios forestais, que eran incendios forestais fundamentalmente vinculados co medio rural, fundamentalmente vinculados co monte propiamente dito e, a partir de setembro de 2005, pero fundamentalmente a partir do ano 2006, empezouse a consolidar –non digo que empezara a producirse pero si a consolidar– unha nova tipoloxía de incendios forestais en función da súa distribución espacial, tal como demostran tres profesores universitarios nun estudo realizado pola Universidade de Santiago en colaboración coa Universidade de Columbia. Por se lles interesa a algún de

vostedes chámase *Campaña de incendios 2006 en Galicia, análise do cambio na distribución espacial da actividade incendiaria*.

Nese contexto é especialmente preocupante que teñamos un Goberno da Xunta de Galiza, unha Administración encargada de protexer a este país fronte aos incendios forestais que non só desmantela as políticas de prevención, desmantela o dispositivo de extinción en canto á unidade de xestión e de actuación. Senón que é especialmente preocupante que teñamos unha Consellaría do Medio Rural que ademais desmantela todos os elementos que había para a investigación das causas e dos detonantes dos incendios forestais. Porque se hai un elemento que ten sido clave para reducir o número de incendios forestais no noso país –ademais da disuasión, ademais da sensibilización, ademais doutros elementos– ten sido investigar sobre o terreo, sobre todo naqueles lugares nos que os incendios ocorren de forma máis recorrente, cales son as causas concretas, os conflitos sociais, os elementos que están detrás de cada un deses incendios para abordalos.

E eu e o meu grupo parlamentario estamos profundamente preocupados e preocupadas porque nos últimos anos –especialmente nos últimos anos, nos máis recentes– estase apreciando –e aquí vexo que hai varios deputados de Ourense–, estamos apreciando como ese cambio de tipoloxía que no ano 2006 se concentrou fundamentalmente no Eixo Atlántico –e, nomeadamente, no espazo meridional do Eixo Atlántico entre Santiago de Compostela e Vigo–, estamos apreciando como en Ourense está aparecendo un fenómeno que consiste en que todos os días, practicamente, se producen dez–quince incendios forestais no contorno da cidade e nos concellos limítrofes da cidade. E iso, coa particularidade de que os incendios que se producen nos contornos das cidades son os que nos provocan máis custos aos galegos e ás galegas porque é imprescindible, practicamente, a utilización de medios aéreos para facerlles fronte.

Señor Balseiro, vostede sabe moito da mariña e non llo discuto pero, insisto, aquí hai varios deputados e deputadas de Ourense e seguro que ningún de ningún grupo me vai contradicir se afirmo, con rotundidade, que houbo moitos días do verán pasado nos que Ourense parecía Vietnam. Ourense parecía Vietnam pola cantidade de medios aéreos que tiñamos encima da nosa cidade intentando apagar uns incendios que unha vez que se conseguían apagar, ao cabo de media hora ou de tres cuartos de hora, aparecía outro a 200 metros, a 3 quilómetros ou a unha distancia moi pequena. E isto, ademais, coa particularidade, señor Balseiro, de que a Xunta desmantelou dous instrumentos fundamentais que había para abordar, polo menos para podermos saber por que está pasando isto: un, as brigadas de información e investigación de incendios forestais que estaban conformadas por axentes forestais que estaban relegados ou descargados de todas as outras funcións que teñen os axentes forestais e tiñan como único cometido ir alí ao momento in situ a facer todas as investigacións. E, por certo, con moito éxito porque hai que saber que os axentes forestais –e aquí hai moitos alcaldes tamén do rural– saben todos vostedes que teñen na maioría dos casos a complicidade dos veciños e das veciñas do rural. E que se alguén pode ir falar cos veciños e veciñas a preguntarlles: ¿quen pasou por aquí que non vén habitualmente?, ¿que coche viches?, ¿que tal?, é o axente forestal. E iso está absolutamente desmantelado, non existen as brigadas de información e investigación de incendios forestais. E outro elemento que vostedes desmantelaron –iso si, para despois firmar acordos co Ministerio de Defensa que lle pagamos 600.000 euros para que nos poñan uns drones e veñan pasear a caballo polos montes do noso país–,

desmantelaron algo bastante máis importante para actuar sobre o terreo, tanto desde o punto de vista da disuasión, da prevención, como da detención e posta á disposición dos incendiarios, como é a colaboración permanente entre o dispositivo de loita contra os incendios forestais co Seprona, cos axentes que están todos os días tamén ao pé do terreo e non con eses militares que veñen con eses uniformes tan limpos que, por certo, marchan con eles igual de limpos despois de 2.000, 3.000 ou 4.000 incendios forestais no noso país.

Por iso, nós hoxe traemos unha moción que toca varios puntos: un, a necesidade de que se realice prevención, pero non prevención no mes de agosto nin no mes de xullo senón prevención desde o punto de vista das infraestruturas preventivas pero, tamén, unha política forestal de prevención dos incendios forestais.

A respecto do dispositivo propoñemos dúas cousas: que a totalidade do dispositivo estea contratado, por suposto, antes de que se inicie o período de máximo risco de incendios forestais –hoxe non está contratada a totalidade do dispositivo, nin sequera o 70 % do dispositivo, seguramente nin sequera o 60 % do dispositivo–; que cumpran dunha vez a súa palabra e que repoñan todas as prazas vacantes no Servizo de Defensa contra Incendios Forestais; que se manteña a unidade do dispositivo evitando as brigadas municipais para a extinción de incendios. Aquí hai moitos alcaldes e a min gustaríame que, agora que remata esta lexislatura, me digan coa man no corazón se vostedes non consideran que non sendo competencia dos concellos apagar incendios forestais, que os concellos teñan que facer un convenio coa Xunta de Galiza e aportar o 25 % do que custan as brigadas ¿non é por parte dos concellos financiar a Xunta de Galiza? ¿Non debería a Xunta de Galiza ocuparse da extinción de incendios forestais e, se acaso, contribuír cos concellos facendo convenios –pero no mes de febreiro, non no mes de xullo– para facer prevención por parte dos concellos que iso si que é cometido dos concellos? E, finalmente, que se manteña o dispositivo no ámbito do público e que se utilicen todos os instrumentos que temos no ámbito do público para atallar os incendios forestais.

E, tamén, puxen premeditadamente ese verbo: reforzar as brigadas de investigación, aínda que en realidade habería que poñer restituír as brigadas de información porque na práctica non existen. Eu creo que é unha iniciativa ben modesta e espero que neste meu último Pleno na miña etapa como deputada neste Parlamento poidamos acadar un acordo que creo que sería moi relevante para trasladar aos galegos e ás galegas que, tamén, nun tema tan central para este país somos capaces de chegar a acordos para que haxa unha política coherente de loita contra os incendios forestais con independencia de quen governe.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Temos denunciado reiteradamente nesta Cámara, ao longo desta lexislatura que remata, a situación das condicións laborais do Servizo de Prevención e Loita contra Incendios Fores-

tais. Un servizo que, a día de hoxe, segue a contar con dispositivos totalmente fragmentados e cada vez máis privatizados e menos profesionalizados con ausencia de mando único que vai en detrimento da súa eficacia.

As denuncias sobre a falta de medios materiais humanos na loita contra incendios foi tónica nos múltiples incendios forestais que arrasaron Galiza durante o 2015: falta de EPI necesarios para actuar fronte aos incendios, deficiente estado das motobombas, precarias condicións laborais das brigadas forestais con xornadas excesivas, maquinaria obsoleta, golpes de calor, etc.

A Asociación Profesional de Bombeiros Forestais segue a denunciar nos medios de comunicación a privatización, fragmentación, desprofesionalización e precarización do dispositivo establecido pola Consellería de Medio Rural para este verán. Afirmar que a fragmentación implica unha diminución de eficacia á hora de enfrontarse a un incendio forestal pola dificultade de organización e exixen que o dispositivo volva a ser único e público baixo a adscrición ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais en Galiza. Reclaman a recuperación das brigadas helitransportadas que están privatizadas, xa que a súa privatización non supón mellora algunha, e fragmenta o servizo.

Apropia denuncia, tamén, a precarización do servizo e as diferentes condicións laborais, salariais e de contratación entre os traballadores en función, exclusivamente, da súa dependencia laboral: Seaga, Administración, empresa privada... Dous terzos dos traballadores teñen contratos temporais de 3 e 9 meses, mentres que a metade son interinos. Os procesos de selección das institucións e empresas son diferentes e arbitrarios, polo que non existe uniformidade nos méritos, experiencia e probas exixidos, o que ademais de discriminatorio supón un grave risco para a vida das persoas seleccionadas e das brigadas coas que traballen. Polo que fai imprescindible proceder ao recoñecemento da categoría profesional de bombeiras-bomberos profesionais que poida actuar como autoridade en situación de incendios forestais, garantindo ao tempo unha maior eficacia nas súas funcións e o acceso á formación específica necesaria.

A lacra dos lumes forestais que sofre Galiza ten unha relación directa co abandono do rural, polo que a política antiincendios é inútil se non se conta con este factor. A Memoria anual da Fiscalía resalta a proliferación de lumes nas contornas periurbanas, aumentando o risco para a poboación en contraste coa falta de plans de emerxencia que inclúan a autoprotección fronte ao alto risco de incendios forestais en Galiza. Isto o di a propia Fiscalía por moito que o Partido Popular negue a realidade. A fiscal de Medio Ambiente de Ourense, Carmen Eiró, confirma que os incendios alcanzan cada vez máis intensidade co que sobrepasan, doadamente, os esforzos dos servizos de extinción e, ante a prioridade da seguridade das persoas, a extinción queda relegada polos plans de evacuación, o que produce unha demora no ataque ao lume nas horas máis decisivas. A fiscal resalta que a falta de prevención é un problema fundamental que está relacionado co aumento dos incendios de grandes dimensións e descontrolados.

En Ourense, Batefogo, unha iniciativa social posta en marcha en Manzaneda para combater os lumes forestais, ten como obxectivo último revertir a dinámica de abandono do rural

fundando as súas actuacións en cuestións como a xestión participada do territorio, a construción de iniciativas produtivas e de servizos ligadas á sustentabilidade que dean emprego no rural e fixen poboación, a posta en valor de prácticas e coñecementos tradicionais ou o recoñecemento cultural e patrimonial. Porque só a recuperación do rural, só a recuperación da actividade agraria pode parar esta lacra de lumes.

Considerar que o problema dos incendios en Galiza é un problema de pirómanos é simplificar o problema e considerar que temos a taxa de pirómanos máis alta do mundo. É certo que Galiza ten un sistema de saúde mental e asistencia social a todas luces deficiente para facer fronte a problemas psicosociais que, segundo os expertos, está na orixe da conduta pirómana. Mais, tamén, Galiza carece dun Servizo de Prevención e Extinción de Incendios capaz de realizar tal función por falta de efectivos humanos, da precarización das condicións laborais e da falta de coordinación e da falta de material axeitado. Pero a proliferación e o impacto son maiores nos incendios forestais debido ao abandono do monte e ao despoboamento do rural.

Imos apoiar esta moción do BNG á que presentamos, sen embargo, unha emenda que, independentemente de que se acepte ou non, votaremos a favor da iniciativa porque hai algo que a min realmente me alarma e, ademais, co que tomo como unha reclamación incluso persoal: unha, que todo o persoal que se enfrente a un incendio dispoña das EPI e de todos os medios necesarios para facer fronte ao lume sen arriscar a súa vida, e, por outro lado, que ao persoal de Seaga se lle aplique o V convenio colectivo porque é unha indecencia a situación laboral en que a Xunta mantén o persoal de Seaga e, polo tanto, a necesidade dun plan plurianual con calendario e con orzamento para dedicar á prevención de incendios forestais.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Bueno, pois, no que pode ser o último Pleno ordinario desta lexislatura un debate sobre os incendios... a verdade é que o sinto pero non vou ser moi orixinal porque non hai nada para que cambiase a nosa posición. E nós, neste como noutros retos pendentes que ten este país, cremos que hai que combinar medidas a curto prazo con medidas a medio e longo prazo, cuestión na que non é experto este Goberno, que é experto na improvisación e nas medidas propagandísticas publicitarias a curto prazo pero non é especialista en afrontar cuestións estruturais para darlle un futuro ao noso rural neste caso. Fronte a medidas curtopracistas e baseadas no incremento constante dos gastos en extincións o que precisa este país é unha política de futuro a medio e longo prazo utilizando a intelixencia colectiva que hai no país. Un futuro que debería de pasar por definir unha política forestal coordinada, coa política agraria integrada nun modelo rural que fixe e rexuvенеza a poboación, e, á súa vez, tamén integrado nun modelo de país diferente e na construción dese modelo deberan de participar

moito máis que o sector forestal, deberan de participar os biólogos, os economistas, os agrónomos, os forestais, tamén; pero incluso tamén os sociólogos, etc.

E algo parecido a iso fixérase na elaboración dun ditame do Parlamento galego do ano 1987 que trazaba unha política forestal a 30 ou 40 anos cun modelo avanzado, baseado no coñecemento e aplicando unhas políticas enfocadas á diversidade na produción, á multifuncionalidade, á creación de valor engadido e de emprego. É evidente –e non descubro nada– cando digo que a maioría se incumpriron, igual que se incumpriu tamén o Plan forestal de 1992. É imposible dicir que se fan boas políticas forestais e, por iso, tamén contra os incendios cando non se cumpren nin os plans que un mesmo aproba. ¿Que fixeron vostedes gobernando a maior parte destes anos na democracia? Pois focalizar a política na extinción, a política forestal na repoboación con especies de turno curto dirixidas a obter unha rápida rendibilidade privada pero non unha rendibilidade para un país, a ausencia dunha verdadeira extensión forestal –un dos compromisos do Plan forestal de 1992–, a ausencia dunha relación eficiente entre a investigación e o asesoramento e produción.

Vostedes apostaron por un dispositivo de extinción complexo e que dificulta a operatividade e sen ningunha xustificación técnica, ningunha. Non escoitamos aquí ningunha xustificación técnica para non optar por un dispositivo contra incendios máis profesionalizado, máis estable, etc. Permitiron a reforestación de terras agrarias, reduciron a superficie agraria útil, non se fomentaron as especies frondosas e caducifolias, ao contrario, reducíronse e empeorouse a calidade, continuou o ritmo vertixinoso de abandono e envellecemento do rural. ¿Que se fixo da mellora da estrutura da propiedade ou da xestión conxunta na propiedade do monte? ¿Cal foi o balance das Sofor, señor Balseiro? ¿Que balance poden presentar vostedes na política da xestión conxunta da superficie forestal? Etc. Iso si que ten que ver cos incendios, tamén, e ten que ver cos incendios, tamén, o negocio. Non é inocente que cada vez se gaste máis dos orzamentos da Consellería do Medio Rural que é 1 de cada 3 euros do seu orzamento que se destina a loitar contra os incendios. Non é inocente, hai moitas empresas que fan negocio co lume, coa privatización da loita contra o lume. E xa se ve e xa podería aproveitar este último Pleno para informar quen está sendo investigado no Xulgado de Instrución N^o3 de Santiago pola contratación dos helicópteros a Inaer e as brigadas helitransportadas de Natutechnia fundada polo señor Carlos del Álamo. ¿Podería dicir por que se investigan estas persoas na contratación por contratos de máis de 68 millóns de euros? Eu creo que, tamén, detrás da política privatizadora do Partido Popular está, unha vez máis, o negocio.

Polo tanto, nós apostamos por políticas e medio e longo prazo. E, falando do dispositivo, é evidente que non hai ningunha xustificación para facer o que están facendo vostedes, por exemplo –como se viu no último Pleno– cos profesionais de Seaga. Que están demandando condicións de traballo dignas cando sabemos que hai traballo para que fagan, cando sabemos que están preparados para traballar 3 meses e poderían traballar 6 ou 9 porque traballo hai. E, de feito, vostedes licitaron millóns de euros para empresas privadas para facer traballos de prevención e non llelos dan a estes traballadores porque lles están facendo a vida imposible para que abandonen. Porque vostedes non queren consolidar o traballo destas persoas, vostedes non queren consolidar os dereitos dos traballadores, prefiren os traballadores precarizados e en condicións nas que non poidan exixir nin sequera dereitos laborais. Iso é o

que fixeron con Seaga, negándolles futuro a todos os traballadores que aínda quedan en Seaga, resistindo unha especie de *mobbing* que este Goberno da Xunta lles está a facer para que desistan e se vaian e lles eliminen o problema a vostedes de ter que dicir aquí que non queren contar cun dispositivo público e profesional de loita contra incendios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Bueno, xa que saíu por parte da señora Paz e todos botamos a vista atrás, seguramente se repasamos as intervencións de calquera de nós de hai catro anos, pois pouco distaría do que viñamos dicindo hoxe. É máis, pero se repasamos as intervencións, se imos ao arquivo da Cámara de hai vinte ou vinte e cinco anos, pois tampouco seguramente distaría moito.

E, polo tanto, no que a min me incumbe e tamén tendo en conta e falando dese balance do último pleno, o tema é que levamos gastando –desde que eu son deputado e desde que todos os que estamos aquí somos deputados– 450 millóns en apagar o lume nestes catro anos. E a situación é a que temos, e o señor presidente mesmo recoñecía o outro día, nunha rolda de prensa, que, efectivamente, podía vir un ano complicado, e, polo tanto, que dalgún xeito estabamos a expensas de como viñera o ano. É dicir, levamos trinta anos facendo o mesmo, levamos catro anos facendo o mesmo, gastando eses cartos, e estamos dependendo de como veña o verán e en función diso poida que sexan os resultados.

Efectivamente, eu non vou reiterar. Por suposto que imos aprobar a iniciativa, e, ademais, porque coincidimos, seguimos coincidindo estes catro anos. Polo tanto, como o señor Sánchez, pois ser orixinal aquí hoxe é imposible, nun tema ademais que temos tan debatido e onde cada un ademais ten fixada a súa posición tan claramente.

Tres cousas que saíron aquí. Efectivamente, temos zonas determinadas onde temos unha actividade incendiaria que se vén manifestando periodicamente; temos –é máis– parroquias de alta actividade incendiaria, estudadas e que de algún xeito todos sabemos cales son, e, sen embargo, a conselleira non pode dicir aquí nin unha soa medida específica, nin unha soa medida específica que se levara a cabo nunha zona de especial actividade incendiaria nin nunha parroquia de especial actividade incendiaria.

É dicir, témolas marcadas, témolas delimitadas, sabemos onde arde reiteradamente, pero non facemos absolutamente nada en todo o ano para evitar que volva arder, e isto véñse producindo sistematicamente todos os anos. E por iso, cando eu lle dicía á señora conselleira, que terxiversou as miñas palabras dicindo que nos distritos non facían nada, señora conselleira, non é que o diga eu, dino eles. Non hai un plan de traballo de prevención do servizo da Xunta de Galicia durante todo o resto do ano para facer prevención, non existe ese plan, e eu non estou culpando diso ou por culpa diso os traballadores, senón que non existe esa

planificación, e a conselleira non pode dicilo, porque non existe, e, polo tanto, non ten o plan ese encima da mesa de absolutamente ningún distrito.

Falouse aquí de investigación, efectivamente, pero ¿sabe o que pasaba, señora Paz? Canto máis investigabamos, máis chegabamos á conclusión de que non había pirómanos e que non había delincuentes. Ese é o problema de suprimir a investigación. Porque o máis fácil é o titular de todos os gobernantes e do presidente da Xunta, cando hai un incendio, dicindo que é intencionado e que é un pirómano e un louco.

E cando se investigaba chegábase á conclusión de que, en todo caso, eran imprudencias e que, en todo caso, a causa de que ese incendio se fixera tan grande, efectivamente, non eran os pirómanos, senón que era a mala xestión do territorio. E está demostrado: canto máis se investigaba, máis diminuían as causas de pirómanos e –dalgún xeito– xente que prendía intencionadamente lume ao monte.

Política de prevención. Efectivamente, xa o temos falado aquí. O que pasa é que agora temos unha conselleira e temos un goberno que confunde política de prevención forestal e dunha planificación forestal que evite os incendios con desbrozar os camiños. Polo tanto, a partir de aí pouco podemos poñernos de acordo.

Hai un aspecto que si é novidade. Bueno, eu sempre dixen aquí, Pladiga tras Pladiga, que sempre había unha novidade. Cando eran os globos aerostáticos, eu non sei en que deu aquel resultado; cando eran os drones, tampouco non sei en que deu. Este ano temos unha novidade no Pladiga, que cando menos é un tanto peculiar ou merecería unha explicación.

Resulta que este ano non puidemos contratar os cinco avións de toma en terra, porque, bueno, quedou deserto o concurso, e saíu o presidente da Xunta dicindo que non pasaba nada. ¡Home!, non sei se pasa, eu non teño ningún dato técnico nin me atrevo a dicir que iso se pode substituír tan facilmente por helicópteros, pero o que non entendo é, se era así de sencillo, por que non o fixemos antes e non os substituímos antes por helicópteros. É dicir, se tecnicamente o de que houbera avións de recollida de auga en terra non era relevante e se podían substituír tranquilamente por helicópteros, como dixo o señor Feijóo, o que non entendo é como levamos tantos anos contratando avións, porque sae moito máis caro.

E resulta que este ano se di que non hai os cinco avións, pero que non pasa nada, que imos contratar os helicópteros para substituír o traballo dos avións...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...se é tan sencillo... Iso si, sen ningún tipo de explicación técnica, nin ningún tipo de explicación de por que pasou nin de se é mellor nin se é peor. Simplemente, non hai avións, sae Feijóo dicindo: non pasa nada, que traemos os helicópteros. ¡Home!, pois puidémolo ter acordado antes e non pasaba nada.

Esta é a política de prevención e de extinción que hai neste país; é dicir, 100 millóns e pico de euros ao ano, que, efectivamente, é unha grande industria para moita xente, e o problema

segue exactamente igual, e mentres non se mude a política... Non se trata de seguir investindo 100 e 100 e 100, porque os consumimos absolutamente, xa desde o 1 de xaneiro xa os temos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...consumidos, sen ningún tipo de rendibilidade, nin a medio nin a curto nin a longo prazo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados.

Señora Paz, vostedes levan persistindo durante toda a lexislatura nun modelo que din vostedes que é fracasado; ademais, vostede dixo que estaba ademais desmantelado, ¿non? Pero, despois, é certo que vostede, cando lle falamos do ano 2006, enfádase. E hoxe non lle imos falar do ano 2006, non lle imos falar do ano 2006, ímoslle falar da lexislatura do Bipartito, de toda a lexislatura do Bipartito. (*Murmurios.*) Non lle imos falar do ano 2006.

E a verdade é que aprobar a súa emenda suporía recuperar esa filosofía que tivo o Bipartito en política de incendios. A emenda que hoxe vostede presenta sería volver, se non quere vostede ao 2006, ao 2007, 2008; sería volver aí, o cal suporía retroceder, e nós entendemos que iso foi así.

Pero vostedes, a verdade, nesta lexislatura non levan demostrado que lles interesara nada solucionar nada de incendios, o que lles interesou foi o debate político. Porque é certo que durante esta lexislatura non foron vostedes capaces de traer un debate serio sobre incendios a este Parlamento, e nós dixémoslles varias veces que estabamos dispostos a valorar as medidas de mellora que puideran propoñerse. É máis, dixemos que estabamos dispostos a buscar xuntos fórmulas para que sexa máis fácil a colaboración e a implicación de todos na loita contra o lume. E trouxemos unha iniciativa a este Parlamento para iso. E ¿sabe que votou o Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego e AGE? En contra, en contra.

E, ademais, vostede dixo unha cousa aquí coa que nós non podemos estar de acordo, porque vostede dixo que as brigadas de investigación de incendios non existían. Mire, un medio de comunicación –o *Mundo*–, no mes de xaneiro, fixo unha reportaxe sobre eses profesionais e o seu traballo.

Pero mire, o Pladiga 2016, na páxina 103, aquí o recolle – déixollo, señor presidente, para que llelo pase, porque probablemente non leron o Pladiga (*Murmurios.*), non leron o Pladiga

(Aplausos.)–, pero a evolución dos incendios, mire... Os datos non os inventa o Partido Popular, non os inventa o Goberno de Galicia, os datos son datos, e nos últimos dez anos o número de incendios (*Murmurios.*) reduciuse nun 60 %; 6 de cada 10 lumes son historia antes de que superen unha hectárea.

Nos catro últimos anos, 2012 a 2015 –estes son datos, estes son datos–, a media de número de incendios redúcese un 53,84 %, menor deses tres anos e medio que tiveron vostedes. ¡Ah!, pero a media en superficie queimada redúcese un 71 %, un 70,85. Comparando..., (*Murmurios.*) xa lle dixen que non lle ía falar do 2006, voulle falar de toda a lexislatura. Estes son datos, (*Murmurios.*) estes son datos, estes son datos.

Pero é que é máis. Hai un modelo con máis medios que nunca. Ese modelo que vostedes din que está desmantelado hoxe é un modelo que ten máis medios que nunca. Cubriuse o 100 % das prazas vacantes, xa existe o mando único, existe o mando único, sobre a lei e sobre o terreo, iso que din vostedes. E temos, ademais, un modelo con máis medios que nunca: máis persoal –convocáronse 188 novas prazas–, máis medios –16 helicópteros, 2 máis do Ministerio, 2 avións anfibios e 2 de carga en terra, 32 brigadas helitransportadas–.

E vostedes insisten constantemente en que non hai prevención. Bueno, é certo que, se non se quere ver, pois non hai prevención, pero é verdade que temos un dispositivo de prevención e extinción, desde logo, o máis potente de España (*Risos.*), o máis potente de España. E sería imposible, sería imposible obter os resultados que temos, porque miren vostedes, hai dez anos estabamos entre 10.000–12.000 incendios ao ano e hoxe estamos nun teito de 4.000, e hoxe estamos nun teito de 4.000. Esa é a realidade. E só no ano 2015 a Xunta investiu 22 millóns para a realización de actuacións preventivas nos montes, e actuouse en máis de 45.400 hectáreas.

Estes son datos. Vostedes saen á tribuna do Parlamento, non lles gusta, parécenos ben que non lles guste, a nós tampouco nos gustou o modelo de vostedes. Por iso nós non queremos retroceder nin ao ano 2006, 2007, 2008, pero os datos demostran que, cando menos, as cousas se están facendo moito mellor. Se reducimos o número de lumes de 10.000–12.000 a 4.000, se reducimos o número de hectáreas nun 70 % e se reducimos os lumes nun 60 %, cando menos mellor ca vostedes o estamos a facer.

Non quere dicir que estea todo feito, nin queremos aquí tampouco ser triunfalistas, porque no tema do lume...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...nin está todo feito nin hai que ser triunfalistas.

Pero, se me permite, señor presidente, xa...

O señor PRESIDENTE: Brevemente.

O señor BALSEIRO OROL: ...que estamos no último Pleno, simplemente eu á oposición o que lle quería dicir é que co lume hai que ter coidado –falo en termos políticos, ¡eh!–, porque co

lume pódese queimar algún e creo que algún de vostedes ao mellor se queimou nesta lexislatura. *(Risos.) (Murmurios.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo autor da moción. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Non traía impreso o Pladiga, pero, como son unha chica moderna, sei andar en internet; entón, páxina 21 do Pladiga. Eu, señor Balseiro, non quería... *(Murmurios.)*, non, non, pero mire, eu, de verdade, non quería deixalo quedar en ridículo, pero páxina 21 do Pladiga, porque aquí *los datos son los datos, pues vamos a los datos.*

Comparativa da evolución da superficie total queimada por ano e ratio da superficie total queimada por lume. Pladiga 2016, un documento da Xunta. Entón, imos: ano 2007, 7.000 hectáreas, 2,28 hectáreas por incendio; 2008, 6.336 hectáreas, 2,49 por incendio; 2009 –*le suena un poquito el 2009, ¿verdad?*–, 10.740 hectáreas, 2,70 por incendio –*y subiendo*–; 2010, 14.000 hectáreas e 3,84 por incendio; *(Murmurios.)* 2011, 42.932 hectáreas, 6,68 por incendio; 2012, 15.598 hectáreas, 4,11 por incendio. *(Murmurios.)*

¿Queren que siga, señores e señoras deputadas? ¿Sigo? ¿Sigo? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, ¡silencio, por favor!

A señora PAZ FRANCO: Páxina 21 do Pladiga. Todos teñen conexión a internet, señoras e señores deputados; úsena. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora PAZ FRANCO: *¡Que ya está bien, hombre, ya está bien, joder! (Aplausos.) (Murmurios.)* Os datos son os datos; efectivamente, os datos son os datos.

Señora Martínez, por suposto que aceptamos a súa emenda referida a Seaga e vou aproveitar para dicir que, efectivamente, entre as moitas derivadas que ten a problemática dos incendios forestais –que en dez minutos non se pode falar de todas– está a da vulneración sistemática dos dereitos laborais dos traballadores. E, efectivamente, vai sendo hora de que os traballadores de Seaga –que traballan para a Administración pública galega a través dunha empresa cen por cento pública desde o ano 2007 e 2008, moitos desde o 2007 outros desde o 2008– teñan un convenio colectivo ou estean amparados polo convenio colectivo de persoal laboral da Xunta de Galiza.

E voules dar unha boa noticia, que igual xa a saben, a vostedes, –supoño–, e mala, –supoño– a aqueles, que é que un xulgado de Ourense, concretamente o Xulgado do Social N^o 3,

acaba de ditar unha sentenza, no día de onte, na que recoñece que 71 traballadores que presentaron unha demanda colectiva de Seaga ao xulgado... di que hai que aplicarlles o V Convenio de persoal laboral da Xunta de Galiza como vimos dicindo, por certo, desde este lado do hemiciclo durante practicamente toda esta lexislatura fronte ás pedras que hai dese lado que non se inmutan absolutamente por nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PAZ FRANCO: Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Imos votar as mocións.

Comezamos votando a Moción do G.P Socialista sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa diminución do persoal docente e investigador no Sistema Universitario de Galicia.

Votamos.

Votación da Moción do G.P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa diminución do persoal docente e investigador no Sistema Universitario de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Moción do G.P Socialista sobre as actuacións necesarias para promover, facilitar e incentivar a recuperación da demografía en Galicia.

Votamos.

Votación da Moción do G.P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre a execución polo Goberno galego de todas as actuacións necesarias para promover, facilitar e incentivar a recuperación demográfica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a Moción do G.P do Bloque Nacionalista Galego sobre as medidas a adoptar polo Goberno galego en relación co dispositivo de loita contra os incendios forestais.

Acéptase a emenda do Grupo Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co dispositivo de loita contra os incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata mañá.

Suspéndese a sesión ás nove e vinte minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25